



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 48

Sesión plenaria
28 de setembro de 2021

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPG-p08TchZvz-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA

Punto preliminar

Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia das novas deputadas dona Belén Cachafeiro Anta, dona María Begoña Freire Vázquez e dona Rosalía López Sánchez e dos novos deputados don Carlos Gómez Sánchez, don Adrián Pardo López, don Jesús Miguel Prado Patiño e don Moisés Rodríguez Pérez.

Punto 1. Texto lexislativo

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, pola consolidación de emprego para a adquisición de fixeza das empregadas e empregados públicos en fraude de lei do sector público galego (doc. núm. 11611, 11/PPLI-000001)

Publicación do coñecemento das sinaturas e admisión a trámite, BOPG nº 176, do 29.07.2021

Punto 2. Solicitude de creación dunha comisión de investigación

Proposta polas 19 deputadas e deputados do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para analizar as causas, consecuencias e responsabilidades do abrupto baleirado de encoros no ano 2021, así como as medidas a impulsar para a súa compensación e non repetición (doc. núm. 21213, 11/SCI-000006)

Publicación da solicitude de creación, BOPG nº 198, do 15.09.2021

Punto 3. Comparecencia

21100 (11/CPP-000063)

Do conselleiro do Medio Rural, por petición propia, para informar da negociación feita pola Xunta de Galicia de cara á futura política agraria común 2023-2027

Publicación da iniciativa, BOPG nº 196, do 08.09.2021

Punto 4. Mocións

4.1 22028 (11/MOC-000058)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co sector naval de Vigo (Moción consecuencia da Interpelación nº 12730, publicada no BOPG nº 112, do 17.3.2021, e debatida na sesión plenaria do 14.9.2021)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 202, do 22.09.2021



4.2 22066 (11/MOC-000059)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención primaria (Moción consecuencia da Interpelación nº 20679, publicada no BOPG nº 193, do 31.8.2021, e debatida na sesión plenaria do 14.9.2021)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 202, do 22.09.2021

4.3 22073 (11/MOC-000060)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

Torrado Quintela, Julio

Sobre a política do Goberno galego en materia de presencialidade na atención primaria (Moción consecuencia da Interpelación núm. 16688, publicada no BOPG núm. 152, do 9.6.2021, e debatida na sesión plenaria do 14.9.2021)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 202, do 22.09.2021

Punto 5. Proposicións non de lei**5.1 16619 (11/PNP-001620)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

Presas Bergantiños, Noa e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para garantir a socialización e o retorno económico dos beneficios xerados pola produción enerxética en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 147, do 02.06.2021

5.2 20105 (11/PNP-001835)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da actualización do Pacto local galego no seo da Comisión Galega de Cooperación Local

Publicación da iniciativa, BOPG nº 191, do 25.08.2021

5.3 20129 (11/PNP-001838)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para iniciar o proceso de reversión ao público das residencias de maiores de titularidade pública e xestión privada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 191, do 25.08.2021

5.4 20651 (11/PNP-001878)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para elaborar un plan galego intersectorial de prevención do suicidio

Publicación da iniciativa, BOPG nº 196, do 08.09.2021



5.5 21094 (11/PNP-001922)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

Puy Fraga, Pedro e seis deputados/as máis

Sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España da elaboración dun estudo da situación do mercado financeiro desde o punto de vista da concentración bancaria e a posta en marcha dun plan estatal contra a exclusión financeira

Publicación da iniciativa, BOPG nº 198, do 15.09.2021

5.6 21288 (11/PNP-001939)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

Nóvoa Iglesias, Marta e nove deputados/as máis

Sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España do establecemento de bonificacións nas peaxes da autoestrada estatal AP-53

Publicación da iniciativa, BOPG nº 198, do 15.09.2021

Punto 6. Interpelacións**6.1 11740 (11/INT-000672)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a política do Goberno galego en relación coa mellora do acceso á vivenda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 105, do 03.03.2021

6.2 21014 (11/INT-001140)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a política do Goberno galego en materia de xestión do patrimonio cultural galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 199, do 16.09.2021

6.3 21329 (11/INT-001151)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

Arangüena Fernández, Pablo e 2 deputados/as máis

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa xestión dos encoros

Publicación da iniciativa, BOPG nº 199, do 16.09.2021

Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia**7.1 22242 (11/POPX-000041)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a estratexia para a consecución de fondos Next Generation para a reactivación de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 202, do 22.09.2021



7.2 22243 (11/POPX-000042)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana**

Sobre as medidas para defender os intereses de Galicia ante o Goberno do Estado

Publicación da iniciativa, BOPG nº 202, do 22.09.2021

Punto 8. Preguntas ao Goberno**8.1 20637 (11/POP-003134)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Verea Fraiz, Borja e seis deputados/as máis**

Sobre o balance que fai o Goberno galego das axudas que se destinaron dende a Xunta de Galicia ás axencias de viaxe e aos turoperadores para facer fronte á situación da covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 196, do 08.09.2021

8.2 19114 (11/POP-002616)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 3tres deputados/as máis**

Sobre a procura por parte da Xunta de Galicia dunha nova localización para a empresa Ence

Publicación da iniciativa, BOPG nº 183, do 09.08.2021

8.3 22211 (11/PUP-000208)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e dous deputados/as máis**

Sobre o peche da factoría de Vestas en Chavín, no concello de Viveiro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 202, do 22.09.2021

8.4 18109 (11/POP-002306)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego respecto das verteduras contaminantes que se producen no regato de Piñor, que verte as súas augas no río Furelos, en Melide

Publicación da iniciativa, BOPG nº 173, do 26.07.2021

8.5 20746 (11/POP-003151)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 3 deputados/as máis**

Sobre as medidas que o Goberno galego prevé adoptar para evitar que a canteira da Casa-longa, no concello de Teo, se converta nun vertedoiro de residuos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 196, do 08.09.2021

8.6 18798 (11/POP-002567)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis**

Sobre as razóns polas que o Servizo Galego de Saúde non aboa os salarios do persoal de enfermería conforme os períodos considerados de alta e cotización pola Inspección de Traballo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 183, do 09.08.2021



8.7 19522 (11/POP-002729)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María e seis deputados/as máis**

Sobre os avances respecto do desenvolvemento das unidades poscovid na sanidade pública

Publicación da iniciativa, BOPG nº 180, do 04.08.2021

8.8 22096 (11/PUP-000206)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Suárez Sarmiento, María Elena e seis deputados/as máis**

Sobre as actuacións asistenciais e infraestruturais levadas a cabo no Hospital do Salnés

Publicación da iniciativa, BOPG nº 202, do 22.09.2021

8.9 22198 (11/PUP-000207)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat**

Sobre a contratación por parte do 061 de ambulancias que non cumpren os requisitos técnicos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 202, do 22.09.2021



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia das novas deputadas dona Belén Cachafeiro Anta, dona María Begoña Freire Vázquez e dona Rosalía López Sánchez e dos novos deputados don Carlos Gómez Sánchez, don Adrián Pardo López, don Jesús Miguel Prado Patiño e don Moisés Rodríguez Pérez. (Punto preliminar.)

Antes de entrar na orde do día, en cumprimento do artigo 7.3 do Regulamento do Parlamento de Galicia, o señor presidente procede a solicitar a prestación de xuramento ou promesa de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia das novas deputadas D^a María Begoña Freire Vázquez e D^a Rosalía López Sánchez e dos novos deputados D. Carlos Gómez Sánchez, D. Adrián Pardo López, D. Jesús Miguel Prado Patiño e D. Moisés Rodríguez Pérez. (Páx. 12.)

As señoras deputadas e señores deputados xuran ou prometen acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia, co que adquiren a condición plena de deputadas e deputados. (Páx. 12.)

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, pola consolidación de emprego para a adquisición de fixeza das empregadas e empregados públicos en fraude de lei do sector público galego (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: *Sra. Estévez Barreiro. (Páx. 13.)*

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sra. Castro Rey (S) (Páx. 17.), Sr. Tabarés Pérez Piñeiro (BNG) (Páx. 19.) e Sr. Prado del Río (P). (Páx. 22.)*

Rolda de réplica: *Sra. Estévez Barreiro. (Páx. 25.)*

Votación da proposición de lei de iniciativa popular

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, pola consolidación de emprego para a adquisición de fixeza das empregadas e empregados públicos en fraude de lei do sector público galego: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención. (Páx. 28.)*

Solicitude de creación dunha comisión de investigación, proposta polos 19 deputados e deputadas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para analizar as causas, consecuencias e responsabilidades do abrupto baleirado de encoros no ano 2021, así como as medidas a impulsar para a súa compensación e non repetición. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do grupo proponente: *Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 28.)*



Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sr. Arangüena Fernández (S)* (Páx. 31.) e *Sra. Díaz Mouteira (P)*. (Páx. 34.)

Rolda de réplica: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 38.)

Votación da solicitude de creación dunha comisión de investigación

Votación da solicitude de creación dunha comisión de investigación, proposta polas 19 deputadas e deputados do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para analizar as causas, consecuencias e responsabilidades do abrupto baleirado de encoros no ano 2021, así como as medidas a impulsar para a súa compensación e non repetición: *rexeitada por 32 votos a favor, 42 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 39.)

Alteración da orde do día

Comparecencia do Conselleiro do Medio Rural, por petición propia, para informar da negociación feita pola Xunta de Galicia de cara á futura política agraria común 2023-2027. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro de Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 40.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sr. Seco García (S)* (Páx. 46.), *Sra. Aira Díaz (BNG)* (Páx. 50.) e *Sra. Candia López (P)*. (Páx. 53.)

Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro de Medio Ambiente (Vázquez Fernández)*. (Páx. 56.)

A señora presidenta (Prado Cores) abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 63.) *Nesta rolda interveñen a señora Seco García (S)* (Páx. 63.), *señora Aira Díaz (BNG)* (Páx. 65.), *señora Candia López (P)*. (Páx. 67.) e *señor conselleiro de Medio Rural (González Vázquez)*. (Páx. 68.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María do Carme González Iglesias, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co sector naval de Vigo. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 72.)

Intervención do grupo autor da moción: *González Iglesias (BNG)*. (Páx. 73.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Otero Lago (S)*. (Páx. 75.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Egerique Mosquera (P)*. (Páx. 78.)

A señora González Iglesias (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 82.)

Suspéndese a sesión ás dúas e cuarto e retómase ás catro da tarde



Alteración da orde do día

O señor presidente anuncia o debate acumulado da moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores, e a do Grupo Parlamentario Socialista, iniciativa de don Julio Torrado Quintela. (Páx. 83.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención primaria (Moción consecuencia da Interpelación nº 20679, publicada no BOPG nº 193, do 31.8.2021, e debatida na sesión plenaria do 14.9.2021) (Punto cuarto da orde do día.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre a política do Goberno galego en materia de presencialidade na atención primaria (Moción consecuencia da Interpelación núm. 16688, publicada no BOPG núm. 152, do 9.6.2021, e debatida na sesión plenaria do 14.9.2021) (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 83.)

Intervención dos grupos autores das mocións: Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 85.) e Sr. Torrado Quintela (S). (Páx. 88.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Amigo Díaz (P). (Páx. 91.)

A señora Prado Cores (BNG) e Sr. Torrado Quintela (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 95.)

Votación das mocións

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María do Carme González Iglesias, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co sector naval de Vigo: rexeitada por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención. (Pax. 100.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Julio Torrado Quintela, sobre a política do Goberno galego en materia de presencialidade na atención primaria: rexeitada por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención. (Pax. 101.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para garantir a socialización e o retorno económico dos beneficios xerados pola produción enerxética en Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 101.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 102.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Otero Lago (S). (Páx. 105.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Nóvoa Iglesias (P) (Páx. 108.)

A señora . Presas Bergantiños (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 112.)



Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Be-goña Rodríguez Rumbo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da actualización do Pacto local galego no seo da Comisión Galega de Cooperación Local. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 114.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 115.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG).* (Páx. 118.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Prado del Río (P)* (Páx. 121.)

A señora . Rodríguez Rumbo (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 124.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para iniciar o proceso de reversión ao público das residencias de maiores de titularidade pública e xestión privada. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 126.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 127.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Ortega Otero (S).* (Páx. 130.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Pazos Couñago (P)* (Páx. 133.)

A señora Rodil Fernández (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 136.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Marina Ortega Otero e D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para elaborar un plan galego intersectorial de prevención do suicidio. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Ortega Otero (S).* (Páx. 138.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sra. señora Carreira Pazo (BNG) (Páx. 141.) e Sr. Rodríguez-Vispo Rodríguez (P). (Páx. 143.)

Nova intervención da señora Ortega Otero (S). (Páx. 146.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga e seis deputados/as máis, sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España da elaboración dun estudo da situación do mercado financeiro desde o punto de vista da concentración bancaria e a posta en marcha dun plan estatal contra a exclusión financeira. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 148.)



Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Vázquez Domínguez (P)*. (Páx. 150.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Francisco Rivera (S)*. (Páx. 152.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*.
(Páx. 155.)

A señora Vázquez Domínguez (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 158.)

Suspéndese a sesión ás oito e vinte e cinco do serán.



Ábrese a sesión ás dez da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bo día.

Ábrese a sesión.

Permítanme que, en primeiro lugar, saúde a todas as persoas que hoxe nos acompañan na tribuna do público. Benvidos á casa, como digo eu, outra vez. Levabamos tempo sen ter invitados no Parlamento e, polo tanto, é tamén para nós unha alegría que estean hoxe aquí con todos nós.

Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia das novas deputadas dona Belén Cachafeiro Anta, dona María Begoña Freire Vázquez e dona Rosalía López Sánchez e dos novos deputados don Carlos Gómez Sánchez, don Adrián Pardo López, don Jesús Miguel Prado Patiño e don Moisés Rodríguez Pérez.

Comezamos coa orde día. O punto preliminar é a prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia das novas deputadas e dos novos deputados.

Todo isto facémolo dando cumprimento ao previsto no artigo 7.1 do Regulamento, polo cal procedo a solicitar a prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar a fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía das novas deputadas e dos novos deputados en substitución dos que causaron baixa.

A fórmula é a de contestar «si, xuro» ou «si, prometo» á pregunta desta Presidencia.

Deseguido a secretaria da Mesa, dona María Corina Porro Martínez, fará o chamamento das señoras deputadas e dos señores deputados para que, dende o propio escano, contesten á pregunta que lle formula esta Presidencia.

¿Señoras deputadas e señores deputados, xuran ou prometen acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

A señora SECRETARIA (Porro Martínez): Dona Belén Cachafeiro Anta.

A señora CACHAFEIRO ANTA: Si, xuro.

A señora SECRETARIA (Porro Martínez): Dona María Begoña Freire Vázquez.

A señora FREIRE VÁZQUEZ: Si, xuro.

A señora SECRETARIA (Porro Martínez): Don Carlos Gómez Salgado.

O señor GÓMEZ SALGADO: Si, xuro.



A señora SECRETARIA (Porro Martínez): Dona Rosalía López Sánchez.

A señora LÓPEZ SÁNCHEZ: Si, xuro.

A señora SECRETARIA (Porro Martínez): Don Adrián Pardo López.

O señor PARDO LÓPEZ: Si, xuro.

A señora SECRETARIA (Porro Martínez): Don Jesús Miguel Prado Patiño.

O señor PRADO PATIÑO: Si, prometo.

A señora SECRETARIA (Porro Martínez): Don Moisés Rodríguez Pérez.

O señor RODRÍGUEZ PÉREZ: Si, prometo.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Unha vez... (*Aplausos.*)

Ao mellor aínda poden ter outro aplauso porque, unha vez prestada a promesa ou xuramento, adquiren vostedes a condición plena de deputadas e deputados do Parlamento de Galicia. Benvidos ao Parlamento.

Agora un aplauso outra vez. (*Aplausos.*)

E agora continuamos xa coa orde do día.

Punto primeiro. Texto lexislativo.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, pola consolidación de emprego para a adquisición de fixeza das empregadas e empregados públicos en fraude de lei do sector público galego. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor PRESIDENTE: A Xunta de Galicia non remitiu criterio. E para a presentación da proposición de lei pola persoa designada pola comisión promotora, ten a palabra dona Andrea Estévez Barreiro por un tempo de 15 minutos, a quen lle prego que se achegue á tribuna de oradores. E para iso pídolle ao vicepresidente primeiro que a acompañe.

Cando queira. (*Pausa.*)

A señora ESTÉVEZ BARREIRO: Bo día, señores e señoras deputadas.

Mari Carmen, profesora interina no IES Ricardo Mella de Vigo. Docente dende 1987 con vínculos temporais.



Moncho, reporteiro gráfico da Televisión de Galicia, con 34 anos de servizos prestados como temporal.

Diego, médico do ISSGA en Pontevedra. 29 anos interino e, por tanto, temporal.

Luís e Sonia, do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais. Contratadas durante décadas só por 3 ou 6 meses ao ano, como premio por xogar a vida contra o lume na defensa do noso país.

Mónica e Araceli, traballadoras da Residencia de Maiores de Oleiros, da Consellería de Política Social. Ambas con 15 anos de antigüidade, sucedendo contratos temporais.

Marisa, enfermeira do Sergas. Actualmente no Álvaro Cunqueiro e dende o 2006 con sucesivos vínculos temporais.

As traballadoras do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, que levan case un ano de mobilización, como resposta a unha taxa de temporalidade de preto do 80 %.

Eu mesma, señorías, profesora interina en activo de Historia desde o ano 2007 pero que imparto plástica, inglés e calquera cousa que me boten sen titulación.

Moitas de nós, por certo, a cargo das nosas maiores, das nosas dependentes, das nosas doentes, durante unha das peores crises sanitarias da nosa historia.

Todas nós, en definitiva, sostendo os servizos públicos en época de recortes e nas condicións máis precarias.

¿E se no canto de retribuírnos con aplausos comezamos a tomarnos con seriedade as condicións de auténtica precariedade laboral nas que estamos traballando?

Este é o retrato do sector público galego, sobre o que as súas señorías teñen responsabilidade. Un sector público amoreado de contratos de traballo ruinosos, precarios, inseguros. Un sector público galego de traballadoras dóciles por imposición, baratas, sen dereitos. Semella, con todo, que non aprendemos. A pesar do castigo e o ridículo que todas as administracións do Estado español levan décadas escenificando ante as institucións europeas e o seu tribunal, a mensaxe segue a ser a mesma. O sector público empeora de maneira devastadora os indicadores de temporalidade e precariedade do propio sector privado, que non é nin nunca foi un exemplo.

Por todo isto, o pobo traballador galego tomou a decisión de ocupar hoxe este estrado, a tribuna e tamén as rúas, concentrados nas portas deste Parlamento, para que non se fagan máis oídos xordos a este problema.

Dende o sindicalismo de clase, que non se entrega e que si representa e defende as afectadas polo abuso de temporalidade, a Central Unitaria de Traballadoras logrou nun tempo récord e con horas de traballo militante reunir máis das 10.000 sinaturas para estarmos hoxe aquí.



A cidadanía é máis consciente ca nunca do problema que vivimos e que nos afecta a todas. Por iso, máis de 10.000 sinaturas, seguindo o único cauce polo que a cidadanía pode propoñer normas, a iniciativa lexislativa, decidiron poñerlle voz ao drama da temporalidade e agardan desta Cámara unha mostra de respecto tomándoa en consideración, para o seu posterior debate parlamentar.

E aquí, señorías, temos a proposición de iniciativa lexislativa popular para a extraordinaria consolidación do emprego e a adquisición de fixeza do persoal en fraude ao servizo do sector público autonómico galego, como un auténtico mandato popular.

Esta iniciativa lexislativa dá conta da preocupación masiva coa que se exige o respecto ao dereito das empregadas públicas temporais a converterse en empregadas fixas.

Esta, señorías, é unha oportunidade histórica do Parlamento galego, agora que cumpre 40 anos e logo de case 40 anos do chamado Estado de benestar. Os diferentes gobernos non foron quen de atallar o mal endémico dos servizos públicos: a contratación temporal e abusiva.

Hai, señores, que ser críticas coa nosa historia. E durante máis destes 40 anos non existe un precedente ou unha decisión valente que lle poña couto a esta situación realmente dramática.

Incluso nos últimos anos e botando man dos sindicatos de concertación —Comisións Obreiras, UXT e CSIF— chegaronse a pactar de costas ás afectadas medidas cosméticas que, baixo a retórica de propoñer unha solución, na realidade supuxeron auténticos ERE encubertos. Acabáronse pactando sen consenso, sen diálogo, mecanismos dirixidos unicamente a expulsar do emprego público as traballadoras temporais, con todas as complicitades. Engañándonos sobre o obxectivo das diversas medidas, que non eran outras que expulsar a quen molesta ou a quen reclama os seus dereitos. Así é como se dilapidaron os nosos recursos, na dinámica máis absurda da historia: contratar, formar e logo despedir as traballadoras abusadas.

A dinámica de contratación do sector público galego foi a de expulsar do sistema as traballadoras con máis antigüidade, sen ningún tipo de reparación, para contratar no seu lugar outras novas, que volverían sufrir na súa pel o abuso e o drama da temporalidade.

A listaxe de excusas para non lle poñer solución é interminable: recortes orzamentarios, taxa de reposición cero, amortización de prazas co único obxectivo de despedir, a custo de sacrificar os servizos públicos e a súa calidade.

Esta mensaxe debe quedar clara. Prescindir das traballadoras temporais non implica darlles oportunidades a outras cidadás. Todo o contrario, tan só implica deteriorar o sistema público, e permitir que o noso sector público afogue por falta de persoal. Esta é a mellor maneira de abrir as cancelas á privatización dos nosos servizos.

Pero, señorías, esta fase rematou por vez primeira dende a creación do Estado autonómico: os traballadores e traballadoras precarias do sector público tomaron as rúas con voz propia.



De maneira recente, o pasado 25 de setembro, este sábado, centos de galegos e galegas desprazámonos a Madrid por enésima vez para loitar polo noso posto de traballo. Hoxe están aquí fóra. Asegurámoslles que non se abandonarán as rúas mentres unha soa de nós siga en condicións de precariedade. Polo tanto, con esta masa crítica, xa non é posible continuar por estes carreiros. Hoxe por hoxe a única saída é outra: solucións xustas, reparadoras, para as empregadas públicas abusadas.

Hoxe por hoxe, baixo a estrita supervisión dos tribunais europeos, a única solución viable é outorgarlles a posibilidade de adquirir as súas prazas en propiedade. En todo isto está a relevancia da sesión parlamentaria desta mañá. Á vista da tramitación no Congreso dos Deputados da reforma do EBEP queda ben claro que os gobernos e os parlamentos autonómicos serán os grandes protagonistas neste reto que se nos pon diante. Vostedes, señorías, terán participación esencial na ordenación do persoal do sector público autonómico. E construír un emprego público xusto, digno, con dereitos e de calidade depende das decisións que vos tedes tomen, como a de hoxe.

Esta iniciativa é o mecanismo que o Estatuto de autonomía nos deixa para impulsar unha lei cando o propio Parlamento mostra desidia polos problemas dos cidadáns. Estamos convencidas de que a única solución legal, viable e xusta para pórle fin á lacra da temporalidade é o establecemento dun instrumento para que o persoal abusado poida adquirir a fixeza. Un mecanismo excepcional que repare o abuso, destinado a todas as traballadoras temporais, sometidas a fraude e a contratación irregular, independentemente da duración dos seus vínculos.

Somos, señorías, absolutamente conscientes de que non existe outra fórmula, e esa é a nosa proposta. Con todo, non se trata de acordar aquí e agora a solución, cos escasos tempos que se nos outorgan para este debate. A solución a este problema virá despois de moito traballo, dun diálogo fluído, con sindicatos, asociacións de persoal temporal e outras organizacións sociais. Só haberá solución unha vez que se escoiten todas as voces coa necesaria, señorías, paralización dos procesos en marcha.

O que hoxe cómpre decidir nesta cámara é se os diferentes grupos parlamentarios están dispostos a tomar en consideración esta iniciativa, se os diferentes grupos parlamentarios se van manter aliñados coa única conduta democrática posible cando 10.000 cidadáns realizan unha proposta. E só hai unha posición coherente: que nesta Cámara se tome a ineludíbel decisión de darlle o debido trámite parlamentario a esta proposta, é dicir, sometela a debate.

Non somos quen de concibir que con esta oportunidade histórica sobre a mesa, logo dun exercicio pleno e trabaloso da democracia participativa, se diga que non interesa o problema das traballadoras precarias do sector público, ou que non é o momento. Se a solución non pasa por este Parlamento, teñan claro, señorías, que as rúas non calarán.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Andrea Estévez Barreiro.



Pode seguir o debate no escano que está alí ao lado do uxier.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Castro Rey.

A señora CASTRO REY: Grazas, señor presidente.

A verdade é que é unha marabilla poder volver ver todos os deputados nos seus escanos e é un pouco máis palpable que por fin empezamos a saír desta pandemia.

Eu quería empezar a miña intervención de hoxe mostrando a miña solidariedade a todas esas mozas que foron hai uns meses..., cuxa intimidade foi vulnerada nas festas da Maruxaina, e quero mostrar o meu apoio e quero dicir aquí que o fallo de onte e a sentenza é un claro exemplo de que a perspectiva de xénero é necesaria e ten que ser introducida no acceso á carreira xudicial. *(Aplausos.)*

E iniciando o tema, quero empezar dicindo que dende o Grupo Socialista somos plenamente conscientes do problema existente no noso país en relación á temporalidade do sector público. Persoalmente, vivino como concelleira e levo dende o inicio deste mandato mantendo reunións con diferentes sindicatos, asociacións de traballadores e traballadoras, de moitos e distintos ámbitos, pero todos eles e elas afectados polo mesmo problema: a temporalidade, o abuso por parte da Administración.

Polo tanto, somos tamén plenamente conscientes de que se necesita unha urxente solución.

Se se fala da temporalidade, unha mínima temporalidade aceptable, incluso recomendable, para garantir a prestación de servizos públicos, pero a realidade é que a situación que estamos a vivir na actualidade non é sostible. Ningunha administración é allea a este problema da temporalidade. Estaríamos a mentir se dixeramos o contrario, pero mentres a Administración xeral do Estado se sitúa nunha taxa de temporalidade do 24,3 %, moi lonxe do 8 %, como dicía antes, recomendable, que recomenda a Unión Europea, Galicia sitúase nun 30 % de temporalidade, con algúns organismos como o Sergas cun 40 %, ou o Consorcio Galego do Benestar rozando o 90 %. É un dato moi negativo, é un dato que non podemos desvincular da xestión política do Goberno do Partido Popular na Xunta, xa que a normativa básica é a mesma para todo o territorio. É unha forma de actuar moi característica dos gobernos do Partido Popular. Vímolos porque non foron os gobernos do Partido Popular os que xeraron esta situación, pero si os que incrementaron esta situación durante os anos 2011-2018, que utilizaron, entre outras fórmulas para saír da crise financeira, duros recortes nos presupostos xerais do Estado, e isto supuxo unha taxa de reposición insuficiente ou directamente nula. Lembro que entre os anos 2012 e 2015 chegou a ser do 0 %. E iso, ¿que provocou? Pois provocou a necesidade de ter que contratar persoal temporal para garantir a prestación de servizos. Ademais, incorreuse nestes anos en graves deficiencias de planificación estratéxica na ordenación do emprego público, e lembro os procesos de estabilización do ano 2017 e



2018, que foron demasiado lentos e provocaron numerosas novas bolsas de interinos. Das prazas que se autorizaron nas OPE 2017-2018 só se cubriron o 26 %. Polo tanto, deses pos veñen estes lodos.

Pero, como dicía ao inicio, sería hipócrita dicir que este problema está centrado unicamente no noso país e non é un problema global, e non só afecta o Goberno do Estado senón tamén a diferentes gobernos da Unión Europea. E isto levou, na Unión Europea, a pronunciarse o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, nunha sentenza que marcou un antes e un despois neste problema. E refírome á sentenza do 19 de marzo de 2020. O Goberno Socialista de España, en concreto o Ministerio de Política Territorial e Función Pública, entendeu prioritario este problema e levou a cabo un duro traballo durante todo este ano para acadar unha solución. Unha solución froito do máximo consenso e diálogo, tanto no eido da conferencia sectorial como na Mesa de Negociación da Administración Pública, o diálogo entre as comunidades autónomas ou a FEM, e tamén cos principais sindicatos.

E froito deste consenso e debate parlamentario aprobouse o Real decreto lei 14/2021, que entrou en vigor o día 8 de xullo deste ano. Unha norma que modifica o EBEP e establece cambios de moito calado e moi importantes para os empregados públicos, como reforzar e limitar a condición temporal delimitando de forma taxativa os postos onde poden ser nomeados, e establecendo o tempo mínimo indispensable de duración, que non pode exceder de tres anos, moi lonxe do que acontece na actualidade, atribuíndo unha maior celeridade aos procesos de selección de persoal para a Administración e detallando os principios que deben rexer eses procesos ou establecendo mecanismos de control da temporalidade por parte das administracións e un réxime de responsabilidade en caso de incumprimento.

Este real decreto foi un gran paso, pero todos coincidimos en que non foi a solución. E a solución ten que vir da man dunha nova lexislación, dunha nova lei que neste momento, ademais, se está a tramitar o Congreso dos Deputados, en fase de presentación de emendas, que finalizará mañá.

É unha lei valente, que non se atreveron a promulgar gobernos anteriores e que pretende dar unha solución ao problema da temporalidade na Administración pública, dentro do marco da legalidade, o diálogo e o acordo. E buscando solucións reais, solucións reais e duradeiras no tempo, con medidas que eviten que esta situación poida volverse reproducir.

Señorías, a pandemia da covid estanos a dar moitas leccións como sociedade e unha moi importante é que os servizos públicos son imprescindibles para a nosa supervivencia. Así o entendemos dende sempre dende o Partido Socialista e por iso forma parte da nosa esencia política o reforzamento dos servizos públicos.

O Goberno de Sánchez ve prioritaria tamén esta reforma e por iso, dentro do plan de resiliencia, introduce a mesma para poder dar un salto cara a unha Administración moderna. Unha Administración moderna e dimensionada nas súas necesidades que dote de seguridade xurídica o emprego público e tamén de estabilidade e de calidade.



E para acadar isto, como dicía, é necesario dar unha resposta de futuro pero tamén acadar unha solución cara aos traballadores e traballadoras que levan todos estes anos en situación de abuso.

Conscientes disto, dende o Grupo Socialista non imos opornos, imos votar a favor desta iniciativa lexislativa popular. Pero temos que manifestar que entendemos que temos que esperar a tramitación da lexislación estatal. Compartimos que o debate en clave galega é necesario, temos que adaptar a normativa estatal á realidade do noso país e dar unha solución a todos e todas as traballadoras que levan anos en situación de abuso, establecendo, como dicía antes, mecanismos, pero dentro da marxe legal, que permitan estabilizar a súa situación e evitar que queden desprotexidos. Pero necesitamos primeiro ter aprobado un marco estatal para actuar, porque se non o percorrido sería moi curto, e a legalidade e a constitucionalidade poderían quedar en entredito.

Entón, entendemos dende o Grupo Socialista que é moito máis axeitado que a tramitación parlamentaria quede condicionada á futura lei estatal para que poida englobarse dentro deste marco de debate e así, como dicía antes, poder, dentro dos límites que esta marque, levar a cabo un debate baseado no diálogo cos axentes sociais e posterior consenso para dar unha resposta axeitada á temporalidade en clave de país.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Castro Rey.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Tabarés Pérez Piñeiro.

O señor TABARÉS PÉREZ PIÑEIRO: Ante todo, benvidos aos novos deputados e deputadas. E, sobre todo, benvida a cidadanía novamente a esta casa da soberanía popular galega.

Ben, a situación que se denuncia nesta iniciativa lexislativa popular é consecuencia da falta de transposición dunha directiva comunitaria de 1999 —a finais do século pasado— e do acordo marco que a acompaña, que tiña que estar xa incorporada ao dereito interno do Estado español no verán de 2001. Este incumprimento dunhas obrigas, de máis de vinte anos de duración, e despois de moitas resolucións xudiciais, mesmo provocou a incoación de diversos procedementos por infracción contra o Estado español. E esta situación denunciada, ben descrita na iniciativa lexislativa popular, viuse agravada por un feito transcendental como foi o establecemento, dende o Estado central para todo o Estado, sen ter en conta as realidades dos diferentes territorios do mesmo, dunha taxa de reposición de efectivos que impedía un dimensionamento acaído do que é o sector público, facilitaba a privatización dos servizos públicos e, en todo caso, permitía a precarización, tamén, dos servizos públicos e das persoas traballadoras neles.

Actualmente fálase de 800.000 persoas traballadoras temporais nas diferentes administracións públicas do Estado español. ¿E cal é o alcance da temporalidade na Galiza? Pois ben,



dende o Bloque Nacionalista Galego o que podemos afirmar é que non podemos precisalo con certeza, a pesar de que trouxemos diferentes iniciativas, preguntas neste pleno, preguntas en comisión, mesmo proposicións non de lei neste Parlamento. A pesar de que no Portal de transparencia, ou como consecuencia de que no Portal de transparencia os datos non se actualizan dende xullo de 2020, é dicir, ou nin a propia Xunta coñece os datos da temporalidade do propio persoal ao servizo da Administración autonómica ou, o que sería máis grave, que nin sequera cumpre obrigado polas normas de transparencia. En todo caso, atendendo aos datos que veñen aí e incluso o que nos facilitan as diferentes e múltiples entrevistas con persoal ao servizo da Administración pública, a temporalidade da Administración pública galega está en torno ao 30 %. No sector sanitario chega ao 40 % e noutros servizos, como o persoal non docente no ensino universitario, sobarda ese 40 %. E como ben se expuxo e temos denunciado en diferentes ocasións neste Parlamento, en sectores como é o Consorcio Galego do Benestar, excede do 80 %. O que si é certo é que esa temporalidade non é discutible, si está no Portal de transparencia, é que a realidade na Administración pública galega durante o Goberno de Núñez Feijóo triplicouse, multiplicouse por tres a precariedade nos e nas traballadoras do sector público galego (*Aplausos.*), algo que entendemos non é por acaso e non é inocente.

Ben, falouse aquí —e é ben certo— de diferentes resolucións do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, nomeadamente a de 19 de marzo de 2020, ou máis recentemente un auto de 2 de xuño de 2021, advertindo o Tribunal da alta taxa de temporalidade no emprego público do Estado, da falla de transposición durante 20 anos desa directiva e do acordo marco. E, ademais, unha cousa moito máis grave é a situación de abuso na temporalidade na que se estaba incorrendo. É dicir, de prazas estruturais, é dicir, de prazas necesarias para o funcionamento dos servizos públicos que no Estado español e na Comunidade Autónoma Galega tamén se estaban ocupando con persoal de carácter temporal, prazas necesarias, prazas imprescindibles para o funcionamento dos servizos públicos con contratos precarios.

En esencia, dicía o Tribunal, instar o Estado español á transposición da directiva, ou pór fin á situación de abuso e a dotarse de mecanismos suficientemente disuasorios, en termos dese Tribunal, para evitar que esa precariedade se puidera manter na Administración pública. ¿E que fixeron ante esas resolucións xudiciais?, ¿que fixo o Estado español? Nada. ¿Que fixo a Xunta de Galiza? Nada. Ante as resolucións de Luxemburgo, ante as resolucións do Tribunal Superior da Unión Europea, Tribunal de Xustiza da Unión Europea, nin a Xunta nin o Estado fixeron nada. Foi cando dende Bruxelas se dixo ¡ollo!, se queremos que aprobemos os plans de recuperación e resiliencia, haberá que adoptar medidas para reducir a temporalidade. Non foi o respecto á xustiza, non foi o respecto á inxustiza, senón o medo a que non se aprobasen eses plans de recuperación e resiliencia.

E como consecuencia diso, o chamado *Icetazo*, o Real Decreto 17/2021, norma urxente, e diríamos tamén que precipitada, que afortunadamente neste momento está en trámite de corrección, tramitación como proxecto de lei, e agardamos corrixa, sexa corrixido ese proxecto e que permita rematar coa temporalidade sen penalizar nin os servizos públicos nin as persoas que durante moitos anos sufriron esa situación de abuso na temporalidade.

Isto, o Estado español, e durante este tempo ¿que fixo a Xunta de Galiza? Nada, mesmo antes as diferentes iniciativas deste grupo parlamentario, o Goberno da Xunta de Galiza, o Goberno



do Partido Popular tampouco fixo nada. Mesmo esa política de mans tendidas, esa política de oposición construtiva para resolver un problema certamente complexo, o Partido Popular fixo unha vez máis, mutis polo foro. E si entendemos que é un problema absolutamente complexo:

Primeiro. Hai que abordar, hai que evitar que esas situacións se reproduzan no futuro, e iso, probablemente, non sexa o máis complexo do asunto. Entendemos que é perfectamente solucionable; primeiro, eliminando a taxa de reposición de carácter básico, pois non é admisible que desde o Estado se diga a todas as administracións públicas de todo o territorio que deben contratar, a quen deben contratar e como poden suplir as baixas que se produzan ou as necesidades da prestación dos seus servizos públicos.

Tamén co cumprimento das ofertas públicas de emprego en tempo e forma, coa imposición de medidas sancionadoras, tanto a Administración pública como a identificación dos titulares dos órganos administrativos responsábeis desta situación de precariedade, e o establecemento de indemnizacións suficientemente disuasorias para que á Administración pública non lle pague a pena contratar e precarizar o emprego público en canto de asegurar a fixeza.

Despois —e máis complexo—hai que atender á situación das persoas que durante moitos anos, en moitos casos, levan sufrindo este abuso de temporalidade. E para iso, como dixemos neste Parlamento en diferentes ocasións, partindo de que non todo contrato temporal é en fraude de lei, é dicir, existen causas lícitas e legais para a contratación temporal, como pode ser a substitución dun deputado que, como o señor Núñez Feijóo, que leva décadas nesta Cámara, (*Aplausos.*) é unha situación perfectamente lícita, a pesar de que poida ser unha interinidade moi prolongada no tempo.

Existen despois diferenzas nas situacións de fraude de lei polo abuso de temporalidade. Hai quen leva 10, 20 ou 30 anos, moitas persoas, e hai quen pode levar traballando días; hai quen accedeu a ese posto na Deputación Provincial de Ourense; e hai quen accedeu a ese posto superando un proceso selectivo para adquirir esa praza de carácter temporal. Tampouco hai quen tivo oportunidade de consolidar esa praza porque saíu nunha OPE, ou hai quen nin sequera durante 20 anos tivo esa oportunidade. Existen tamén situacións de fraude de lei, como se recolle na iniciativa, que non o son por abuso de temporalidade.

Por iso, para o Bloque Nacionalista Galego a solución pasa e pasará por coñecer con precisión o caso das prazas obxecto de abuso na temporalidade, das circunstancias das persoas abusadas. E pactar coas organizacións sindicais, as organizacións sindicais deste país, porque este país, este Estado, é plurinacional e é plurilingüe, mais tamén é plurisindical. Polo tanto, as organizacións sindicais de Galiza teñen que ter voz propia na arbitrase dunha solución para este problema do abuso de temporalidade. E, desde logo, non compartimos a opinión da Xunta de Galiza, a opinión manifestada da Asesoría Xurídica, mesmo por escrito, de que reclamen nos xulgados. Entón así, ao mellor, mobilízanse para dar unha solución. Non, hai que dar unha solución política a un grave problema.

Entendemos que ao mellor a solución non pode ser única para situacións tan dispares. Entendemos que hai que ter moito coidado para non xerar a terceiras persoas inocentes que,



por exemplo, despois de 20 anos, ven que hai un concurso de provisións, un concurso de traslados, porque hai moitos sectores da Xunta de Galiza que levan anos esperando para poder traballar preto do seu domicilio e, por fin, se lle convoca. Hai que atender a eses procesos de provisión.

E, por certo, pensamos que o contacto coas organizacións sindicais ten que ser previo á solución, non posterior a que se adopte a solución.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TABARÉS PÉREZ: En resumo —e xa para concluír—, dende o Bloque Nacionalista Galego, dado que estamos nun debate para a oportunidade da medida, non seremos obstáculo algún, todo o contrario, para o inicio de traballos e para a procura dunha solución xusta que durante moito tempo leva demandando esta precarización e privatización encuberta dos servizos públicos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tabarés Pérez.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Grupo Parlamentario Popular, señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, presidente.

Señorías.

Señora representante da comisión promotora, eu quero dicir aquí que eu tamén son persoal laboral temporal en excedencia, pois levo 18 anos en concellos de diferentes cores políticas. Porque aquí se atribúe a uns ou a outros, todas as organizacións políticas teñen responsabilidade nesta situación que viven milleiros de persoas que están traballando na Administración pública. Eu non tiven a oportunidade de acceder a ningunha OPE porque non a convocaron nestes 18 anos. Outros igual si tiveron a oportunidade, non se presentaron, ou por circunstancias da vida non as aprobaron, pero si tiveron esa oportunidade. Eu non a tiven.

O problema da temporalidade excesiva no sector público galego débese principalmente a problemas de lexislación básica do Estado, os señores... sábemos todos os que estamos aquí presentes tamén. E así, nas últimas décadas, as leis orzamentarias estatais imponen taxas de reposición que non permiten cubrir todas as vacantes que se orixinan, e a fixación destas taxas de reposición de efectivos á baixa impostas polo Goberno central contribuíu notablemente ao aumento progresivo da taxa de emprego temporal nas diferentes administracións públicas, especialmente en sectores esenciais como a educación, a sanidade e os servizos sociais, que se estenden a toda a poboación e que son especialmente sensibles aos cambios sociais e demográficos que se están producindo de xeito intenso e acelerado nos últimos anos.



Como xa ten manifestado o conselleiro de Facenda nesta Cámara, temos o paradoxo de que, mentres os xuíces sancionan a temporalidade nas administracións públicas, o Goberno de España négase a retirar as taxas de reposición, que son precisamente os límites que impiden reducir esa mesma temporalidade.

Como saben, as taxas de reposición véñense aplicando desde o século pasado, pero o gran recorte prodúcese no ano 2009, cando o Goberno socialista do señor Rodríguez Zapatero decidiu rebaixalas desde o 100 % ata o 30 %, é dicir, prohibiu a convocatoria do 70 % das vacantes que se produciron eses anos. E iso foi, por certo, co voto favorable do Bloque Nacionalista Galego a aqueles orzamentos do Estado que introduciron este recorte.

Nos anos posteriores, ese mesmo Goberno socialista levou o recorte das taxas de reposición ao 10 %. De modo que o 90 % das vacantes non se podían cubrir, e iso co voto favorable do Bloque Nacionalista Galego a todos os orzamentos do señor Rodríguez Zapatero. Porque sempre que goberna o socialismo o fai en minoría e conta coa complicidade e o apoio do Bloque Nacionalista Galego. Aquí falouse de quen levaba décadas neste Parlamento, e aquí a deputada máis antiga é a súa lideresa, a señora Ana Pontón — non, non, a deputada, aplique a terminoloxía de xénero, señor Tabarés, viríalles moi ben un cursillo de linguaxe sexista— (*Risos.*) (*Aplausos.*). A deputada máis antiga desta Cámara, a decana das deputadas, é a señora Pontón, é a lideresa a que leva máis tempo nesta Cámara, e esa lideresa, cando asinou o pacto de *Ana e Adriana*, ¿que dixo respecto á taxa de reposición? Pois mire, nese pacto no que fixeron presidente o señor Pedro Sánchez poñía textualmente: «Analizar as fórmulas para mellorar progresivamente as taxas de reposición das administracións públicas, a fin de garantir o bo funcionamento dos servizos públicos.» Iso non é eliminalas, iso é analizarlas, para se cadra melloralas pouco a pouco, progresivamente, pero tampouco sabemos moi ben en que sentido, non desvelaron a que iría esa análise.

Ben, este escenario debemos de completalo co impacto significativo da directiva da que xa se ten falado aquí, da 1999/70, sobre o acordo marco, que tivo e ten no noso ordenamento xurídico español e, polo tanto, un impacto importante na xurisprudencia. Este acordo marco destaca no seu preámbulo a preeminencia dos contratos indefinidos como a forma de relación laboral máis común e persegue dous obxectivos principais: por un lado, mellorar a calidade do traballo de duración determinada, garantindo o respecto ao principio de non-discriminación, e por outro establecer un marco para evitar abusos derivados do uso de sucesivos contratos ou relacións laborais de duración determinada.

E na cláusula 4 o acordo marco establece a igualdade entre o persoal temporal e o permanente, baseado nun principio de non-discriminación, agás a existencia de causas obxectivas que xustifiquen unha diferenza no réxime xurídico de ambas as clases de persoal.

E na cláusula número 5, tamén como vostedes coñecen, prevé a adopción de medidas destinadas ao uso abusivo de nomeamentos temporais. E nisto, aínda que esta cláusula non ten un efecto directo, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea insistiu en que a determinación do abuso corresponde aos xuíces nacionais e que a aplicación de solucións disuasorias depende da lexislación nacional, como xa se ten dito aquí, instando as autoridades nacionais a adoptar medidas eficaces e adecuadas para previr e no seu caso castigar un eventual uso abusivo da temporalidade.



En calquera caso, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea comparte a posición defendida por España de que a transformación automática dunha relación de servizo temporal nunha relación de servizo permanente non encaixa na nosa administración. Esta opción exclúese categoricamente na lexislación española, como vostedes ben saben, xa que o acceso á condición de funcionario de carreira ou de persoal laboral só é posible despois de superar un proceso de selección que garanta os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade.

Ben, falouse aquí moito da temporalidade en Galicia. A min gustárame ensinar un cadro que non está feito polo Partido Popular, son datos do Ministerio de Facenda de xaneiro de 2021, do Boletín estatístico de persoal ao servizo das administracións públicas, onde se ve claramente que Galicia é a comunidade autónoma cunha menor taxa de temporalidade de España, por debaixo do 30 %. Ben, vostede diga que non, son datos do Ministerio de Facenda, non son datos nin do señor Feijóo, nin do Partido Popular, nin da Xunta de Galicia.

Mire, Galicia ten o 29,8 %, seguida de Castela-A Mancha, cun 32,5 %, case tres puntos máis, Castela e León, 35,4 %, cinco punto e medio máis que Galicia, e así poderíamos seguir ata chegar ao 50 % en Canarias, ou o 49,4 % da veciña Asturias.

Falaba o señor Tabarés aquí dalgúns datos, como pode ser o 80 % —dicía el— do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. Lémbrolle ao señor Tabarés que ese chiringuito foi creado —foi o rei dos chiringuitos—... creado polo Bloque Nacionalista Galego. ¿E sabe como o fixeron? Dotándoo unicamente de persoal temporal, pero seleccionado fóra das listas da Xunta de Galicia. Seica non lle valían, querían seleccionalo vostedes. Deixando tamén ese persoal fóra do Convenio colectivo do persoal laboral da Xunta e, por tanto, fóra do circuíto das oposicións que fai a Xunta, e para rematar asignándolles unhas retribucións un 32 % inferiores ao persoal laboral da Xunta que fai o mesmo traballo. Medidas de precarización que non foron nin do Partido Popular, nin de Alberto Núñez Feijóo, foron do Bloque Nacionalista Galego, que vicepresidente ese Goberno e que creou ese consorcio, señor Tabarés. *(Aplausos.)*

Ben, eu quero dicir..., non teño tempo a dicir todas as cousas que teño aquí, pero falouse aquí do Real decreto 14/2021, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, que exige que as ofertas de emprego relativas a estes procesos de estabilización sexan aprobadas e publicadas nos respectivos diarios oficiais antes do 31 de decembro de 2021, e as respectivas convocatorias antes do 31 de decembro de 2022, debendo rematar os procesos antes do 31 de decembro de 2024. Esta disposición ten carácter de norma básica estatal e, por tanto, resulta de obrigado cumprimento para a Administración galega, que carece de competencias para ampliála, restrinxila ou modificála. Por tanto, a Xunta de Galicia ten que aplicar as previsións contidas neste real decreto lei, ou se fora o caso da disposición legal que o completa ou substitúa. Está en mans do Goberno do Estado facer esas modificacións.

Por tanto, nada podemos facer neste Parlamento que mude esa normativa estatal. Algún parlamento intentouno, o Parlamento de La Rioja, como vostedes ben saben, e o Goberno central recorreuno ao Constitucional e o Constitucional «suspende la conversión en hijos de



5 interinos del Parlamento. El Tribunal Constitucional abala el recurso del Gobierno central, que veía en la decisión una vulneración de derechos en el acceso al empleo público en La Rioja.>>

Por tanto, creo que non podemos xogar coas expectativas que ten postas moita xente neste proceso. Creo que é importante agardar á lexislación estatal que está en tramitación no Congreso dos Deputados, e, como dicía a propia proponente, terán participación esencial na organización da función pública, pero iso si, logo de estar aprobada a lexislación estatal. Creo que non debemos de xerarlles falsas expectativas a todas esas persoas que están neste momento de incerteza laboral aprobando unha lexislación que nada lles vai resolver, e que non é unha solución a este problema.

A solución parte por que no Congreso dos Deputados se aprrobe esa lei, e logo Galicia tomará as decisión que teña que tomar; mentres tanto, non podemos admitir a trámite esta proposición.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado del Río.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda de réplica, señora Andrea Estévez.

A señora ESTÉVEZ BARREIRO: Ante todo, moitas grazas aos grupos parlamentarios pola súa intervención.

E tras escoitar o que nos tiñan que dicir a esta proposta, que nós consideramos ineludible, comentar que para nós é un indicador moi importante ver que o señor Feijóo e o Goberno de Galicia se ausentan, porque debe ser que non lle interesa moito o tema da temporalidade, da que son causa, e a verdade é que nos sorprende moito a actitude do Grupo Parlamentario Popular, sobre todo dado que o que nós estamos a pedir aquí non é que hoxe tomen unha solución, o que estamos a pedir aquí é basicamente que se tramite ou se acepte nun futuro o proxecto de lei que se debaterá, emendará e se fará o que faga falta con el, iso leva tempo, todos o sabemos, e non importa que se estea tramitando no Estado algo que é un marco base, porque a continuación aquí pódese facer tamén a nivel autonómico, en paralelo, e que incluso iría máis aló. Xa que son escusas, porque durante a tramitación, obviamente, do EBEP, aquí pódese ir tramitando tamén, ou ir, polo menos, tomando en consideración, para os prazos que sexan oportunos, a nosa proposta, que é a proposta das precarias galegas da Administración pública.

Ademais, outra cousa, si somos competentes, porque se non fósemos competentes eu non estaría aquí hoxe neste Parlamento, porque xa non sería admitido a tramite. Polo tanto, esa falta de competencia é obvio que é unha falacia que se está intentando dicir aquí, e ignorando sobre todo, que é o que máis me preocupa, a vontade democrática do pobo galego traendo aquí esta proposta. Porque a señora Prado, no ano 2015, no debate da ILP, dicía que é unha



ferramenta para que os galegos poidamos —poidan, dicía— marcar a axenda política. Tamén dicía que o índice de calidade democrática é moi avanzado —a ILP—. Sen embargo, estamos vendo que, a pesar de conseguir o respaldo necesario, a pesar de estar nesta Cámara, baixo a súa maioría absoluta non sairá adiante. Pero, dende logo, están incumprindo as súas propias palabras, ademais de si ser competentes neste tema, como é obvio, por iso estamos aquí.

Con respecto ao demais, non me vou estender moito máis, porque, realmente, o importante, polo que estamos aquí, é o debate e a solución que este Parlamento si ten que dar. E non vai ser Madrid, non vai ser Madrid, tamén llelo recuerdo ao resto de grupos parlamentarios que aludiron a Madrid. Non vai ser Madrid o que nos dea a solución aos traballadores que dependen exclusivamente das consellerías. Entón, aínda que teñamos ese marco base, parece que o que está faltando aquí é a toma en consideración, o interese por debater este asunto polos grupos políticos, ou polo grupo político do PP neste caso, e tomar en consideración isto. O señor Feijóo foi interino moitos anos, igual ca vostede, Paula Prado, e supoño que a moqueta de San Caetano, que é testemuña diso, recordará a súa loita sindical polos temporais, que agora parece que xa pasou a un segundo plano e que non lle interesa en absoluto. (Aplausos.)

Pedimos...

O señor PRESIDENTE: Perdón, non se pode manifestar desde a tribuna nin a favor nin en contra, é unha norma que temos na tribuna. Eu sei que é a primeira vez que están e posiblemente non a coñecían, pero estas son as normas da tribuna.

Grazas.

A señora ESTÉVEZ BARREIRO: De acordo.

Ben, simplemente deixar a nosa perplexidade nesta Cámara por que non se admita unha proposición popular, unha proposición do pobo galego con moito traballo, con moito esforzo, porque haxa unha parte do Parlamento que non estea de acordo na nosa proposta.

Moitas grazas aos grupos que si a apoian, ou que entendemos que si a apoian dunha ou doutra maneira, porque o respecto á vontade do pobo galego desta Cámara debería de ser o principal.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Estévez Barreiro.

Acompañaa o vicepresidente.

Rematado o debate da proposición de lei de iniciativa popular pola consolidación de emprego para a adquisición de fixeza das empregadas e empregados públicos en fraude de lei do sector público galego, procedemos á súa votación.



Votamos.

Bueno, están as portas abertas pero poden votar, as portas abertas... *(Protestas.)* eu non podo agora, por favor. ¡Por favor! Non, non, por favor, eles saben perfectamente que non se podía entrar, pero estando as portas... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Normalmente... temos que volver explicar que normalmente eu non vou estar aí impedindo a entrada de ninguén. Todos os deputados saben que cando non estamos en situación covid as portas as pecho automaticamente, pero en situación covid eu non podo pechar as portas, e eu non podo impedirle a ninguén que entre. Imos ser razoables. *(Murmurios.)* *(O señor Arangüena Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, si, non..., señor Arangüena, non me faga así porque sei perfectamente como é. *(Murmurios.)* *(Protestas.)*

Na votación eles non poden votar e non podían entrar, *(Murmurios.)* pero eu non o vou impedir agora. *(Protestas.)* Non, non, perdón. *(Protestas.)* Non, non. *(Murmurios.)*

Bueno, a votación foi como é. *(Protestas.)* Está. *(Murmurios.)* Non, non, non vou... *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, é un tema que está claro para min. *(Murmurios.)* ¡Perfecto! *(Murmurios.)*

Bueno. Votamos.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Non, perdón... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, pero eu xa expliquei cal é a cuestión perfectamente. *(Murmurios.)* Expliquei cal... si... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Como que non? *(Murmurios.)* *(Protestas.)* Xa estou dicindo que o sistema..., se non tiveramos covid as portas péchoas automaticamente... *(Protestas.)* Neste caso eu non podo pechar as portas. *(Murmurios.)* Eu xa lles dixen que non podían votar. *(Protestas.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Pero, ¿para que quere vostede a palabra? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, dígame para que a quere. *(Murmurios.)*

Si, perdón. ¡Xa está! ¡Dá igual!

¿Para que quere a palabra? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

Si, non teño eu coñecemento diso. *(Protestas.)* ¡Non teño! *(Murmurios.)*

Aquí en norma covid estivemos sempre coa porta aberta. *(Protestas.)* *(Murmurios.)* Non sei. Eu desde logo aquí non a pechei. *(Protestas.)* Non, ¡tranquilidade! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non nos poñamos nerviosos. *(Murmurios.)* Eles non votaron. *(Murmurios.)* ¡Tranquilidade! Vamos ter un pouco de tranquilidade.

As normas xa saben cales son. *(Murmurios.)* Durante a votación non se pode entrar nin se pode votar. Agora, eu non vou estar impedindo aí cun sable que non entre ninguén. *(Protestas.)* *(Murmurios.)*



Votamos. (*Murmurios.*)

Agora xa non sei nin cal era a votación. Agora xa non me acordo do resultado e xa se me borrrou aquí no ordenador... (*Murmurios.*) Pasou tanto tempo que xa... (*Murmurios.*) Volvemos votar... (*Murmurios.*) Non poden votar os dous deputados, o señor presidente e o señor portavoz non poden votar. (*Murmurios.*)

Votamos. (*Murmurios.*)

Tranquilidade, por favor. Vamos votar, que é o máis importante.

Votamos.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, pola consolidación de emprego para a adquisición de fixeza das empregadas e empregados públicos en fraude de lei do sector público galego

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, non se toma en consideración esta iniciativa legislativa popular.

O señor PRESIDENTE: Continuamos co punto 2 da orde do día.

Solicitud de creación dunha comisión de investigación, proposta polos 19 deputados e deputadas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para analizar as causas, consecuencias e responsabilidades do abrupto baleirado de encoros no ano 2021, así como as medidas a impulsar para a súa compensación e non repetición

O señor PRESIDENTE: Para a defensa desta solicitude ten a palabra, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Aproveito para despedir os proponentes da iniciativa legislativa popular despois deste exemplo de decoro parlamentar, civismo e boa organización do debate que acaban de presenciar. (*Aplausos.*)

E continuamos cunha cuestión que nos parece moi importante e moi relevante tamén para o futuro deste país. Somos todas e todos conscientes de que Galiza vive desde hai xa tres meses unha importante crise derivada do baleirado salvaxe que diferentes empresas hidroeléctricas acometeron en varios encoros de gran hidráulica, algo que ten importantes consecuencias medioambientais e socioeconómicas. Unha situación que ten tres responsables: en primeiro lugar, evidentemente, as empresas eléctricas; en segundo lugar, tamén a Xunta de Galiza; e tamén o Goberno do Estado. Tres patas que teñen a día de hoxe a situación aínda bloqueada.



E neste contexto hai xa tres evidencias que son absolutamente innegables. En primeiro lugar, que o problema continúa, que segue, que non hai medidas efectivas por parte das autoridades para que isto se desbloquee nin, por suposto, para que non volva acontecer no futuro. En segundo lugar, que a información, tanto por parte das empresas como por parte destas administracións, é confusa e contraditoria, e que, polo tanto, é necesario luz e taquígrafos. E, en terceiro lugar, que hai indicios de que estas tres partes teñen tamén unha responsabilidade compartida nesta situación.

Por iso, ante a gravidade dos feitos, neste Parlamento temos unha obriga con este país: analizar as causas, analizar as consecuencias e as responsabilidades; averiguar que aconteceu realmente e concluír tamén que medidas se deben tomar tanto para compensar os danos que se causou como para que non haxa unha repetición. E non é un debate sobre competencias, é un debate simplemente sobre se defendemos este país ou non, o debate é se empregamos o autogoberno e os instrumentos dos que nos temos dotado para velar polos intereses deste país ou non. Se imos á raíz do problema e tomamos medidas, ou se asistimos simplemente como meros espectadores ao continuo *pim pam pum* entre administracións para atribuírse as responsabilidades. Unha situación na que levamos instalados —insisto— tres meses e que se demostrou como absolutamente estéril e fracasada, tal e como demostra que esta mesma semana encoros como o de Cenza estean no 12,50 %; ou As Portas, por exemplo, nun 14,74 %, cando hai un ano tiña máis dun 72 % da súa ocupación.

Polo tanto, desde o BNG entendemos que a política do parlamentarismo debe ser útil aos intereses dos galegos e galegas; e iso é, en resumidas contas, o que imos votar hoxe. Porque, cando hai un acontecemento desta gravidade e esta dimensión, hai diferentes preguntas que facerse: ¿podería evitarse o dano?, ¿podería terse actuado doutra maneira?, ¿que cambiamos para non repetir a historia? Estas son preguntas que nos facemos ou debemos facernos ante calquera feito grave, e esas preguntas teñen que ser respondidas neste Parlamento. En primeiro lugar, pola forte relevancia social e estratéxica que ten este asunto; en segundo lugar, porque tamén a Xunta foi parte e a día de hoxe sabemos que houbo mala praxe; en terceiro lugar, porque tamén é aquí nesta Cámara onde radica o poder lexislativo e, polo tanto, a nosa capacidade de mudar as cousas e de falar do futuro.

Polo tanto, pedimos esta comisión de investigación, e de investigación e non de estudo, porque, ademais, hoxe sabemos que hai algo moi grave de fondo, e é que tanto a Xunta como o Estado sabían que isto ía acontecer e non actuaron. Sabemos, respecto do que atinxe á Xunta de Galiza, que xa o 10 de xuño e o 12 de xullo había comunicacións de Iberdrola e que a Xunta non só non tomou ningunha medida nin para evitalo nin para paliar o posíbel dano, nin para advertir aos concellos e sectores afectados, nin ningunha outra cuestión. Os servizos técnicos da propia Xunta de Galiza —agás que se demostre o contrario— o que sabemos é que ata o 20 de agosto non se desprazaron, por exemplo, a eses dous encoros que eu citei anteriormente. Pasaron máis de dous meses, non foi ata o 21 de agosto cando a Xunta saíu publicamente por primeira vez sobre este asunto, única e exclusivamente motivada pola presión social e política. Motivada por ese enorme traballo que fixeron tanto a veciñanza dos concellos afectados como o ecoloxismo galego de base, como tamén os medios de proximidade, os xornais locais. Grazas a esa presión política social foi cando a Xunta de Galicia empezou a facer que existía. Pero terá que explicar nalgún momento por que esperou 2 meses e 10



días ata abrir a boca, ¿non se enterou, nunha mostra de absoluta incompetencia? ¿Non quería molestar as eléctricas coas que tanto se abraza o señor Núñez Feijóo? ¿Ou é que simplemente o único que lle importaba deste asunto, máis alá de resolvelo, era única e exclusivamente confrontar co Goberno central? Sexa cal sexa a pregunta correcta, desde logo, todas requiren dunha explicación.

Porque a Xunta sabía isto o 10 de xuño e non foi ata o 4 de setembro cando empregou as súas competencias para incoar algún tipo de expediente. Tendo competencias para sancionar, decidiu agardar 86 días, nos que, ademais, quedaron demostradas cuestións como que, por exemplo, a propia Iberdrola incumpriu o prazo dun mes de aviso. E 86 días nos que, ademais, houbo consecuencias socioeconómicas ao alterar os usos das poboacións, algo que afectou o sector agrogandeiro, o lecer, o sector recreativo e turístico, etc. Consecuencias medioambientais sobre as especies de fauna e flora que hai nestes ecosistemas, ademais estamos falando en moitos casos de Rede Natura, de zonas especialmente protexidas. E incluso vimos como neste propio Parlamento hai 15 días se recoñecía por parte da señora Vázquez que isto afectou a extinción de incendios, sen ruborizarse. Estes feitos non son graves, señores do Partido Popular, son gravísimos. *(Aplausos.)* E ademais da deixadez de funcións haberá que analizar tamén por que a capacidade de sanción de Galiza é absolutamente ridícula. Porque nesta crise vimos negro sobre branco as consecuencias dos cambios lexislativos que nos últimos anos vostedes foron impulsando para facilitar a actividade enerxética extractiva neste país. E nesta mesma lexislatura, a finais do ano pasado, tramitábase unha reforma dunha nova Lei de pesca continental, a Lei 2/2021, na que se rebaixaban as contías das sancións. O que anteriormente, por mor do Regulamento de ordenación de pesca fluvial do ano 97, tiña unha catalogación como moi grave e unhas sancións de ata 300.000 euros, pasou a ser grave e a ter unha sanción máxima de 25.000 euros.

Despois tamén, unha vez máis, ante a resposta social que esta cuestión tan ridícula tiña, comparando as cifras, por exemplo, co propio salario que ten o máximo responsable de Iberdrola, pois vostedes xa acudiron á Lei de patrimonio. E dixeron que..., bueno, que isto que podía ser ata 2 millóns de euros; dando ademais unha mostra de absoluta improvisación e de falta de preparación deses expedientes. Pero é que, claro, Iberdrola, por exemplo, tivo un beneficio neto de 1.531 millóns de euros nos seis primeiros meses de 2021; é dicir, que lle quedarían aínda 1.429 millóns de euros para tomarlle o pelo a este país. *(Aplausos.)*

O problema, basicamente, é que as eléctricas se senten impunes porque os gobernos central e galego miran para outro lado e lexislan para favorecerlles o camiño. E a proba é tamén a propia Iberdrola, que ten desde o 2013 nos tribunais un expediente sancionador tamén, unha multa de máis de 35 millóns de euros, tamén por manipular o prezo da electricidade, alterando tamén a situación dos encoros, entre eles, os do Sil.

As eléctricas séntense impunes e a Xunta de Galiza contribuíu ademais coa súa actuación nestes meses a que isto sexa así. Actuou tarde, non exercitou a súa capacidade inspectora e estivo calada, cando é evidente que, máis alá tamén das cuestións máis medioambientais, a Xunta de Galiza debía ter unha responsabilidade de dicir algo nun contexto no que é evidente que isto acontecía para especular directamente cos prezos da enerxía. Que é un problema gravísimo, un problema de primeira orde que teñen a día de hoxe os fogares e as pequenas



e medianas empresas do noso país. Pero, desde logo, a Xunta de Galiza decidiu seguir instalada no silencio, haberá que preguntarse por que, se o fixo por incompetencia ou se o fixo por favorecer unha vez máis a esas eléctricas coas que tanto vai posar o señor presidente da Xunta no Foro da Toxa nesta mesma semana. *(Aplausos.)*

Polo tanto, entendemos desde o BNG que, con independencia das responsabilidades que se poidan derivar a través dos diversos expedientes, independentemente das responsabilidades que se poidan derivar no ámbito legal, hai tamén responsabilidades políticas e cuestións que aclarar en sede parlamentar para tomar conclusións para o inmediato, pero sobre todo tamén para o futuro. Porque, desde logo, se algo amosou a crise dos encoros foi o absoluto disparate e a inutilidade dun modelo enerxético que é absolutamente colonial e inservible aos intereses do noso país. Amosou ese disparate de que sexan as grandes empresas as que controlan ata a última decisión sobre os nosos recursos naturais. E amosou tamén a necesidade doutro marco político para a xestión da auga, porque os ríos galegos —un recurso tan vital— non poden estar supeditados en moitas ocasións, como é o caso de varios dos encoros afectados, a decisións que se toman fundamentalmente a máis de 500 quilómetros. Ese modelo centralista e imposto e herdado do franquismo, desde logo, non pode servir para protexer os intereses medioambientais e os intereses socioeconómicos deste país. Polo tanto, entendemos que esta comisión ten tamén unha relevancia a futuro nun contexto de crise climática, nun contexto de crise económica e nun contexto no que o que debatamos sobre o modelo enerxético do ciclo da auga será clave para o noso futuro.

Polo tanto —e remato xa, señorías—, desde o Bloque Nacionalista Galego estamos convencidas de que un si unánime a esta comisión de investigación enviaría unha mensaxe clara e contundente ao *lobby* enerxético de que este país é a nosa prioridade. E de que non imos descansar, como representantes deste pobo, ata que as consecuencias estean subsanadas e ata que este problema se resolva de hoxe para sempre. Polo tanto, está nas súas mans e confiamos en que sexa aprobada.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda de grupos parlamentarios non proponentes. *(Pausa.)*

Grupo Parlamentario Socialista. Señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Imos votar a favor da creación desta comisión de investigación e consideramos que sería unha auténtica obscenidade política se o PP non a apoia, despois do aluvión de *fake news*, mentiras e acusacións irresponsables e indignas dun goberno serio que leva proferido o de Galicia neste tema. *(Aplausos.)*



Porque se calquera analiza as declaracións do presidente da Xunta parece imposible que o PP vote en contra despois de que o señor Feijóo, en rolda de prensa, nos últimos días de agosto, cualificara o acontecido como feitos de enormes transcendencia ecolóxica que Galicia non se merece, engadindo que: «No sé si es legal o no, pero es un disparate, es una irresponsabilidad manifiesta y es una falta de respecto impropia al Gobierno gallego y a los gallegos. No he visto una cosa así en los 12 años que llevo de presidente». Tamén dixo que é un acto de irresponsabilidade francamente impropio de ningún goberno e menos dun que presume de estar a favor da ecoloxía. É un acto de irresponsabilidade sen paliativos, dixo.

Con estas afirmacións tan contundentes e altisonantes non hai dúbida de que o PP debería facilitar a apertura dunha comisión de investigación, porque, se non o fai, o señor Feijóo terá que explicar como é posible afirmar que o baleirado de encoros é un feito de enorme transcendencia ecolóxica, un disparate, unha irresponsabilidade e que non viu algo igual nos seus 12 anos de goberno, e logo non facilitar coa súa maioría parlamentaria unha comisión de investigación respecto deses mesmos feitos que dicía que eran tan tremendos.

En todo caso, resulta dun cinismo insoportable ver como tales afirmacións saen da boca do presidente da Administración autonómica galega, cando, dentro das amplas competencias medioambientais da Xunta, figura destacadamente a protección dos ecosistemas fluviais, que teñen unha enorme importancia ecolóxica e caen baixo o réxime sancionador de tres leis, sancionador e preventivo, tres leis, non dunha, de tres leis autonómicas galegas. E non só a protección dos ríos e encoros da demarcación Galicia-Costa senón, obviamente, tamén dos da demarcación Miño-Sil que estean ubicados en Galicia, con independencia de que a xestión hidráulica corresponda á Confederación Hidrográfica. De feito, esta protección non é opcional senón que resulta obrigatoria para a Xunta de Galicia, que non pode elixir protexer ou non protexer, ten a obriga taxativa de protexer, dentro do procedemento que establece a propia normativa por ela mesma impulsada. En concreto, o Regulamento de ordenación de pesca fluvial dos ecosistemas acuáticos continentais, de 1997, no seu artigo 83, baixo o título de «esgotamento de masas de auga» —que é xustamente do que estamos falando— establece que: «Sempre que un particular e unha entidade concesionaria dun aproveitamento hidráulico vai proceder á anulación ou ao baleirado total ou parcial dunha masa de auga na que exista poboación ictícola que poida verse afectada, deberá comunicalo cunha antelación mínima dun mes ao órgano competente, que deberá notificalo inmediatamente á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, —que non é o Goberno, é a Consellería— para que esta estableza as medidas que haberán de adoptarse co obxecto de protexer á citada poboación. En todo caso, deberá practicarse dita comunicación sempre que o volume de auga baleirada sexa maior que o 80 %. As medidas citadas serán fixadas —non di poderán ser fixadas—, serán fixadas polo Servizo provincial de medio ambiente e natural —que é o servizo provincial da Xunta, non do Goberno— que vixiará e coordinará a súa execución e, despois da adopción das medidas previas, autorizará a anulación ou o baleirado coas condicións que garantan a protección e conservación da fauna acuática».

Por tanto, consonte o apartado primeiro deste artigo, as concesionarias, neste caso Iberdrola, teñen a obriga de comunicar á Xunta para que a Xunta, e non o Estado, estableza as medidas oportunas, calquera descenso do nivel dos seus encoros, cando haxa risco para a poboación ictícola. En todo caso, sempre que baixe do 20 %. Cousa que, efectivamente, aconteceu. Con-



cretamente, o 10 de xuño, no caso do encoro do Cenza e o 12 de xullo, no caso do Encoro das Portas, mediante escritos remitidos ao Servizo provincial de Conservación da Consellería de Medio Ambiente en Ourense por Iberdrola.

Pero vostedes parecen interpretar que iso non é unha comunicación. Tampouco lles vale a comunicación feita pola Confederación Hidrográfica ao 112, ao Servizo de Emerxencias, que depende do señor Rueda. E tampouco lles vale a comunicación que efectúa semanalmente, cada semana, a Confederación Hidrográfica do nivel de cada un dos seus encoros a Augas de Galicia.

A vostedes non lles vale ningunha desas tres modalidades de comunicación e, dada a súa inacción, parece que están agardando vostedes a que baixe do ceo Jesucristo en persoa para facerlles a comunicación. Pero que resulta que nin sequera é necesaria ningunha comunicación, porque a comunicación é unha obriga para as concesionarias e unha técnica de cooperación administrativa no caso da Confederación. Pero non é un requisito para que vostedes actúen e implementen as medidas que o apartado 2 do artigo 83 di que teñen que establecer e que a día de hoxe increíblemente non estableceron. Téñenas que establecer de oficio, teñen que determinar esas medidas e comunicarllelas ás empresas hidroeléctricas de oficio, non dependendo de ningún tipo de comunicación, pola razón sinxela, obvia, elemental, evidente, de que non son medidas de iniciación dun procedemento a instancia dun particular, que si dependerían dunha iniciativa dese particular, senón medidas de protección dun ben público como é o medio ambiente, como pode explicarlles calquera asesor xurídico minimamente competente que teñan na Xunta.

E, por se fora pouco, a Lei de pesca de Galicia establece no seu artigo 73.1.a.h que constitúe infracción grave alterar de modo apreciable o nivel das augas ou caudal do río cando puidesen derivarse danos para as especies piscícolas. E o 83 desa mesma lei permite adoptar medidas provisionais asociadas ao procedemento sancionador, incluso antes de comezar ese procedemento. O mesmo que fan a Lei de protección ambiental de Galicia e a Lei de patrimonio natural de Galicia, que tamén contemplan infraccións e sancións e medidas provisionais que poden ser previas.

A pesar de todo este caudal normativo e cauces para actuar, tardaron vostedes 70 días en abrir expedientes sancionadores correspondentes aos xa citados encoros de Iberdrola, pero tamén aos de Belesar e Salas, por infracción da Lei de pesca e por importe máximo de 25.000 euros. Pero ata o día de hoxe a Xunta non actuou para establecer as medidas que deben adoptar Iberdrola e Naturgy de acordo co Regulamento de pesca fluvial, pero tamén polas leis de patrimonio natural e de protección ambiental de Galicia.

E a conselleira de Medio Ambiente, primeiro, abre catro expedientes por importe de 25.000 euros, pero cando algúns medios de comunicación publican que este ano a Xunta rebaixou nun 95 % — jollo co dato, repito, un 95 %! — o importe das sancións da Lei de pesca para balearado de encoros, entón os asesores da conselleira danse conta de que hai unha lei de patrimonio natural que pode dar lugar a sancións máis elevadas, que poden chegar a 2 millóns de euros. E, nun exercicio de auténtico esperpento político e chapuza administrativa, dá unha rolda de prensa para dicir que pode chegar a sancionar por 2 millóns de euros. É dicir, di que



pode sancionar por 2 millóns, pero sanciona por 25.000 euros. Unha auténtica tomadura de pelo, porque se pode sancionar por 2 millóns, non o diga, señora conselleira —que non está aquí—, sancione ou cale a boca. (*Aplausos.*) Para, a continuación, acusar a Confederación Hidrográfica de estar en conivencia coas eléctricas, xustamente a mesma semana que o Goberno de Estado establece unha serie de medidas enerxéticas que, segundo o diario ABC —non precisamente comunista—, son un *tijeretazo* do Goberno que funde as eléctricas. Outros medios dicían *rejonazo* do Goberno ás eléctricas. A ver, se vostedes acusan de conivencia coas eléctricas o Estado, terán que dicirlle á prensa de dereitas que non diga, polos mesmos días, no mesmo tempo, que o Estado funde ás eléctricas, porque ambas as afirmacións son mutuamente incompatibles e excluíntes. Non hai ningunha conivencia das eléctricas co Estado, o que hai é unha fermosa amizade do señor Feijóo co señor Sánchez Galán, presidente de Iberdrola, que lle deu aquela gran aperta cando foi elixido no ano 2009. Unha fermosa foto (*O señor Arangüena amosa unha foto á Cámara.*) (*Aplausos.*) para unha fermosa aperta, fermosísima, para unha fermosa amizade. Aí está a foto, aí está a aperta. ¿Será porque son socios de Naturgy en Sogama polo que non lle din a Naturgy que medidas ten que adoptar un mes despois de que os seus axentes medioambientais se persoasen en Belesar? ¿Terá algo que ver esa amizade do señor Feijóo coa súa inacción no tema dos encoros? ¿Será por iso que levan vostedes 110 días sen dicirlle a Iberdrola cales son as medidas que deben adoptar nos seus encoros? En todo caso, se non actúan prevarican. Prevarican se din que hai feitos de enorme transcendencia ecolóxica, como dixo o señor Feijóo, e, tendo tres leis para evitar feitos de enorme transcendencia ecolóxica e sancionalos, non actúan. Se hai, como di Feijóo, «feitos de enorme transcendencia ecolóxica», teñen vostedes que actuar dada esa enorme transcendencia. E se non o fan —repite— prevarican por omisión, tal e como di a denuncia que fixo Adegá ante a Fiscalía.

E se non abren esta comisión de investigación demostrarán vostedes en todo caso a súa total e absoluta adición á pornografía política.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Grupo Parlamentario Popular, señora Díaz Mouteira.

A señora DÍAZ MOUTEIRA: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas, señorías.

Hoxe tráese a debate a esta Cámara a solicitude desta comisión de investigación para analizar esas causas, esas consecuencias e esas responsabilidades do baleirado inxustificable e irresponsable deses encoros de Galicia, coa conseguinte drástica redución dos seus niveis de auga. Pero, despois de escoitar, sobre todo, o señor Arangüena, a verdade é que fixo vostede soño a comisión de investigación, porque fixo un informe concluínte de investigación, pero, ¡vamos!, perfecto.

Sen embargo, señorías, esta situación, por esta excepcionalidade, xa foi obxecto, por parte dos tres grupos parlamentarios presentes nesta Cámara, de preguntas tanto á conselleira de



Medio Ambiente, no pasado Pleno do 14, como á secretaria xeral técnica, que creo que lle deu, sobre todo a vostede, señor Arangüena, unha detallada conta artigo por artigo, os que vostede hoxe reproduciu, pois xa lle deu conta a secretaria xeral técnica. E en ambos os casos, polo tanto, deuse cumprida e fundamentada resposta, sobre todo, a todos vostedes, señorías; e fundamentado en algo, que non é nas ideas do Partido Popular, senón que é na norma e na lexislación vixente, que cambia moito.

Dende este Grupo Parlamentario Popular presupoñemos que todos sabemos ler, que todos lemos a lei, pero hai que sabela interpretar, hai que sabela interpretar. Si, señorías. A gravidade desta cuestión que estamos a debater hoxe non permite ningunha interpretación partidista, porque, se son as señorías do Bloque Nacionalista Galego, todo é complicidade, conivencia, pasividade, depredación, especulación. Se son vostedes, señorías do grupo nacionalista, a postura é esta, miren, de perfil. Ou, probablemente, e con todos os meus respectos llo digo, ao mellor ese día que leu, leu coas gafas un pouquiño empañadas, porque a interpretación, desde logo, vostede saltouse algún renglón. *(Aplausos.)* Algún renglón deixou polo camiño, porque aquí a única interpretación é a defensa que fai o Grupo Socialista do presidente da Confederación Hidrográfica, é a única que hai, a única. E é evidente que a lei é a mesma para todos. Polo tanto, a interpretación tamén ten que selo.

Presupoñemos o coñecemento da normativa xeral de augas, presupoñemos a normativa autonómica, que a coñecen, de pesca e patrimonio natural. E presupoñemos, señorías, que coñecen esa coordinación que ten que haber cando hai unha concesión.

En todo caso, señora Presas, creo que se lle escapou que solicita vostede aquí unha comisión de investigación. Ao mellor tanto nos centramos na Lei de pesca, na normativa de augas, que esqueceu o Regulamento desta Cámara, que no artigo 52, primeiro *bis*, di que vostedes mesmos poden pedir esa creación da comisión de investigación, sen o concurso da maioría. Non lle facemos falta nós para nada, o voto deste grupo parlamentario para nada lle fai falta. Entón, sería curioso tamén por parte do Grupo Socialista ver como vostedes piden unha investigación para un organismo propio que depende do Goberno central.

Permítanme unha vez máis, porque creo que, despois de que falou a conselleira, de que falou a secretaria xeral técnica, aínda non quedou clara a situación e imos volver contextualizar o que aconteceu.

Unha investigación sobre unha acción da Xunta pero dunha competencia estatal. Intentarei facer un resumo dos feitos porque o tempo non é moito, para que comprendan que se fixo, como se fixo e por quen.

Este verán rexistrouse esa drástica e anormal baixada do nivel dos encoros de Belesar, Portas, Cenza, Salas, pertencentes á demarcación hidrográfica do Miño-Sil, competencia do Estado. Creo que ata aí estamos todos de acordo. Que houbo uns niveis de baixada de auga inxustificadas, drásticos e preocupantes, nun ano hidrolóxico como é este ano 2021, totalmente normal, creo que tamén seguimos estando de acordo.

Dáse a circunstancia de que eses encoros, competencia estatal, contrastan con outros que son da demarcación hidrográfica Galicia-Costa, de competencia ou responsabilidade auto-



nómica, que presentan unha situación de total normalidade. É un pouco contradictorio, señorías, cunha situación de normalidade do 60 %, cando hai unha normativa da Xunta que impide esas abruptas e desmesuradas baixadas de auga por riba deses alarmantes datos que vimos falar nestes últimos días.

Eu fágome unha pregunta: cando vostedes falan de inacción, ¿de que inacción falan vostedes? Porque precisamente os encoros responsabilidade do Goberno galego se atopan nunha situación de normalidade. Entón, ou falamos da acción da Xunta, que fixo o seu traballo, actuou de forma rápida, contundente e integral, ou falamos da inacción do Goberno central, chámese Confederación Hidrográfica, que motivou ou que deu lugar á situación na que nos atopamos. Vostedes, señorías, confundiron os papeis, confundiron os papeis, porque a Xunta de Galicia ten uns mecanismos de control moi estritos e rigorosos, me remito a los hechos y a la situación, no a los hechos, a la situación. E é compatible co aproveitamento hidráulico, co abastecemento, coa preservación do medio ambiente, coa diversidade, coa pesca, cos ríos, coa actividade turística, porque protexemos ese nivel mínimo de explotación, señorías. Baixar do 20 % para este goberno, para este grupo parlamentario, é unha auténtica irresponsabilidade.

E no que estamos tamén de acordo é en que hai que tomar medidas. Claro que hai que tomarlas, contra os responsables do baleirado dos encoros. ¿Contra quen? Foi necesario e é necesario, contra as empresas concesionarias, pero tamén contra o organismo responsable desta demarcación, que consentiu esa situación. A única administración competente e responsable —e non me cansarei de repetilo e este grupo non se cansará de repetilo— é o Estado, a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, é a responsable da súa xestión.

Claro que son constitutivos os feitos dunha infracción administrativa grave, segundo a Lei de pesca continental, claro que si, alterar de modo apreciable o nivel de augas cando puidesen derivarse danos para as especies, cando puidesen derivarse, salvo que a actuación resultase conforme ou cumprise as exixencias da normativa en materia de augas. Tamén se propuxeron, como vostede dixo, eses catro expedientes, tanto á Confederación como ás concesionarias. Ademais, falamos desa sanción, que pode ser de dous millóns, porque hai que constatar primeiro a afección ao patrimonio natural. Unha vez constatada esa afección, procederase —e estou segura de que con man dura— a que así sexa.

Polo tanto, señorías do Grupo nacionalista, do Grupo socialista, estamos tomando medidas, ou estanse a tomar medidas desde o Goberno, e chegarase ata o final para depurar as responsabilidades.

A conclusión que se saca dende este grupo parlamento é que vostedes non leron a normativa ou, coma sempre, leron o que lles convida, porque a lei é clara e non valen mentiras.

Se teñen algunha máis mínima dúbida, remítanse ás declaracións da vicepresidenta terceira e ministra de Transición Ecolóxica. Ao mellor explícalles ela as súas declaracións, ou ao mellor a vicepresidenta si foi quen de asumir a competencia e recoñecer a normativa estatal que se ten nestas demarcacións hidrográficas no baleirado dos encoros. Mandoulle unha mensaxe ben clara ao señor Quiroga dicíndolle que si se lle permitía aplicar a lei. En ningún



momento a ministra veu dicir, señorías, que limitar o baleirado dos encoros fora competencia dun órgano autonómico. ¿Onde o escoitaron vostedes? Sigam o exemplo da ministra de Transición Ecolóxica, que parece que é a única que ten sensatez e coñece a lexislación vixente. Si, señorías, non é risa. Pero non se ría, señora Presas, porque aínda o outro día, o sábado, que creo que foi o seu Consello Nacional... Bueno, ¡ai, non!, está cumprindo o que lle dixó a súa portavoz, sempre cun sorriso e chegando ao corazón. Porque como sempre protestaron, non vaia ser, non vaia ser, non vaia ser... *(Aplausos.)*

Non me quero esquecer tampouco de cuestións fundamentais. Si, si, iso díxollo a súa portavoz, fágalle caso, xa vexo que son moi guiadiños e entenden o que queren, e o que mellor lles beneficia, evidentemente, pero agora toca o que toca. E toca, en cuestións de procedemento, que hai dúas comunicacións —parece mentira, señor Arangüena, vostede é xurista, que non coñeza o procedemento—, dúas comunicacións, unha das concesionarias, do órgano competente, chámese Confederación Hidrográfica, y otra del órgano competente, chámese Confederación Hidrográfica, al órgano competente de la comunidad autónoma, para proponer as medidas se puidera haber algunha afección ao medio ambiente, ao patrimonio natural. A ver se queda claro dunha vez. A Confederación non fixo nada, segue sen facer nada, iso si, métese cos concellos pequenos e métese cos particulares, pero co resto das empresas estas tampouco. Vostede mostre fotos, amose fotos, porque o que é, é a actuación da Confederación que se retrata sobre si mesma, cando hai expedientes na consellería, onde cando quere si o fai ben, cando quere si o fai ben.

Polo tanto, aquí o único que hai é a inqueda dun Goberno, que foi a única administración en dar un paso a adiante, que queremos evitar estes ataques ao noso patrimonio, que queremos estar unidos nese obxectivo para que se depuren responsabilidades e se tomen as medidas oportunas. Tamén concordamos en que debemos investigar a fondo, que polas súas intervencións xa vexo que non están vostedes no marco axeitado. O Goberno galego está a ser rigoroso, estrito, e a única administración responsable neste caso é a Administración do Estado.

Comisión de investigación, señorías, si. ¿Onde? No Congreso dos Deputados. ¿Por que? Porque a Demarcación Miño-Sil é a responsable dos encoros. Isto é o que quedou claro, está fundamentado tanto xuridicamente como... lean vostedes a lei. Espero que quedara, de verdade, suficientemente claro, non porque o diga eu, unha representante do partido Popular, porque o di a lei, señorías. Dende o Grupo Parlamentario Popular, polo tanto, creo que queda claro que non imos apoiar a solicitude de comisión de investigación no Parlamento de Galicia polo baleirado dos encoros.

En todo caso, señora Presas, recorran vostedes ao Regulamento, se tan convencidos están de quen é o responsable desta cuestión.

Nada máis polo de agora e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Mouteira.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)



Réplica do grupo parlamentario propoñente, Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, agradecer ao Partido Socialista o apoio a esta petición de comisión de investigación.

Señora Mouteira, claro que sorrimos, en xeral. Eu dígolle que a min me sentou moi ben o Consello Nacional do sábado, vexo que a vostede o Congreso do Partido Popular de Ourense non lle debeu de sentar moi ben esta fin de semana. (*Aplausos.*)

Mire, señora Mouteira, eu véxoa un pouco despistada, non sei se é porque perdeu a metade da miña intervención ou porque en xeral esta cuestión xa non sabe vostede como defendela. Porque, claro, ademais, vostede, que foi delegada da Xunta de Ourense durante moitos anos e que sabe perfectamente que a documentación e os escritos hai que tramitalos, pois, claro, ¡vaia bochorno ter que vir aquí a defender a absoluta chapuza da Xunta de Galicia, da Delegación de Ourense, claro! (*Aplausos.*) É que esa é a cuestión.

E mire, si, efectivamente, sabemos ler. Eu alégrome de que por fin un membro do Partido Popular reconeza que a oposición deste país sabe ler, xa imos avanzando pouco a pouco. E mire, e sabemos ler tanto que, repasando as notas de prensa —que a Xunta sabe escribir, porque a Xunta sabe escribir— deste verán, é que, mire, xa non é que non abran a boca ata finais de agosto, e que estiveron abrindo a boca todo o verán para anunciarnos cuestións que tiñan que ver, directa ou indirectamente, con encoros afectados por esta situación e non se lles ocorría..., non sei se é porque non van por alí ou se simplemente non eran conscientes do que acontecía..., 31 de xullo: «Medio Ambiente destina case 140.000 de euros ás tarefas de seguimento das poboacións piscícolas dos ríos», entre eles estes afectados. Agosto: «A Xunta reparte case 240.000 euros entre nove concellos da Reserva da Biosfera ourensáns para apoialos na custodia do patrimonio natural», concellos afectados pola situación destes encoros. Quero dicir, vostedes estaban dedicándose á propaganda e o autobombo cando o que tiñan que facer era defender os intereses deste país. Isto é o que sabemos ler (*Aplausos.*) E sabemos ler tamén como desde o minuto un se escudaron na súa propia incompetencia. O día que por fin sae a Xunta de Galiza a falar, o 21 de agosto, din vostedes que non dúbida en actuar con rapidez e contundencia se detecta o máis mínimo incumprimento do caudal ecolóxico ou calquera tipo de consecuencias ambientais nestas zonas.

Señora Díaz, 83 días ata que a Xunta de Galiza exerceu o seu cativo poder político, e agora non queren apoiar aquí unha comisión de investigación para deitar luz e taquígrafos sobre esta cuestión. A conclusión é clara: se non queren é porque algo teñen que ocultar. Se non teñen medo a que se vexa a incompetencia da Xunta de Galiza, ¿por que non avaliar aquí cal foi o papel da Confederación? Por suposto, convidemos o señora Quiroga, exdeputado desta Cámara, a vir comparecer aquí. Por suposto, convidemos tamén as empresas hidroeléctricas. Avaliemos aquí tamén cos funcionarios da Xunta encargados de ir custodiar ese territorio e de ver se estaba habendo dano ou non. Contactemos tamén coa veciñanza, cos concellos



afectados, que veñan a este Parlamento. Saibamos que é o que aconteceu realmente. ¿De que teñen tanto medo no Partido Popular para abrir esta comisión de investigación? *(Aplausos.)*

A cuestión é que nin actuaron para evitalo nin para tomar as medidas de atención, nin de reparación, nin pediron as medidas competentes ao Estado. E, desde logo, aquí quen non le e quen mente está ben claro.

E mire, si que nos gustaría ter o voto do Partido Popular para esta comisión, pero para facer unha comisión de investigación de verdade, non para que a teñan lexislatura tras lexislatura no caixón de San Caetano, como fan vostedes coa Comisión das Caixas.

E mire, precisamente esta cuestión xa argumentei na miña primeira quenda por que era fundamental que emanara deste Parlamento galego: pola importancia social estratéxica, porque a Xunta é unha parte activa e porque temos que falar do futuro que queremos para este país, no ámbito enerxético, no ámbito medioambiental, no ciclo da auga. E mire, porque, cando se trata de defender a dignidade deste país, non deberamos estar mirando os lindes administrativos. Igual que, ademais, ten delito que veñan defender esta cuestión aquí, cando hai uns días acaba de desbloquear por segunda vez a comisión de investigación de Angrois no Estado, e desde o BNG volvemos dicir que é unha vergonza para a historia deste Parlamento, sempre o será, que aquí non se tivese conseguido unha comisión de investigación sobre Angrois. *(Aplausos.)* E, salvando as distancias, pois vese que van repetir vostedes as mesmas vergonzas.

E mire, non están para falar vostedes tampouco da xestión das súas bacías. Primeiro, porque os encoros que están a caducar non os están a xestionar nin para reversión para o público nin para a restauración ambiental, e sobran exemplos da mala praxe. Entre outras cousas, no día de onte Ecoloxistas en Acción denunciaba, por exemplo, as irrisorias multas que vostedes están metendo respecto do río Verdugo, pese a estar certificada a baixada de caudal por baixo dos límites ecolóxicos.

E saben vostedes perfectamente que, se non estamos a falar doutros encoros de Augas de Galicia, é precisamente porque Iberdrola non ten ningún, esa empresa que tanto lles gusta. Polo tanto, o que deberían facer é apoiar esa comisión de investigación e que o señor presidente da Xunta de Galicia este próximo domingo convide tamén o señor Galán a vir comparecer e dar explicacións a este Parlamento, en vez de abrazarse con el. *(Aplausos.)*

Remato xa, reiterando o agradecemento ao Partido Socialista, reiterando o compromiso do Bloque Nacionalista Galego con seguir ata o último minuto para saber a verdade desta cuestión e para arbitrar medidas de futuro. Porque mentres vostedes din non, as eléctricas seguen baleirando estes encoros e simplemente lamentar que neste debate, que non é de competencias, senón que é de defender a dignidade deste país e traballar por el ou non, vostedes sigan instalados no non.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.



Rematado o debate sobre a solicitude dunha creación de investigación, procedemos á votación da mesma.

Votación da solicitude de creación dunha comisión de investigación

Votación da solicitude de creación dunha comisión de investigación, proposta polas 19 deputadas e deputados do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para analizar as causas, consecuencias e responsabilidades do abrupto baleirado de encoros no ano 2021, así como as medidas a impulsar para a súa compensación e non repetición

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 42.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a solicitude de creación desta comisión de investigación.

O señor PRESIDENTE: Continuamos co punto terceiro da orde do día, que son comparecencias.

Alteración da orde do día

Comparecencia do Conselleiro do Medio Rural, por petición propia, para informar da negociación feita pola Xunta de Galicia de cara á futura política agraria común 2023-2027

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra, para esta comparecencia, o conselleiro do Medio Rural, don José González Vázquez.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moitas grazas, señor presidente. Señorías.

Moi bo día a todos e a todas.

Comecemos esta comparecencia con algúns feitos, porque, como dicía Aldous Huxley, «os feitos non deixan de existir aínda que sexan ignorados».

Na negociación da PAC dos últimos meses temos como un feito positivo —e logo falaremos disto— a evidencia do gran traballo feito polas diferentes comunidades da cornixa cantábrica. Catro rexións de diferente cor política que compoñen esa cornixa e que durante o último ano tiveron un traballo conxunto a prol da defensa dos intereses dos seus agricultores e gandeiros, en definitiva, do seu territorio.

Outro feito —neste caso negativo, algo indiscutible, estou seguro, e verémolo nesta comparecencia— é que a PAC que está deseñada polo Ministerio non é unha PAC para a agricultura e a gandaría atlántica, é unha PAC —como dixo o ministro— mediterránea, e, ¡home!, o Mediterráneo queda algo lonxe da nosa terra.



Tampouco podemos ignorar outro feito máis, que é que o modelo de PAC que ten deseñado o Ministerio co apoio principal das comunidades do sur e do leste peninsular non se parece en nada ao que se falou nun primeiro momento. Nese primeiro momento era un modelo que beneficiaba claramente a nosa agricultura e gandaría, a de toda a cornixa.

Falamos de cuestións tan transcendentales como a definición de agricultor xenuíno, e tan técnicas —e vanme perdoar, porque seguro que nalgunha cuestión son un pouco denso de máis—. A diversidade das axudas, o pago redistribuído ou a propia configuración das rexións agronómicas, ata o momento, responden a unha proposta de mantemento do *statu quo*, en lugar de servir para impulsar unha nova PAC cara a unhas explotacións, pequenas e medianas explotacións, de carácter profesional, base familiar e base territorial, que son as nosas, as da cornixa cantábrica.

Para poñernos en cifras, miren a importancia que pode supoñer todo isto para os agricultores e gandeiros galegos. Como saben, a PAC ten dous piares: o primeiro piar, o das axudas directas, supón cada ano 170 millóns de euros que van ao peto dos nosos agricultores e gandeiros; e o segundo piar, o de desenvolvemento rural, vai supoñer, neste período 2021–2027, 913 millóns de euros de fondos públicos tamén para políticas de desenvolvemento rural. Por poñer un exemplo das axudas que se sustentan nestes fondos, podemos falar das axudas de incorporación ou dos plans de mellora. Son cifras significativas que revelan a importancia que Europa ten para o noso agro, para o agro da nosa comunidade.

E gustaríame que aproveitemos o tempo que vimos investir hoxe aquí, ao Parlamento, dun xeito, ademais, comunicativo, e sendo o máis transparente posible. Eu quero aclarar a todos os que me están escoitando que esa transparencia se demostra porque tamén lles foi remitida a todos os grupos parlamentarios toda a documentación de interese sobre as negociacións, sinaladamente algúns dos documentos que vou ir mencionando. E, por suposto tamén, esta comparecencia fíxose a petición previa, a petición propia, desculpen.

Tamén é certo que hai pouco tempo que estivemos aquí, foi en maio de 2021, deste mesmo ano, e demos conta das negociacións ata aquel momento, pero entendemos que é unha cuestión da suficiente transcendencia para un sector tan importante en Galicia como é o sector primario, e por iso debemos volver aquí e informarlles de todo o que aconteceu dende a última comparecencia.

Tamén lles quero recordar que naquela comparecencia lles fixen, ao final, unha petición de consenso. Propoñía aí manter unha reunión co Goberno, co Goberno galego, para poder entre todos avanzar xuntos na defensa dos nosos agricultores e gandeiros. A súa resposta naquel momento —e hoxe espero que algunha desas cuestións, polo menos, poidamos debatelas— foi que chegabamos tarde, que xa estaba todo pechado, e que non dabamos ningunha información. Os feitos, que son bastante tozudos, non deixan de existir, aínda que sexan ignorados —como lles dixen ao principio—, e o certo é que os feitos posteriores a maio revelan que eu lles trasladaba a realidade, que aínda había moito que negociar. As negociacións seguiron, houbo moito traballo. Eu vou pasar agora a relatar todo ese traballo e temos acadado logros importantes para os nosos agricultores e gandeiros.

Miren, dende o 21 de maio, que foi a miña última comparecencia, tivemos máis de quince reunións técnicas cos representantes do Ministerio. Pero como fito importante —e seguro



que o coñecen, porque o vimos todos na prensa— tivemos unha conferencia sectorial de agricultura e desenvolvemento rural o 14 de xullo de 2021. E nesa conferencia sectorial, señorías, presentóusenos a todas as comunidades autónomas unha proposta de acordo para a elaboración do Plan estratéxico da política agraria común, e esa proposta contiña o modelo que nos daba ou que nos poñía enriba da mesa o Ministerio.

É certo que con carácter previo á conferencia houbo reunións bilaterais co Ministerio, nas que todas as comunidades da cornixa cantábrica, todas, constatamos o xiro que tiña tomado o Goberno no deseño da PAC. Falábanos da PAC, e logo, realmente, escribiu outra PAC, en defensa dun modelo máis propio do sur e do leste peninsular.

Fíxense no que vou dicir agora: eu fago esta afirmación dende unha posición de máxima lealdade e respecto ao Goberno de España, entendendo que ten que valorar todos os modelos de agricultura e gandaría españois. Pero o certo é que a ningunha das comunidades autónomas da cornixa nos gustaba a liña que estaba collendo a negociación e por iso, de novo, tomamos unha postura común. E así, fíxense, catro días antes da conferencia sectorial houbo un documento que vostedes coñecen, titulado *Propostas das comunidades autónomas da cornixa cantábrica, con vistas á negociación final do Plan estratéxico*, remitido ao Ministerio o 10 de xuño de 2021. Este non era o primeiro acordo das comunidades da cornixa cantábrica, tivemos un primeiro documento do 15 de marzo de 2009, e un segundo documento do 19 de xaneiro de 2021, sempre fixando de forma clara a posición en defensa dos nosos agricultores e gandeiros.

Dado que lles foron remitidos estes documentos —estou seguro de que os leron con atención— queda claro, por unha banda, o acordo existente entre as catro comunidades autónomas e, por outro, que as nosas demandas van claramente na liña de defender os intereses dos nosos agricultores e gandeiros. Fíxense: nós defendemos, como características propias da España húmida, o tamaño pequeno e mediano das nosas explotacións, o seu carácter profesional —logo falaremos disto—, eminentemente familiares e sempre ligadas á base territorial, á xestión do territorio. E, ademais, defendemos a orientación produtiva do noso sector primario, cara a sectores gandeiros, como é o lácteo, ou a gandaría de carne en extensivo, que son elementos diferenciadores doutras zonas de España.

Tamén se pode comprobar neses documentos que houbo unha evolución, é dicir, as comunidades da cornixa cantábrica asumimos unha certa flexibilidade na defensa das nosas demandas, porque entendiamos que todos temos que ceder cara a un modelo de PAC coherente e verdadeiramente común. Unha posición de lealdade co Goberno de España co fin de lograr os mellores resultados, pero defendendo sempre coa máxima firmeza os intereses dos nosos agricultores e gandeiros.

Fíxense, a primeira demanda que faciamos naquel documento, a cornixa cantábrica, era maior transparencia. Recordo a voceira do Bloque Nacionalista Galego, que dixo tamén en maio, e nós concordamos: maior transparencia por parte do Ministerio respecto ao proceso de negociación.

Por darlle un dato, señora Aira, non soubemos a composición das rexións ata a pasada semana, o 20 de setembro, e é difícil negociar sen saber a composición das rexións.



O certo é que na conferencia que lle dicía antes do 14 de xullo presentóusenos un documento que recollía —agora si— o modelo de PAC proposto polo Ministerio, e que non acollía a meirande parte das demandas da cornixa cantábrica. Pero é que, ademais, dedicaba un punto a falar dos ecoesquemas e dicía: xa se precisará despois o tema dos ecoesquemas. ¡Home!, é o 23 % do orzamento do primeiro piar. Polo tanto, aí houbo unha posición común de todas as comunidades autónomas de non votar a proposta e seguir traballando.

Máis feitos: dende xuño ata esta comparecencia, estivemos traballando novamente coas comunidades da cornixa cantábrica na definición de como eses ecoesquemas podían favorecer a todos os nosos agricultores e gandeiros. Hai outro documento, que vostedes tamén teñen, do 28 de xullo de 2021, no que remitimos as demandas das comunidades autónomas da cornixa cantábrica con vista ao deseño final dos ecoesquemas.

Ao longo do mes de setembro tivemos diferentes xuntanzas de carácter técnico co Ministerio e o certo —xa llelo avanzo, despois falarei dos ecoesquemas— é que aquí xa acolleron as demandas da cornixa cantábrica, quero agradecerllo tamén ao Ministerio. E o 6 de setembro foi convocado o grupo de traballo creado no Consello Agrario para falar dos ecoesquemas e para recoller as súas aportacións. Outra vez quero agradecer aquí o traballo fantástico do equipo asesor da Universidade de Santiago de Compostela, que está facendo —como digo— un traballo moi importante en todo este proceso de colaboración.

Vou, se me permiten, tamén falar agora do estado das negociacións. E vou falar do primeiro piar, e voules dicir que, de cara ás quendas e ás intervencións, deixo para a segunda quenda todo o referido aos ecoesquemas e ao segundo piar, e referiríame agora, no primeiro piar, aos logros que obtivemos na negociación por parte de Galicia e aquelas cuestións nas que non concordamos co modelo que nos plantexa o Ministerio. Estou seguro de que todos imos coincidir en que non son boas para Galicia.

Como primeiro logro, para min importantísimo e esencial, foi que se recoñecera, por primeira vez na negociación da PAC, que Galicia ten un déficit de superficie computable a efectos da PAC. Hai un desequilibrio claro no que se refire a Galicia, e por iso non está nos documentos da cornixa cantábrica o tema da superficie, porque isto foi unha negociación bilateral da Xunta de Galicia en defensa dos nosos agricultores e gandeiros.

Para que nos entendamos todos, é unha cuestión complexa desde o punto de vista técnico —prégolles desculpas ao respecto—, pero o cobro da axuda básica parte da asignación duns dereitos a unha superficie determinada en cada comunidade. Galicia está 30 puntos por debaixo en canto á superficie elixible da media nacional, 30 puntos por debaixo.

E fronte a esta situación de Galicia, claramente discriminatoria, ¿que era o que pretendía o Ministerio? Abrir superficie de novas orientacións de cultivo: froitas, hortalizas e viñado, no Levante español. Nós aquí dixémoslle: ¡home!, poderanse abrir, nós non discutimos, pero primeiro terás que regularizar a situación daquelas comunidades autónomas que están moi por debaixo da media nacional.

O certo é que tamén teño que dicir que o Ministerio entendeu o noso razoamento, que é moi importante para Galicia, sobre todo se por mor da converxencia imos a un pago por hectárea.



Hai comunidades autónomas que din que unha vaca vale o mesmo en Galicia que en Castilla-La Mancha e que, polo tanto, deberían cobrar as hectáreas o mesmo, nós defendiamos ata o de agora, cos dereitos históricos, como a converxencia nola está impoñendo Europa, e ou regularizamos a superficie admisible ou imos perder moitos cartos.

Polo tanto, este compromiso do Ministerio está recollido no documento, logo direilles que é o que nos falta por recoller nese apartado. Pero, en todo caso, hai un compromiso por parte do Ministerio de poder respectar e regularizar esta situación.

¿Que supón isto? Pois que hoxe gandeiros de Galicia que teñen 100 hectáreas elixibles só están cobrando 44 desas hectáreas, mentres que a media nacional é practicamente 30 puntos, como dicía antes 75. E nós o que pedimos é chegar, como mínimo, a 66. É dicir, subir 20 puntos porcentuais, reverter esa diferenciación que temos aí, e iso permitiríanos que cobrarán, a maiores das que están cobrando actualmente PAC, 164.000 hectáreas. Estamos falando dunha cifra que suporía en termos de cartos arredor de 20 millóns de euros anuais para o primeiro piar dos nosos agricultores e gandeiros, fundamentalmente a gandaría de vacún de leite e de vacún de carne, que son os que teñen esas hectáreas, que, sendo hoxe xa admisibles para cobrar a PAC, non a están cobrando por diferentes consideracións.

Entendemos que este mecanismo de que esas 164.000 hectáreas pasen a cobrar dereitos da PAC —repito, hectáreas que xa están na superficie dos nosos gandeiros e que non están cobrando hoxe PAC— e que ao mesmo tempo poidamos poñer en marcha os instrumentos da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia ten que acadar o obxectivo que todos —estou seguro— desexamos, de incrementar e recuperar a superficie agraria útil da nosa comunidade.

É certo, repito, que este requisito está contido na proposta de documento feito polo Ministerio, pero fáltanos unha precisión, que é que se regularice os que estamos por debaixo do 66 % e que non se regularice os que xa están por encima, porque se non poderíamos atoparnos con comunidades autónomas como Castilla y León ou Extremadura que teñen moitísimas máis hectáreas ca nós. Polo tanto, o que pedimos é que se regularice a aqueles que estabamos na peor situación, e, como digo, Galicia é con diferenza, dentro das que teñen un sector primario importante, é a que está máis abaixo en canto a hectáreas que teñen dereito a cobro da PAC.

Polo tanto, penso que é unha demanda —ademais, recoñecida tamén polos sindicatos e as organizacións agrarias— complicada, era unha demanda histórica, e se imos ter que ir a unha converxencia na que —repito— cobre o mesmo unha hectárea de Castilla-La Mancha, ou de Extremadura, ou de Andalucía que de Galicia, dende logo, a única defensa que temos é incrementar a nosa superficie co dereito a cobro e así imos a seguir ata o final, e así lles imos pedir aos grupos parlamentarios deste Parlamento que nos apoiem, dende logo, nesta demanda, que —repito— ata o de agora hai un compromiso por parte do Goberno e fáltanos esa precisión de chegar ou de regularizar primeiro os que estamos por debaixo do 66 %, como é o caso principal de Galicia.

Outro logro importante son as axudas asociadas. É dicir, aquí hai unha parte do primeiro piar que é o pago básico, que cobran todos, e hai outra parte do primeiro piar que ten que ver con determinadas orientacións de cultivo e de gandaría.



Hai unha axuda asociada moi importante en España que é a do vacún de leite, e que en Galicia tamén ten unha importancia fundamental porque somos o 40 % de todo o sector en España. E aquí conseguimos, co apoio, iso si, das comunidades da cornixa cantábrica, que a axuda asociada subira e vai repercutir aos nosos gandeiros, aproximadamente en preto de 12 millóns de euros anuais de incremento.

Polo tanto, se sumamos o que é a axuda asociada —case que 12 millóns de euros— e ademais a regularización das superficies pola vía da reserva nacional que se vai facer ao longo do período, estaremos falando de aproximadamente uns 30 millóns de euros máis, 32 millóns de euros máis anuais para os nosos agricultores e gandeiros.

Estes serían os logros, sabendo que nós partiamos dunha posición de manter o que xa tiñamos e de mellorar o que puideramos, e aquí claramente lles estou trasladando que melloramos no primeiro piar, e repito que falaremos despois do segundo piar.

Déixenme que lles comete agora que partes do modelo nos están propoñendo e que xa é moi difícil de mover. E aquí, se conseguimos entre todos presionar para que se mova, seguro que imos beneficiar moito os agricultores e gandeiros galegos, pero que xa están recollidos no documento, e como digo vai ser moi difícil de mover.

Eu, por centrarlles o tiro, falo fundamentalmente da definición de agricultor activo. Vamos ver, no que se refire ao agricultor activo, houbo dende o primeiro momento un compromiso de que debiamos definir como agricultor activo aquel que tivera unha porcentaxe substancial dos seus ingresos totais como ingresos agrarios. Aquí seguro que algún grupo parlamentario pediría máis do que nós defendíamos. Nós falabamos do 30 %, é dicir, de cada 100 euros de ingresos que 30 foran agrarios, pero podiamos máis ou menos estar todos de acordo. O certo é que o Ministerio puxo o 25 %, pero, inmediatamente logo de facer esta definición, permite que todos aqueles perceptores que cobren menos de 5.000 euros de PAC non teñen que ter nin un céntimo de euro de ingresos agrarios para percibir a PAC, que é o réxime de pequenos agricultores, e que se está cargando a definición de agricultor xenuíno, a definición de agricultor profesional, que todos, estou seguro, os que estamos aquí e temos responsabilidade nesta materia defendíamos porque era moi bo para os agricultores e gandeiros galegos, porque é iso o que temos aquí, pequenas e medianas explotacións que, ademais, teñen carácter profesional e que teñen boa parte dos seus ingresos como ingresos agrarios.

E o *capping*, é dicir, a limitación de axudas que nos venderon tamén, que era de 60.000 euros, quedou totalmente desvirtuado. Pódenselles restar os custos salariais, é dicir, unha explotación que perciba 180.000 euros de axudas, se ten 300.000 de custos salariais, estaría en negativo, e polo tanto pode percibir os 180.000 euros. Eu non entendo esta aplicación do *capping*; tanto o *capping* como a degresividade.

Por outra banda, os cartos que sobren do *capping*, é dicir, da limitación de pagos por explotación, e da degresividade repártense non no total nacional, que nos beneficiaría moito a nós, senón por rexións agronómicas. Novamente outra cousa que nós nin ningunha comunidade autónoma da cornixa cantábrica compartimos.



Pero o que é máis difícil de entender dende o punto de vista de Galicia é o pago redistributivo. O pago redistributivo inscribiuse na Comunidade Europea para que os cartos das explotacións máis grandes, que viñan pola vía do *capping* ou por outras vías, pola porcentaxe que se fixara, que fora ás pequenas e medianas explotacións. E isto tiña sentido se se fai o pago redistributivo a nivel nacional, e se se fai o pago redistributivo tomando a media nacional, ¿onde están as pequenas e medianas explotacións en España? Na cornixa cantábrica. ¿Cal foi a solución que dá o Ministerio? E eu repito que entendo todo o que está facendo o Ministerio, porque ten que recoller as diferentes posicións de toda España, pero, dende logo, o que nos están dicindo é que o pago redistributivo se vai aplicar por rexións agronómicas, é dicir, o pago redistributivo vaise facer entre as gandarías de Andalucía e Castela A Mancha, no seu caso, e pode suceder que na rexión onde están esas gandarías a máis pequena sexa moito maior que a maior das galegas. Polo tanto, non vai haber beneficio no pago redistributivo para as nosas gandarías, para as gandarías da cornixa cantábrica, mesmo nalgún caso podemos saír prexudicados, porque hai algunha rexión na que imos con gandeiros de Asturias e Cantabria, e nós imos ser os maiores aínda sendo moi pequenos a nivel nacional.

Polo tanto, esta non é a nosa PAC, esta non é unha PAC que nos gusta, pero dende o principio soubemos que tiñamos que negociar para acoller as mellores condicións posibles para os nosos agricultores e gandeiros.

Remato esta primeira quenda dicíndolles ou recordándolles que na segunda eu, dende logo, falarei de ecoesquemas, e falarei tamén do segundo piar, e se lles parece agora tratamos destas cuestións —¡vamos!, fagan o que lles pareza— e referireime ás outras na segunda quenda.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor conselleiro.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

É agora a quenda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Martín Seco.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, presidenta.

Señor González, volve vostede comparecer sen traer aínda resultados da negociación sobre o plan estratéxico da PAC, que deberan de ter pechada en breve, antes de final de ano. Seguimos esperando a ver que sae desta negociación despois de que o Goberno de España conseguira ante a Unión Europea un orzamento suficiente para afrontar os desafíos deste novo período despois da proposta da Comisión Europea, que quería reducir un 3,5 % as axudas do primeiro piar e nun 14,5 % as do segundo piar.

Para Galicia, que sofre un despoboamento progresivo e o abandono da terra, é fundamental que a PAC contribúa a manter a actividade no campo mediante a substitución xeracional,



pero tamén é necesaria unha orientación política. Porque a chegada de fondos europeos non ten por que significar un éxito, señor conselleiro. Sen unha dirección estratéxica dos nosos sectores, recórdolle unha vez máis que na década dos anos noventa a caída da renda agraria en Galicia foi do 25 %, nada máis e nada menos; que dende a entrada na Unión Europea desaparecieron 9 de cada 10 explotacións; que nos próximos dez anos se xubilarán máis da metade dos nosos gandeiros e agricultores, e que o noso país ten un notable desequilibrio, cun 20 % dos concellos que teñen o 80 % da produción agraria, e só Mazaricos ten máis vacas de leite que toda Ourense e parte de Pontevedra. E todo isto ten responsables, señor González Vázquez: o Partido Popular, os seus gobernos desmantelaron os sectores produtivos durante os seus sucesivos gobernos, e vostede vén aquí sacar peito.

Vólvolle repetir un exemplo moi claro: os dous sectores máis importantes, ou dos máis importantes en Galicia, o forestal galego, que, por unha banda, supón o 50 % da produción madeireira de toda España pero só aporta un 13 % da renda estatal, e unha porcentaxe similar en emprego en toda España; ou o sector lácteo, que supón o 40 % de toda a produción estatal pero só aporta o 11 % da facturación estatal e o 7 % do emprego de toda España. Ese é o balance, señor González Vázquez. *(Aplausos.)* Pese aos millóns e miles de millóns que chegaron de Europa, por falla de políticas desde os seus gobernos, pois mentres na década dos noventa en Galicia baixabamos o 25 % da renda agraria, como dicía anteriormente, Andalucía duplicou esa renda.

Nesa liña, e cos problemas graves de abandono que ten o noso rural, veremos tamén a orientación que lle dá vostede e o seu departamento ao novo PDR, e para que utilizan ese PDR.

Como dicía, na actual negociación da nova PAC o Goberno de España defendeu o mantemento das axudas directas e que os perceptores da PAC sexan os agricultores profesionais e a agricultora familiar, e, certamente, aí estamos todos un pouquiño defraudados. Pero gustaríame que vostede, nunha conferencia do Partido Popular, llelo fixera entender aos seus gobernos en Andalucía e Castela-León, porque, igual que vostede fala do Goberno, gustaríame que vostede entendera e lle dixera á xente que isto é unha negociación. Evidentemente, os seus compañeiros están convertendo unha orientación nun mercado persa, precisamente polos seus propios intereses.

O Ministerio logrou pechar satisfactoriamente un exitoso acordo para a próxima década a nivel europeo, con 47.200 millóns de euros para a PAC, para a actividade agrícola e gandeira no período 2021 a 2027, o que supón un obxectivo cumprido e moi demandado polo sector, que non quería ver rebaixados os fondos que tiñamos no período anterior.

Para os socialistas existen persoas e non territorios, e dicímolo moitas veces, existen agricultores e gandeiros e non territorios. O que é xusto e razoable é que dúas persoas que cultivan o mesmo, na mesma zona e nas mesmas condicións, reciban a mesma axuda por hectárea. O Goberno de España quixo poñer fin a unha discriminación que levabamos tempo arrastrando dende hai moito tempo, e que impide destinar máis fondos públicos a quen máis o necesita, porque o debate debiera de ser canto reciben aquelas explotacións galegas que o necesitan, e non tanto os fondos da PAC que chegan a calquera territorio do Estado, incluída Galicia.



Europa, tras a reforma da PAC que entrou en vigor a partir do 2015, estableceu a obrigaón de poñer fin aos privilexios históricos, e no noso país hai agricultores da mesma rexión de pago básico, mesmo veciños de parcelas que, tendo o mesmo cultivo, reciben axudas por hectárea moi diferentes en función do que producían hai 20 anos.

Entendemos que é necesario un reequilibrio que conleva que os que máis axuda reciben por hectárea vexan reducidos os seus importes en beneficio dos que menos recibían, para que todos se acheguen a un valor medio de rexión, un reequilibrio que debe de ser gradual.

Son máis os que gañan que os que perden, o 56 % dos beneficiarios de axudas da PAC en España verán incrementadas a súa axuda por hectárea. Na maioría dos casos, os que proclaman a necesidade de non cambiar nada son os que ven os fondos públicos da PAC como un dereito privado ou un dividendo para o seu enriquecemento persoal, non necesariamente destinado ao campo.

Para o noso grupo, os apoios da PAC deben de ser para as explotacións familiares e profesionais que o necesitan, para ser viables e competitivas, creando tecido económico e social nos territorios, e ten todo o apoio do Grupo Socialista aquí no Parlamento de Galicia para conseguir este obxectivo.

Os socialista galegos defendemos que esta converxencia sexa progresiva e aplicándose gradualmente. Entendemos que non é desexable unha tarifa única por hectárea e que se deben de ter en conta as condicións sociais.

Para facilitar a substitución xeracional, vanse destinar máis de 140 millóns de euros anuais, o que equivale a un 3 % de orzamento de axudas directas do primeiro piar, e delas polo menos o 2 % irán á axuda complementaria á renda para novos agricultores de 40 anos ou menos, e outro 1 % procede das medidas de desenvolvemento rural para a instalación de novos agricultores.

Un Goberno do Estado claramente feminista como o actual, e vostede parece que nunca se recorda disto, logrou que se inclúa por primeira vez a perspectiva de xénero nesta importante política comunitaria, o que permite establecer importes adicionais para impulsar o papel das mulleres nas actividades agrarias, unha posibilidade que se vai adoptar tanto nas axudas directas como nas medidas de desenvolvemento rural.

Os sistemas de asesoramento aos agricultores incorporarán información sobre as condicións de emprego e a obrigaón dos empregadores, así como os aspectos relativos á saúde, seguridade e protección social no ámbito agrario.

As axudas directas desvinculadas da produción destinaranse nun 60 % á axuda básica á renda, nun 10 % a axuda complementaria distributiva como pago adicional ás primeiras hectáreas e que beneficia especialmente as pequenas e medianas explotacións, a axuda complementaria á renda para novos agricultores coma un pago adicional á axuda básica á renda para aos novos agricultores e gandeiros de 40 anos ou menos durante os primeiros 5 anos, os ecoesquemas, que contarán co 23 % das axudas directas, que, unido ao 2 % que España pode computar polo seu maior gasto ambiental en desenvolvemento rural, permitirá alcan-



zar o 25 % establecido por Europa. E no caso das axudas directas vinculadas á produción, os pagos asociados, aos que se destinarán máis do 14 % das axudas directas, que se aplicarán a sectores vulnerables desde o punto de vista social e económico, como os gandeiros de extensivo, ou o de produción láctea, así como cultivos proteicos como vostede destacaba que saen beneficiados tamén os gandeiros da nosa terra.

Os beneficiarios de axudas directas da PAC deberán cumprir a condición de agricultor activo, que será aquel que estea afiliado á Seguridade Social por conta propia, ou aquel que perciba polo menos o 25 % dos seus ingresos totais de actividade agraria.

Nós tamén quixeríamos moito máis, pero isto é o que están sometendo tamén os seus compañeiros nas diferentes reunións sectoriais, precisamente para chegar a este punto.

Asegúrase que as axudas da PAC vaian a actividades ou beneficiarios agrarios, polo que se excluíra do pago ás persoas físicas ou xurídicas cuxa actividade principal se corresponda a aeroportos, instalacións ferroviarias, instalacións de abastecemento de auga, servizos inmobiliarios e instalacións deportivas e recreativas. É dicir, unha repartición máis equitativo e xusto, e xa sei que lle dá á cabeza, pero isto antes sabía que era así tamén.

O importe da axuda básica á renda recibido por cada beneficiario reducirase progresivamente a partir dos 60.000 euros. Ademais, o importe da axuda básica á renda estará limitado a 100.00 euros ao ano por beneficiario, e tamén cremos que é insuficiente pero polo menos avánzase.

No caso das cooperativas agroalimentarias e sociedades agrarias de transformación, a aplicación deste apartado calcularase considerando individualmente a cada un dos membros. Mantense en 300 euros o limiar mínimo para a percepción de axudas directas, aínda que as comunidades autónomas poden elevar isto ata 500 euros.

O importe da axuda básica á renda distingúirase por rexións, que se reducirán ao máximo de 20 rexións, nas que se diferenciarán as superficies de pastos permanentes, cultivos herbáceos de secaño e cultivos herbáceos de regadío, e cultivos permanentes.

A redución a un máximo de 20 rexións que expuxo o Ministerio, e a maior converxencia internacional, coinciden, señor González, máis ou menos coa proposta que levou o Goberno galego, así como a gradualidade na aproximación da axuda básica, pois achegará á converxencia plena o valor medio de cada rexión en 8 anos empezando dende o 22. Os dereitos da reserva nacional concederanse aos titulares de explotacións que cumpran a condición de agricultor activo, e serán prioritarios para os agricultores novos, e aqueles agricultores que se establezan por primeira vez. Tamén serán determinados os sectores e subsectores de froitas, hortalizas e viticultura, non integrados no pago básico no período do 6 ao 14, así como superficies admisibles de sectores xa integrados no pago básico pero que non dispoñen de dereitos sobre os que vostede propuxo incluír pastos e soutos, e ten o noso apoio.

No que se refire ás axudas do FEADER, as comunidades autónomas destinarán a intervencións ambientais durante o período de 2021 ao 2027 a mesma porcentaxe que na anterior programación, uns 8.900 millóns para financiar as súas intervencións de desenvolvemento



rural no territorio nestes 7 anos. Para incentivar a eficacia na execución dos fondos, as cantidades non executadas ao finalizar a anualidade correspondente asignaranse ás comunidades autónomas con maior grao de execución.

Sobre os ecoesquemas, señor conselleiro, esperemos que se faga escoitar a voz de Galicia sobre a necesidade de que se contemplen prácticas realizables polas explotacións da cornixa, basicamente a xestión de pastos. Para o desenvolvemento rural —dicíamos— Galicia vai contar cunha cantidade que supón un aumento do 2,7 % e, polo tanto, señores do Partido Popular, señor conselleiro, de igual xeito que cando exiximos un orzamento axeitado para o noso país ao ministro de Agricultura, cunha negociación moi complexa que tivo un feliz desenlace, agora tócalle a vostede...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Ten que ir rematando, señor Seco.

O señor SECO GARCÍA: ...—acabo xa— as súas virtudes como xestor e ser capaz de convencer o resto dos territorios de España das nosas necesidades. Estaremos atentos para ver se o Goberno galego está á altura da negociación, na que ten todo o apoio, unha vez máis —volvo recalco— do Partido Socialista de Galicia, que unha vez máis respalda a posición galega, que tamén está respaldada polas organizacións agrarias e todas as comunidades da cornixa cantábrica, entre as cales o Partido Socialista goberna polo menos en dúas delas.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor Seco.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Correspóndelle a quenda de intervención ao Bloque Nacionalista Galego, á señora Carmen Aira.

A señora AIRA DÍAZ: Grazas, señor conselleiro.

Teño que comezar dicindo que volve ser reconfortante que neste Parlamento se fale de política agraria común e do estado das negociacións, dada a transcendencia que ten para as nosas actividades agropecuarias e para evitar a perda do noso rural.

A partir disto, teño que afearlle ao señor conselleiro o feito de que enviara a documentación á que se referiu 24 horas antes da súa comparecencia. Denota unha intención manifesta de facer ver que hai transparencia, mais xa lle digo que nin este Parlamento nin o sector lle pode dar a razón. *(Aplausos.)* Máxime cando parte desta documentación é xerada previamente á súa comparecencia de maio. En realidade, non aporta grandes cousas porque a maioría dos documentos —é dicir, as tres cuartas partes— refírense á posición da cornixa cantábrica, non ás cuestións estritamente galegas e do Goberno galego.

Acaba de dicir o señor conselleiro que iamos ampliar o número de hectáreas con dereito da PAC. Sen embargo, o documento do Ministerio, da conferencia sectorial de xullo, non recolle



este apuntamento no mesmo sentido, e non establece ningunha priorización daqueles territorios nos que a porcentaxe da SAU cuberta con dereitos é menor, como é o caso galego. Entón, entendo que a cousa está verde, isto quere dicir que non sabemos se é un veo de fume ou vai rematar con éxito.

Hai tamén anunciado —como vostede dixo— un incremento importante en axudas asociadas ao vacún de leite, son unha boa nova. O caso é que non é por botarlle a vostede un xarro de auga fría, pero, segundo teño información, isto non foi produto da negociación, foi unha oferta xa inicial do Ministerio, e igual para compensar que noutros asuntos non se ía conseguir máis que o mínimo posible para Galiza, excepto —como vostede mencionou— igual nos ecoesquemas. E, dende logo, esta axuda asociada vén tentar paliar un pouquiño a difícil situación pola que pasan as explotacións lácteas.

Estamos vendo que dende Madrid o Ministerio ten unha deriva clara centralista que unifica realidades diversas do Estado español como se dunha soa se tratara. E, dende logo, nin a cornixa cantábrica nin Galiza parece que teñan o máis mínimo peso para mudar a PAC de modo que se adapte ás realidades propias destas zonas. E por iso vimos quedando fóra dos parámetros do Ministerio, governe quen governe, e o Ministerio quedando fóra dos parámetros de Europa do mesmo xeito.

A postura do Ministerio, efectivamente, variou completamente nestes últimos meses —ou bandeou ou non sei o que pasou— pero foi para quedar todo como estaba, sen modificar nada na estrutura da PAC no Estado. E a axuda redistributiva segue sendo testemuñal, a definición de agricultor activo é patética, o límite dos 200.000 euros na axuda á renda básica para a sostibilidade é obscena, e a igualdade na PAC é cosmética.

Non nos queda máis remedio que retomar algún dos puntos da parte propositiva que levou o Partido Popular recentemente á Comisión 7ª para subliñar o apoio do Parlamento galego ao conselleiro nas negociacións en Madrid, e que se aprobou por unanimidade. O voto positivo do BNG foi por responsabilidade co sector agropecuario galego pero sabendo que esta proposta para nós era de mínimos, tal e como xa expresamos nesa comisión. Nela recollíanse cuestións que ían dende a petición de datos ata a petición dos ecoesquemas acaídos á realidade galega. O MAPA xa fixo público —como vostede dixo— o modelo de rexionalización e as 20 rexións que quedan coa súa táboa de equivalencia coas outras 50, así como o valor medio de axuda básica á renda sostible ou da axuda complementaria redistributiva, linguaxes da PAC —isto tamén é para pedir desculpas—; sen que poidamos determinar o número de hectáreas que sexan obxecto deste pago redistributivo. En todo caso, parece insatisfactorio para a realidade galega. E descoñecemos se contan cos datos solicitados e se xa están no proceso de elaboración das estimacións de afectación para as nosas explotacións. Dende logo, se teñen estes datos esquecéuselle envalos onte co resto da documentación. *(Aplausos.)*

De todos os modos, é un acordo profundamente insatisfactorio para o agro galego, tanto porque apenas destina o mínimo obrigatorio que legalmente hai que destinar a esta medida; tanto por iso como porque procede á rexionalización dos fondos, como vostede dixo. Desta forma, o Ministerio diseña a aplicación do pagamento redistributivo para evitar o movemento dos fondos entre rexións, limitando en gran medida a corrección dos desequilibrios



sociais e territoriais. Esta aplicación do pagamento redistributivo vai claramente en contra do sentido desta axuda, e se isto se concreta así demandamos que a Consellería — máis alá da queixa, que é lexítima— se dirixa aos organismos comunitarios para denunciar a aplicación que fai o MAPA dela.

Sinalo tamén que non só non se nos informou a esta Cámara das perdas que pode supor para as explotacións galegas a converxencia que pretende aplicar o Ministerio, senón que mesmo parece que na Consellería se segue sen contar cos datos que permitan facer este cálculo. Quero suxerirlle que para a próxima vez que nos envíe documentación sexa do tipo destas dúas que acabo de mencionar.

E, efectivamente, a definición de agricultor activo é un auténtico fracaso. Esta manga ancha á hora de considerar as persoas como agricultoras activas para que poidan percibir axudas directas prexudica o resto, dado que estes fondos son finitos e deberían destinarse ás axudas para as persoas que viven disto ao 100 %, podendo compensarse a estes agricultores a tempo parcial con outro tipo de axudas, xa que ninguén nega que aportan un valor importante ao sostemento do tecido socioeconómico do rural, e ao coidado da paisaxe e do territorio.

No que se refire ao *capping*, segue sendo tamén algo que intenta rexionalizar o Ministerio, e entón tamén é algo profundamente insatisfactorio.

Xa van numerosas ocasións nas que dende o BNG falamos de igualdade na PAC ou no rural. E esta PAC recolle un par de medidas positivas para as axudas ás explotacións de mulleres titulares ou cotitulares no relativo ao valor rexional e ao pago redistributivo, ou no apartado de axuda complementaria a xoves. Entendemos estas medidas como positivas porque non había absolutamente nada, agora pensamos que o impacto por mínimos quedará en algo estético. O erro, dende o noso punto de vista, atópase nas referencias usadas para os incrementos. Esta PAC, baseada en axudas por superficie ou número de cabezas de gando, prexudica a Galiza; e, dentro de Galiza, as máis prexudicadas son as mulleres e seguirán séndoo. Outro erro é utilizar porcentaxes, o 5 % ou o 10 % de incremento nas axudas ás rendas máis baixas supón un incremento cuantitativo mínimo, habería que poder cuantificar isto e, dende logo, de futuro modificar profundamente estes referentes se se quere manter as persoas agricultoras con rendas dignas; e, dentro delas, compensar a desigualdade institucional que están a sufrir as mulleres dentro da PAC.

Ás veces dá a impresión de que, tendo gran capacidade de promover un cambio socioeconómico profundo e ser un motor importante no rural, o segundo piar é o irmán pobre da PAC. Eu teño que falar disto nesta intervención porque non teño tantas quendas coma vostede, entón aló vai.

O rural precisa dun cofinanciamento á altura dos problemas que se di dende a propia Consellería que hai que resolver. E por isto é imprescindible que nos explique e confirme que porcentaxe de cofinanciamento vai poñer a Xunta e que fará o Ministerio. Agora mesmo este proceso parece que está indo rápido e xa se debora saber que fondos hai, e como se van repartir entre as anteriormente chamadas medidas e agora intervencións. ¿Xa ten claro a Consellería que priorización vai facer?, ¿que prioridades e que medidas se van presentar?



No período pasado non houbo unha aposta pola agricultura ecolóxica ou pola mellora das infraestruturas e dotación e mantemento de servizos básicos no rural. ¿Van realmente apostar por medidas que provoquen cambios? Pero non para peor, se fora posible, cambios que fixen poboación e doten o rural de comunicacións; ou ben a outra opción é deixalo baleiro para as eólicas e as eléctricas, que tamén pode ser. Este «PDR» —entre aspas— hai que aproveitalo para fortalecer o sector agrario cun asesoramento público, e non deixalo recibindo asesoramento exclusivamente a través das casas comerciais.

Outra cuestión fundamental é un rural fortalecido, dotado de servizos básicos e emprendemento relacionado co agrario pero tamén co sector servizos; isto necesariamente fixará poboación e, polo tanto, deberá contar con vivendas. E para iso haberá que dotar de medidas que palíen esta carencia máis alá de restaurar aldeas abandonadas. O tema da xeración de enerxía tamén cabe neste piar; a pregunta é: ¿que teñen pensado a respecto disto máis alá da subvención de placas e caldeiras de biomasa? Pensamos que hai que ser máis ambiciosos que isto neste punto.

E, por último, ¿que van facer cos fondos Leader? ¿Van manter o actual mapa de GDR con comarcas de tamaño inmenso que fan imposible levar a cabo un auténtico labor de dinamización? ¿Vaise continuar cubrindo actuacións con estes fondos practicamente no 99 % dos concellos galegos ou vanse establecer prioridades por necesidades?

A participación pública no deseño das medidas deste segundo piar en función das necesidades detectadas é fundamental pero, como sabe vostede, está sendo altamente deficitaria por parte da Consellería. Por moito que o diga —ou incluso o crea— non o fai certo, pedimos expresamente participación pública para darlle coherencia e sentido ao desenvolvemento rural para este novo período.

E máis nada polo de agora. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señora Aira Díaz.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Correspóndelle agora a quenda de intervención ao Partido Popular. Ten a palabra a señora Candia López.

A señora CANDIA LÓPEZ: Moi bo día, señorías.

Benvido, señor conselleiro.

E benvidos tamén os deputados que hoxe tomaron posesión.

Un debate complexo, sen dúbida. A política agraria común require un estudo minucioso que non se acada en pouco máis dun ano no que teño a responsabilidade de voceira de Medio Rural. Pero, dende logo, foron nos últimos tempos sesións intensas onde todos os voceiros aprendemos moito.



E eu hoxe persoalmente quero agradecerlle, señor conselleiro, que compareza a petición propia por segunda vez para explicarlle a esta Cámara, pero moi especialmente para explicarlles aos gandeiros, aos galegos e ás galegas, aos nosos agricultores, como está defendendo os seus intereses cun ministerio que, como dunha maneira moi velada pero si recoñeceu o señor Seco, pensa bastante máis na zona de Levante que na cornixa cantábrica. E agradézolle e ademais espero que deste debate —igual que da Comisión 7ª, que xa saíu algún acordo unánime— se vaia coa convicción de que todos estamos priorizando os intereses dos galegos e non priorizando os intereses dos nosos partidos políticos. E aí, indubidablemente, referireime ao voceiro do Partido Socialista, e tamén á representante do BNG, porque, aínda que foi moi crítica coa actitude do Ministerio, moi centralista, eu creo que nunca está de máis que sempre lle recordemos que é o seu goberno, o goberno que apoiaron e que tamén —agradézolle o aplauso— que precisamente nese pacto que todos coñecemos *a posteriori* entre Ana e Adriana, desde logo o noso sector primario, a nosa reivindicación da nosa política agraria común é difícil atopala en ningún dos puntos.

Dito isto e despois de ter esa primeira comparecencia o 25 de maio, despois de entregarlles a todos os grupos a documentación, mágoa que non o valoraran, pero eu creo que non é unha práctica, dende logo, moi habitual e creo que axuda a darlle rigor ao que aquí se expuxo, pois con humildade explicou os logros.

E aquí empezo coa primeira discrepancia co voceiro do Partido Socialista. Esos logros viñeron, por suposto, despois de moito traballo e dunha estratexia nalgúns asuntos nunhas negociacións bilaterais e, noutros asuntos, facendo creo que unha alianza moi intelixente coas comunidades da cornixa cantábrica.

É indubidable que este debate ten moito interese, pois non está de máis recordar que, aínda que xa o fixo o conselleiro, son máis de 170 millóns que van directamente ás economías dos nosos agricultores e gandeiros só no primeiro piar, e máis de 913 en 7 anos no segundo piar.

Dicía o conselleiro que os feitos non deixan de existir aínda que sexan ignorados, e onte escoitei unha frase que tamén me gustou moito: que a realidade que se ignora prepara a súa vinganza. E esta frase de hoxe ao mellor terei que recordala dentro duns meses.

A cornixa cantábrica uniuse porque, efectivamente, identificaba que o Ministerio priorizaba outros intereses. Chámame a atención que, cando tomas a decisión, tamén sexa culpa do Partido Popular. Dixo aquí o señor Seco que cando iso era así era porque o convencían os membros do Partido Popular doutras comunidades. Sería un pouco unha broma, ¿non?

Pero si lle vou poñer en valor eses dous logros que non pareceu ver ou entender o voceiro do Partido Socialista.

En primeiro lugar, e creo que moi importante, revertir un desequilibrio no relativo ao déficit de superficie computable aos efectos da PAC. Sen dúbida, algo moi importante, un acordo que vai supor máis do 30 % adicional en superficie, que serán máis de 164.500 hectáreas, e que pode supor un impacto económico de 20 millóns. Eu creo que iso é un logro que é froito de moito traballo, que o equipo técnico e a Consellería acadaron e que, indubidablemente, eu teño que poñer en valor.



Tamén me parece superimportante que o recoñecemento desta cuestión que está contemplado no guión, no punto 20 da proposta do Ministerio, traslada que se concederán dereitos de reserva nacional aos titulares de explotacións que cumpran a condición de agricultor activo, considerando as seguintes prioridades, e citounas. E creo que tamén é superimportante tendo en conta a tipoloxía das explotacións que temos na nosa comunidade autónoma.

Tamén quero destacar ese aumento considerable nas axudas asociadas ao vacún de leite. Galicia vese, dende logo, cuantitativamente beneficiada e gaña peso, ascendendo a unha cantidade que supera os 11,8 millóns de euros. Hai moito que traballar e seguramente o obxectivo desta comparecencia de hoxe, señor conselleiro, tamén busca o que intentamos xa en varias ocasións, nalgunhas conseguímolos —concretamente na Comisión 7ª— pero tamén intentamos levar unha proposta onde asinaran todos os grupos políticos, que non tiña máis obxectivo que mandar unha mensaxe a Madrid de que todo o Parlamento estaba unido en torno a unhas reivindicacións que defendían de maneira importante a idiosincrasia das nosas explotacións. E iso non foi posible.

Naquel momento os grupos explicaban que estaba todo feito. Non sei se é que descoñecían ou tiñan pouca comunicación co Goberno de España —aí, indubidablemente, recalco máis responsabilidade neste caso no Partido Socialista—, pero os feitos van poñendo a cada un no seu sitio e hoxe vemos que parte dos aspectos que nosoutros queríamos incluír nesa declaración asinada por todas as forzas políticas, aínda están de actualidade porque aínda están sen definir. E no caso... —que foi máis crítica a señora Aira— explicou claramente que non concorda coa definición de agricultor activo, explicou claramente que, en canto ao *capping* e á degresividade da axudas ao pago redistributivo, que non está de acordo coa proposta que fai o Ministerio. En definitiva, hoxe, meses despois, descubrimos que aquela proposta era atinada e que non buscaba máis que fortalecer a postura dun goberno, o Goberno galego, que dunha maneira —insisto— creo que perseverante, con humildade, pero con moita intelixencia, está intentando revertir a proposta que vén do Ministerio. Co máximo respecto e lealdade ao noso sector primario e aos nosos gandeiros.

Decía o señor Seco: son máis os que gañan que os que perden. E daba unha porcentaxe. Pois mire, eu non llo vou discutir, non teño datos neste momento para discutírllo. Pero a miña pregunta é, ¿quen é o que gaña? Porque se deses 56 %, dos galegos é o 1 %, a porcentaxe a nós non nos vale.

A pregunta é, señor Seco: ¿Na PAC, vostede con quen está? ¿Está con Galicia ou está co Partido Socialista? ¿Por que vostede, cando dá os datos e defende a súa exposición, vai a datos a nivel nacional e nunca concreta a nivel galego? Porque indirectamente está recoñecendo que o ministro non mira a Galicia. E iso non llo digo como un reproche. Precisamente hoxe dígollos novamente coa man tendida, para que axude o Goberno galego e para que vostede descolgue o teléfono do ministro, que é do mesmo Partido Socialista, e non pareza, despois de escoitalo a vostede, que canto peor lle vaia a Galicia coa negociación da PAC, mellor lle vai ir a vostede, porque non vai... iso é unha interpretación equivocada. Estamos nun momento onde a transparencia é tamén unha demanda que o Goberno galego está a facer ao Ministerio, e non só o Goberno galego, tamén o resto das comunidades autónomas.



Estamos a tempo, ¿non?, todavía non se pechou a negociación. O importante é que os galegos e galegas saiban os logros que van acadados —e eu por iso felicítóos—, pero tamén queren saber a postura que ten este Parlamento naqueles asuntos que lles afectan moi directamente. Citei algúns deles, explicounos moitísimo mellor o conselleiro, pero que si, sen dúbida, está todavía sen pechar e é o momento de que a oposición neste Parlamento aparte esa inquina que ten con desprezar o traballo do Goberno galego e tenda a man e se apunte ao éxito se entre todos o conseguimos.

Certamente, moitos gandeiros están esperando pola PAC. Nós non compartimos —e dixémolo, e demostrámolo, e traemos moitísimas veces, ademais, datos que o confirman— esa visión catastrofista dun agro galego, que vostede empezou a intervención dicindo as explotacións que se pechan e sempre vendo o vaso medio baleiro. É indubidable que moitos dos mecanismos que se están a poñer en marcha neste momento van repercutir moi positivamente no desenvolvemento do noso sector primario, máis profesionalizado, cunhas explotacións mellor dimensionadas e, por suposto, esperamos que ese novo deseño da Política Agraria Común teña en conta as achegas que dunha maneira tan seria está facendo Galicia.

Non se trata dun debate político, trátase de defender os intereses dos nosos gandeiros e gandeiras e agardamos que, máis que o que estamos vendo nos últimos tempos, especialmente polo Goberno do Partido Socialista, que máis que o centro de Galicia está máis secuestrado por un ecoloxismo radical que está afectando dunha maneira moi negativa as explotacións.

Tendan a man e axuden e reforcen as peticións que está facendo o Goberno galego e, por suposto, aínda estaremos a tempo, probablemente, señor conselleiro, de que a este Parlamento volva ao mellor incluso unha proposición non de lei —por que non— recollendo todas as propostas que vostede vai explicar agora para o segundo piar, desde logo tan interesantes e que o noso agro necesita.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Candia López.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Ten agora a palabra, para a quenda de réplica, o señor conselleiro, o señor González Vázquez.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moitas grazas, señora presidenta.

Eu quero comezar, dende logo, dando a benvida ao Parlamento ás persoas, aos homes e mulleres que se incorporaron esta semana pasada, e que antes me olvidei na miña primeira quenda e que mo recordou a voceira do Partido Popular.

Logo desta primeira quenda, eu penso que xa relaxamos un pouquiño e entón imos, se lles parece, tratar de precisar cousas moi interesantes que se dixeron, sobre todo pola voceira



do Bloque Nacionalista Galego. Voulle indicar, señora Aira, onde é conveniente que o Bloque nos bote unha man para este tramo final da negociación, partindo da base de que temos unha postura moi común, como dixo vostede nesa PNL, que tamén dixo a señora Candia, que se votou na Comisión 7ª de 3 de setembro.

Tamén lle diría ao señor Seco que, se é posible, na segunda quenda deixe xa a mensaxe esta apocalíptica do principio e poidamos falar concretamente.

Mire, hai un tema que é moi perigoso para Galicia e que temos que entendelo todos. E eu parto da base, señor Seco, de que vostede é representante do Partido Socialista de Galicia e defende os agricultores e gandeiros galegos.

Mire, fala dos dereitos históricos e que isto é algo que hai que rematar con el. ¿Sabe a quen se lle oe iso? Óeselle ao conselleiro de Castela-A Mancha, ao conselleiro de Extremadura e ao conselleiro de Aragón. ¿Quen defende os dereitos históricos sabe quen é? Andalucía. ¿Por que? Porque é a que percibe dereitos históricos máis altos e a segunda é Galicia.

¿Pero que é isto dos dereitos históricos? A ver, con todas as dificultades técnicas. O que cobra un gandeiro é o resultado de multiplicar hectáreas por valor de cada hectárea, os dereitos. Poñamos que é 1 euro por hectárea. ¿Cal é a cousa? Que se nós temos menos superficie da que nos corresponde, que é ese déficit que lle contabamos antes de 30 puntos porcentuais respecto da media nacional, ou temos uns dereitos máis altos ou saímos moi prexudicados.

Como Europa nos está dicindo que hai que ir a unha converxencia, para Europa ten que cobrar igual unha hectárea de pasto en Navia de Suarna que nas chairas de Castela-A Mancha, iso é o que nos di Europa, ou regularizamos as superficies, esas 164.000 hectáreas, ou ao final deste período imos perder un diñeiral, un montón de cartos os nosos agricultores e gandeiros. Esta é unha reclamación histórica, mantiñamos os dereitos históricos porque non nos daban a superficie. E é a primeira vez que o Ministerio se abre a que se poida recoñecer esa superficie admisible. Polo tanto, de verdade, señor Seco, dígollo con toda claridade: non siga nesa liña de converxencia que ten que igualar os pagos por hectárea, porque lle van dar os propios agricultores e gandeiros, que saben perfectamente que a nosa defensa era ata o de agora os dereitos históricos. Nós non estamos en contra de que se igualen os dereitos se se regulariza o tema das superficies.

Mire, en Galicia a superficie elixible para a PAC é de 792.000 hectáreas. E temos nestes momentos cobrando dereitos da PAC 363.000, 45 %; media nacional: 74 %. É dicir, de cada 100 hectáreas, por exemplo, en Extremadura cobran 79 hectáreas, aquí 45. E en Castela-A Mancha, 78. Se queren coller Andalucía ou Castela-León, que me dá igual, porque neste tema non é unha cuestión de partidos, é unha cuestión de territorios e de modelo da PAC: Castela-León, 86 e Andalucía, 71.

Nós o que dicimos é: joia!, ata que nós cheguemos ás 66 hectáreas, déixennos meter toda a superficie elixible para que, cando haxa esa converxencia, señor Seco, que di vostede que é tan boa, e perdamos os dereitos históricos, poidamos elevar outro multiplicador que son 164.000 hectáreas, que son 20 millóns de euros cada ano para os nosos agricultores e gandeiros cando finalice o período este do 2021 ao 2027.



Señora Aira, do que refire vostede, o punto... —xa o dixo tamén a voceira do Partido Popular—, pero o punto 21 do documento que se presentou á conferencia sectorial incluíuse grazas á negociación de Galicia, e aquí isto non está recollido na cornixa cantábrica, porque nin Asturias nin Cantabria teñen este déficit de superficie. Polo tanto, nós tivemos que sacar o tema da superficie na negociación coa cornixa cantábrica porque era unha cuestión galega. Pero trasladámoslle con claridade... Fíxome graza, dixo: parece que foi unha concesión do Goberno o tema das axudas sociais. ¿Logo que pensa? Que levamos picando no Goberno precisamente para conseguir beneficiar os gandeiros galegos.

Mire, o punto 21, o terceiro guión —léolle en español, que é como está— di: *Que se concederán derechos de la reserva nacional a los titulares de explotación que cumplan la condición de agricultor activo, considerando las siguientes prioridades.* E o punto terceiro é: *Titulares de explotaciones con superficies admisibles en las que se realice una actividad agraria y que perteneciendo a sectores integrados antes de 2014 en el pago básico, no dispongan de derechos de pago básico, esto es, Galicia.* Isto é o que nós demandamos.

¿Que falta agora? ¡Claro!, isto, tal e como está aquí recollido, e pídolles o apoio a vostedes e á xente do... por suposto, ao Grupo Parlamentario Socialista, podería facer que todas as comunidades autónomas quixeran regularizar a súa situación. Non, non, non. Primeiro teñen que dar prioridade aos que estamos peor. ¿E quen son os que están peor? Basicamente, en España, Galicia, Valencia e Murcia. ¿E como llelo resolven a Valencia e a Murcia? Coa apertura a novas orientacións de cultivo: froiteiras, horta, e viñado. E a nós, ¿que nos teñen que facer? Darnos hectáreas ás nosas explotacións gandeiras ás que nestes momentos non se están recoñecendo os dereitos da PAC. Polo tanto, falta ese axuste, nós estamos negociando co Goberno, teño que dicir aquí con claridade que o Goberno está aceptando, partindo da base de que non tivo en consideración todo o que lle pediamos na definición do modelo, está aceptando o que nós lle estamos pedindo, e agardo que neste tema teña tamén a sensibilidade que ten nos ecoesquemas.

Falaba o señor Seco —e logo rematarei referíndome aos ecoesquemas e ao segundo piar, como me dixo tamén a señora Aira, que xa lle dixen que ía na segunda quenda falar deles—, fállame de que imos da man de Castela-León e Andalucía. Mire, con quen máis nos estamos pegando é, fundamentalmente, porque teñen un modelo de PAC totalmente diferente, isto é certo, que ademais de territorio vai de modelos da PAC, pero como nós temos pequenas e medianas explotacións de carácter profesional e base familiar, apoiamos ese modelo de PAC, como non pode ser doutro xeito.

Fíxense, con quen máis nos estamos pegando, en termos coloquiais —se me permiten a expresión—, é con Andalucía, con Castela-León e tamén con Extremadura e con Castela-A Mancha, porque teñen un modelo de agricultura e gandaría totalmente diferente á nosa. Polo tanto, aí non hai nin posturas partidistas nin —se me permite— territorios, porque o que hai é un modelo de PAC que nós defendemos.

Fíxese vostede se defendemos —e cada un defende o seu— que seguro que viu que marcou todo, pero vostedes ao mellor non saben que este goberno, o nacional, acaba de facer un programa para o olivar tradicional. Se ven os datos, é o 0,62 % do primeiro piar. ¿Saben



canto é o 0,62 % do primeiro piar? 235 millóns de euros. Hai unha acta da conferencia sectorial na que o conselleiro lle pediu o mesmo apoio para os soutos tradicionais de castaña, e recordoulle que en Galicia, por desgraza, non hai oliveiras ou hai moi poucas oliveiras. Polo tanto, aquí cada un está tirando, sen ningunha dúbida, polo seu, e nós estamos tirando, dende logo, polos intereses dos agricultores e gandeiros galegos.

Hai unha cuestión que temos que ter moi clara, que é o pago redistributivo, tamén o dixo a señora Aira, e eu estou completamente de acordo, pago redistributivo, beneficiaba moitísimo, unha porcentaxe de todo o primeiro piar, dos 39.000 millóns de euros di Europa, que vaia das máis grandes ás máis pequenas. Bueno, ¡fenomenal!, ¿onde están as máis pequenas? Cornixa cantábrica. Polo tanto, frotabamos as mans, dicíamos: van vir moitos cartos polo pago redistributivo. ¿Cal é o punto final que está no documento? Que van redistribuír por rexións agronómicas. Polo tanto, van redistribuír entre os andaluces, entre os de Castela-A Mancha e os de Estremadura. E alí, como lle dixen antes na miña primeira quenda, probablemente o máis pequeno deses sexa moito máis grande que calquera das máis grandes de Galicia. Polo tanto, é que non imos ver un céntimo de euro do pago redistributivo en Galicia. E é máis, señora Aira, podemos saír prexudicados porque coa composición das rexións igual nalgunha rexións hai explotacións máis pequenas en Asturias e en Cantabria que en Galicia. Non ten ningún sentido que o pago redistributivo non vaia pola media nacional. É de caixón, é dicir, hai que tomar as hectáreas na media nacional, e eu non me vou pronunciar sobre o que dixo a señora Aira pero doulle a razón, eu penso que Europa isto vaino ver con lupa cando estea lendo o plan estratéxico, non é a nosa cuestión, entenda tamén que estamos negociando, non é a nosa cuestión que se poña iso enriba da mesa, pero, ademais, Europa entrará cando se remita o plan estratéxico.

Miren, o do agricultor activo..., isto é para nota. Vamos ver, levamos aproximadamente ano e medio discutindo sobre a porcentaxe que tiña que ter de ingresos agrarios respecto dos ingresos totais para ser agricultor activo. A nós servíanos o 25 %, aínda que pediamos o 30 %, é dicir, de cada 100 euros pedímoslle ao perceptor da PAC que cobre, polo menos, 25 de ingresos agrarios, e van e arreglan ao final cunha cuestión que din que se son menos de 5.000 euros por explotación non teñen nin que percibir ingresos agrarios para podelo percibir. Eu pódolle dar o exemplo dun avogado ou de calquera profesional liberal, por exemplo, en Estremadura que sexa titular dun olivar, que gañe o que vostedes consideren, se só ten 500 euros de ingresos e as axudas da PAC son de menos de 5.000 cobre as axudas da PAC, integramente. ¡Home! Isto, dende logo, a min cústame entender que poida ser agricultor activo. ¿Hai problemas con isto en Galicia? Había perceptores que podían estar nunha situación similar e nós estabamos dispostos a renunciar á percepción destes, precisamente por ir cara a un modelo de agricultura e gandaría o máis profesional posible, e estarán de acordo comigo en que o criterio de ligar a porcentaxe de ingresos agrarios respecto dos ingresos totais acredita, na medida do posible, a profesionalidade.

Polo tanto, eu penso que claramente o modelo da PAC non é o modelo de Galicia, non é o modelo da cornixa cantábrica. E nós aquí, señora Aira, tivemos dende o principio unha posición, estamos moi ben asesorados, xa llo digo, temos moita información e dende o primeiro —pola universidade, se lle parece, cun convenio firmado ao principio desta negociación—. Sabiamos perfectamente que este modelo nos podía beneficiar moito se se mantiña a posi-



ción inicial. Cambiou pero aínda así non perdiamos respecto do que xa tiñamos no período executivo anterior, e tiñamos dúas cuestións importantes, e foi negociación.

En primeiro lugar, garantir máis cartos para o vacún de leite, e aí temos as axudas asociadas, eses 12 millóns de euros, evidentemente, froito da presión da cornixa cantábrica. E, por suposto, para Galicia é moi importante, co recoñecemento dese déficit de superficies e que se regularice primeiro os que están máis abaixo, que, repito, é Galicia, Valencia e Murcia. A Valencia e a Murcia arréganllo coas froitas, hortalizas e viñedos, pero antes de entrar novas orientacións de cultivo teñen que permitir que entren pola vía da reserva nacional as hectáreas que hoxe non están cobrando dos nosos gandeiros, da gandaría do vacún de leite e de vacún de carne, que, ademais, necesita, esta última, por desgraza, moito estas axudas e este apoio.

Ben, gustárame tamén rematar, como dixen antes, no que se refire aos ecoesquemas. E aquí xa advirto que imos polo bo camiño co Goberno central, con datos da semana pasada. E tamén unha breve referencia á configuración do segundo pilar. E falarei no que se refire a transparencia. Por certo, señora Aira, eu penso que lle remitiron a documentación o venres, pero, en todo caso, se lle chegou, eu digo o que acabo de acreditar; en todo caso, eu non tiña obriga ningunha, pero encantado de mandarlle e tratarei de completala tamén o máximo posible. Porque entendo que isto é un problema técnico, ademais, cando mo dixeron na comparecencia do mes de maio, entendín que debía ser así.

En canto aos ecoesquemas, o que lle dixemos ao Ministerio na conferencia sectorial de xullo é que non podíamos votar unha PAC que non tiña definidos os ecoesquemas, que son o 23 % do primeiro pilar. Incluso preguntabamos como nos podían poñer enriba da mesa que votáramos unha proposta na que o 23 % do fondos están sen definir. Xa antes, nos traballos previos, na Conferencia sectorial do 14 de xullo, xa tiñamos conseguido algún avance. Seguro que vostedes o coñecen polos representantes que hai das organizacións agrarias no Consello Agrario, que era a incorporación dun novo ecoesquema para o apoio aos pastos de sega, que pensabamos que podería ser moi interesante para Galicia. E ao mesmo tempo tamén algunha novidade no ecoesquema do pastoreo en extensivo, que a nós nos interesa especialmente.

Hai catro ecoesquemas dos oito que están definidos que interesan a Galicia e á cornixa cantábrica, e son os de pastoreo en extensivo, o de rotacións de cultivo, o de áreas non produtivas e os de pastos de sega.

Nestes catro esquemas, a letra soaba ben, pero é certo que na súa concreción técnica hai que afinar máis para que se adecúen ás nosas características. Novamente tiramos da estratexia de ir xuntos todas as comunidades autónomas da cornixa cantábrica e o mesmo 28 de xullo de 2021 lle remitimos ao MAPA un documento conxunto sobre demandas das comunidades autónomas da cornixa cantábrica con vistas ao deseño final dos ecoesquemas. Aquí expoñemos unha serie de cambios —non vou entrar no detalle técnico— pero pódolle dicir —e quero, ademais, que conste aquí diante de todos vostedes— que o Ministerio está acollendo as demandas que fixo a cornixa cantábrica no perfil deses catro ecoesquemas e, a falta unicamente do envío das fichas modificadas, na reunión da semana pasada confirmáronnos practicamente todo que estabamos pedindo no documento da cornixa cantábrica.



O que si seguimos mantendo e para nós é innegociable é que en ningún caso os ecoesquemas poden traer consigo exixencias adicionais á actividade agraria. Estes incentivos teñen que vir pola vía de facilitar a actividade, nunca como un requirimento para podela levar a cabo, e máis no caso de agricultores e gandeiros como os galegos que maiormente o que se están facendo é xestionando coa súa actividade agrícola e gandeira o territorio e afrontando, en moitas ocasións, precisamente con esa xestión do territorio, a loita contra os incendios forestais.

E, referíndome ao segundo pilar e tamén a algunhas das cuestións que aportou a señora Aira, dígoille, en primeiro lugar, que nós reclamamos —xa o vería nos documentos— un incremento de asignacións do Feader, polo menos un 5 %, para as comunidades da cornixa cantábrica. Isto aínda se está negociando, estannos pedindo que remitamos no mes de outubro todas as fichas, e estase falando. E voulle falar, ademais, da participación pública.

Ademais, no que atinxe ao financiamento, nós demandamos que se recupere o equilibrio, señora Aira, entre as achegas da Administración central e as comunidades autónomas, que se rompeu no período anterior. Entendemos que se debe de soste, e isto non é unha cuestión de quen está gobernando en Madrid, senón que é unha cuestión de defensa das organizacións ou das comunidades autónomas precisamente nesa repartición.

Tamén pedimos que o deseño das medidas do segundo pilar se faga de abaixo arriba, é dicir, polas comunidades autónomas, e que o que sexa o plan estratéxico de España sexa unha conxunción de todas as peculiaridades.

Miren, gustárame salientar no que estamos traballando nas intervencións, señora Aira, respostando ás súas preguntas, e vaino ver nas fichas, en canto se poidan xa poñer. Hoxe mesmo non, pero esta semana pasada remitíronselle ao grupo de seguimento do Feader, precisamente no que están representadas todas as organizacións, para poder escoitar tamén as súas aportacións. En primeiro lugar, por suposto, imos recoller —non podía ser doutro xeito— o fomento das iniciativas de recuperación da terra agraria de Galicia, en desenvolvemento da Lei 11/2021, que non sei por que lle molesta que recuperemos aldeas, que, por certo, non están abandonadas, están funcionando moi ben, ademais.

Axuda á incorporación de persoas mozas. Isto é unha novidade importante, pero entendiamos que deberiamos recollelo ata 41 anos, que é como está agora, pero imos incrementar as axudas de incorporación de 41 a 55 anos co fin de que haxa xente que poida reorientar a súa vida profesional cara ao sector agrícola ou gandeiro.

A promoción do asesoramento público a través dos profesionais dos que xa dispón a Xunta de Galicia na rede de oficinas, áreas comarcais que, neste momento, aproximadamente 30 delas están xa sendo obxecto de obras de adecuación. Se me van dicir despois que «por fin» ou «xa chegou», pódeno comprobar; estámolo facendo e, ademais, estamos tirando cara á súa dixitalización e a especialización de novo das oficinas áreas comarcais. Isto tamén ten que ver coa rotación das axudas, para que poidan ter máis tempo para poder facer este asesoramento. E imos impulsar e incorporar no próximo Feader a figura do titor que poida acompañar os agricultores e gandeiros no desenvolvemento das melloras da súas explotacións, principalmente os que se incorporan á actividade agraria.



Un apoio decidido á produción ecolóxica, como vía para o aumento do valor engadido dos produtos da nosa comunidade, tamén se recolle nas fichas.

As liñas de axuda. Isto para min é un tema importante. No pasado Consello da Xunta falamos das zonas prioritarias para a recuperación dos soutos tradicionais. Plantaremos castiñeiros, que non se preocupe ninguén, haberá novas plantacións de castiñeiros, pero, dende logo, temos que recuperar eses sistemas agroforestais fundamentais do noso medio rural.

As liñas de axuda para investimentos ambientais. Ten que ver tamén co tratamento dos puríns en explotacións agrogandeiras e industrias agroalimentarias. E aquí, outra novidade importante do próximo Feader: activamos por primeira vez en Galicia —xa se fixo o ano pasado co préstamo vendima— os instrumentos financeiros. Imos apoiar as nosas explotacións, non só con subvencións a fondo perdido senón tamén con financiamento para que poidan afrontar os seus investimentos.

E o apoio tamén —non pode ser doutro xeito— nas actuacións no ámbito gandeiro que garantan tamén o máximo respecto ao benestar animal. E aquí tamén, e vano ver nas fichas, un apoio claro á gandaría en extensivo, sendo conscientes de que esta é a mellor fórmula para que a nosa gandaría aporte os produtos de mellor calidade, respectando tamén ao máximo os dereitos dos animais.

A min gustaríame facer referencia, ademais, a algo no que eu creo firmemente, que é que a gandaría en extensivo ten que cubrir un papel fundamental noutros dous aspectos que van estar reflectidos en todas as medidas do segundo pilar, que é a planificación preventiva fronte aos incendios forestais, a xestión do territorio como mecanismo fundamental para poder facer esa prevención. E aquí imos apostar claramente por utilizar a gandaría en extensivo.

E, chegados a este punto, vou rematando xa esta segunda intervención falando de participación, pois tamén mo pedía a señora Aira. E nós aquí apostamos por esa participación. E xa digo que en cada momento da negociación hai que ir abrindo cara ao que se poida, ou se deba, esa participación. Nós estamos traballando co grupo de traballo do Consello Agrario. Se temos tamén un Consello Forestal para remitirle as medidas de carácter forestal, que son, fundamentalmente, do segundo pilar, estamos, por suposto, coa Comisión de Seguimento do Feader, na que están representadas todas as diferentes organizacións que teñen que ver co sector e tamén coa universidade galega.

Pero ademais, nesa arela de ser o máis transparentes posibles, quero anunciar hoxe aquí que desde este mesmo día se atopa operativa unha ferramenta vía web dispoñible na nosa páxina oficial de Medio Rural para que quen desexe remitir aportacións que crea convenientes respecto a esta última etapa de configuración da PAC así o poida facer.

E que quede claro que, mentres tentamos escoitar todas as suxestións ao respecto da PAC, tamén, por suposto, a dos grupos parlamentarios que están aquí na casa de todos os galegos, o Parlamento, para defender unha postura o máis beneficiosa posible para os agricultores e gandeiros galegos, continuaremos loitando polos seus intereses como ata o momento, colleitando logros e avanzando no deseño da aplicación dunha PAC que, aínda que é certo que



non é o noso modelo de PAC nin cumpre todas as peticións que se lle fixeron ao Ministerio, é, polo de agora conseguido, vantaxosa para Galicia grazas tamén ao impulso e á capacidade negociadora do Goberno galego.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor conselleiro.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Abrimos agora unha quenda especial de aclaracións para a que ten a palabra, en primeiro lugar, o deputado do Partido Socialista, o señor Martín Seco.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, presidenta.

Non sei se vimos recibir unha mensaxe pesimista sobre o resultado do que vai das negociacións, ou se, polo contrario, optimista. O que sae mal é culpa do Goberno do Estado —malo con cornos e rabo—, e o que é bo é grazas a vostede, señor conselleiro. Nin tan sequera di que e, polo menos, resultado de toda a posición xeral dunha cornixa cantábrica que coincide, evidentemente, nas súas reivindicacións e nas cales, das catro comunidades autónomas que compoñen esta fronte común, unha delas ten presidente do Partido Socialista, e nas outras dúas compartimos goberno co Partido Nacionalista Vasco e co Partido Regionalista Cántabro, co cal imaxino que algo tamén terán de bo.

Quero entrar nisto porque dá a sensación de que vostedes, ás veces, se converten nos máis nacionalistas, ao mesmo tempo que intentan xustificar os seus propios compañeiros. Porque dá a sensación, cando falan das propostas do Ministerio, como se fosen as propostas que non son beneficiosas para Galicia, son propostas do Ministerio, non son propostas do Partido Popular en Andalucía ou non son propostas do Partido Popular en Castela León, porque o son, señor conselleiro. E, polo tanto, se vostede está tan preocupado e nos di a nós que nós temos que facer *lobby* galego ante o Goberno do Estado, que, evidentemente, o temos que facer, vostede tamén o ten que facer dentro do seu partido, señor Feijóo, xa que é un referente a nivel político (*Aplausos.*) dentro do Partido Popular estatal para facerlle entender tamén á señora Crespo Díaz, que é consejera, creo que do Partido Popular en Andalucía, o señor Fernández Mañueco en Castela León, que tamén fagan ese *lobby* dentro do Partido Popular para que fagan entender as necesidades da cornixa cantábrica aos seus compañeiros.

Polo tanto, eu non sei se —volvo repetir— as mensaxes positivas só son vostedes. Que a axuda asociada ao leite sexa unha cuestión que consiga vostede, pero o goberno malo non, non é unha cuestión tamén de que o Goberno do Estado sexa sensible ao sector lácteo, precisamente para intentar beneficialo neste tipo de axuda.

Vostede parece que quere facer entender que eu son partidario da converxencia. Non é que sexa partidario, vostede sabe que obriga Europa á converxencia, ¿ou é vostede tamén contrario á Unión Europea? Igual agora descubrimos o perfil contrario á Unión Europea do con-



selleiro. Pero volvo repetir, a converxencia non é boa nin é mala, é obrigatoria. Polo tanto, hai que camiñar hacia esa converxencia nos guste ou non, e vostede saberá —porque a día de hoxe ten que ter máis que estudados— como van quedar os nosos gandeiros e os nosos agricultores na proposta que hai de rexións, para saber que é certo que a Consellería de Medio Rural ten que apertar, sobre todo nunha das rexións nas que podemos saír prexudicadas, como é o norte de Pontevedra e Coruña; e, nas outras, evidentemente, saímos claramente beneficiadas.

Polo tanto, eu creo que aí está a capacidade do señor conselleiro de intentar saír mellor parados nesta negociación na cal participan todas as comunidades autónomas do Estado. Non é unha negociación do conselleiro co ministro de Agricultura.

Eu non sei, a señora portavoz do Partido Popular di que eu son catastrofista dando datos que non son nada máis que os que saen nos papeis, son estatísticas, señora Candia, e os papeis calan bocas. E, polo tanto, os datos que eu dei aquí son datos que se poden estudar, analizar, para ver a realidade do sector galego, e se é certo que desapareceron 9 de cada 10 explotacións gandeiras é porque é unha realidade. E, polo tanto, vostedes teñen que asumir que gobernaron 34 dos 40 anos que leva a autonomía en Galicia e conseguiron ter o sector agrario e gandeiro nunha situación lamentable.

Eu díxenllelo en varias ocasións. Nos anos 60 e 70, provincia de Almería, unha situación agraria parecida á que tiña a peor das provincias de Galicia, esta é unha realidade. A día de hoxe o valor da produción agraria en Almería é de 3.000 millóns de euros anuais. Mentres, aquí, o forestal, que creo que debía ser e debe ser unha das claves da economía galega, recibe uns 300 millóns de euros anuais; é dicir, dous terzos da superficie galega —que significa o forestal galego— produce dez veces menos que a provincia de Almería. Polo tanto, non é só o que recibamos de Europa, é como lle poñemos orientación política para conseguir que os sectores dean beneficio. *(Aplausos.)*

Coincido, señor conselleiro, en que hai que facer un esforzo importante para que os ecoesquemas recollan a sensibilidade galega, sobre todo neses dous ecoesquemas de extensivo, de pastos de sega, que me consta —e outro día participaba nun coloquio cun dos subdirectores xerais, precisamente, porque se estaba buscando a fórmula de incluír aquelas cuestións que son necesarias para Galicia—. E, polo tanto, son tamén positivo de cara a que estas prácticas ambientais...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Ten que ir rematando.

O señor SECO GARCÍA: ...vaian no camiño de que as explotacións gandeiras poidan ir recolléndoa.

E por último xa, o tema dos PDR. Gustaríame que aí, aí si que é cuestión súa, que realmente se impliquen en loitar contra o despoboamento do rural e as explotacións gandeiras. Non son para levar a banda ancha a polígonos industriais, nin para pistas rurais que non levan a ningures, nin parques infantís, nin parques acuáticos, son para o noso rural, para que non se *(Aplausos.)* abandone.



E, por último, derivado do que dicía o conselleiro, é hora de que digan que van dar participación, din que é de abaixo a arriba, ¿dende cando fixeron vostedes isto? España, no proceso de elaboración do Plan estratéxico, deu voz á sociedade civil con xornadas de debate estruturadas, congresos, interrelación continua cos interlocutores...

A señora PRESIDENTA: Ten que rematar, señor Seco.

O señor SECO GARCÍA: ...sociais e organismos que representan á sociedade civil, páxina web específica, buzón de participación, etcétera. Vostedes fixeron contratos menores con entidades para desenrolar a estratexia da Consellería..., non me poña esa cara, é unha realidade. ¿Vostedes cando lles preguntaron aos gandeiros cales son as súas necesidades?...

A señora PRESIDENTA: Señor Seco, rematou a súa quenda, ten que rematar.

O señor SECO GARCÍA: ... Nunca, absolutamente nunca.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas señor Seco.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Para a quenda de dúplica, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Aira Díaz.

A señora AIRA DÍAZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Señora Candia, aguántese aí un momentinho, que me toca.

Bueno, achaco que vostede me dá a razón tantas veces a que os postulados a respecto do agro do Partido Popular veñen caendo ao nivel programático do BNG; entendo que é así, non será por outra causa.

Entón, en canto a nós escoitalle o ben asesorado que está, xa sabe que coincidimos niso profundamente. A respecto dos ecoesquemas, melloramos, melloramos algo, ¡menos mal! Porque se non sairemos de baleiro desa negociación da PAC. Hai que lembrar que despois as exixencias para o cumprimento dos ecoesquemas han de ser tamén razoables, e non meter os agricultores en investimentos millonarios, que sempre están con créditos e outras cuestións.

No caso do coeficiente de admisibilidade de pastos arbustivos, a súa aplicación é o que fai que aínda nos quede menos superficie elixible, porque a que hai bótana fóra.

En segundo lugar, quero falarlle da miña aldea. Vostede sabe que son do Incio, que ten en Trascastro unha aldea modelo. Eu vivo nun lugar que se chama Calvos, parroquia de Vila-souto. O meu lugar está caendo e está deshabitado. Eu entendo que igual me poden trasladar a Trascastro, pero non é o natural, o natural sería poder vivir no meu lugar. (*Aplausos.*)



Con respecto á dixitalización das oficinas agrarias comarcais, está moi ben, e lóuvolle a iniciativa, pero ten que ter persoas traballando dentro delas, porque hai oficinas que están pechadas unha boa parte da semana, co cal non sei se dixitalizalas é o que vai resolver o problema.

Con respecto á titorización do desenvolvemento das novas incorporacións, quero que, se pode, me conteste quen vai nomear de titores, porque non ten funcionarios nas oficinas, entón non sei, xa mo di vostede.

Van establecer un pago ecosistémico por reducir o risco de lumes, ¿tamén pola coexistencia co lobo? Dende logo, é un problema importante, e a Consellería de Medio Ambiente está tamén sendo antiecoloxista radical, renunciando ás súas competencias para pagar os danos polo ataque dos lobos, e isto é algo que fai sufrir a gandaría.

Por outra parte, a participación web está moi ben. Efectivamente, abriuse un portal na páxina de Medio Rural, non sei se iso lle mereceu unha nota de prensa como as 165.000 hectáreas que van ser superficie agraria útil admisible para a PAC. Bueno, o que nos queda pedirlle dende o BNG é que se comprometa co agro galego. O incremento do 5 % dos fondos Feder está ben pedilo, pero aquí temos orzamento e o orzamento hai que poñelo á disposición do rural con sentido e con xeito; e, por suposto, máis equilibrado, como vostede dicía.

Hai que mirar creo que un pouco fóra das aldeas modelo e dos polígonos agroforestais, porque fóra delas hai vida, e eu vivo no rural e son unha desas vidas.

Quería, sen acabar nisto último que queda, falarlle dun novo modelo de PAC. Esta PAC pequeniña acábase enseguida, esta PAC non satisfai as necesidades do agro nin de cubrir unha renda digna para os agricultores, non se simplifica, cada vez é máis complexa. Entón, deberíamos ter unhas novas PAC que aseguren niveis de renda dignos para as produtoras do sector agropecuario, onde haxa unha repartición verdadeira que compensa as desigualdades territoriais, pero tamén as desigualdades de xénero, cuantificando e avaliando a situación para tomar referencias adecuadas, para que haxa unha fonda corrección da desigualdade. Entón, esas axudas teñen que ir vinculadas á actividade agraria, hai que quitar as hectáreas do centro da PAC e poñer as persoas que traballan no sector agropecuario. Entón, en base a iso, establecer as axudas. Hai que reducir os desequilibrios existentes na agricultura comunitaria, posibilitando, en concreto, que áreas periféricas como Galiza poidan desenvolver a súa capacidade produtiva naquelas ramas nas que teñan vantaxes comparativas. Unha distribución máis equitativa con criterios de progresividade social nos fondos da PAC, porque se fala moito dunha PAC social, pero eu non acabo de vela materializada. Despois, debe recuperar instrumentos públicos eficaces que contribúan á regulación dos mercados financiados a cargo dos orzamentos comunitarios. É moi triste que os produtores que non están nunha cadea de montaxe non vexan recompensado con ganancias a venda dos seus produtos.

Entón, dá a impresión de que a PAC ten máis interese en financiar os que comercian con eses produtos e llos pagan a prezos moi baixos que en manter unhas rendas dignas para os agricultores e gandeiros e gandeiras.



Entón, isto é moi importante, eu creo que esta PAC para Galiza está perdida, polo menos no seu primeiro piar, veremos que fan co segundo piar.

Imos quedar entre as comunidades máis desfavorecidas, igualmente. Entón, hai que pensar que hai que salvar a próxima PAC.

E, polo de agora, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Aira.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ten a palabra a señora Candia López.

A señora CANDIA LÓPEZ: Señor conselleiro, non sei se se deu conta, pero se a señora Aira quere trasladarse a Trascastro, ou mira Trascastro como un mellor lugar para vivir no Incio, indirectamente, de maneira moi disimulada, botoulle un piropo a que, efectivamente, as aldeas modelo se van consolidando, ¿non? (*Aplausos.*)

Permítanme tamén, por suposto, un saúdo para os veciños do Incio e tamén para o seu alcalde.

Señor Seco, ¡como non imos asumir que gobernamos!, ¡como non imos asumir que gobernamos moitos anos en Galicia se o facemos polo exercicio máis maravilloso da democracia! Que, ademais, no noso caso ten que ser a maioría absoluta, e estamos absolutamente orgullosos. Os que non dan asumido vostedes é que están na oposición, e sobre todo por que seguen estando na oposición. E que me diga que os problemas da xente se resolven con orientación política, que mo diga un representante do Partido Socialista en Galicia neste momento, coa orientación política que está tomando o Goberno do Estado, está levando á inseguridade nos postos de traballo en Alcoa, inseguridade nos postos de traballo en Ence, inseguridade en Vestas. Por favor, reflexione antes de meter nun debate que tiña que rematar con consenso, antes de facer estas provocacións.

E eu dígolle outra cousa. Decía que o Partido Socialista pensa en persoas e non en territorios, e eu creo sinceramente que se equivocan, equivócase neste momento e apuntei decisións que están neste momento poñendo en vilo o futuro dunha comarca e o futuro de moitas familias.

Pero tamén vou sacar outro asunto que afecta moitísimo e que ten relación coa PAC, e que a señora Aira ata medio citaba tamén, que é o que desgraciadamente confirmamos, desoíndo o Parlamento, desoíndoos incluso a vostedes, que nese caso parecía que estaban apoiando as nosas reivindicacións e comprobabamos o 20 de setembro como o Boletín Oficial do Estado aprobaba e entraba en vigor a protección no listado de especies silvestres en réxime de protección especial ao lobo. Tamén o digo dende unha comarca onde está chegando a ser un problema de seguridade, non só de ataque ao gando.

Ben, cando iso era así, e cando vostedes, en vez de ser máis ou menos coherentes, saían ao día seguinte culpando a Xunta do abandono aos gandeiros, en vez de aprender —e aí si que



teño que poñer en valor a coherencia, que ás veces en política aínda existe— do seu homólogo en Asturias, o director de Gandaría do Principado, que dimite unha vez que ve que o Goberno de España desoe a petición da comunidade autónoma. *(Aplausos.)* Isto está claro e trae a colación a postura que o Partido Socialista tamén pode ter na negociación da PAC, que, indubidablemente, é o que me trae hoxe aquí. E aquí é onde lle prego que una esforzos, que faga xestións, que faga valer a representatividade que teñen, que, aínda que son a terceira forza política, nas próximas eleccións poden pasar a ser a segunda, se realmente acertan e se seguen traballando.

E vou poñer en valor —ja segunda, a primeira non, señor conselleiro, ben sabe!—, vou poñerlle en valor, certamente, esta última parte, os ecoesquemas, que van ter un papel moi importante tamén nas axudas que van recibir os nosos gandeiros, pero tamén no segundo pilar. Creo que o señor conselleiro enumerou varias iniciativas, que os convido ademais a que poidamos redactar novamente unha proposición non de lei de maneira conxunta, que busque o fomento de iniciativas de recuperación de terra agraria, que busque a incorporación de persoas mozas ata os 41 anos, pero tamén nesa franxa de idade tan importante entre os 41 e os 55, para que poidan reorientar a súa vida profesional.

Nesa postura de reforzo e de titorización das oficinas agrarias, por suposto, todo o apoio, conselleiro, o apoio decidido á produción ecolóxica, apoio para liñas de recuperación de soutos, as liñas de axudas para investimento ambientais en explotacións agrogandeiras, e apoio a aquelas actuacións no ámbito gandeiro que garantan o máximo respecto ao benestar animal. Son algunhas das iniciativas que enumerou como propostas moi en positivo, con moi boa acollida no noso agro, e por suposto, señor conselleiro, siga esforzándose ata o final, para corrixir iso que aínda non está acadado e tamén con total humildade, pero creo que é de xustiza agradecerlle os logros acadados ata o momento.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Candia.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para o turno de dúplica, ten a palabra o conselleiro de Medio Rural, o señor González Vázquez.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, observo con agrado... Estaba mirando agora que desta vez fomos bastante máis rápido que en maio. Non teñan medo, que non me alargarei eu moito nesta última quenda, pero si me gustaría comentar algunha cuestión.

O señor Seco desenvolveu unha curiosa teoría de como se ten que facer un lobby a favor de Galicia, e dos intereses dos agricultores e gandeiros galegos, e díxome: ¿e por que non fai lobby con Andalucía e Castela-León? ¡Home!, se son precisamente os que teñen un modelo totalmente contrario ao que está en Galicia e na cornixa cantábrica...



Se nós cremos nese modelo, eu alíome con quen faga falta para defender os intereses dos agricultores e gandeiros galegos. Tamén, por suposto, se quere, o Bloque Nacionalista Galego, porque aquí non é unha cuestión programática, aquí é unha cuestión de sentido común e de apoiar os nosos agricultores e gandeiros.

Polo tanto, eu entendín que con quen tiñamos que traballar e non hai cuestións partidistas, porque vostede mesmo o mencionou, era cos que tiñan o modelo igual que o noso, a España atlántica, a cornixa cantábrica, e aí si que fixemos *lobby*, e si que conseguimos moitos logros. E eu non me vou a levar o mérito, senón que é un mérito compartido das catro comunidades autónomas, excepto no que se refire á superficie admisible, que é un logro específico de Galicia, entre outras cousas porque as outras comunidades autónomas da cornixa cantábrica non teñen ese problema.

Señor Seco, podemos falar da converxencia. Eu non estou moi de acordo na liña, pero entendo que é unha imposición de Europa, e teremos que traballar contra iso. Teremos que traballar nesa liña de converxencia, dende logo, neste período. Pero quédese co que lle digo, se imos á converxencia e non nos regularizan a superficie, imos perder moitísimos cartos para os nosos agricultores e gandeiros.

Polo tanto, a min gustaríame saír de aquí, que houbera un recoñecemento de que iso que era unha demanda histórica de Galicia. Todos os conselleiros anteriores a min o levaron e non se puido acadar, entre outras cousas utilizando ese *lobby* coa cornixa cantábrica e negociando co Ministerio, pois acadamos ese obxectivo, porque ademais o Ministerio tamén, e díxome o ministro, entendeu que era unha cuestión de sentido común. Non sabían con certeza todas as hectáreas que, tendo dereito a cobrar PAC, non están cobrando en Galicia, e poderíamos falar de cales son as causas, pero a realidade é esa. Como lle digo, 30 puntos por debaixo da media nacional, 164.000 hectáreas, e se seguen as cousas así, 20 millóns de euros adicionais para os nosos agricultores e gandeiros.

E, ademais, se se dan conta, é a mellor defensa fronte á converxencia. Cando vaia converxendo e paguemos o mesmo por unha hectárea en Castela A Mancha ou en Andalucía —por cambiar de partido— que en Galicia, ou temos máis superficie ou perdemos moitos cartos.

No tema dos ecoesquemas, señor Seco, non se preocupe no que tiñamos que acercarnos porque xa nos acercamos a semana pasada, díxenllo na anterior quenda. Eu agradezo aquí claramente ao Ministerio a sensibilidade que tivo coas demandas da cornixa cantábrica nos ecoesquemas, todo o que mencionou a señora Aira está precisado nunha reunión da semana pasada, señora Aira, falta que nos manden as fichas e eu entendo que non vai haber ningunha dúbida ao respecto, porque xa nos dixeron na acta da reunión da semana pasada diante de todas as comunidades autónomas que se asumía iso que vostede falaba, sobre todo no que é a superficie admisible para os diferentes ecoesquemas.

Concordo totalmente co que di vostede, tamén o dixen na segunda quenda, que isto non pode ser maiores exixencias para agricultores e gandeiros que pola vía da xestión da súa superficie xa están facendo tamén esa xestión do territorio, e están sendo os maiores defensores do medio ambiente neste momento en Galicia dende o punto de vista da súa actividade.



Eu entendín o que dicía a señora Candia, pero tamén lle entendín que ao mellor me está pedindo que haxa outra aldea modelo no Incio. Eu recórdolle que, conforme á lei, hai que tramitalo a través do concello, nós non temos inconveniente ningún, apuntei a parroquia de Calvos, pero quedareime despois coa aldea.

Imos ver, por algún lado hai que empezar, temos 30.000 aldeas en Galicia, teremos que ir recuperando, dende logo, o que poidamos, e apostando, e fíxese que vostede pedía que cos cartos do segundo piar que non cheguemos a todos os concellos, senón que centremos un pouco a actividade. Pois iso é o que estamos intentando facer, buscando con criterios obxectivos alí onde debemos colocar esa actividade agrícola e gandeira. E tamén cun criterio, para min moi importante, de elixir sitios que nos poidan axudar na prevención dos incendios.

Falou vostede de que apoiaba o asesoramento técnico. ¡Home!, non podía ser doutro xeito, a min tamén me gusta porque entre, outras cousas, eu vivín os tempos de Extensión Agraria, e falou de que falta persoal nas OAC, xa lle digo que saben que estes días se está facendo moita obra en moitas oficinas agrarias comarcais, fixemos unha encuesta ao persoal das OAC para ver precisamente esa especialización, cara a onde querían ir, é dicir, preocúpanos saber en que son expertos a nosa xente para podela orientar cara aos nosos agricultores e gandeiros.

Pero en canto ao persoal, simplemente lle digo que as oficinas agrarias comarcais, señorías, a día de hoxe hai 200 veterinarios e case que 100 enxeñeiros agrónomos, de postos ocupados, jeh!, non os que están na RPT. Non é tanto unha cuestión de falta de persoal como que esta xente, por mor do que dicía vostede tamén, do que son as esixencias da política agraria comunitaria nas subvencións, perden moito tempo en estar controlando plans de mellora, axudas de incorporación, e o que fixemos durante este ano foi precisamente mellorar —e verano na próxima publicación— substantivamente esa orde tan importante para o noso rural galego, robotizándoa para poder liberar o máximo tempo posible do noso persoal nas oficinas agrarias comarcais.

Dende logo, eu, e dígoo aquí claramente —vaise nas fichas do segundo piar—, aposto polo asesoramento público. Temos 69 oficinas agrarias comarcais, ás que, por certo, se vai sumar unha oficina agraria comarcal móbil, e non imos perder ese capital humano e de medios que temos no territorio, e imos apostar claramente por eles e vaise ver con cartos dende a postura, e dende o recoñecemento do segundo piar. Tamén lle comento que o titor vai estar precisamente nas oficinas agrarias comarcais, ¡faltaría que con esta xente que temos non os puideramos destinar a ser titores tamén!

Eu vou rematando xa. Como comezaba na miña primeira intervención, se me permiten a modo de resumo, falando de feitos, e eu penso que falei de feitos dende que comecei a miña primeira quenda. Os feitos non poden negarse, son unha realidade. A realidade que me trouxo hoxe aquí foi dar conta, e espero que quede asumido que probablemente sexamos a Consellería que máis acudiu ao seu Parlamento autonómico para explicar a PAC, é a terceira vez que falamos da PAC, e quixemos poñer en directo como está o estado das negociacións para a vindeira PAC no 2023-2027, e demostrar que aquí a Xunta está facendo un esforzo na defensa dos agricultores e gandeiros.



Miren, no inicio da negociación da PAC, partiamos dunha posición na que o Ministerio, foi el o que nolo trasladou, e alentou un cambio de modelo da PAC que ía ser moi beneficioso para toda a cornixa cantábrica. E é certo que houbo presións, vamos ver, pois claro que as houbo, cada un ten que tirar do seu, e aí nesas presións o Ministerio sucumbiu, e obviamente tivo que ter en conta outras comunidades autónomas. Eu xa digo isto dende a lealdade, pero eu tereime que arrimar, señor Seco, aos que pensan igual ca min, non vou estar arrimándome a Andalucía cando é Andalucía a que está defendendo o seu modelo de agricultura e gandaría.

Polo tanto, o que ía a ser un gran cambio, polo menos ao principio, e aí concordariamos seguro co Bloque Nacionalista Galego, repito porque aínda sexa porque beneficiaba aos gandeiros e agricultores galegos poderíamos estar de acordo, ese modelo de PAC que se nos explicou que beneficiaba as explotacións do norte peninsular, é dicir, pequenas e medianas explotacións de carácter profesional, base familiar e tamén con base territorial, quedou nun mantemento do *statu quo* polo que tivemos que negociar co obxecto de saír, mantendo ese *statu quo*, o mellor parados posibles. E froito dese traballo de Galicia, e repito que aquí comparto méritos extraordinarios cos conselleiros de Medio Rural das outras tres comunidades autónomas, froito da alianza tamén coa cornixa cantábrica, temos un reforzo das axudas asociadas no vacún de leite. Está, principalmente, o vacún de leite na cornixa cantábrica, e iso supón para Galicia, que ten o 40 % nacional, 12 millóns de euros anuais, cada ano, para os nosos gandeiros a maiores, e a demanda que eu non me canso de repetir e penso que todos máis alá do debate parlamentario temos que asumir como un logro importante e específico de Galicia, dese recoñecemento do déficit da superficie admisible. 164.000 hectáreas que hoxe mesmo están entre as hectáreas que están traballando os nosos gandeiros están plantadas de millo, e que non están cobrando dereitos da PAC.

Se todo isto, pola vía da reserva nacional, se consegue neste período, pois suporían uns 20 millóns de euros nacionais, e serían, señor Seco, a mellor defensa fronte á converxencia. Se baixan os dereitos, teremos que subir as hectáreas, se non perdemos moitos cartos.

Nos ecoesquemas, xa llo dixen, eu estou satisfeito coa negociación do Goberno da semana pasada, non llo puidemos comentar antes porque foi unha reunión do xoves da semana pasada, agora espero que nas fichas se recolla claramente.

Aínda que a día de hoxe este deseño da PAC non cumpre as peticións que lle fixo Galicia e a cornixa cantábrica ao Ministerio, nin é o noso modelo da PAC, o impulso e a capacidade negociadora do Goberno galego fixo que conseguíramos eses avances que antes lle trasladei, penso que suficientemente claro na comparecencia. Polo tanto, ante estes feitos non queda nada que dicir.

E vou xa trasladándolles, ao remate, que, fronte ás reiteradas críticas de maio, nós aportamos información en todo o momento de cal era a posición de Galicia, buscando esa transparencia que sempre é necesaria na acción política, e penso que esa transparencia e esa forma de traballar foi antecedente —e agradézolle aos grupos parlamentarios— da aprobación da PNL que se fixo na Comisión 7ª do 3 de setembro, que aí practicamente recollimos todo aquilo que quixemos facer en maio e non fomos capaces.



E quero finalizar rescatando esa petición de consenso. Quedan todavía cuestións por perfilar e, polo tanto, transmítoles —como dixo tamén a voceira do Partido Popular— que estamos abertos dende o Goberno galego a manter as reunións que sexan necesarias cos grupos parlamentarios. E, se fora requirido, pedirilles que entre todos poidamos apoiar algún tipo de pronunciamento —podería ser unha PNL— do Parlamento galego para apoiar o Goberno de Galicia na defensa final, na defensa dos intereses, as peculiaridades e as características da nosa agricultura e gandaría. É o motivo que seguro nos une a todos.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos ao punto 4, de mocións.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María do Carme González Iglesias, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co sector naval de Vigo

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Noelia Otero Lago, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta moción:

Emenda de modificación

Débase substituír a parte resolutiva da moción polo seguinte contido:

<<O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1º) Adoptar con urxencia as medidas necesarias para garantir a continuidade da actividade do estaleiro Barreras, con participación pública directa para consolidar o estaleiro e xerar confianza no mercado, así como dar resposta á grave crise que padece o conxunto do sector naval de Vigo e da súa comarca.

2º) Poñer en funcionamento un plan de reactivación do sector naval privado da ría de Vigo, no que se reforce a colaboración pública-privada anunciada en tantas ocasións polo Goberno autonómico, acudindo aos fondos Next Generation para darlle capacidade económica a dito plan.

3º) Contribuír con fondos autonómicos para financiar a débeda do estaleiro Barreras na mesma medida que o está a facer o Goberno de España, ligando o financiamento industrial ao mantemento dos cadros de persoal, así como un plan formativo que facilite a súa recualificación.



4º) *Crear a Mesa do naval para a ría de Vigo, coa participación da Xunta de Galicia, do Goberno do Estado, así como das organizacións sindicais e empresariais máis representativas para buscar solucións efectivas que blinden a continuidade do sector.>>)*

Para formular a moción ten a palabra a señora González Iglesias.

A señora GONZÁLEZ IGLESIAS: Moitas grazas, presidente.

Bo día.

A crise na industria da construción naval na ría de Vigo é unha evidencia. Lonxe quedan os estaleiros coas gradas cheas de barcos dos anos 70, nos que Galiza copaba o 5 % do mercado mundial. Lonxe quedan os miles de traballadores que colapsaban a avenida Beiramar á saída dos estaleiros. Agora hai gradas baleiras e saída de traballadores a contagotas que, lonxe de provocar atascos, provocan tristura. Dende o ano 2008, onde a construción naval galega se colocou á vangarda mundial pola calidade dos seus traballos e pola súa experiencia, os continuos vaivéns que sofre o sector colócano nunha situación de incerteza constante. A día de hoxe o sector naval na ría de Vigo atópase nunha situación moi preocupante, principalmente pola falta de actividade nos tres maiores estaleiros: Barreiras, San Enrique e Metalships.

A esta situación levounos a falta de políticas industriais para o sector por parte do Goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza. En 12 anos á fronte da política industrial en Galiza o Goberno de Feijóo non foi quen de trazar unha folla de ruta para un sector estratéxico para o noso país como é a construción e a reparación naval. A política para o sector naval do Partido Popular ao longo destes 12 anos resúmese en parches, anuncios e propagandas. Unha política —ou máis ben unha falta de política— que levou o sector á situación na que se atopa neste momento.

En varias ocasións neste Parlamento o BNG tentamos que o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación explicara que tipo de medidas ían adoptar ante esta situación. Mais a única resposta que recibimos sempre foi a mesma: seguiremos apoiando e acompañando o sector; é dicir, poñerse de perfil; algo ao que nos teñen acostumados ante os problemas da industria do noso país.

As escasas actuacións que coñecemos ata o de agora non lle saíron moi ben. Concretamente, no estaleiro Barreras as súas dúas últimas actuacións foron fracasos estrepitosos. O anuncio do presidente Feijóo en directo pola TVG do súper contrato con Pemex, que ía ser a salvación definitiva do estaleiro, todos sabemos como rematou, con investigación e condena por corrupción dun directivo e unha débeda millonaria que asumiu Ritz Carlton, que estaba construindo un cruceiro de luxo no estaleiro e pasou de ser cliente a dono. A solución a este fracaso estrepitoso ía ser Ritz Carlton, a quen o presidente da Xunta de Galiza agradeceu en persoa —ao director da cadea— a confianza depositada na construción naval galega. E a contratación dun segundo cruceiro en Barreras, fachendeando de mediar a esta compañía para esas novas contratacións. Viaxou a Miami para estes agradecementos en mediación. ¿Saben cal foi o resultado desa viaxe? Anuncios e publicidade, porque a realidade é que Ritz Carlton só quería rematar o *Ebrima* e desfacerse de Barreras, como quedou demostrado.



¡Outro gran fiasco! Barreras na actualidade está sen carga de traballadores, sen carga de traballo, cos traballadores na casa e cunha débeda millonaria que ten as auxiliares ao bordo da creba.

O Partido Popular vai de fracaso en fracaso e ¿saben por que? Porque non hai seguimento, porque non hai política. As accións desenvolvidas ata o de agora pola Xunta de Galiza resúmense en anuncios de traballo a mans cheas que nunca se materializaron e en encher os petos dos accionistas privados con diñeiro público a fondo perdido, en forma de préstamos e avais.

O BNG dicimos que xa abonda, que o apoio económico ten que levar parella unha implicación directa das administracións nas empresas, ten que estar condicionado á participación da Xunta de Galiza. Con esta fórmula conseguirase consolidar o estaleiro e xerar confianza no mercado. Ademais, na situación actual na que se atopa Barreras xerará confianza nos posibles compradores. De non ser así, corremos o risco de que se repitan os estrepitosos fracasos das anteriores vendas de Barreras a Pemex, primeiro, e a Ritz Carlton, despois.

Un terceiro fracaso sería letal para o estaleiro e catastrófico para o sector naval na ría de Vigo. No anterior Pleno o vicepresidente Conde dicíanos textualmente —está no *Diario de Sesións*—: «Nós claro que estamos a favor de participar no capital de Barreras se así o socio industrial con capacidade para desenvolver ese proxecto o considera oportuno, e nós mostramos o noso compromiso para facelo». O que o BNG non entende é, se o Partido Popular está a favor de participar no capital de Barras, ¿por que non o fan? ¿Por que non condicionan as axudas a esa participación? ¿Por que están dispostos a conceder axudas sen control do uso desas axudas? A Xunta de Galiza ten que adoptar unha postura activa na venda de Barreras entrando no accionariado e traballando na procura dun comprador cun proxecto solvente que estableza o sector naval na ría de Vigo e garanta o seu futuro.

Esta é a primeira acción no inmediato e de maneira urxente que ten que levar a cabo o Goberno galego. E logo, a continuación, despreparar unha enérxica intervención pública para impulsar a conformación dun *holding* público-privado entre os distintos estaleiros, as empresas auxiliares e empresas transformadoras do naval na ría de Vigo. Para establecer sinerxías que permitan o desenvolvemento de proxectos, procesos e investimentos comúns. Só así poderemos recuperar a forza dun sector naval que perdeu case que 9.000 postos de traballo nos últimos 12 anos, que estaba na vangarda mundial pola calidade dos seus traballos e pola súa experiencia. Que perdeu os mellores profesionais do sector, que emigraron pola falta de traballo. E un sector que ten un ecosistema de auxiliares e provedores únicos e que está desaparecendo.

Somos un país cunhas potencialidades enormes, na construción naval tamén. Temos que aproveitálas e non poñerse de perfil, sen facer nada, ante o declive de sectores estratéxicos para Galiza como a industria naval. Hai que crear a mesa do naval para a ría de Vigo coa participación da Xunta de Galiza, do Goberno do Estado, así como das organizacións sindicais e empresariais máis representativas para buscar solucións efectivas que blinden a continuidade do sector. É necesaria a implicación de todos os actores implicados no sector para trazar a folla de ruta para a construción e reparación naval na ría de Vigo. Que a converta nun sector estratéxico para a reindustrialización de Vigo e a súa comarca.



Recordemos que a última enquisa de poboación activa indica que Vigo perdeu 6.200 empregos industriais nos últimos 12 anos, os 12 anos que leva o Partido Popular gobernando na Xunta de Galiza. Como industria estratéxica para o noso país é preciso que o Goberno galego capitaneé un proxecto consensuado con todos os integrantes do sector, todos os sindicatos, empresarios, patronais, así como o Goberno do Estado. Para marcar o rumbo que leve o sector naval aos primeiros postos do mercado mundial e poida competir en igualdade de condicións, un proxecto que garanta a carga de traballo e o emprego. Se isto é así, o BNG —como pedía o señor Conde— estará apoiándoo.

Pero para iso o Partido Popular, que goberna na Xunta de Galiza e que ten competencias en materia de industria, vai ter que poñerse a traballar, vai ter que gobernar para o futuro e deixar a política de improvisación e parches á que nos ten habituadas. O Goberno galego ten que liderar a saída da crise do estaleiro Barreiras entrando no accionariado do estaleiro. E ten que liderar un proxecto de futuro para a construción e a reparación naval na ría de Vigo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora González.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Otero Lago.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

A señora OTERO LAGO: Moitas grazas, presidente.

Bo día, señorías.

O pasado mes de xullo falabamos neste Pleno, precisamente, do sector naval de Vigo, poñendo o foco, nese caso, na situación da extinta Vulcano e a nova concesión neses terreos. Nese debate, dende o Partido Popular defendíase o traballo que estaba a facer —dicían— e fixera o Goberno da Xunta pola industria viguesa e pola desaparecida Vulcano. Ben, chegamos ao outono e a radiografía do sector, que xa era preocupante, sendo realistas e non pesimistas, agora aínda o é máis. Eu falaba de pena nese momento, falaba de mágoa por ter que falar de Vulcano como tal en pasado, e da preocupación pola parálise da actividade na ría, e os atrancos tamén que se estaban a vivir na nova concesión da nova empresa neses terreos.

Acusábons de pesimistas e de non ter fe no sector, nada máis lonxe da realidade. O que chega é o momento, dunha vez por todas, de asumir a realidade, e isto non significa —jollo!— resignarse, nin moito menos; pero, evidentemente, para reverter esta situación ou tomamos conciencia da gravidade do SOS desesperado que levan lanzando traballadores, sindicatos e industria auxiliar, ou a inacción aínda pode saír máis cara, se cabe. Despois de anos de desleixo cómpre traballar, facelo axiña e en serio, por suposto, da man do sector, ou os números e expectativas non poden ser xa máis alarmantes. Os tres estaleiros máis grandes da ría de Vigo atópanse sen carga de traballo nin a curto nin a medio prazo, os tres. As dúas maiores factorías privadas do Estado, en situación crítica. A antiga Vulcano, liquidada, animada —tal



e como denunciaron os traballadores do estaleiro que agora continúan na casa agardando— a liquidación de Vulcano por este Goberno da Xunta. E sentando ademais un precedente moi delicado para o resto da industria e posibles investidores. Porque, tras a entrada de San Enrique, a empresa atópase coa anulación da concesión portuaria e a imposibilidade de retomar a actividade nunha situación ben complicada. Dar por boa esa liquidación de Vulcano, esa foi a decisión que se tomou. E, por se fora pouco, a continuación, cando aparece un investidor, ¿cal foi a mensaxe que trasladaron? Dificultando, primeiro, a entrada dende a presidencia da Autoridade Portuaria; e dificultando, logo, o uso desa concesión.

Todo isto —insistimos— senta, sentou un precedente gravísimo, o acontecido con Vulcano. Os sindicatos e o comité de empresa advertírono daquela e agora xa son moitas e moitos os que se preguntan: ¿É este, de verdade, é este o mellor xeito de xerar credibilidade aos futuros e potenciais investidores no sector naval vigués coa situación que temos agora mesmo en Barreras? Temos agora mesmo esa crise de Barreras, cunha venda enriba da mesa e no medio dunha regulación temporal de emprego, e a Metalships sen carga de traballo.

Segundo estimacións dos sindicatos, este último parón entre ambos os dous estaleiros, Barreras e Metalships, nun sector que xa estaba tocado, ten provocado a destrución doutros 1.500 empregos. Estamos a falar dun sector estratéxico do tecido produtivo de toda unha comarca e unha cidade. Esta crise ameaza con arrastrar a xa tocada industria auxiliar. Segundo a Asime, a patronal auxiliar galega, o naval pechou o pasado ano 2020 na nosa comunidade cunha redución da facturación do 30 %. A contratación de novos buques retrocedeu nun 75 % e isto tradúcese nun descenso do 33 % na carteira de pedidos. Pero cada vez que falamos do sector naval aínda defendemos o bo facer e o bo traballo da Concellería de Industria en todos estes anos.

Miren, se comparamos a fotografía do sector no ano 2009 e a de agora, a comparativa é absolutamente demoledora. Os datos do Ministerio de Industria sitúan en 5.361 traballadores directos os afiliados á Seguridade Social a 1 de xullo. Esta é a cifra máis baixa desde que existen estatísticas dispoñibles de traballadores afiliados á Seguridade Social directamente no sector naval. Nin coa dobre recesión, nin os concursos de acredores, nin coa crise do *tax lease*, o naval estivo tan mal. Esta crise é moito peor. Todas e todos así o recoñecen menos, evidentemente, no Goberno da Xunta de Galicia, competente, por outra banda, neste sector.

Dende o 2009, en algo máis dunha década, téñense destruído 4 de cada 10 postos de traballo directos no naval vigués. Neste contexto de crise, polo tanto, o futuro de Barreras, efectivamente, é fundamental para reverter esta situación e urxe facelo xa. Grazas ás axudas públicas, o estaleiro cancelou a débeda financeira contraída para a construción do *Evrina* cos fondos do *tax lease* liberados en maio, 4,3 millóns de euros. Tamén a conta dos fondos públicos desbloqueados polo Ministerio de Industria. O Consello de Ministros validaba en agosto ese pago dos 23,6 millóns de euros para pagar as débedas ás empresas proveedoras. O Executivo, ademais, blindaba —como cómpre facer— esas axudas para que só poidan utilizarse para o pago de débedas coas empresas auxiliares.

Pero o que se precisa é un plan urxente de viabilidade, non podemos seguir no debate, na discusión política eterna. É un sector, como dicíamos, estratéxico ao completo, que está ago-



nizando e que se pregunta como é posible que o Goberno da Xunta non faga nunca a máis mínima autocrítica con estes datos. (*Aplausos.*) Nunca hai a máis mínima autocrítica.

Acabaron, ademais —é outro mérito da Consellería de Industria nestes anos—, co diálogo colectivo que caracterizaba este sector. Cómpre facer e recuperar esa mesa e ese diálogo, efectivamente, contando con eles, cos sindicatos, coa industria auxiliar, co clúster. Tomaron nestes anos decisións lamentables —iso si— que nos deixaron hipotecas con nome mexicano.

A chegada e a entrada de Pemex supuxo non só un engano en canto á carteira de pedidos que prometeron e ao número de empregos que xeraría, nunca tal número se viu. Pero é que ademais esa decisión supuxo entregar a toma de decisións, a soberanía do maior estaleiro que tiñamos, a mans alleas. Non só o permitiron senón que orquestraron a campaña que sacou de Vigo a capacidade de decisión de Barreras. Un problema que dende entón supón que os empresarios ou sociedades de turno o único interese que veñen amosando, efectivamente, é rematar o seu barco sen ningún tipo de interese no futuro, no emprego ou na credibilidade do propio estaleiro. E, ata a chegada de Pemex, un dos estaleiros máis reputados a nivel mundial.

Agora mesmo, sen ir máis lonxe, temos ese caso do *Evríma*, un barco que, mesmo antes de rematalo, sacaron fóra de Vigo. Nun só ano de propiedade de Ritz-Carlton do estaleiro levaron a carga de traballo fóra da cidade, meten un ERTE e veremos que acontece cando saquen o barco de España.

E, por certo, aquí amosar a nosa solidariedade tamén con eses máis de 50 traballadores que están traballando agora mesmo no *Evríma* en Santander e que están confinados por un gromo de covid. (*Aplausos.*)

Deses pos de Pemex, señorías, temos agora esta situación que temos en Barreras, moi complexa. En 12 anos a verdade é que non atopamos unha soa medida para mellorar o sector naval da ría de Vigo relevante.

Leva anos o sector tamén pedindo plan estratéxico, que é tan importante, que é a necesidade de investir en infraestruturas, pero prodúcese neste caso unha falla de contestación absoluta, cero investimentos ano tras ano, a pesar da necesidade de pedir ese investimento para ser competitivos na construción e reparación naval na ría de Vigo.

Dicía na feira naval de Navalía hai poucos días o presidente Feijóo que se precisaba ese plan para reactivar o sector. Benvido, señor presidente, iso veñen reclamando, vimos reclamando e veñen reclamando dende a industria os sindicatos durante meses e mesmo anos. Porque cómpre que sexa a Xunta a que tome a iniciativa. Fagan valer esas competencias en industria e actúen como polo tractor que garanta a actividade dos estaleiros da ría de Vigo. Poñan —pedímolos unha vez máis— en marcha un plan de reactivación do sector naval no que se reforce a colaboración público-privada anunciada en tantas ocasións polo Goberno autonómico. Acudindo, ademais, aos fondos *Next Generation* para darlle esa capacidade económica. Contribúan tamén con fondos propios autonómicos para financiar a débeda do es-



taleiro, como tamén se está a facer dende o Goberno do Estado. Axudas públicas pero sempre con condicións, ligando o financiamento industrial ao mantemento dos cadros de persoal, así como un plan formativo que facilite a súa recualificación. Utilicen os mecanismos do Igape para dar un impulso aos estaleiros a través dos programas de internacionalización na busca de novos contratos.

Este grupo parlamentario vai apoiar calquera destas medidas, pero deben, sen máis demora, tomar cartas no asunto, porque estamos asistindo a un sector estratéxico que agoniza ante os nosos ollos; moitos traballadores, soldadores, tubeiros, caldeiros... están nestes momentos fóra, traballando noutras comunidades ou reconvertidos a outras profesións. Os máis mozos non ven futuro, nin se plantexan a posibilidade de traballar no naval. Este é o mérito da política industrial da Xunta de Galicia nestes anos. Hai 14 anos... E son cifras, dá igual o índice que collamos. Falamos antes en termos de emprego, de contratos, pero fixémonos tamén no que o sector supoñía no PIB galego hai 14 anos, un 4,2 %. Agora non chega á metade desa cifra. Hai 10 anos o naval estaba agrupado, presionaba, porque teñen vostedes, como dicía, o mérito de disolver a exemplar interlocución sectorial que existía. Precisamos un plan, investimentos, e a Xunta ten que tomar a iniciativa, contribuír a xerar sector. Agrupen e recuperen ese diálogo sectorial que todas as partes, empresarios, organizacións sindicais, administracións poñían como exemplo, e claman recuperar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Otero.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra a señora Egerique Mosquera.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Bo día.

Grazas, presidente.

A verdade é que, entre toda a documentación que teño eu sobre os debates que se plantexaron neste Parlamento sobre o sector naval, sobre Barreras neste caso concreto tamén, sobre os estaleiros privados, públicos, sobre os plans que ten que levar a cabo o Goberno galego ou o Goberno de España, a verdade, despois de tamén falar con moitas persoas que coñecen ben o sector alí en Vigo, tamén xornalistas que levan tempo traballando neste tema, a verdade é que chego a unha conclusión, chego a unha conclusión clara que, ademais, despois, está sustentada en datos e en cifras. De verdade que a Xunta de Galicia e o Partido Popular, e o Goberno de Feijóo, dende o ano 2009, por moito que vostedes digan, estivo apoiando sempre o sector naval con feitos, con accións e con realidades. Accións cuestionadas en moitas ocasións por vostedes, pola oposición, pero, realmente, accións que a min me chaman a atención, porque moitas veces críticas, pero realmente son o que no fondo vostedes están pedindo.

E nesa conclusión tamén chego a outro razoamento que, a verdade, hoxe, entre as intervencións das voceiras da oposición, tamén nos dá un pouco a razón. Que é que os partidos



da oposición caen sempre no mesmo erro, que é o oportunismo das mocións e das proposicións non de lei sobre o naval. Os debates reducidos e cativos deste tema e neste termo é que os seus partidos miran sempre para outro lado, sempre para outro lado, e non fan a autocrítica que falan de nós cando teñen responsabilidades. E este é un caso clarísimo, o de Barreras é un caso clarísimo. E as intervencións, ademais, das voceiras tanto do Bloque Nacionalista Galego como do Partido Socialista hoxe ratificárono nesta tribuna.

Falan vostedes de autocrítica e hoxe temos un Goberno de España que tivo un compromiso, da SEPI, en decembro, que vencía en seis meses e que non cumpriu. E non fan autocrítica e nin tan sequera nomean ese compromiso e eses cartos comprometidos por un goberno de Sánchez, Partido Socialista e Podemos, unha formación política que criticou, gritou, falou e acusou a Feijóo de ter todas as políticas negativas contra o naval e que hoxe non ten nin un só deputado nesta Cámara. E falo de Podemos, que está hoxe no Goberno de España.

Miren, as inversións mobilizadas dende entón, dende o 2009 —vou falar dende o 2009, dende que Feijóo entrou no goberno—, as inversións mobilizadas no sector naval pasan e roldan os 100 millóns de euros e deron froitos, claro que deron froitos. Porque durante todo este tempo, durante todo este tempo do que vostedes falan, dese tempo horrible, tan agoireiros foron en que o sector naval adolecía en que era o desmantelamento absoluto do sector naval, milleiros de persoas estiveron traballando e traballan no sector naval. E é certo que ten mellores momentos e peores momentos, pero é certo tamén que o Goberno da Xunta de Galicia e do Partido Popular, e o Goberno de España do Partido Popular nun período de tempo tamén estivo moi pendente de Barreras e moi pendente do sector naval en Galicia.

Temos hoxe a moción do Bloque Nacionalista Galego, froito dunha interpelación ao conseleiro de Industria, que deu tamén, rendeu contas, e foi interpelado neste Parlamento, temos unha moción que ten varios puntos. O primeiro di que se adopten con urxencia medidas necesarias para garantir a continuidade da actividade do estaleiro de Barreras con participación pública directa para consolidar o estaleiro. Vostedes xa directamente cren que coa participación pública directa se consolida o estaleiro, pero nos discursos, tanto vostede como o Partido Socialista, piden tamén un plan de viabilidade importante. ¿Vostedes cren, tal e como está a situación de Navantia agora, do estaleiro público agora, que o feito de que realmente se participe publicamente e directamente xa vai solucionar o problema? Nós cremos que non, por suposto non imos apoiar este punto.

E din vostedes que dea resposta á grave crise que padece o conxunto do sector naval. Non é unha grave crise, é unha situación concreta que seguramente é peor que hai dous anos, porque vostedes fan a comparación dende o 2009 ao 2021, pero non dende o 2009 ao 2018. Que tamén era un goberno no que estaba o señor Feijóo, que non houbo pandemia, non tiñamos esta crise, e que os datos eran punteiros en toda España, que Galicia despuntaba en toda España. E hoxe tamén se está traballando para que esta liña siga e non se perda coa crise da pandemia.

Polo tanto, xa este primeiro punto cremos que non ten ningunha consistencia e que é, unha vez máis, o que vostedes levan dicindo dende o ano 2009, sexan uns datos ou sexan outros.



O segundo punto é desprezar unha enérxica intervención pública. É dicir, un intervencionismo absoluto, unha nacionalización de Barreras, que, como digo, tendo o exemplo de Navantia e vendo ademais a actitude da señora Maroto ou do propio Sánchez con respecto ao naval e á Navantia, nós realmente cremos que isto tampouco é unha solución para Barreras, en absoluto é unha solución para Barreras.

E crear a mesa do naval para a ría de Vigo, que vostedes levan tempo solicitando, a mesa do naval para a ría de Vigo, en moitas ocasións, cando nin tan sequera o propio sector pedía esa mesa do naval, porque, realmente, o que interesa aquí son as accións. É certo que hai que dialogar, hai que falar. Os sindicatos, moitas veces, señora González, tamén chegan a acordos, chegan a acordos con respecto ao metal, con respecto ao sector naval, e a CIG moitas veces tamén se desmarca. É moi bo falar entre todos e chegar a acordos, pero non sempre se pode chegar a acordos. Polo tanto, é importante e son importantes as accións. Esta moción do Bloque Nacionalista Galego, realmente, non soluciona ou non pon enriba da mesa a solución de Barreras. O seu obxectivo, como sempre, é nacionalizala e crer que así se van solucionar todos o problemas, e non é certo porque Navantia agora está parado. Nun goberno que vostedes, ademais, sosteñen e que apoian. Un goberno de esquerdas, de Podemos, de PSOE, que vostedes apoiaron, e ese goberno dálle totalmente as costas ao sector naval, totalmente as costas.

Ben, o PSdeG presenta unha emenda que é practicamente igual a unha moción que se debateu no Pleno municipal de Vigo. É unha moción, como digo, despois de ter tamén presentado o Partido Popular, de ter presentado o Bloque Nacionalista, alí na cidade, eu creo que tamén hoxe trae esta emenda como a moción trata para as inaccións do Goberno central. As inaccións do Partido Socialista, como dixen, porque aquí non se nomeou ese incumprimento fundamental que foi o da SEPI ao sector naval. Cando a SEPI estivo rescatando outro tipo de empresas, cando sabemos do «escándalo» —entre comiñas para que ninguén poida pensar nada— do tema de *Plus Ultra*, cando se estivo atendendo a outros sectores pero o naval quedou completamente abandonado e tirado.

Resulta que cando se actúa por parte da Xunta se critica a Feijóo: o peor, fai mal todas as cousas..., pero cando facemos unha emenda, ou facemos unha moción, pedimos exactamente o mesmo, realmente. O que podemos supoñer da folla de ruta que vostedes poñen enriba da mesa é moi similar á que está levando a cabo a Xunta de Galicia, porque vostedes solicitan todo o que se está facendo. Pero cando goberna o señor Sánchez, ou cando goberna neste momento Sánchez, pero o Partido Socialista en Madrid, abandónase absolutamente o sector naval. Barreras é un referente, é un puntal, é, por suposto, un estaleiro moi importante en Vigo. Pero os estaleiros privados son moitos, e sempre repito o mesmo: vostedes aquí poñen enriba da mesa os estaleiros que teñen crise, eu vou poñer enriba da mesa os estaleiros que, como Rodman, por exemplo, acaba..., lino o outro día na prensa que presentou uns beneficios dun 20 millóns de euros. Porque aquí, para moitos, para nós non, para o Partido Popular non, pero para moitos aquí hai diferenzas entre uns e outros. Podo darlle a felicitación a Freire, a Armón, a Cardama, que están asinando contratos, con dificultade, porque estamos nun ano de pandemia, con dificultade, pero coa mesma liña de axudas e apoios que ten a Xunta de Galicia con todos os estaleiros. Polo tanto, é importante falar de todos e é importante recoñecer a necesidade de que o sector naval siga funcionando e funcione ben en Vigo e na súa área, e tamén en Ferrol e tamén o sector público.



Por iso, vostedes queren nacionalizar un estaleiro privado en Vigo para que estea baleiro como está o estaleiro de Ferrol. Porque o Goberno agora neste momento está en mans do Partido Socialista.

Ben, señora Otero, teño que dicirlle a vostede concretamente que se pode ser nostáxico, efectivamente, poñémonos todas moi nostáxicas pero non poñerse de perfil, e insisto como vostede, como representante do Partido Socialista, este discurso que vostede fixo aquí, con toda sensatez e coherencia, podería pasarllo directamente á señora Maroto. Xa digo, que non pase polo Partido Socialista de Vigo porque, realmente, está absolutamente de perfil. Transmítalle vostede isto, e cando vaia a Vigo, que é verdade que está moi atenta ao comercio, que estea atenta tamén ao sector naval, porque é importante, e eu non vexo que a señora Maroto teña ningún interese en centrarse en apoiar o sector naval, nin a señora Maroto nin o señor Sánchez.

Miren, as cifras prepandemia...—porque vostedes comparan directamente con este ano, que é certo, non facemos autocrítica, facemos todo autocrítica porque é certo que este é un ano complicado, é un ano no que se ten que empezar a remontar dunha crise que tivemos coa pandemia da covid—.... As cifras prepandemia acreditan que a facturación no sector naval superaba os 2.000 millóns de euros e que era un 3,5 % do PIB galego. Polo tanto, un sector importante e respaldado por un Goberno da Xunta do Partido Popular. O emprego ascendía a 13.500 persoas e o 90 % dos bens producidos eran para exportar. Polo tanto, traballo para Vigo, para a súa área metropolitana e tamén para o porto de Vigo. E o fin último, como dicimos, sempre o emprego, o emprego, con plans e inversión mobilizada, como digo, para fomentar e potenciar a inversión público-privada, que é o importante.

Xa llo dixo o conselleiro a semana pasada, cando vostede o interpelou, xa lle dixo que a Xunta ten un compromiso co naval clarísimo e sempre actuou con rigor, con transparencia e con responsabilidade e que, ademais, tivo un acordo co Goberno central, un acordo co Goberno central para traballar conxuntamente comprometendo unha partida de 8 millóns de euros e agardando que o Goberno cumprira coa súa partida e resposta das EPI, que eran 30 millóns de euros. ¿Que fixo? O único que fixo foi aplicar a normativa e cumprir o compromiso que xa se establecera na operación de financiamento do barco, que, como saben vostedes, está regulada no Real decreto 874/2017, que establece que o Goberno debe pagar a diferenza entre o tipo de interese concedido na data da firma do contrato de construción dun buque e o tipo de interese comercial de referencia do euro na data de concesión do crédito. Polo tanto, foron 23 millóns de euros que aínda non sabemos se serán para pagar as débedas de Barreras ás auxiliares, que tamén me gustaría poñer en valor aquí as liñas que puxo en marcha a Xunta de Galicia, dúas liñas de apoio ás auxiliares...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: ... porque é onde está o emprego e hai que mantelo.

Esperemos que poidamos remontar todos xuntos, traballar da man para que o sector naval saia adiante, por suposto Barreras, Vulcano e Metalship, noraboa aos que seguen traballando e que todos, en igualdade de condicións, reciban o mesmo apoio por parte do Partido Socia-



lista e do Bloque Nacionalista Galego, que non o teñen, como que están recibindo por parte do Partido Popular.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo autor da moción, Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora González Iglesias.

A señora GONZÁLEZ IGLESIAS: Ben, quero comezar este turno de réplica mandando todo o apoio do BNG, a nosa solidariedade co delegado do comité de empresa da CIG en Barreras, que foi despedido e que está loitando pola súa readmisión. *(Aplausos.)*

Ás veces teño a estraña sensación de, en vez de estar no Parlamento Galego, no que se interpela a Xunta de Galiza, no que se reclama a participación da Xunta de Galiza, de estar no Congreso dos Deputados, porque parece que vimos aquí a pedirlle á ministra non sei que.

Señora Egerique, teñen vostedes deputados en Madrid que non trasladaron nin unha soa proposta, nin unha soa reclamación, nin unha iniciativa sobre Barreras ao Congreso dos Deputados, fágano. Faga todas esas preguntas á ministra no Congreso dos Deputados. *(Aplausos.)* Teñen todas as ferramentas para facelo. Aquí vimos interpelar a Xunta de Galiza, a exixir que faga o seu traballo, porque teñen que facer o seu traballo. E o traballo da Xunta de Galiza é liderar un proxecto para o naval galego que o leve ao futuro, que garanta a súa viabilidade. E por suposto que estamos moi contentos con que haxa estaleiros na ría de Vigo cunha carga de traballo importante e que está facendo que teñan futuro, pero ¿sabe que pasa? Que isto que pide o BNG o piden os estaleiros que teñen carga de traballo, porque o seu futuro tamén depende de todas as empresas auxiliares, que poden ir á quebra se Barreras, Metalship e Vulcano creban.

Entón, non é unha petición só do BNG, é unha petición do sector, hai que garantir a supervivencia da industria auxiliar e para iso teñen que existir eses tres grandes estaleiros. Non quere dicir con iso que non esteamos contentos ou que non nos parebenicemos de que o resto dos estaleiros teñan traballo, por suposto que si, só faltaría.

Di que a nosa moción non aporta solucións. O que segurísimo, segurísimo, segurísimo que non vai facer nada e non vai solucionar nada é quedar parados, poñerse de perfil e non facer absolutamente nada máis que meter diñeiro nos bolsillos dos accionistas privados e esperar a que baixe o Espírito Santo e solucione o problema do sector naval. Temos todas as competencias en materia de industria, fagamos que o sector naval en Galiza teña futuro, xuntemos a mesa do naval na ría de Vigo, dialoguemos con todos os actores que están implicados e tracemos unha folla de ruta que nos leve a un sector naval forte como o que tiñamos hai anos.



Fálanos vostede de que houbo épocas boas e malas. A realidade é que dende o 2009 foi en decadencia, cada vez a menos, a menos, e estamos como estamos, señora Egerique. E que non podemos parabenizarnos de que isto só é dende hai dous anos. Non, mentira, hai bastante máis anos, non hai dous anos de Pemex, levamos bastantes máis anos. ¿E encima parabenizámonos de que ata hai dous anos isto ía ben? Pois perdoe, pero o BNG non o fai, nin o vai facer nunca. Aquí estamos para buscar solucións, e iso é o que propón o BNG. Propón trazar unha folla de ruta conxunta con todos os actores implicados no sector para que o sector naval na ría de Vigo teña futuro, e por aí vai a nosa moción, pero non a custa de soltar diñeiro a mans cheas, que ao final nunca solucionan os problemas.

E fáltame posicionarme sobre a moción do Partido Socialista. Non a imos aceptar, porque precisamente non están estamos de acordo con que se sigan enchendo os bolsillos das empresas con diñeiro e axudas e subvencións a fondo perdido, porque, finalmente, non están solucionando o problema. O que di o BNG é que esas axudas, esas subvencións, ese diñeiro público ten que ter un control por parte das administracións. Ten que haber unha participación nas empresas que garanta que ese diñeiro vaia destinado á viabilidade desas empresas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora González Iglesias.

Suspendemos a sesión ata as 16 horas.

Boa tarde.

Suspéndese a sesión ás dúas e cuarto e retómase ás catro da tarde

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Alteración da orde do día

Reanudamos a sesión co debate acumulado de dúas mocións, en concreto a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores, e a do Grupo Parlamentario Socialista a iniciativa de don Julio Torrado.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención primaria (Moción consecuencia da Interpelación nº 20679, publicada no BOPG nº 193, do 31.8.2021, e debatida na sesión plenaria do 14.9.2021)

Acumúlase na anterior a seguinte:

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre a política do Goberno galego en materia de presencialidade na atención primaria (Moción consecuencia da Interpelación núm. 16688, publicada no BOPG núm. 152, do 9.6.2021, e debatida na sesión plenaria do 14.9.2021)



Presentouse emenda do Grupo Parlamentario Popular ás mocións.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da súa deputada Encarna Amigo Díaz, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción:

Emenda de substitución

Debe substituírse o texto da parte resolutiva polo que segue:

«O Parlamento de Galicia insta Xunta de Galicia a:

- 1.- Continuar avanzando no cumprimento do fixado no documento Por unha Atención Primaria vertebradora.*
- 2.- Continuar co desenvolvemento dos compromisos aprobados no ditame da Comisión de Reactivación, nomeadamente, nas cuestións relacionadas coa Atención Primaria, a saúde mental e o persoal, naqueles casos no que os traballos aínda non estean finalizados.*

Concretamente os seguintes puntos:

-Renovando a normativa reguladora da ordenación de Atención Primaria e da súa provisión de prazas para adaptala aos retos formulados no documento Por unha Atención Primaria vertebradora do sistema de saúde.

-Regulando figuras directivas, como os xefes de servizo e coordinadores dos servizos de primaria, promovendo a súa elección mediante a presentación de plans de saúde locais que reforcen o papel comunitario dos servizos de Atención Primaria, liberándoos de parte da súa carga asistencial e permitíndoos centrarse nas súas tarefas de xestión e coordinación.

-Concluindo os traballos do Consello Técnico de Atención Primaria sobre propostas de redefinición das carteiras de servizos das diferentes categorías profesionais que participan nos servizos de Atención Primaria, avanzando cara a unha reorganización de tarefas que contribúa á necesidade de liberar de traballo burocrático ao persoal médico, así como a implantación dun novo modelo de axendas de calidade, creando axendas “tipo” homoxéneas para o Servizo Galego de Saúde que teñan en conta o tamaño das cotas, as características sociodemográficas, etarias e a cronicidade.

-Completando as medidas pendentes de cumprimento do Plan Galego de Atención Primaria 2019-2021 e elaborando unha nova folla de ruta para o desenvolvemento da Atención Primaria nos vindeiros anos, ben sexa a través doutro plan específico ou dentro dunha estratexia global. -Completando as medidas pendentes de cumprimento do Plan Galego de Atención Primaria 2019-2021 e elaborando unha nova folla de ruta para o desenvolvemento da Atención Primaria nos vindeiros anos, ben sexa a través doutro plan específico ou dentro dunha estratexia global.

-Estudando as posibilidades de integración asistencial entre os servizos de Atención Primaria e os servizos dos Puntos de Atención Continuada (PAC), avaliando a posibilidade de mobilidade e complementariedade de ambos para a extensión da cobertura horaria dos servizos de primaria.



-Potenciando a figura da enfermaría especialista en atención familiar e comunitaria nos equipos de Atención Primaria, avanzando cara á súa xeneralización nos centros de saúde galegos.

-Avanzando cara á recuperación da atención presencial na Atención Primaria, facilitando os recursos necesarios para que os criterios desta sexan determinados polo que establezan profesionais e pacientes. Os avances en novas tecnoloxías deben axeitarse á súa utilidade para o funcionamento do sistema e ás necesidades asistenciais, tomando as TIC como instrumento e ferramenta pero non como un fin en si.

-Mellorando as condicións laborais do persoal eventual, a través da oferta de nomeamentos de continuidade que proporcionen unha maior estabilidade e a través da renovación da normativa reguladora dos seus vínculos e da actualización do Pacto de contratación coas organizacións sindicais.

-Desenvolver o Plan Galego de Saúde Mental, xa reorientado e ampliado para atender as consecuencias da pandemia no eido da saúde mental, coa creación de máis de 200 novas prazas de persoal sanitario e de novas prazas en centros residenciais, pisos protexidos, centros de rehabilitación ou vivendas de transición para os pacientes agudos.

-Darlles continuidade aos programas de atención psicolóxica aos profesionais sanitarios iniciados durante a fase aguda da pandemia.»)

O señor PRESIDENTE: En primeiro lugar ten a palabra, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Moi boa tarde.

No anterior pleno preguntabámoslle ao conselleiro pola situación da atención primaria en Galiza; dicíámoslle que queríamos que neste primeiro pleno tivera protagonismo a situación desa atención primaria, porque é un dos máximos problemas e preocupacións que teñen os galegos e as galegas.

Preguntabámoslle que medidas ía poñer en marcha para garantir que se normalizara a atención sanitaria en atención primaria, para eliminar as listas de espera, para que se puidera normalizar a atención presencial e que ía facer para deixar de maltratar os profesionais. Dende logo, a resposta deixounos máis preocupadas aínda, ¿non?, porque a resposta foi o que levan facendo dende hai anos, que é botarlles a culpa a outros que están valorando as medidas a tomar. E pediu que lle deramos tempo para poñer en marcha medidas despois de 12 anos de goberno do Partido Popular. Tempo porque —textualmente— en 2018 iniciaron os traballos para contar cun plan que permitise abordar a reforma de atención primaria. Eu digo, por se alguén está despistado: desde 2018 pasaron tres anos, van tres anos desde 2018, 12 anos de goberno do Partido Popular, dígoo porque ás veces pode haber alguén que estea despistado e pense que, efectivamente, é unha situación sobrevida de hai pouco.

Eu o que quero dicirlles hoxe é que a atención primaria en Galiza estaba enferma de moita gravidade antes da pandemia da covid-19, por ter estado sometida desde o ano 2019 a un



sangrado continuo de recursos económicos e humanos, recortes, recortes e recortes, foi a folla de ruta, a receita permanente do Partido Popular. E a consecuencia é que, desa gravidade extrema na que estaba a atención primaria antes da covid-19 por non ter prestado atención, nin dar tomado as medidas necesarias, ten derivado nunha atención primaria que agora xa agoniza e que está en estado crítico, na UCI, e esa é a realidade, é a realidade non por causalidade, senón por unha escolla ideolóxica do Partido Popular de converter algo tan esencial, un servizo público tan esencial como é a sanidade e, en concreto, a xoia da coroa, a atención primaria, nun nicho de negocio para a sanidade privada.

Esta situación é consecuencia, evidentemente, do abandono e do desinterese. E insisto en que é non por casualidade, e os datos están aí, os datos están aí e vemos como en Galiza o investimento en atención primaria está á cola do Estado, somos das comunidades autónomas que menos invisten en atención primaria, e este é un gráfico (*A señora Prado Cores amosa un gráfico.*), directamente da estatística de gasto sanitario do Ministerio a respecto do ano 2019, que é o último ano onde hai datos, onde se ve con claridade que esta liña verde é a media de gasto en atención primaria no Estado español, e isto verde de aquí é o gasto que fai Galiza en atención primaria, apenas un 12, cando a media no Estado español é de 14, e tanto unha coma a outra moi lonxe do 25 % que aconsellan todos os estudos e calquera persoa experta en atención primaria. E evidentemente que con menos recursos non se poden atender as necesidades de atención primaria.

E o grave tamén é non soamente este dato, o 12 % que se mantivera estático, senón que a medida que foron aumentando, menos do necesario, por suposto, os orzamentos para a sanidade pública en Galiza, resulta que a atención primaria practicamente se mantén nos mesmos niveis do ano 2019, mentres o conxunto da sanidade pública e a hospitalaria aumentaron máis de 10 puntos. E iso evidencia que o Partido Popular non ten ningún interese en mellorar a situación dun problema estrutural, porque a situación da sanidade pública en Galiza e a da atención primaria é un problema estrutural, non é un problema conxuntural derivado da pandemia da covid-19, senón que vén de lonxe, e que non fixo máis que agravarse en todo ese tempo.

E durante a pandemia pecharon consultorios, reduciron a atención, pasaron de atender presencialmente a atender por teléfono sen ter medios suficientes, crearon barreiras de acceso, alongáronse aínda máis as listas de espera, reducíronse as visitas a domicilio, todo isto pola falta de recursos. Porque todas esas medidas o único que fixeron foi agochar —ou pretender agochar— a falta de recursos, pois mentres sexa atención telefónica non hai colas de persoas —non en todos os centros de saúde, noutros si— agardando por esa atención.

E non ten ningún interese o Partido Popular en solucionar os problemas, nin dos cadros de persoal, e non está buscando solucións nin respostas axeitadas para paliar os déficits de profesionais, non está mellorando a calidade, nin os contratos, nin as retribucións, nin tampouco a mellora das condicións laborais. Non substitúen baixas laborais, tampouco as vacacións nin os permisos, tampouco as xubilacións. Cando cobren algunha xubilación fano de feito con contratos temporais, eventuais, e de curta duración, cando, evidentemente, habería que cubri-lo con contratos de estabilidade, e a situación é a de profesionais fartos de redobrar esforzos, de prolongacións de xornadas, de intersubstitucións, e lémbrolle que a



intersubstitución agocha a realidade de que un profesional ten que facer o traballo de tres ou de catro, como nalgúns casos pasou este verán, de dous facer o traballo de dez. Iso é ao que lles chaman vostedes, señores deputados e señoras deputadas do Partido Popular, intersubstitucións. Están fartas, as profesionais, de multiplicarse para poder manter unha mínima calidade na atención sanitaria, o cal, evidentemente, non dan conseguido facer.

E, ao lado dos profesionais, está unha poboación desatendida, porque con menos profesionais non poden estar ben atendidos, porque non se pode diagnosticar a distancia, é preciso que profesionais poidan ver, tocar, escoitar e palpar as persoas que teñen algún tipo de patoloxía para facer unha diagnose acaída.

Polo tanto, tras 12 anos de acoso e derribo á atención primaria, agora o Partido Popular empenñase en, incluso, dar carta de normalidade a que haxa listas de espera na atención primaria, a obstaculizar a consulta presencial, e a que a atención telefónica e escasa se converta en norma, como se non houbera alternativa. E desde o BNG seguimos defendendo con toda claridade que si hai alternativa a esta folla de ruta do Partido Popular. Por iso vimos presentar nesta moción, que se deriva da interpelación do anterior pleno ao conselleiro de Sanidade, medidas para que a atención primaria poida ser ese nivel asistencial básico, para recuperar o dereito a unha atención sanitaria digna que se está a perder co Goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza.

Consideramos urxente implementar unha estratexia que permita normalizar a atención primaria, que non é o mesmo —e teño que repetilo— que volver á situación previa á pandemia de axendas interminables, de masificación, senón que é preciso tomar medidas para solucionar os problemas anteriores e os actuais, e esas medidas pasan por ter profesionais, recursos e capacidade e tomar decisións que permitan atender todas esas demandas da poboación.

Seguímoslle demandando ao Partido Popular, á Consellería de Sanidade, que deixe de facer política de distracción, de facer que fai e actuar, e que deixe de poñer todos os esforzos en crear ese relato de que está facendo todo o posible cando non é certo, porque si hai outro guión posible.

Ese guión, polo menos para comezar, pasa polo punto primeiro que o BNG trae nesta moción, que é garantir que todas as persoas que o precisen teñan a atención presencial en atención primaria, que todas as persoas que o precisen, porque —insisto— non se pode diagnosticar a distancia, que haxa protocolos claros e unificados para garantir os aforos e esa presenza nos centros de saúde con seguridade e con garantías, e garantir a atención telefónica sen demoras. Podemos —volvemos ao de sempre—, podemos comprar ese discurso de que non hai facultativos de familia, persoal para atender os teléfonos, persoal administrativo ou celadores. Si que hai nas listas de contratación e é posible contratalos.

Demandamos modificar o decreto que regula as áreas sanitarias e os distritos, para crear unha estrutura de xestión de atención primaria con capacidade de decisión orzamentaria e de tomar as súas propias decisións, aumentar o orzamento ata chegar ao 25 %. Lémbrolles a gráfica, un 12 % escaso, dende logo, non é suficiente para atender as demandas de atención primaria, no inmediato 200 millóns de euros.



Elaborar un plan para saber cal é a situación dos profesionais en atención primaria, que seguimos sen saber cal é a realidade, cantos hai, en que postos, en que condición laboral: fixos, eventuais, vacantes..., necesitamos saber cal é a situación.

Incorporar a carteira de servizos ás categorías para prestar atención integral e descolapsar as listas de espera.

Seguímonos preguntando por que non se incorporan categorías como psicoloxía clínica, farmacia ou outras especialidades para xestionar esas axendas e pór en marcha...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ... esa carteira de servizos que reconeza —remato, presidente— o mapa de competencias de cada categoría profesional para que poidan exercer as súas capacidades sen ningún tipo de titoría e con total autonomía.

Estas medidas, que se poden poñer en marcha no inmediato, ademais de rematar con esa política de contratación infame, serían medidas suficientes, polo menos no inmediato, para reverter a situación na que está a atención primaria.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Debatemos moito sobre atención primaria, faise bastante pouco. E isto é un problema porque, esencialmente, é moi posible intentar gañar os debates, pero é moito máis efectivo intentar resolver o problema. A verdade é que non hai, non percibimos dende o noso grupo, unha intención real de resolver os problemas.

Non é fácil, en absoluto, non lle arrendamos a ganancia —como se di— a quen ten que resolvelo. Pero a verdade é que sería moito máis interesante, polo menos, ver unha intención real, transformadora, do sistema. Se a metade do esforzo que se adica a buscar excusas se adicara a intentar resolver os problemas, a cuestión sería un pouco máis eficiente. Probablemente non resoltos todos, pero si un pouco máis eficiente.

Algunhas cousas nas que temos coincidido —que tamén é certo que nalgúns coincidimos recentemente— foi en que existen análises bastante certas, non partidistas, de como está o sistema. Tan pouco partidistas como que o propio Goberno da Xunta de Galicia ten no seu



poder dende hai tres anos, ¡tres anos!, un documento moi consolidado, bastante potente na súa análise, profundo, sobre como está o sistema de atención primaria, e que temos coincidido..., o conselleiro dixo aquí, na interpelación que tivemos no Pleno pasado, que compartía ese documento e que debería ser a guía. Aquel documento —para os que non están habitualmente nos debates de sanidade— chámase *Por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde*, un documento elaborado por varios profesionais, encargado pola Xunta de Galicia, e que, polo tanto, ninguén podería tampouco ter a crenza de que está feito por bolivarianos perigosos ou unha conspiración xudeomasónica en contra do Goberno actual, senón que basicamente é un documento independente, feito por profesionais, parte deles do Sergas, parte deles consultores externos, e que analiza o sistema. E como nós defendemos, habitualmente, que ese documento pode ser —para nós sería— un elemento de acordo sobre o sistema, creo que é unha boa oportunidade para, unha vez máis, ler o que di este documento e saber realmente de que estamos falando cando falamos de atención primaria. ¿Por que? Porque neste Parlamento, neste Pleno, nas comisións, e en moitas ocasións por parte do Goberno, utilizando os medios como propaganda, fálase dalgunha realidade que non son certas, e por tanto eu creo que é importante ser conscientes do que nos din os profesionais que analizan o sistema. Por exemplo, o impacto das reclamacións e das queixas de cidadáns e profesionais; o principal problema percibido é que todas esas queixas repercuten escasamente na realización de cambios reais.

Sobre a coordinación e a multidisciplinadidade, que temos falado en innumerables ocasións da necesidade de moitos profesionais, non se estimulan sesións nin traballos de coordinación e colaboración entre eles. Fálase da dificultade de implementar nas áreas sanitarias esas estruturas integradas, da moi importante falta de autonomía de atención primaria, e aluden, aquelas persoas que analizaron o sistema entrevistando a decenas e decenas de profesionais, que os organigramas das áreas sanitarias non contemplan a atención primaria, non a teñen en conta. Actitude desconfiada das xerencias, menciona literalmente, estou lendo literalmente. Hai algúns puntos que son verdadeiramente duros, porque apela este documento, esta análise estratéxica, á desconexión entre a planificación e a realidade. Desconexión entre a planificación e a realidade. Este sistema está planificándose moi pensado para os titulares de prensa e moi pouco pensado para os usuarios e usuarias do sistema, e este é un problema. Temos un sistema sanitario en dificultades, e hai un Goberno máis preocupado en buscar excusas que en buscar solucións.

E ante isto, nós levamos durante anos traballando cos colectivos profesionais, sindicatos, organizacións colexiais, os distintos partidos que pasamos por este Parlamento, todos intentando buscar algunhas solucións, que a verdade non son fáciles pero están escritas e demandadas dende hai tempo. A defensa da Xunta de Galicia é que xa se vén facendo, este é un recurso, moitas veces ocorre que se plantexan aquí solucións e non se votan porque xa se están facendo. Algunhas delas é curioso, porque seguimos plantexándoas ano tras ano, e sempre se están facendo, e a verdade é que é curioso que de tanto estar facéndose igual están pasándose de solución, porque levan anos facendo as mesmas cousas, dá a sensación.

E por tanto, temos a impresión bastante fundada, como é evidente, de que vostedes son, o Partido Popular que sustenta o Goberno, un partido conformista, e este é un Goberno conformista, e non está o sistema para ser conformistas. Nós entendemos que a utopía non é



posible; como dicía Galeano, está ben saber onde está o horizonte, non para chegar senón para ir por ese camiño, e iso está ben, pero non podemos deseñar utopías que provocan certas frustracións e que iso dá lugar a outros debates políticos que xa coñecemos.

Pero tampouco podemos soste o conformismo, porque a atención primaria é a de todos, ou polo menos a dalgúns, porque igual a verdade ao final está en que hai grupos políticos que perciben que a atención sanitaria ou o sistema sanitario público non é o seu, pero en realidade é de practicamente a maior parte da poboación, e nós cremos nesa defensa. É sabido cal é a situación, nós presentamos aquí hoxe unha iniciativa moi semellante a outras que temos presentado noutras ocasións, e plantexa cuestións que están dentro das análises da propia consellaría, dentro das análises da propia consellaría, que a consellería ten aceptado como válidas, porque ten nomeado na súa dirección, nos seus cargos recentes, persoas que participaron destas análises, que asinaron estas análises. Isto que acabo de ler da descoordinación entre profesionais, da falta de importancia da atención primaria, de que existe unha actitude desconfiada cara á primaria dentro do sistema, de que está desconectada a realidade e a planificación, todo isto asínano profesionais e algúns deles como a señora López-Prado, por exemplo, é participe agora do goberno da consellería.

Polo tanto, vostedes, implicitamente, tamén están asinando isto, ou deberían. Por tanto, nós o que defendemos é que, baseado nisto, é posible ter algúns acordos dentro do sistema sanitaria. Porque o sistema sanitario ten problemas a curto prazo, pero tamén a longo prazo. Non é posible entender como non estamos facendo absolutamente nada, nada dende este goberno, sabendo que dentro de catro ou cinco anos teremos un problema gravísimo, gravísimo, co persoal sanitario, porque está acabando a vida laboral de moitos deles, que entraron nun momento moi xuntos, os profesionais sanitarios tiveron unha entrada moi masiva en certos anos, moi condensados, e por tanto, cando cheguen as etapas de xubilación deses profesionais, imos ter un problema grave. Se os que non están pendentes todo o día do sistema, porque están nos outros temas, son conscientes de que temos un problema de persoal hoxe, principalmente en atención primaria, que o temos, non se pode imaxinar o que imos a ter en catro, cinco, seis, ¡gravísimo! ¿Por que? Porque se van xubilar unha fornada de profesionais enorme. Pero é que isto sabémolo hoxe, pero sabíámolo hai 2 anos, hai 4, hai 6, hai 8, hai 10, e nos últimos 10 anos Galicia puido formar 150 profesionais de medicina de familia e renunciou, renunciou voluntariamente, non quixo formalos. E podía formar 130 profesionais de enfermaría familiar e comunitaria e renunciou, renunciou. E isto é o que pasa cando un toma decisións que a longo prazo se ven. Vostedes pensaron: xa arrearemos naquel momento, pero é que agora é imposible, porque un profesional en sanidade custa moitos anos formalo —un médico en torno a 10 anos—.

Por tanto, temos un problema gravísimo e non hai ninguén tomando unha decisión, están tomando moitas decisións para salvar o titular de mañá, e iso en termos estratéxicos e electorais é rendible, pero en termos do sistema é un desastre e, polo tanto, temos un problema gravísimo hoxe en día no sistema. Nós traemos a proposta de pactar e de acordar, ¿acordar que? Sobre o fondo do que vostedes mesmos asumiron como válido, pactar as solucións estratéxicas necesarias. Pactalas implica poñerlles prazos, poñerlle cartos, porque non é posible sen cartos. Claro que a solución de pedir máis sempre é fácil, pero hai posibilidades de extraelos, e hai posibilidades de reorientalos.



Tamén hai algunhas decisións sobre iso, e nós propoñemos acordalo. ¿Por que? Porque no día de mañá teremos un problema que lle vai a tocar a moita outra xente, ningún dos que estamos aquí dentro de equis anos, salvo que alguén pense estar aquí dentro de 40 anos ou así gobernando, eu non teño esa intención, teño xa practicamente 40 e dentro de 40 anos espero estar noutra cousa. Dentro de certo tempo vai haber xente que teña que estar xestio- nando o sistema, e non podemos entregarlle un sistema absolutamente descapitalizado do mellor que temos, que son os profesionais. Un sistema desordenado, e isto é o que estamos facendo actualmente. Polo tanto, nós propoñemos acordar sobre isto. Traemos unha inicia- tiva de bases agora, que é posible modificar. Eu xa sei que un cando leva xa non moito tempo aquí, xa non era necesario moito, sabe que cando o PP non che presenta unha emenda de substitución, é que non quere aprobar algo. Un vai aprendendo, ás veces non ocorre, ás veces non ocorre, creo que 1 de cada 1.000 máis ou menos, pero en todo caso moito me temo que pode ser así.

Pero, en todo caso, sirva para plantexar que aí vai a nosa liña estratéxica para a oferta de acordo. ¿Por que? Porque se somos capaces de entender que todos estamos de acordo, dentro dunha marxe, na mesma análise estratéxica, ¿como non imos entender que son as necesarias solucións que van por aí? E esta é a nosa proposta. ¿Saben cal é o problema? Que levamos anos propoñendo votar sobre isto, acordar sobre isto. ¿Cal é a resposta? Que xa se está fa- cendo. ¿E cal é o problema? Que hoxe en día seguimos, non igual, senón peor, porque dende que xa se estaba facendo non se fixo, e este é o problema, que vostedes poden mentir aquí porque 42 deputados é maioría absoluta e gañan unha votación, pero o que poden mentir aquí non serve para resolver a realidade, e temos un problema. Vostedes sábeno, nós o que lles pedimos é que poidamos acordar algunhas cuestións, porque é posible resolver o pro- blema, ou boa parte del, se aceptamos que hai un problema, e vostedes consideran que acep- tar que hai un problema é unha mancha para o partido, e non é así, nin sequera é así. Por tanto, nós ofrecemos esa posibilidade de acordo, e agardamos que este non sexa un debate máis no que repetimos e repetimos os mesmos argumentos cando despois, acabado o debate, todos aceptamos que si é certo que hai un problema pero non o podemos recoñecer, porque iso non sería aceptable.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Boas tardes, señorías.

Moitas grazas, presidente.

Novamente vimos debater, facémolo dun xeito recorrente, sobre os mesmos puntos, en torno á reforma da atención primaria. Cada vez que traían este debate, pois benvido sexa, aquí na sesión plenaria ou ben na Comisión 5ª, pero sería importante avanzar. Ogallá cheguemos a



acordos, porque precisamente esta é a finalidade que deberamos de buscar con todas estas iniciativas, avaliar as aportacións e atopar puntos de encontros na procura dunha mellor sanidade para os cidadáns.

Pero moitas veces non é doado chegar a acordos, cando vostedes continúan co mesmo monotema, sempre negando a maior. Nós defenderemos sempre a realidade, a verdade e o esforzo que día a día se fai dende o Servizo Galego de Saúde para procurar que os galegos e galegas sigan a desfrutar da mellor sanidade, cos mellores profesionais, as mellores infraestruturas e equipamentos nos centros sanitarios e dotados da mellor tecnoloxía.

Isto é unha realidade, unha realidade obxectiva e constatable, e así o valoran e o perciben a máis grande parte dos galegos que usan a diario a sanidade pública. E temos a sorte de contar, por unha parte, cun Goberno que diagnostica, que planifica e que responde. Dende o mes de xullo tivemos ocasión de escoitar en dúas oportunidades tanto o conselleiro de Sanidade como a directora xeral de Planificación Sanitaria. E, por outra parte, todos os grupos parlamentarios tivemos a vontade de crear e concluír, na Comisión de Reactivación Económica, Social e Cultural de Galicia, un ditame ao que todos tivemos oportunidade de achegar todas as propostas que se fixeron, e que na súa versión definitiva, no ámbito da sanidade, incorporáronse moitas das propostas da oposición, incluídas moitas tamén na nosa emenda.

Precisamente por isto, insisto, nun ámbito tan importante como é o futuro da nosa sanidade, e máis nomeadamente no caso do que estamos a falar da atención primaria, sería importante facer un esforzo e chegar a consensos.

Tanto por parte do conselleiro de Sanidade como por parte da directora xeral de Planificación e Reforma Sanitaria escoitamos todas as medidas que se están poñendo en marcha en toda a comunidade, traballando de xeito coordinado cos profesionais dos centros de saúde. E, a pesar disto, vostedes fan oídos xordos aos avances que se teñen producido no desenrolo do plan, e que constatamos aquí, mes a mes, como as medidas que se propoñen meses despois son unha realidade, e así vén ocorrendo cos plans locais, coa aplicación das axendas de calidade e coa tan manida presencialidade.

Todos estamos de acordo en que a reforma da atención primaria era necesaria, e de feito xa no ano 2018 se empezou a traballar nesta reestruturación, e vostedes agora solicitan a reforma. Levamos tres anos reformando esta atención primaria. Unha reestruturación necesaria, porque había décadas que tiñamos un modelo que non mudara, e a maiores as características da poboación de Galicia tamén sufriron cambio, cada vez a nosa comunidade conta cunha poboación máis envellecida, e isto fai que aumenten as patoloxías crónicas, unido á dispersión xeográfica de Galicia. E así se xestou o Plan de atención primaria 2019-2021, que se elaborou coa colaboración de máis de 120 profesionais e sentou as bases das reformas que agora se están implementando, e paralelamente a Consellería de Sanidade elaborou un documento no que se recollen as claves para reforzar e reformar a atención primaria do futuro.

Este documento, *Por unha atención primaria vertebradora*, ao que se incorporaron moitas das medidas aprobadas no Plan de reactivación e do Plan 2019-2021, fixou o traballo e a estra-



textia para poder aplicar as medidas precisas. Un plan que avanza a pesar da pandemia. Agora, despois de case dous anos e con todo o aprendido durante ela, cando parece que xa estamos voltando á normalidade e sabemos que a atención primaria poscovid xa non vai ser a mesma, seguírase avanzando e séguese avanzando e traballando. E no Pleno de hai 15 días escoitamos o conselleiro dicir que todas e cada unha das medidas previstas e prometidas se están cumprindo e implantando, tal e como se anunciaron. Escoitamos, por exemplo, como se están sumando novas categorías de profesionais. Por exemplo, en psicoloxía, 7 novos profesionais, 1 por cada área sanitaria; hai máis presencialidade, máis vinculación coa saúde mental e a primaria. E tamén con outras especialidades, porque é fundamental o traballo coordinado desde a primaria, a hospitalaria e a hospitalización a domicilio. Sen coordinación entre estes servizos non é posible avanzar en ningún ámbito.

Señor Torrado, é especialista en rizar o rizo, ¡eh! É curioso, vostede pide na súa moción que se incorpore a triaxe nos centros de saúde, e vostede escoitou aquí o conselleiro que lle dixo de primeira man —que el, ademais, foi testemuña diso— que en Vigo se implantou e non funcionou. Na Consellería de Sanidade estase traballando nun sistema que permita a derivación automática dos pacientes ao profesional máis axeitado segundo a necesidade que este teña.

Din que non hai recursos humanos, e creáronse 162 novas prazas en primaria nos orzamentos deste ano; non hai orzamentos, para a oposición isto non é crear emprego. Oferíronse 83 prazas de médicos de familia na OPE de 2020, e outras 60 na OPE de 2021. Todos estamos de acordo na necesidade de incorporar máis profesionais, pero é necesario e imprescindible que o Goberno atenda a petición deste Parlamento, que faga efectiva esa convocatoria extraordinaria de prazas MIR. Señorías, ¡non hai médicos!, esa é a realidade; ou sexa, non é que o diga eu, é que non hai médicos nin en Galicia nin noutras comunidades. E todos os anos quedan milleiros de aspirantes licenciados de Medicina ás portas desa formación tan ansiada, démoslles unha oportunidade. Sabemos que tamén precisamos acreditar máis centros para a formación deses MIR, e tamén máis titores, é imprescindible. O conselleiro no Pleno pasado dixo expresamente que estes titores van estar liberados de horas de atención para poder realizar as súas funcións formativas, asunto fundamental para poder seguir dando a mellor formación aos futuros especialistas. Sen horas de formación específica sabemos que non se pode alcanzar a excelencia da que ata o de agora se alcanzou no noso país.

Vostedes falan de presencialidade. ¡Curioso!, un tema xa moi debatido e con diferentes respostas segundo o centro. Porque, segundo o centro, hai presencialidade entre un 40, un 60 ou un 90... Iso sempre o dixen e eu —que traballo na sanidade— véxoo día a día; ou sexa, o paciente chama, fala co médico e, segundo do que dependa, a consulta faise presencial ou telefónica. Evidentemente, pasamos por unha pandemia e a presencialidade tivo que facerse máis consulta telefónica que presencial. Pero é curioso, mire, o mesmo día que se abriron totalmente as portas á consulta, a pedir presencial 100 %, e a consulta telefónica segue a ser a modalidade de presenza dos cidadáns galegos que piden cita en atención primaria por vía telemática. Aos galegos temos que deixalos que elixan libremente, moitos deles seguen a elixir a vía telefónica, é a súa opción. Señora Prado, deixémoslos, non podemos impoñer o que calquera cidadán elixe como opción.



Hai unha cousa que está clara e sobre a que non temos ningunha dúbida: a atención primaria é o camiño máis eficiente e máis eficaz para ofrecer servizos de valor e garantir a equidade social. Niso supoño que todos estamos de acordo. Fíxose unha diagnose, implementáronse plans de mellora e o Goberno, o Sergas e os profesionais están avanzando cada día na procura de poñelas en marcha.

Señorías, penso que o pobo galego esperaríase que nós aquí no Parlamento chegáramos a acordo e por iso unha vez máis traemos unha emenda para transaccionar. Deixemos traballar os profesionais, que ninguén máis ca eles desexan que estas medidas sigan avanzando para lograr esa tan ansiada atención primaria do século XXI. Unha atención primaria forte, empoderada e capaz de poñer solución a todos os problemas que vén arrastrando desde hai tempo.

Pero, señor Torrado, esperamos que desde o Goberno central teñan a sensibilidade e o acerto de aceptar o que insistentemente pedimos desde Galicia: máis prazas de formación MIR, unha convocatoria extraordinaria de MIR de familia para dar solución a ese déficit estrutural na atención primaria que padecemos e que queremos que se corrixa, e esa tan ansiada eliminación da taxa de reposición. Galicia é líder en proxectos innovadores, como as axendas de calidade, dispoñibles xa por todos os médicos de atención primaria e que proximamente tamén van estar dispoñibles para a enfermaría.

E, señora Prado, debería de cambiar o seu discurso, ese discurso caduco; sempre co mesmo discurso. Xa se están incorporando novas especialidades como os psicólogos, xa se está traballando nas carteiras desde que se pediron por primeira vez. ¡Pobres de nós se non tiveramos superado eses 200.000 euros que vostede pide día tras día e que repiten sen parar! Non se enteran de que os orzamentos de atención primaria están medrando ano tras ano e así debe de seguir pasando.

Eu vou pasar darlle lectura aos dous puntos da emenda que lles presentamos, que recolle os compromisos que xa ten adquirido a Xunta de Galicia, na liña do que os dous grupos piden na súa moción e que inclúe tamén o documento *Por unha atención vertebradora*, e ademais os compromisos aprobados no ditame da Comisión de reactivación:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar avanzando no cumprimento fixado no documento *Por unha atención vertebradora na atención primaria*», ese sería o primeiro punto.

E, o segundo: «Continuar co desenvolvemento dos compromisos aprobados no ditame da Comisión de reactivación, nomeadamente, nas cuestións relacionadas coa atención primaria, a saúde mental e/ou persoal naqueles casos nos que os traballos aínda non estean finalizados. E, concretamente, nos seguintes puntos: renovando a normativa reguladora da ordenación de atención primaria e da súa provisión de prazas para adaptala aos retos formulados no documento *Por unha atención vertebradora do sistema público de saúde*; regulando as figuras directivas, como xefes de servizo e coordinadores dos servizos de primaria, e promovendo a súa elección mediante a presentación de plans de saúde locais que reforcen o papel comunitario dos servizos de atención primaria, liberándoos da parte da súa carga



asistencial, e permitíndolles centrarse máis nas súas tarefas de xestión e coordinación; concluíndo os traballos do Consello Técnico de Atención Primaria sobre propostas de redefinición das carteiras de servizos das diferentes categorías profesionais que participan nos servizos de atención primaria; avanzando cara a unha reorganización de tarefas que contribúa á necesidade de liberar de traballo burocrático o persoal médico; así como a implantación dun novo modelo de axendas de calidade, creando axendas tipo homoxéneas para o Servizo Galego de Saúde e que teñan en conta o tamaño das cotas, as características socio-democráticas, etáreas e a cronicidade; complementando as medidas pendentes de cumprimento do Plan galego de atención primaria 2019-2021, e elaborando unha nova folla de ruta para o desenvolvemento da atención primaria nos vindeiros anos, ben sexa a través doutro plan específico ou dunha estratexia global; estudando as posibilidades de integración asistencial entre os servizos de atención primaria e os servizos dos puntos de atención continuada, coñecidos como PAC; avaliando a posibilidade de mobilidade e complementariedade de ambos para a extensión da cobertura horaria dos servizos de primaria; potenciando a figura da enfermaría especialista en atención familiar e comunitaria nos equipos de atención primaria, avanzando cara a súa xeneralización nos centros de saúde galego; avanzando cara á recuperación da atención presencial na atención primaria, facilitando os recursos necesarios para que os criterios desta sexan determinados polo que establezan profesionais e pacientes. Os avances en novas tecnoloxías deben de axeitarse á súa utilidade para o funcionamento do sistema e ás necesidades asistenciais, tomando as TIC como instrumento e ferramenta pero non como un fin en si; mellorando as condicións laborais do persoal eventual a través da oferta de nomeamentos de continuidade que proporcionen unha maior estabilidade e a través da renovación da normativa reguladora dos seus vínculos e da súa actualización do pacto de contratación coas organizacións sindicais. E desenvolver o Plan galego de saúde mental xa reorientado e ampliado para atender as consecuencias da pandemia no eido da saúde mental coa creación de máis de 200 novas prazas de persoal sanitario; e de novas prazas en centros, residencias, pisos protexidos, centros de rehabilitación ou vivendas de transición para os pacientes agudos. E darlles continuidade aos programas de atención psicolóxica aos profesionais sanitarios iniciados durante a fase aguda da pandemia».

Esperamos chegar a un acordo.

E máis nada, e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Amigo.

(Aplausos.)

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupos autores da proposición non de lei. *(Pausa.)*

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.



Di a deputada do Partido Popular que é cansino que sigamos traendo aquí a situación da atención primaria. (*Murmurios.*) Eu supoño que o Partido Popular, en xeral os deputados e deputadas, pensarán que deixando apodrecer os problemas ou metendo o lixo debaixo da alfombra desaparecen; pero, non, simplemente apodrecen ou están agochados, pero non desaparecen. E o problema da sanidade pública en Galiza e da atención primaria non é soamente que non desapareza, senón que pasou de estar nunha situación de grave enfermidade antes da pandemia a estar, neste momento, crítica na UCI. (*Aplausos.*) Esa é a realidade que calquera pode ver. (*Aplausos.*) Esa é a realidade. (*Aplausos.*)

E diante desa realidade o Partido Popular vén e insiste na palabra de orde: ¡non hai médicos! Non hai médicos, pechemos o chiringuito, ¡deixen de molestar! Non hai médicos e xa está, ¡non hai médicos! Claro, non hai médicos e, a partir de aí, é ¿que fan vostedes para que haxa médicos? (*Murmurios.*) Claro, é que a partir de aí é ¿que fan vostedes?, porque con iso vostede, ¿que quere dicir?, ¿que non van ter atención sanitaria os galegos e as galegas? ¿Van ter que aguantarse sen que os miren? ¿Van ter que aguantarse agardando a que os seus problemas se cronifiquen? ¿Van ter que aguantarse chegando tarde a diagnoses e que sexa un desenlace fatal? ¿Esa é a contestación que lles teñen que dar vostedes aos galegos e ás galegas? Iso é o que din aquí sistematicamente: non hai médicos, calemos, deixemos que morra o conto... Pois o BNG non vai deixar que morra o conto, non o vai facer.

E voulle explicar amodiño un par de cuestións, señora Amigo.

Primeiro, non hai médicos. Xa lle dixen, co investimento en atención primaria por debaixo da media e mantido no tempo — non é unha cuestión do ano 2019, onde esta estatística que lle amosei antes, senón que é mantido nos últimos 12 anos — é moi complicado facer as cousas.

Mire, a estatística dos mesmos datos do Ministerio. Temos que recorrer aos datos do Ministerio porque a Xunta do Partido Popular non ten datos, non os elabora, non o sabemos. Entón, como non hai datos... non elaboramos datos, entón temos que recorrer aos que lle facilita o Ministerio, estes son os datos consolidados, igual que antes. Non é o orzamento, que o orzamento é pintar o que se supón que se vai facer, estamos falando de orzamento consolidado. E Galiza está por debaixo da media en gasto en formación de MIR; por debaixo da media, iso non lles interesa velo, por debaixo da media.

Entón, está moi ben insistir en que non hai profesionais, non hai tal, pero o que non acaban de dicir é qué están facendo. Invisten por debaixo da media e deixan que os 70 millóns que se investiron no ano 2019 en formación MIR, que os que se forman non se queden en atención primaria. Pero iso é culpa do inventario, iso é culpa do empedrado, ¿non?, non é culpa do Partido Popular, que de 70 só queden 30 en atención primaria. Non é culpa das políticas de contratación do Partido Popular, é porque si; as cousas pasan porque si.

E, mire, vou explicarlle amodiño dúas cousas. O BNG — igual que os galegos e as galegas — o que estamos demandando é atención... a ver, ¡aténdame!, ¿vale? Atención presencial para todas as persoas que o precisen e o demanden. Quen non queira, quen queira a telefónica



que a pida. Todos aqueles que o precisen e o demanden teñen dereito a ter atención presencial. (Aplausos.) ¡A ver se lle quedou claro! (Aplausos.) É así. (Aplausos.)

A seguinte cuestión, señoras e señores deputados do Partido Popular, é: xa estamos incorporando profesionais. Non, mire, o que lles vimos demandando é a incorporación de profesionais como, por exemplo, psicoloxía clínica. E insistimos en psicoloxía clínica porque todos os estudos din que o 30 % das consultas en atención primaria teñen que ver con problemas de saúde. Entón, se o 30 % das consultas en atención primaria teñen que ver con problemas de saúde e non hai médicos de familia, ¿por que non contratan e non incorporan en atención primaria psicólogos clínicos? En atención primaria, nos centros de saúde, non un profesional de enlace para toda unha área con hospitalaria. En todos os centros de saúde, psicoloxía clínica. Hai profesionais nas listas de contratación e no paro, moitos en Galicia, moi cualificados, con experiencia. ¿Por que non os contratan para que a poboación teña unha atención axeitada e descolapsar as listas de espera? Porque non teñen vontade política para facelo. Porque non queren, porque non queren. Esa é a realidade.

E nós o que lles dicimos hoxe é que hai outro guión posible. Hai o guión posible de poñer en marcha medidas como esta. Hai outro guión posible que exclúa cuestións como esta, que médicos do centros de saúde de Ribeira obrigados a cubrir gardas do PAC a golpe do burofax. Que exclúa situacións como esta onde profesionais esgotados de prolongar xornadas, de interconsulta, de non ter días libres, como lles din que non a facer outra quenda porque non poden máis, vostedes ordénanllo por burofax. Esa é a alternativa que lles dan aos profesionais, ese é o maltrato sistemático. Pois outra folla de ruta que non maltrate os profesionais ou unha folla de ruta que faga que, por exemplo —isto publicouse nun medio de comunicación hai uns días—, Noelia, enfermeira de 31 anos, marchara para outro sistema de saúde, neste caso de Cataluña, e onde di: ofrecéronme un contrato de 12 meses con vacacións e todo —di ela—, acabáronse os contratos por día e teño os meus descansos, o salario tamén é mellor e o alivio de non vivir pendente do teléfono e poder planificar a miña vida. Se vostedes aos profesionais lles ofrecen unhas condicións mínimas como estas tamén moitos quedarían e traballarían no sistema público...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...de saúde galego, a empezar pola atención primaria.

Polo tanto, a súa emenda de continuar, instar... non é tempo diso, é tempo de actuar. E aquí nesta emenda non hai exactamente ningunha medida, ningunha medida que non sexa simplemente filosofía de fondo pero nada concreto. Lamento que sexa así porque iso significa que van...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...insistir na súa folla de ruta de parecer que fan, pero non facer nada.

Moitas grazas. (Aplausos.)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Boa tarde de novo.

A verdade é que... é certo que ás veces —dixo a señora Amigo— que repetimos o debate. E é certo. Tanto o repetimos que ás veces un tamén pensa que se serve de algo. Vostedes teñen —e dino habitualmente— teñen a maioría lexítima deste Parlamento para votar o que queiran. Non nos pidan, non nos presenten emendas, poden presentalas pero... que plantexen que o debate se resolva votando os demais unha emenda que supón que imos aplaudir o goberno porque o está facendo moi ben. Porque é ilóxico. Isto vaise resolver —se se resolve, que eu creo que se resolverá, cada vez estou máis convencido de que sen vostedes, pero vostedes son necesarios para resolver isto—, vaise resolver sen aplaudir a ninguén e sen disparar a ninguén. Así é como se vai resolver, señora Amigo.

Como citou varias cousas, eu creo que nin me dá tempo, nin corresponde, pero entre todas escollín catro que me parecen interesantes, porque son cousas distintas do seu plantexamento.

Primeiro, sobre a presencialidade, e vostede argumentou que hai que deixar aos galegos que elixan... Mire, vostede leu a nota de prensa da consellería. Cando no último pleno o señor conselleiro anunciou aquí pola tarde —coa boca pequena tamén, jeh!, custoulle anunciálo—, que os galegos ían poder pedir a cita presencial se o querían, esa nota de prensa emitíuse pola mañá seguinte. Nin 24 horas, nin 20, diría que así a ollo nin 15. É a nota de prensa da consellería. Vostedes apuraron rápido antes de que se pediran moitas para anunciálo. Pero, é máis, para ver que en realidade estamos facendo... porque estamos facéndonos trampas, jeh! Estámonos facendo trampas, para ver que nos estamos facendo trampas. Hoxe ese mesmo medio publica que en Santiago o 70 % das peticións son de consulta presencial. E eu non lle vou defender que a noticia de hoxe sexa máis válida que a de hai 15 días, nin sequera lle vou defender que a noticia de hoxe dun medio de comunicación sexa mellor que a nota de prensa da consellería. O que lle vou dicir é que utilizar a nota de prensa da consellería poucas horas despois de anunciálo que di que tiña razón, non é un medio válido.

Sostén vostede que a incorporación de psicólogos clínicos xa se está facendo. Eu deféndolle: primeiro, que vostedes votaron en contra diso moitas veces. Por tanto, primeira cuestión, vostedes votaron en contra de algo que nós defendemos moitas veces, votaron en contra e agora incorpóranos. Non pasa nada por asumir... Xa non lle digo que tiñamos razón, eu vou intentar ser máis conciliador. Que vostedes sabían e estaban de acordo con iso, pero non o votaban porque eramos nós o que o propoñíamos. Certo sectarismo, malo.

Por tanto, se é unha boa medida, aprobárase, porque non creo que vostedes o aprenderan agora, vostedes saben bastante disto como para saber daquela que facía falta.



Por certo, sete psicólogos para toda Galicia non son vincular a saúde mental coa atención primaria. En primeiro lugar, por unha cuestión de tamaño e, en segundo lugar, porque a saúde mental non é unha cuestión de psicólogos clínicos. Eu son psicólogo, sería corporativista dicir que si. Son psiquiatras, son enfermería de saúde mental, son máis profesionais. Estámonos facendo trampas tamén. Por tanto, non vaíamos ao titular para intentar dicir que se fai ben, vaíamos á realidade. Está ben, sete son máis que cero. Fantástico, pero non é suficiente.

E outra: taxa de reposición e MIR extraordinario. Imos descontar o debate de que a taxa de reposición hoxe está no 110 % e con Rajoy estaba no 10 %, ¿vale?, multiplicar por 11. Imos descontar iso. Dígoo porque sería moi fácil. Vou intentar regatear este debate e vou evitar o gol a porta cantada e vou intentar metelo de falta directa. Vou evitar tamén recordarlle que cando vostedes piden un MIR extraordinario eu sigo preguntando por que renunciaron a 150 profesionais de MIR de medicina familiar e comunitaria en 10 anos. Igual é que non sabían que se xubilaban tantos agora. Renunciaron a eles, tíñanos e renunciaban. E voulle evitar dicir que durante o Goberno de Rajoy as habilitacións, é dicir, a validación de prazas... para que todo o mundo saiba, a validación de prazas, para que se poida convocar MIR, a validación de prazas de familia e comunitaria, é dicir, de médicos dos centros de saúde en Galicia para que se puideran aumentar durante todo o Goberno Rajoy, sen que o Goberno Feijóo dixera nada, foi cero, cero.

Pero intentarei saltar iso. Vostede e mais eu compartimos esta fin de semana un debate moi interesante —non na mesma mesa—, unha reunión de parlamentarios de sanidade de toda Galicia, que nos convidaron a participar en mesas distintas. E outra mesa —para non entrar no debate noso, que non é a cuestión—, outra mesa sobre os MIR que, acabamos de falar aquí, de escoitar dúas proposicións sobre persoal. Unha, o MIR extraordinario... —vamos apartar tamén que vostedes regularon no 2003 con Aznar que era ilegal, que din que só pode haber unha convocatoria por ano. Tamén imos apartalo—. Sobre o MIR e sobre a taxa de reposición falou a portavoz do Partido Popular no Congreso dos Deputados. ¿Sabe cantas veces reivindicou a necesidade dun MIR extraordinario para haber máis profesionais de primaria, e cantas veces reivindicou a eliminación da taxa de reposición a portavoz do Partido Popular no Congreso dos Deputados —nun ámbito onde xa non se pode enganar a ninguén porque son profesionais do sector que saben do que falan—? Cero.

Vostedes fano aquí para gañar un titular, pero saben: primeiro, que non é viable; segundo, que ser Partido Popular e reivindicar eliminar a taxa de reposición é ridículo, porque ademais votouse no Congreso dos Deputados e o Partido Socialista, dos que estamos aquí, foi o único que votou a favor, e ademais saben que vostedes non o fixeron. É ridículo. Vamos poñernos a solucionar algunha cuestión que é posible, porque vostedes cando saen de aquí e o intentan colocar como argumento nos medios de comunicación, cando saen aí fóra non o defenden. ¿Por que? Porque saben, primeiro, que non é posible e, segundo, que é ridículo. Se é que vostedes non o están defendendo despois.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: Non o están defendendo. Por tanto, non nos pidan que a solución sexa aplaudirilles.



Nós propoñemos acordar cuestións, propoñemos. Será, probablemente, ceder algunhas das que defendemos nós, pero se vostedes de vez en cando presumen de cousas que votaron en contra cando as propuxemos, é que algo podemos aportar. Propoñemos acordar, non impoñer e non rirse de ninguén, sen disparar pero tamén é certo que sen aplaudir. Sería moito mellor se non pensáramos na autocompracencia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Procedemos á votación das mocións.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, iniciativa de dona María do Carme González Iglesias.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María do Carme González Iglesias, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co sector naval de Vigo.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 21; votos en contra, 38; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora, de xeito separado, a moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores.

¿Sobre a emenda do Grupo Parlamentario Popular, señora Prado? Non a acepta. Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención primaria.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a moción do Grupo Parlamentario Socialista, iniciativa de don Julio Torrado.



Deixou entender que non acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular. Votamos.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Julio Torrado Quintela, sobre a política do Goberno galego en materia de presencialidade na atención primaria.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada tamén esta moción.

O señor PRESIDENTE: Continuamos co punto 5º da orde do día, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para garantir a socialización e o retorno económico dos beneficios xerados pola produción enerxética en Galicia

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Noelia Otero Lago, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei:

Emenda de modificación

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Negociar un novo modelo eólico integral coa participación de todos os sectores implicados, que poñan solución aos múltiples problemas de transparencia, participación, asesoramento e garantías medioambientais no que se actualice o Plan Sectorial Eólico e que estuden as seguintes propostas:

— Modificar o canon eólico e no Fondo de Compensación Ambiental, para que o canon sexa establecido pola potencia instalada do parque eólico, utilizando a recadación íntegra para actuar sobre melloras nos concellos e nas comunidades locais afectadas pola instalación de ditos parques.

— Establecer un modelo de “contrato tipo” para favorecer a transparencia e garantías das persoas propietarias rurais.

— Crear unha base pública de información dos prezos alcanzados nas negociacións entre as partes afectadas na instalación dun parque eólico.

— Reforzar as garantías medioambientais dos territorios afectados pola instalación de novos parques eólicos ou a repotenciación dos existentes, con especial atención á protección do territorio pertencente



á Rede Natura e as súas futuras expansións e aos humidais do territorio, impedindo en todo caso o fraccionamento de proxectos de parques eólicos que se está a producir na nosa comunidade en vulneración da lexislación vixente.

— *Establecer unha nova distancia mínima das vivendas aos muíños eólicos como en Asturias e a Comunidade Valenciana que é de 1.000 metros.*

— *Limitar o volume das superficies poligonais de afectación dos proxectos eólicos no territorio ao mínimo necesario para o seu desenvolvemento.*

2. A reactivar en colaboración cos concellos afectados a autorización de proxectos eólicos que permitan reverter a situación de paralización a que someteu o Goberno galego ao sector nos anos 2020 e 2021, que rematarán con menos de 100 MW autorizados nestes 2 anos e que levan consigo o peche da industria de compoñentes do sector como Vestas en Viveiro ou Gamesa-Siemens en As Somozas.»)

Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Boa tarde.

Hoxe un debate sobre o retorno económico da enerxía eólica en Galiza non pode comezar sen mirarmos cara a Viveiro e enviar toda a nosa solidariedade aos traballadores e traballadoras de Vestas, que tan preocupados están neste momento. *(Aplausos.)*

Esta solidariedade, ademais, desafortunadamente, é inevitable estendela a toda a comarca da Mariña, que ve con desesperación como unha vez máis os traballadores e traballadoras de Alcoa retoman ese paro porque a venda continúa bloqueada. Desde logo, o norte do país é, sen dúbida, nestes momentos o epicentro dunha enorme crise industrial. Mais o certo é que se miramos aqueles postos de traballo e industrias que no noso país dependen neste momento directa ou indirectamente da enerxía eléctrica, o raio de acción espállase como un gran tremor de terra ao conxunto do país. E faino de dúas formas.

Por unha banda, podemos ver todos aqueles casos nos que ben o prezo da enerxía ou ben as consecuencias da denominada transición enerxética, que se está a facer ás ordes das empresas do oligopolio eléctrico, sen unha planificación adecuada por parte da Xunta e con imposicións, respecto ao Goberno central, que non teñen en conta os intereses galegos, están actuando de detonante. Vemos exemplos desde as Pontes a Ferrolterra, pasando pola Costa da Morte, por Coruña ou o sur de Vigo.

Pero, por outra banda, cando todos estes procesos podemos ver tamén a outra cara da moeda. En Galiza, cando falamos da relación entre a enerxía e o desenvolvemento económico, temos que falar tamén dunha longa lista de oportunidades perdidas. Pensar tanto no desenvolvemento económico que deixou de facerse para primar o desenvolvemento enerxético, como pensar tamén en todo ese desenvolvemento enerxético que se fixo sen exixir a cambio nin o máis mínimo desenvolvemento económico. Isto que dicimos desde o BNG pode parecer un



trabalinguas, pero ten imaxes que o ilustran de forma moi sinxela. Na relación inicial que fixen, se pensamos nun mapa do noso país, vemos como practicamente imos percorrendo toda a costa e todo o eixo atlántico, e falta unha parte enorme que corresponde co interior, sur de Lugo, e con todo ese camiño cara a Portugal, atravesando varias comarcas de Ourense, un amplo territorio que, malia ser reserva enerxética de diferentes empresas, non teñen a cambio unha fixación de emprego nin de industria. E hoxe pola mañá, precisamente, falabamos moito nesta cámara de encoros, de como, das 45 instalacións de gran hidráulica que hai no noso país, 25, por exemplo, das que 22 están integramente en comarcas de Ourense, e viamos este mesmo verán, como fío desa crise dos encoros da que falamos hoxe pola mañá, o xornal ourensán *La Región* estudaba a evolución da poboación das zonas onde se instalaron esas grandes hidráulicas, e resumía moi ben un titular que era: 50.000 habitantes menos desde a construción dos encoros. Lonxe de asociarse o desenvolvemento económico e social do territorio, a vida das 22 grandes centrais hidroeléctricas situadas na xeografía ourensá discorre paralela á perda de case 50.000 habitantes nos 18 concellos rurais que as albergan. Ese é outro gran baleirado asociado aos encoros.

É certo que un problema tan complexo, estrutural, como a crise demográfica e a crise que atravesamos en xeral o noso país, non ten unha soa causa, pero, desde logo, é evidente, é claro e meridiano, pasados tantos anos, que estas instalacións están sobradamente amortizadas e que non trouxeron canda si un desenvolvemento económico asociado, pese a que ano a ano xeran millóns e millóns de euros. Iso non reverte no desenvolvemento económico.

E traemos precisamente o exemplo de hidráulica para falar hoxe da enerxía eólica e dos problemas que hai para transferir a xeración a que teña tamén un retorno económico no noso país, recordando aquilo que Marx dicía reinterpretando a Hegel: a historia ocorre dúas veces, a primeira como unha gran traxedia e a segunda como unha miserable farsa. E o que aconteceu onte coa hidráulica no franquismo, está pasando, salvando as distancias, hoxe co desenvolvemento dunha transición enerxética orquestrada como unha auténtica farsa e un desenvolvemento eólico impulsado polo Partido Popular que non corrixe as eivas deste modelo, que non deixa un legado económico como o que debera no noso país.

E hoxe vemos como falta a planificación, falta ordenación, falta consenso coas poboacións, faltan garantías de retorno para que o aproveitamento dun recurso natural que é de todos e todas reverte no desenvolvemento económico, e debatemos moito tamén nesta Cámara sobre os múltiples problemas concretos que ten o modelo eólico do Partido Popular. E hoxe queremos, precisamente, desde o BNG insistir nunha cuestión absolutamente clave para nós: este modelo directamente impide que haxa un retorno económico, iso constitúe unha enorme oportunidade perdida.

E iso é así non porque sexa unha praga bíblica ou non haxa outra alternativa ou posibilidade, iso é así, directamente, por decisións políticas, polas decisións políticas do modelo do Partido Popular, que desde que tombou no seu día o decreto eólico do Bipartito se limitou a impulsar unha lei que, por certo, xa mudou nove veces e que impide directamente que haxa un retorno económico suficiente, a comezar porque non obriga, non pon nin un só condicionamento para que esa expansión eólica vaia asociada a unha expansión tamén no ámbito industrial, económico ou laboral. Directamente, o Partido Popular eliminou os instrumentos que servían



para facer isto, eliminou a obrigatoriedade de asociar plans industriais, eliminou a posibilidade da participación pública directa en beneficio do sector, tanto da propia Xunta de Galiza como doutras entidades, e incluso renunciou a retomar outras figuras que existiron noutros momentos do noso marco legal, como aqueles parques eólicos singulares.

E, polo tanto, hoxe en día, vista a expansión eólica que estamos a ter, e visto o seu cero resultado respecto do desenvolvemento industrial e do mantemento do emprego, desde logo este debate é absolutamente urxente. Porque a solidariedade que eu expresaba cos traballadores e traballadoras de Vestas no meu inicio desta intervención está moi ben, e estarán moi ben seguramente todas aquelas declaracións de intencións, institucionais, que veremos nas próximas semanas, pero aquí temos a posibilidade de facer algo máis que declarar a nosa solidariedade, temos a posibilidade de impulsar mudanzas que impidan que a historia que se está repetindo con Vestas, como xa vimos con Siemens-Gamesa e anteriormente con outras empresas, se volva repetir.

E, desde logo, se falamos de industria eólica, de desenvolvemento económico e de todo este debate que estamos traendo desde o Bloque Nacionalista Galego, hai varias preguntas que deberamos facernos como país. Por exemplo, como é posible que, se no ano 2020, un ano no que Galiza tiña xa practicamente pechadas de produción as súas dúas centrais térmicas, como é posible que, aínda continuando a exportar un 29,2 % de enerxía eléctrica, non teña este país ningunha compensación a cambio.

Hai que preguntarse como é posible que, neste contexto de crise económica, nós, que exportamos ouro directamente, nun contexto de récord histórico do prezo, no lugar de beneficiarnos, teñamos unha industria pechando tras outra. Como é posible que, sendo Galiza a segunda comunidade do Estado que máis enerxía eólica xerou, como é posible que Galiza, batendo un récord histórico na nosa propia historia respecto da xeración da enerxía eólica, vexa como as empresas do sector pechan. Como é posible que poidan perderse neste ano, se se consuma o peche de Vestas, máis de 300 postos de traballo directos só do sector.

Iso, desde logo, só ten un nome, que é espolio, só ten un nome, que é vergonza, e, desde logo, hoxe o que pretendemos é poñer enriba da mesa propostas para que acabe esa vergonza. Unha vergonza que, ademais, ten lugar, precisamente, porque nos levou aquí o modelo que impulsou o Partido Popular, que primeiro paralizou o sector, ocasionando unha primeira vaga de peches, que despois mudou, ademais, ese modelo de participación pública por un modelo de canon eólico que é absolutamente inservible, tanto pola súa formulación..., Eu quero recordar aquí que xa nalgún momento tivemos que pagar, a través da nosa factura enerxética, ese custo transferido por parte das empresas, e porque tamén hai que dicir que a contía é ridícula e mingunte, 23 millóns de euros ao ano, que cada vez se recadan menos. O outro día comparecía neste Parlamento a directora da Atriga e falabamos precisamente desta cuestión: a transformación dos parques leva a que se recade menos e a Xunta de Galiza non fai absolutamente nada, e se comparamos eses 23 millóns de euros coa estimación que fai o Observatorio eólico de Galicia de que as empresas xeran cada ano máis de 500 millóns de euros de beneficios para as súas arcas co vento galego, pois baste facer unha breve conta de canto suporía ter un 20 % de participación pública directa, para poder ter así recursos para reindustrializar este país.



Vemos, polo tanto, que ese modelo, que puxo fin á obrigatoriedade de vincular as instalacións eólicas a plans industriais que revertesen na fixación do tecido económico, non nos levou a bo porto. Tampouco a desvinculación absoluta co sistema innovador e investigador do país, e aí vemos o resultado, pois mentres Vestas abriu un centro de innovación no Porto, mentres Siemens-Gamesa abriu unha nova planta en Portugal, Galicia continua baixando a persiana das empresas, e, desafortunadamente, é algo que non só acontece no sector eólico, poderíamos falar aquí, unha vez máis, do almacenamento enerxético, de como unha vez e outra o Partido Popular votou en bloque —nunca mellor dito— en contra desa proposta que facía o Bloque Nacionalista Galego de que nas Pontes houbera un centro deste tipo, e vemos como outras latitudes como Estremadura si avanza en centros dese tipo. Desde logo, a conclusión que traemos con esta iniciativa é que é inadmisíbel que, malia non ter xerado nunca tanta enerxía eólica neste país,...

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ... malia experimentar un *boom* eólico que está causando moitísimos problemas no territorio, vemos que non hai un retorno. Hoxe traemos unha batería de medidas para darlle a volta, desde medir e avaliar con indicadores obxectivos ese retorno económico; modificar o canón eólico e —as cuestións máis importantes—, en primeiro lugar, retomar a obrigatoriedade de plans industriais, exixir que unha porcentaxe das compoñentes sexa de fabricación galega para autorizar estes parques e apostar tamén a medio prazo pola constitución dunha empresa pública de enerxía como temos formulado outras veces.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: En resumidas contas —e remato xa, señor presidente— hai alternativas políticas para poder impulsar un modelo enerxético que sexa sostible, que sexa galego e que sexa xusto. Desde logo, con estas propostas poderíamos avanzar nesa liña, e retomando o que dicía o outro voceiro, entendemos que a non presentación de emendas do Partido Popular xa non é un bo... (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Terminou o seu tempo.

Grazas.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Grupo Parlamentario Socialista, señora Otero Lago.

Grazas, presidente.

A señora OTERO LAGO: Moi boa tarde de novo.

Un Pleno máis falamos de enerxía, exactamente igual que hai dúas semanas —neste caso falabamos a propósito do recibo da luz—. Estamos ante debates necesarios, pero que, por



responsabilidade, deben de cristalizar en políticas concretas, porque se non, efectivamente, hai consecuencias directas.

Aquí en Galicia importamos o 70 % da enerxía en forma de hidrocarburos, petróleo e gas, polo que o único camiño efectivo posible que temos por diante é o de avanzar nunha transición enerxética para lograr a neutralidade climática no ano 2050. E, ¿como lograr esa meta sen enerxía eólica? Esa é a gran cuestión, porque nin o escapismo, o negacionismo climático, nin a oposición total, evidentemente, nos permitiría alcanzar ese obxectivo.

O pasado mes de xuño, por non ir máis lonxe, o PSdeG trouxo a este Parlamento unha proposta para avanzar nesta liña, corrixindo precisamente as eivas que existen no proceso de implantación da enerxía eólica no país, unha reforma para contrarrestar o malestar e desconfianza da cidadanía e baseado na participación e na transparencia.

Nós, desde o PSdeG, vimos proclamando con naturalidade e con contundencia ao mesmo tempo que somos firmes defensores na implantación das enerxías renovables, non estamos na irresponsabilidade de quen se sitúa en contra de calquera iniciativa de implantación eólica. As renovables son, de feito, unha peza indispensable para acelerar cara á necesaria transición enerxética sostible, única saída, como dicíamos, con capacidade para mitigar o cambio climático e a crise na que nos atopamos. De feito, a enerxía eólica xerada aquí en Galicia permitiu evitar a emisión de 32,9 millóns de toneladas de CO₂ entre 2015 e 2019, alcanzando os 5,4 millóns só no 2019.

Por outra banda, o sector eólico é tamén importante en termos económicos para Galicia, pois representaba no 2019 unha contribución total ao PIB de algo máis de 581 millóns de euros, e o número de postos de traballo asociados de maneira directa e indirecta ao sector eólico era de 7.000 traballadores.

Xunto a este peso económico, medioambiental, temos de plena actualidade o problema dos prezos no mercado regulado eléctrico, non podemos depender dos combustibles fósiles importados. Os prezos tan altos que se están pagando débense ao gas, á súa demanda, son estas as tecnoloxías que marcan a tarifa do último recurso, como xa está de cheo asumido por toda a sociedade.

Polo tanto, neste contexto obxectivo, manter un posicionamento responsable e firme que non cambie como o vento, e nunca mellor dito, é o que vimos manifestando dende este grupo.

Galicia foi pioneira na regulación do aproveitamento do vento para a produción de electricidade. A eólica desenvolveuse amplamente nas últimas décadas no noso territorio, converténdonos, efectivamente, nunha potencia. Este proceso, que tivo lugar grazas á nosa riqueza eólica, supuxo a instalación de máis de 4.000 aeroxeradores en moitos dos montes, en máis de cen concellos. Precisamente, o que vimos defendendo é de sentido común, seguir avanzando pero dun xeito planificado, responsable, en comunión co noso rural, coas comunidades rurais e cos concellos, para adaptar un plan sectorial eólico que non responde á realidade e necesidades actuais.



Debemos, polo tanto, estudar en conxunto onde poden situarse as ampliacións do sector eólico e, en consonancia, cales son as zonas que debemos preservar do impacto duns parques cunhas infraestruturas que, ademais, mudaron moito nestas últimas décadas, pois nada teñen que ver aqueles muíños de 50 metros dos anos 90 cos de hoxe en día, que dobran, e algo máis tamén, esa cifra, chegando ata os 200 metros de altura. En moitos casos, os aerogeneradores xa non están nas montañas e conviven en núcleos habitados. Precisamos, polo tanto, protexer a cidadanía e por iso pedimos e insistimos nesa necesidade de aumentar as distancias mínimas ás vivendas. Solicitamos tamén que actúen para que o desenvolvemento eólico non choque contra a protección da biodiversidade. Seguimos aínda agardando pola ampliación da Rede Natura, proxectada polo Goberno bipartito, presidido por Touriño, e bloqueada sistematicamente nos últimos dez anos. Dez anos, toda unha década agardando por un asunto capital, que era urxente no ano 2011 e que é imprescindible neste 2021 e que fai que esteamos no vagón da cola estatal.

Xa temos falado tamén do desleixo arredor da protección das valiosas zonas húmidas, en estado a creación do inventario de humedais de Galicia. Por todo isto, volvemos insistir na necesidade de establecer un plan enerxético que sexa participativo, transparente e máis xusto cos propietarios dos terreos afectados, e, por suposto, que non poña en risco a nosa riqueza natural e as actividades primarias do noso territorio. Non son ideas nin achegas novas e, a pesar de ter este debate noutras ocasións, ¿que é o que nos atopamos arestora? Unha volta —como dicía ao comezo— ao mesmo punto de saída ou aínda peor. Porque estamos nunha situación de auténtica parálise. Este ano, no conxunto do Estado, faranse 1.800 megavatios eólicos, aquí en Galicia 35; o ano pasado, 2020, apenas 70. A consecuencia directa desta parálise —entre outras cousas— é que non hai industria auxiliar que sobreviva e que aguante esta situación. Esta inacción lévanos ben ao peche ou ben á deslocalización da nosa industria. A situación de Vestas en Viveiro é o exemplo máis recente deste desleixo, ou o caso de Gamesa.

A señora Candia falaba esta mañá da situación en Vestas, culpando —como non— a Madrid. Ben, pois quero convidala, e convidalos, a que vexan, lean, o que di hoxe mesmo a Asociación Eólica de Galicia. Aseguran que a falta de actividade e a parálise eólica nas políticas autonómicas explican a situación da factoría de Viveiro, segundo un comunicado público que recolle a prensa —está no ABC, por exemplo— desta asociación que agrupa as principais empresas do sector. A explicación, din, é sinxela: se non hai megavatios non hai fábricas, e a crise de Vestas é unha consecuencia directa desta parálise de políticas a nivel autonómico. (*Aplausos.*)

Neste comunicado, no que solicitan un pacto social e político a favor da enerxía eólica, lembran que é a principal arma para loitar contra o cambio climático, é unha ferramenta —como dicíamos— decisiva e que compartimos, para atraer investimentos, xerar emprego e riqueza; en definitiva, mellorar a calidade de vida. Son palabras literais do comunicado. Segundo os datos da asociación, ademais, o sector eólico perdeu xa un millar de empregos no último ano e medio.

Tamén dirán —como no debate deste mediodía do naval— que será pola pandemia e que porque ás veces soben ou baixan certas industrias. Pero de falar de competencias propias, unha vez máis, imaxino que tampouco esta tarde nin unha soa palabra.



Por ir rematando, desde o noso grupo insistimos hoxe nas reformas e achegas concretas que levamos meses defendendo. Precisamos negociar un novo modelo integral coa participación de todos os sectores implicados, que poña solución aos múltiples problemas de transparencia, participación, asesoramento, garantías medioambientais e no que se actualice o Plan sectorial eólico, e que estuden as seguintes propostas:

— Modificar o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental para que o canon sexa establecido pola potencia instalada do parque eólico, utilizando a recadación integral para actuar sobre melloras nos concellos e nas comunidades locais afectadas pola instalación de ditos parques.

— Establecer, así mesmo, un modelo de contrato tipo para favorecer a transparencia, garantías aos propietarios rurais.

— Crear unha base pública de información dos prezos alcanzados nas negociacións entre as partes afectadas na instalación dun parque eólico.

— Reforzar as garantías medioambientais dos territorios afectados pola instalación de novos parques ou a repotenciación dos existentes, con especial atención á protección do territorio pertencente á Rede Natura e ás súas futuras expansións e aos humedais do territorio, impedindo, en todo caso, o fraccionamento de proxectos de parques eólicos que se está a producir na nosa comunidade, en vulneración da lexislación vixente.

— Establecer, tamén, unha nova distancia mínima das vivendas aos muíños eólicos, como en Asturias ou na Comunidade Valenciana, que é de 1.000 metros.

— Limitar o volume das superficies poligonais de afectación dos proxectos eólicos no territorio o mínimo necesario para o seu desenvolvemento e reactivar, en colaboración cos concellos afectados, a autorización de proxectos afectados pola autorización de proxectos eólicos que permitan revertir a situación de paralización absoluta á que someteu este Goberno da Xunta o sector nos anos 2020 e 2021, que rematará con menos de 100 megavatios autorizados nestes dous anos e que leva consigo —insistimos— o peche da industria de compoñentes do sector, como Vestas en Viveiro ou Gamesa Siemens nas Somozas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Grupo Parlamentario Popular, señora Nóvoa Iglesias.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.



Bueno, señora Presas, ¡papelón o seu!, ¡vaia farsa! É que se polo Bloque Nacionalista Galego fose, non é que pecharía Vestas, é que pecharía toda a cadea industrial eólica de Galicia (*Aplausos.*) ¡Pero que levamos dúas lexislaturas a tope en contra dos parques eólicos!, ¡Pero como se pode ser máis cínicos, por favor, señora Presas!

Señora Otero, a vostede é que lle gusta ler a prensa, xa mo dixo o outro día, voulle ler a noticia de hoxe pola mañá, que se ve que non a leu ben. Voulla ler: «A Asociación Eólica de Galicia achaca á inseguridade xurídica a caída de centros como o de Vestas, en Viveiro, cuxo peche anunciado para finais de ano tacha de pésima noticia para a comarca. Nun comunicado, a patronal eólica galega lamenta que España —¡España!— acaba de penalizar o rendemento das empresas eléctricas como consecuencia da suba do prezo da luz.» (*Aplausos.*) O real decreto que aprobaron o outro día para baixar o prezo da luz creou un caos, unha inseguridade xurídica. Por certo, real decreto de 30 páxinas, e cinco días despois tiveron que sacar unha aclaración de dez páxinas, señorías, porque a inseguridade xurídica creada no sector renovable é abismal, ¡pero é que non leu ben a noticia! E o peor de todo é que vostede igual non o sabe pero, mire, eu levo debatido varios anos xa, pero nesta lexislatura, de enerxía. Os seus compañeiros, o Bloque Nacionalista Galego, traen como mínimo de media unha iniciativa por Comisión 6ª en contra do sector eólico.

¿Como pode vir dicir aquí hoxe que a culpa é da Xunta de Galicia, que non instale parques eólicos? ¡Pero se vostedes non queren que se instalen parques eólicos en Galicia! Vostedes, o PSdeG, non o Partido Socialista. Pero, por favor, señora Otero, é que non pode haber maior exemplo de cinismo, non o hai. É que non o pode haber, un absoluto caos, unha transición enerxética errada.

Dous anos, señorías, dous anos para convocar unha poxa de enerxía renovable e pregúntanse por que non se instalou enerxía renovable no 2020 e no 2021. Dous anos dende que chegaron ao Goberno, cero poxas de enerxía renovable. Pero é que é surrealista, ¡eh!, ¡home, por favor!, lea un pouquiño máis, señora Otero, mire. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A incoherencia é de tal nivel, a incoherencia é de tal nivel que aquí a bancada esquerda, pero do lado do Bloque Nacionalista Galego, chámanos depredadores porque instalamos, eles din que instalamos todo e os outros que non instalamos. ¡Home! Eu xa sei que o binomio PSOE e BNG non funcionou moi ben na Consellería de Industria cando gobernaron, todos o sabemos, ¿verdade?, que o señor Touriño estivo a punto de cesar o señor conselleiro do BNG pola súa deslealdade. E se imos falar aquí de modelos, falamos de modelo eólico, señora Presas, é que o sacou vostede, eu non lle ía falar do Bipartito (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) non lle ía falar do bipartito, pero, ¡joia!, dous concursos anulados pola xustiza, o de 2006 e o 2007, por certo, entre os dous concursos, 800 megavatios, ¡e os depredadores somos nós!, pero eles ían sacar a concurso 800 megavatios eólicos, anulados pola xustiza, anulados. E, ademais de ser avaliados pola xustiza, os seus socios de Goberno dicían que as ubicaban a dedo. ¡Oían, mire! un pouco de respecto, eleccións de modelo de sector eólico, cero. Cero, señorías.

Mire, nós temos un modelo eólico que se prioriza por un plan sectorial eólico, que é un instrumento de ordenación territorial que define onde se poden colocar os eólicos e onde non.



Temos unha lei do ano 2019 de patrimonio natural que especifica claramente como son os principios de prevención e precaución, e que pon por encima o medio natural ante calquera implantación urbanística, e sábeno vostedes, señorías, saben vostedes que Galicia está blindada nun 77,5 % e que non se poden instalar parques eólicos nun 77,5 % da nosa superficie. Entón, señorías, esa é a realidade.

Falamos aquí de retorno, e aquí vólvennos dar unha lección máis. ¿Canto puxo o BNG? Cero euros, ¿quen creou o canon eólico?, ¿que retorno lle daban vostedes? E..., ¿como que di que non, señora Rodil? Eu teño, eu sei a historia, se vostede non a coñece, entérese, o canon eólico foi posto por este Goberno, leva recadado máis de 200 millóns de euros, que reverten no territorio.

E vólvollo repetir, señora Presas, pregúntelle ao seu alcalde de Muras, que recibe máis de 500.000 euros ao ano do canon eólico, esa é a realidade, señoría. Vostede non fale aquí de retorno, ¿como que non? ¿O BNG?, ¿o Bipartito? Cero euros, este Goberno, o canon eólico, que leva revertido no territorio, si, señoría, á parte dos impostos que xa non vou volver a recordar aquí os impostos de IBI e de... que pagan as empresas eléctricas.

E miren, onte —volvendo retomar o tema de Vestas—, señora Otero, aquí hai unha foto —que a vostedes lles gustan moito as fotos—, ¿sabe quen está nesta foto? (*A señora Nóvoa Otero amosa unha fotografía a Cámara.*) A Xunta de Galicia e o comité de empresa, ¿sabe quen falta nesta foto? O Goberno central, estaba (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) convocado a esta reunión, estaba convocado a esta reunión, ¿onde está? Non está. Esta é a realidade do que se preocupan vostedes.

Mire, moito mellor nos iría a todos se se puxeran de acordo nunha planificación enerxética. Mire, o señor Arangüena ensiname unha foto. Pero, señor Arangüena, eu non lle vou ensinar as fotos do señor Pedro Sánchez con Galán, que tamén as ten, por favor, non me saque esa foto, non sexa ridículo. (*Risos.*) (*Aplausos.*)

Miren, a realidade é que o Bloque Nacionalista Galego dinos que nos sobra enerxía renovable, cando non é verdade. Nós estamos moi orgullosos da enerxía renovable, pero resulta que Galicia só pode utilizar o 30 % desa enerxía. E temos que seguir importando enerxía —a señora Otero dixo aquí as cifras tamén— e temos que avanzar moito máis na electrificación da nosa economía, sobre todo na parte térmica. E vostedes sábeno e os seus gurús tamén o saben, aínda que non o contan, señora Presas, e quérannos inculcar a tarifa galega, e xa lle dixen na pasada iniciativa do pasado pleno que non, ímoslle dicir todas as veces que sexa necesario que non á súa tarifa galega. ¿E sabe por que? Porque nin é, nin somos autosuficientes, nin podemos vivir da nosa enerxía que xeramos polo momento, porque non temos oportunidade de almacenamento enerxético. Pero a señora Rodil pensa que somos capaces de instalar unha empresa de almacenamento enerxético. Mire, señoría, o que se instalou en Estremadura é un centro de investigación en almacenamento enerxético, non temos a tecnoloxía inventada, señora Rodil, entérese, non, non. En Galicia estamos traballando para instalar empresas deste tipo, imos ver o que pasa cos fondos Next Generation e as oportunidades de hidróxeno verde que ten esta comunidade. Señoría, non lle imos aceptar a súa receita de tarifa galega. Señora Presas, non, porque é unha estafa



para os galegos, porque suporía pagar un 30 % máis cara a luz, máis, non menos, vostedes din que menos, pero non. Os datos son que recadamos 700 millóns por peaxes eléctricos na nosa comunidade e resulta que a enerxía na nosa comunidade custa 900 millóns, co cal faltan 200 millóns. Entón, a súa receita é unha estafa, e tamén sabe que a responsabilidade do prezo da luz non é de Feijóo, non é de Feijóo, señor Arangüena, é do señor Sánchez, e alí o teñen colocado, o Bloque Nacionalista Galego teno colocado na Moncloa, señorías, esa é a realidade.

Mire, a realidade do noso sistema eólico e do noso plan eólico é que é un instrumento que permite desenrolar enerxía eólica compatible co medio ambiente e coa protección do noso patrimonio natural. Miren, temos unha normativa ambiental que protexe o noso territorio, iso a vostedes dóelles moito, dóelles moito, señorías.

Entón, a realidade é que —xa llo teño explicado varias veces aquí— a tramitación eólica que se fai en Galicia é a mesma que se fai en toda España, que consta de 12 informes que teñen que ser aprobados para que calquera parque eólico saia adiante. E aquí tramítanse con rigor. E claro que hai moitas solicitudes hoxe presentadas enriba da mesa, entre outras cousas, pola moratoria que puxo a señora Teresa Ribera, e que provocou unha avalancha tremenda de solicitudes para as conexións de acceso, e hoxe temos unha avalancha de permisos. Pero, señora Otero, non imos instalar máis porque o diga o PSOE, van tramitarse os proxectos con rigorosidade, con rigor, e sairán os que teñan que saír e os que non, non sairán, e o que están facendo vostedes hoxe é intoxicar a poboación dicindo que todos os proxectos que hai presentados do sector eólico van saír adiante.

E tramitar, señorías, non significa aprobar, non. Por lei temos que tramitar os proxectos, pero vostedes saben que uns sairán e outros non. Entón, a incoherencia desta bancada que pretendía gobernar xunta Galicia é que uns din que non instalamos e outros din que depre-damos e instalamos moito. Entón, señorías, esta é a realidade, que nin vostedes mesmos se poñen de acordo.

Miren, espolio, señora Presas, ¿sabe cal é o espolio ao que teñen sometida Galicia? Pois o espolio é querer cerrar as nosas empresas, querer pechar Ence, querer pechar as térmicas, como quixeron, antes de tempo, querer paralizar o sector eólico; en definitiva, querer que non haxa industria en Galicia. Ese é o espolio ao que vostedes nos queren someter, señorías. Ese é o espolio. E espolio para o BNG tamén é nacionalizar empresas, porque queren unha empresa pública de enerxía nacionalizando empresas (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*). Ese é o espolio que vostedes propoñen.

¡Claro que hai empresas públicas de enerxía, señoría! En Italia —póñolle o exemplo, señora Rodil, infórmese—, teñen a enerxía máis cara que en España..., Italia, ENEL, ENEL, ¡claro!, está máis cara a enerxía. Mire, é unha empresa pública, pero igual que as dúas comercializadoras que se puxeron en España, como foron a de Barcelona e a de Cádiz, que lle cobran a enerxía..., son comercializadoras públicas e cóbranlles a enerxía máis cara que as comercializadoras privadas. ¿Entón, ese é o seu modelo? Non, non, ¿é unha empresa pública por que si? Non, será unha empresa que xestione e que faga que todos paguemos a enerxía máis barata, non porque sexa pública ou privada.



Miren, vostedes están en contra de calquera iniciativa empresarial privada. Polo tanto, señora Presas, non veña facer aquí demagogia, a dicir que está cos traballadores de Vestas, porque o que non lles conta aos traballadores de Vestas é que todos os días aquí está pedindo a paralización dun sector eólico. Se por vostedes fora, señorías, non habería ningunha industria do sector eólico en Galicia (*Murmurios.*) ¡Non a habería! Porque non queren a industria eólica, queren unha tarifa galega, unha empresa pública, ¿con que enerxía?, se están en contra de toda, da térmica, están en contra da eólica, de calquera...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora NÓVOA IGLESIAS: ...¿cal é para vostedes a enerxía?

Miren, é evidente (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) que non lles imos aceptar ese tipo de iniciativas. Tráianas as veces que queiran, eu encantada de debater de enerxía con vostedes, por suposto que si, pero, miren, o noso modelo creo que está avaliado, temos unha comunidade cun potencial increíble de enerxía eólica, creo que temos unha comunidade que hai uns días a Ribeira Sacra foi nomeada Reserva da Biosfera, e vostedes... temos a maior porcentaxe de Reserva da Biosfera case de España, co cal o seu discurso se cae polo propio peso.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Nóvoa Iglesias.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Grupo autor da proposición non de lei, señora Presas.

¡Silencio, por favor! Xa houbo un descansiño, agora imos respectarnos todos, ¡eh! (*Risos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, bueno, eu comprendo que hai que de vez en cando tal..., pero agora está no uso da palabra a señora Presas, imos respectalo. Adiante.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

A verdade, señora Nóvoa, vaia batiburrillo de cuestións e mezcolanzas, única e exclusivamente para facer algo, que era non falar das proposta que trae o BNG para facer que o sector eólico teña un retorno económico en Galiza (*Aplausos.*) En fin...

O titular, podía ser: levan vostedes 12 anos gobernando, modificaron 9 veces a súa propia lei do sector eólico, aprobaron 3 leis que presuntamente ían combater a deslocalización neste país, só no que levamos do 2021 marcha Siemens-Gamesa para Portugal e pecha Vestas abrindo centros de produción ou de investigación en Portugal, e aquí a culpa é de que o Bloque Nacionalista Galego trae propostas. Pois mire, señora Nóvoa, igual tiñan que revisarse un pouco o seu. (*Aplausos.*)

É que están vostedes nunha dinámica de... ¡é que non Mr. Hyde!...tan permanentemente que, ¡claro!, vén aquí incluso presumir da declaración da Reserva da Biosfera, que vostedes non



teñen protexida, e para símbolo O Iribio, O Iribio está nesa Reserva da Biosfera da que vos-
tede presumía (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*) Si, si, con sentenzas da
xustiza, que fala da desordenación e do caos xurídico da Xunta de Galiza, señora Nóvoa. ¡Está
vostede para falar de caos xurídico!

En todo caso, se o problema é España, xa saben vostedes, sigan facéndose soberanistas,
sigan os postulados do Bloque Nacionalista Galego (*Risos.*), ¡non pasa nada!

No Pleno anterior tiñamos o Partido Popular e o Partido Socialista unidos contra a tarifa
eléctrica galega, e neste Pleno témolos unidos contra..., non, a favor de non falar —valla
a redundancia— da proposta clave desta iniciativa, que é: ¿podemos vincular os proxectos
eólicos que se van instalar en Galiza a plans industriais, e a que unha parte das compo-
ñentes sexa de fabricación galega? ¿Si ou non? Esa é a cuestión clave que queremos votar
hoxe.

Vostedes xa dixeron que non, e o Partido Socialista suprime ese punto da súa emenda. Non
sabemos se é que, como depende tamén do período de se están de acordo con esas cuestións
ou non, que é o que van a facer, pero, desde logo, esa emenda non podemos aceptala, com-
partindo outras reflexións que se facían aquí.

En todo caso, por ir aclarando algunha cuestión, señora Nóvoa, é que a vostedes o que lles
proe é que, efectivamente, agora se ve o resultado de que tombaran ese concurso eólico do
Bipartito. Porque, mire, ¿sabe quen intentou cesar o señor BLANCO, e quen intentou cesar o
proxecto do nacionalismo galego nese Goberno bipartito? Foi o oligopolio eléctrico e foron
vostedes (*Protestas.*), foron os que o intentaron cesar, señora Nóvoa (*Aplausos.*) e saíulles
mal, saíulles mal. Volveu perder vostede a oportunidade de pedir desculpas aquí publica-
mente ao señor Blanco, volveu perder esa oportunidade, pero non pasa nada (*Murmurios.*)...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...aquele era un decreto revolucionario e, efectivamente,
se non o tiveran tombado, hoxe o que teríamos é que aquel tecido económico que no 2009
despegaba en Galiza estaría, no lugar de absolutamente derruído despois de 12 anos de
Núñez Feijóo, estaría consolidado. E se Galiza tivera unha participación pública directa dun
20 % deses máis de 500 millóns de euros que xeran as enerxéticas no noso país co vento
galego, este país tería un orzamento estable de mínimo 50 millóns de euros ao ano para re-
verter en investigación, en fixación industrial. (*Aplausos.*)

E volve vostede meterse na fochanca do almacenamento enerxético; ¡é que o almacenamento
enerxético é aquí o quid da cuestión, o Santo Grial do sector enerxético! Hai que apostar pola
innovación. Claro que en Estremadura están apostando por un centro de innovación, pero é
que é o que pedimos para Galiza, que aposten pola industria, que aposten pola innovación,
e que aposten polo futuro, señora Nóvoa. Mentres outros países que non teñen o potencial
produtor que temos nós, pero nin en eólica, nin en hidráulica, nin noutras tecnoloxías, vos-
tedes fan que Galiza quede atrás, (*Murmurios.*), que Galiza quede atrás no lugar de avanzar.
Ese é o problema, señora Nóvoa.



E quen debера falar cos seus alcaldes é vostede, cos alcaldes do Partido Popular, que están aprobando por aí mocións pedindo outro modelo eólico. *(Aplausos.)* ¡Claro que falamos co alcalde de Muras! Eu non sei cantas veces lle teño que traer a esta Cámara os artigos que publica o noso estupendo alcalde de Muras. Pero, efectivamente, volvemos falar do exemplo de Muras: 400 aeroxeradores, menos de 3 postos de traballo directos derivados dos mesmos. Efectivamente, recadan en impostos —un caso único en Galiza— e revértense na veciñanza. Pero se houberse un modelo de participación pública como o que defende o Bloque Nacionalista Galego o beneficio sería maior, señora Nóvoa.

E remato xa, porque se me esgota o tempo, referíndome unha vez máis a Vestas. Mire, señora Nóvoa, eu supoño que está informada xa do resultado desa xunzanza coa empresa e coa Xunta, e do que dixo a empresa. ¿E que dixo a empresa? Que *nanai*, que teñen unha decisión tomada. ¿E que vai facer a Xunta de Galiza? Porque esa decisión chega pola política industrial ou pola ausencia de política industrial da Xunta, señora Nóvoa *(Aplausos.)* ¡E deberían de estar colorados á hora de vir aquí! E vostedes agora únense entre o Partido Popular e o Partido Socialista para intentar crear ese halo de que aquí hai un espírito antieólico repentino no Bloque Nacionalista Galego. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, o noso problema non é coa industria eólica, coa tecnoloxía en abstracto, o noso problema é co modelo do Partido Popular, co modelo absolutamente depredador e polo cal non queda beneficio en Galiza.

Porque como se explica —e remato, de verdade, señor presidente, agradecendo a súa flexibilidade— *(Risos.)*

O señor PRESIDENTE: Sobre a emenda, sobre a emenda.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...si, remato. Sobre a emenda, xa dixen que non a aceptamos.

¿Como pode ser posible que nunca Galiza xerese tanta enerxía eólica, que nunca experimentase un boom como o que hai de autorizacións, e que estea pechando absolutamente toda a industria vinculada ao sector? Iso é absolutamente delictivo e este Parlamento debería de traballar para cambialo.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Be-goña Rodríguez Rumbo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da actualización do Pacto local galego no seo da Comisión Galega de Cooperación Local

O señor PRESIDENTE: Hai emendas do Grupo Parlamentario Popular e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.



(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da súa deputada Paula Prado del Rio, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei:

Emenda de substitución

Debe substituírse o texto da parte resolutiva polo que segue:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar impulsando os traballos de auditoría para determinar as competencias impropias que están asumindo a administración autonómica e os concellos, así como os custos económicos respectivos, co fin de contribuír á mellora do sistema de financiamento local, tal e como se acordou na reunión da Comisión Galega de Cooperación Local do 19 de febreiro de 2021.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa do deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei:

Emenda de substitución

Substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

«O Parlamento insta ao Goberno Galego dar cumprimento aos compromisos contraídos pola Xunta de Galiza no Pacto Local, así como a negociar a súa actualización no seo da Comisión Galega de Cooperación Local.»)

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Boas tardes, señores e señoras deputadas.

Hoxe os socialistas queremos traer novamente a debate o financiamento dos concellos galegos. Cremos que se trata dun momento moi acaído, posto que en breve imos debater, imos iniciar o debate dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, e sería desexable que todos os partidos representados nesta Cámara tomáramos un acordo unánime de apoio ao municipalismo galego, adoptando os mesmos acordos aprobados por unanimidade no seo da Federación Galega de Municipios e Provincias e reiterados unha e outra vez por todo o municipalismo galego.

Os socialistas cremos que é o momento de mudar as formas que ten o Goberno galego, encabezado por Núñez Feijóo, para relacionarse cos concellos galegos.

Teño que volver recordar que foi un Goberno socialista na Xunta de Galicia, encabezado polo presidente Emilio Pérez Touriño, que aos poucos meses de chegar á Xunta de Galicia, en xaneiro do 2006, asinou o primeiro pacto local galego, recollendo as demandas aprobadas por unanimidade no seo da FEGAMP. O primeiro pacto local galego, un dos acordos máis im-



portantes para o municipalismo galego, que supuxo o incremento da participación dos concellos nos ingresos da Xunta de Galicia, pois en tres anos de goberno de Emilio Pérez Touriño o Fondo de Cooperación Local incrementouse en 28 millóns de euros, ata chegar aos case 113 millóns de euros, igual exactamente igual que na actualidade. Durante 12 anos de goberno de Feijóo, cero euros de incremento do Fondo de Cooperación Local.

Un pacto local galego, asinado por un presidente socialista, no que se establece por primeira vez que o mantemento dos centros de saúde, o mantemento dos centros de educación primaria e infantil e o mantemento dos xulgados de paz pasen a cargo da Xunta de Galicia, que, por certo, é quen ten as competencias exclusivas nesa materia. En 12 anos de goberno de Núñez Feijóo estes acordos aínda non foron desenvolvidos na súa totalidade.

Co presidente Touriño convocouse regularmente a Comisión Galega de Cooperación Local, tal e como se establece na Lei de administración local de Galicia, para que actuara como o que é, o órgano permanente de colaboración para a coordinación entre a Administración autonómica e as entidades locais galegas. En 12 de goberno de Núñez Feijóo, durante 8 anos, non convocaron nunca a Comisión Galega de Cooperación Local.

En resumo, 12 anos de Feijóo, cero euros de incremento do Fondo de Cooperación Local; 12 anos de Feijóo, a maioría dos concellos galegos seguen asumindo o custo de mantemento dos centros de educación infantil e primaria; 12 anos de Feijóo, a maioría dos concellos galegos seguen asumindo o custo do mantemento dos centros de saúde; 12 anos de Feijóo, os concellos seguen soportando a carga de competencias impropias. (*Aplausos.*)

Tamén, durante esta pandemia, os concellos galegos tiveron que atender as novas necesidades xurdidas da xestión da crise da covid-19, incrementando exponencialmente os seus cometidos para evitar a propagación do virus, sen que a Xunta de Galicia lles transferira nin un só euro, cando a Comunidade Autónoma ten recibido do Goberno do presidente Pedro Sánchez máis de 2.000 millóns de euros para facer fronte ás consecuencias da crise sanitaria.

Durante os 12 anos de Goberno Feijóo, os gobernos dos concellos galegos puxeron por riba o benestar da súa cidadanía, e atenderon as súas necesidades sen ter en conta de quen era a competencia, aínda que os seus recursos fosen sempre escasos.

Pola contra, durante estes 12 anos de Goberno Feijóo, voulles dicir o que si medrou: medraron os convenios de colaboración, que reparten, segundo as necesidades e as urxencias — tal como nos dicía un alto cargo da Xunta de Galicia— que decida o Goberno Feijóo, que beneficia maioritariamente aqueles concellos que teñen un Goberno do Partido Popular. Medra o reparto caciquil, que non está baseado nunha planificación para paliar os desequilibrios territoriais existentes nos concellos galegos, tanto en infraestruturas físicas, económicas e sociais, que propicien o desenvolvemento equilibrado no noso territorio, e que eviten o grave despoboamento que afecta os nosos concellos.

Eu, coma sempre, señores e señoras deputados, voulles dar datos. Miren, collín os convenios de colaboración só do exercicio 2020 da Consellería de Medio Ambiente, de Augas de Galicia,



Vicepresidencia Primeira, Axencia de Turismo de Galicia e Axencia Galega de Infraestruturas. Os convenios que se publican no *Diario Oficial de Galicia*, excluindo aqueles que estaban repartidos con criterios obxectivos. E miren, o resultado é este: *(A señora Rodríguez Rumbo amosa un gráfico á Cámara.)* total de convenios 2020, case 30,6 millóns de euros, en que 24,6 millóns de euros son para concellos gobernados polo Partido Popular. Esta é a realidade. *(Aplausos.)*

Se facemos unha comparativa entre a porcentaxe deses convenios e a porcentaxe que representa o Partido Popular nos gobernos municipais saídos das urnas en 2019 podemos ver como é a repartición que fai o Partido Popular: un 81 % para concellos gobernados polo Partido Popular, fronte a un 47 % que son os gobernos locais que teñen un goberno do Partido Popular. 30,6 millóns de euros para repartir a dedo en 2020 e no Goberno Feijóo, fronte aos 0 euros de incremento do Fondo de Cooperación Local. E recórdolles que o Fondo de Cooperación Local é de case 113 millóns de euros para repartir con criterios obxectivos e consensuados coa Fegamp entre todos os concellos galegos. 30,6 millóns de euros de 24,6 millóns, é dicir, o 81 %, para concellos gobernados polo Partido Popular.

Ben, pero iso parece que ao Goberno de Feijóo non lle abonda, parécelle algo bastante normal. E, a maiores, cada vez convócanos con máis frecuencia subvencións ou axudas dirixidas a concellos en concorrencia non competitiva, é dicir, no que o criterio de adxudicación é que quen solicita máis rápido esgota antes o crédito. E só neste exercicio 2021 voules poñer tamén exemplos, datos, subvencións en concorrencia non competitiva. E, por certo, voullas ir entregando ao señor presidente para que non lles entre a intención de acusarme de mentir.

Consellería de Medio Ambiente, subvencións destinadas á creación ou mellora de infraestruturas nos concellos de Galicia con poboación inferior a 20.000 habitantes: 2,3 millóns de euros. Publícase no DOG o 8 de marzo de 2021 *(A señora Rodríguez Rumbo entrégalle un papel ao señor presidente.)* —señor presidente, por favor—. O mércores 28 de abril comunícase o esgotamento do crédito. Ábrese o prazo o martes 9 de marzo ás 00:01 horas, e esgótase o crédito o martes 9 de marzo, o mesmo día que se abre, ás 00:09:43 horas; é dicir, en 9 minutos esgótase o crédito para esta subvención. *(Aplausos.)*

Consellería de Medio Ambiente —novamente—, axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinados a concellos de menos de 20.000 habitantes. Publícase o venres 10 de setembro de 2021. E na páxina web da Xunta de Galicia o 13 de setembro de 2021 di literalmente: «A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda abriu o prazo de presentación de solicitudes o sábado e durante as primeiras horas recibiu preto de 30 peticións, esgotando o orzamento reservado a esta liña». *(Aplausos.)*

Luns, 30 de agosto de 2021, concorrencia non competitiva de subvencións para a creación e lanzamento de plataformas de *Market Place*. Señores e señoras do Partido Popular, é dicir, en 2021 —no que levamos do ano 2021— case 4 millóns de euros a distribuír entre os concellos que son máis rápidos. E vostedes saben perfectamente que determinados alcaldes e alcaldesas do Partido Popular tiveron información da data e da convocatoria destas subvencións antes da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. *(Aplausos.)* De verdade, señores e señoras deputados do Partido Popular fundamentalmente —para o resto tamén, pero do



Partido Popular—, moitos de vostedes son concelleiros e concelleiras en determinados concellos galegos, ¿parécelles que isto responde a principios de transparencia e bo goberno, tal e como propugnan as leis? ¿Vostedes consideran que, aínda no suposto de que ningún concello tivera información —que vostedes saben que si a tiveran—, o criterio para conceder estas subvencións lles dea máis oportunidades a aqueles concellos, unha de dúas, que teñen funcionarios máis colaboradores, gobernos máis áxiles ou máis medios económicos para poder optar a estas subvencións? Posto que estas subvencións necesitan, requiren unha serie de documentación que teñen que ter preparada e feita para poder subila en 9 minutos, ou en 10 minutos, ou nunha hora, tal como acontece con estas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...subvencións en concorrencia non competitiva.

Ben, e nesta primeira quenda creo que nada máis. Espero a resposta do Partido Popular a esta iniciativa que, ¡vamos!, non me estrañaría que volviera ser...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...negativa como en anteriores ocasións. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señor Tabarés Pérez-Piñeiro.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Boa tarde, señor presidente e señorías.

Ben, agardo que as dotes parlamentares da señora Rodríguez Rumbo fagan quebrar a vontade do Partido Popular e o posicionamento de hai apenas tres meses, no mes de xuño. Seguindo os criterios do señor Torrado, é posíbel, porque como presentaron emenda, é posíbel. Se non, de todas as maneiras, hai que agardar a esa porcentaxe de 1 entre 1.000 que teñen a ben de non pasar o rodillo, e ao mellor existe algunha posibilidade de que rectifiquen o seu posicionamento do pasado xuño.

En calquera caso, nós, como fixemos en xuño —hai apenas tres meses—, apoiaremos a iniciativa con esta emenda, que o único que pretende é unha cousa bastante de sentido común: que a Xunta de Galiza cumpra o pacto de 2006, que non foi resolto, que non foi modificado e, por tanto, que sigan a atender os compromisos que ten a Xunta de Galiza. Non é tampouco nada ilóxico, é simplemente unha cuestión de cumprir a legalidade e os compromisos.

Ben, nestes últimos tempos, tanto na Comisión 1ª como nalgunha ocasión neste propio Pleno, o Partido Popular ten falado moito da autonomía local. Fala moito da autonomía local pero moi pouco da súa suficiencia financeira e, ¡claro!, xorde unha pregunta: ¿é posíbel a autonomía local sen a suficiencia financeira? É dicir, ¿os concellos poden ser autónomos



cando non teñen capacidade económica para xestionar as súas competencias? Eu creo que a resposta é evidente, a resposta é claramente non. Por tanto, ¿que fai o Partido Popular cando permanentemente está a mentar esa autonomía local? Bueno, pois o único é fomentar esas políticas de clientelismo e de arbitrariedade na xestión de recursos públicos. Realmente, o que están a pretender é que nada se mova, é dicir, continuar a súa política de pasividade, a súa política de tolerancia coas concesións arbitrarias de subvencións, con esas concesións nominativas e sen concorrencia competitiva, promovendo o clientelismo. Con esa adxudicación de contratos a dedo, moitas veces troceándoos —como di o Consello de Contas— e fragmentándoos para evitar os controis legais e os procedementos de adxudicación. Permi-tindo, coa súa pasividade, fundamentándose na autonomía local, a aprobación de orzamen-tos encubertos e vulnerando a legalidade. Ou, como diría un exvoceiro do Partido Popular —e penso que tamén exsenador—, derrochando os recursos da cidadanía, que finalmente é a que resulta prexudicada por esas prácticas corruptas.

E aproveito para facer unha pequena reflexión: un pouco de empatía coas ourensás, e digo ou-rensás en sentido inclusivo, refírome aos homes e mulleres de Ourense. Vostedes por argu-mentario teñen un mantra con isto do pacto de investidura de Pedro Sánchez, que vostedes chaman no seu argumentario como *Ana e Adriana*. Pois ben, cada vez que pronuncian iso de *Ana e Adriana*, por favor, pensen un pouco en Ourense, pensen en como nos podemos sentir os ourensáns, (*Aplausos*.) porque aí non houbo pacto de investidura. Vostedes fixeron alcalde unha persoa que consideraban nefasta para Ourense, fixeron alcalde e cogobernan con esa persoa sen ningún acordo programático, sen marcarse ningún obxectivo, co único obxectivo que era repartirse o poder. E pensen, cada vez que utilicen ese argumentario —cando esteamos falando de programas parcialmente cumpridos polo Partido Socialista pero nalgunha parte si cumprido como demostra o da AP-9— como nos sentiremos en Ourense, onde ese pacto de investidura, ese pacto que nos fixo o alcalde foi a cambio de nada; sen programa, sen obxectivos e sen nada pensando na cidadanía. (*Aplausos*.) Por favor, un pouco de empatía e cada vez que utilicen ese argumentario pensen, aínda que sexa un momento —e hai xente que motivo tería para facelo por ser de aí— que pensen en Ourense, nas ourensás en sentido inclusivo, homes e mulleres.

Ben, volvo.

Se verdadeiramente lles importase a autonomía local tentarían dotar as entidades locais de recursos financeiros, aspecto no que pouco temos avanzado nos últimos anos. Os concellos galegos seguen padecendo unha situación de infrafinanciamento, seguen tendo carencias de financiamento abondo para cumprir as competencias que teñen atribuídas e as que exer-cen sen ter atribuídas. Na participación dos concellos nos ingresos do Estado, Galiza segue percibindo un 20 % menos que a media do resto dos concellos do Estado, aproximadamente 55 euros menos por habitante. E a cousa cada vez vai a peor, porque en 2017 eran 49 euros menos por habitante que o resto do Estado. Pero é que ao inicio do Goberno de Feijóo eran só 20 euros, agora é un 275 % máis de fenda con respecto ao resto dos concellos do Estado. E pasaron gobernos menos amigos e gobernos amigos, e o que está claro é que para Galiza os amigos de Núñez Feijóo nunca traen nada bo, sexan gobernos ou sexan particulares.

Xa que logo, é urxente —e concordamos co Grupo Socialista— unha modificación do sis-tema de participación nos ingresos do Estado, tendo en conta o custo real dos servizos.



Tendo en conta que prestar os mesmos servizos en Galiza é máis caro. Tendo en conta e ponderando os núcleos de poboación —que en Galiza temos a metade dos núcleos de todo o Estado—, a dispersión da poboación, a pirámide demográfica —o 64 %, como xa dicíamos, dos concellos da provincia de Ourense sextuplican os habitantes maiores de 64 anos con respecto aos de menos de 16 anos—; iso ten incidencia na prestación do servizo. Modificando criterios, como son os poboacionais, e a ponderación destes criterios que benefician extraordinariamente os concellos de máis de 500.000 habitantes, dos que en Galiza non temos de momento ningún.

Ben, despois igualmente demandamos —e vén no pacto local— unha modificación consensuada coa Fegamp do sistema de participación nos ingresos da Xunta. Nos últimos anos —como xa falaba a señora Rodríguez Rumbo— a participación orzamentar destinada ao Fondo de Cooperación Local non experimentou variación ningunha. Existiu unha lixeira variación no que se refire ás partidas nominalistas ou arbitrarias, quere dicir, criterios obxectivos cero; os criterios discrecionais e arbitrarios son os que sofren certa variación ou certa modificación, diminúe a obxectividade fronte á arbitrariedade e o clientelismo. Incrementáanse igualmente as achegas en concorrencia non competitiva, e creo que aí a señora Rodríguez Rumbo facía unha afirmación bastante grave. E é que determinados concellos do Partido Popular dispoñen nestas convocatorias de concorrencia non competitiva de información privilexiada, e que teñen esa información antes de que saia no DOG. E eu creo que é grave polo que implica a afirmación, e sobre todo por unha cousa, porque todos e todas os que estamos aquí sabemos que iso é certo, é dicir, que hai concellos que xogan con vantaxe. Por tanto, hai que corrixir esa situación que prexudica os concellos.

Despois —e parece que é o único que lle preocupa ao Partido Popular—, cómpre delimitar as competencias dos concellos e as competencias que son da Xunta, que aínda non están delimitadas. E non só é que xa se comprometera o vicepresidente ante a Fegamp en febreiro do 2019. Non, é que hai 15 anos a Xunta de Galiza comprometeuse cos concellos nesa delimitación de competencias.

Mais non é o único compromiso do pacto local que fica todavía pendente de cumprimento. No pacto local asinado entre un alcalde do Partido Popular e o presidente da Xunta de Galiza, establecíase a creación dun Fondo de compensación interterritorial para compensar os desequilibrios territoriais entre as diferentes partes de Galiza. A día de hoxe nada, 15 anos transcorridos e nada se sabe do Fondo de compensación interterritorial.

Contemplábase a asunción dos custos de mantemento dos centros de saúde. A día de hoxe seguen existindo 119 centros de saúde pendentes da súa cesión á Xunta de Galiza, e tamén decenas de consultorios. Igualmente segue pendente a asunción de custos de mantemento dos centros de ensino, de primaria. E é máis, nalgúns casos, como ten denunciado a Fegamp, nos que si se asumiu o custo, hai 4 concellos aos non se lles paga. É dicir, asúmese o compromiso mais despois non se fai efectivo ese compromiso.

En relación cos xulgados de paz, nada de nada. E nisto, certamente, a Lei de bases de réxime local atribúe aos concellos a competencia en materia de xulgados de paz. É posíbel que haxa que reformalo, sobre todo e como xa advertiamos tamén e como seguramente as súas seño-



rías, ou algunhas delas, saberán, se vai para diante esa reforma da organización xudicial, os xulgados de paz terán máis competencias, por tanto implicarán máis custos, por tanto, aforarán máis os concellos deste país.

Tampouco se artellaron mecanismos de compensación pola minoración de ingresos ou os incrementos de custos que sufriron os concellos. Algo especialmente grave durante esta pandemia e algo que durante esta pandemia especialmente afogou os concellos de Galiza. Incrementáronse as obrigas mais non se incrementaron os recursos.

E xa para finalizar, o único é que si teño que recoñecerlle a súa franqueza na resposta á pregunta que lle plantexamos no anterior debate desta iniciativa. Remataba eu a miña intervención plantexándolle unha disxuntiva ao señor presidente da Xunta: se xustiza ou corrupción. Penso que a contestación, moi francamente, como é propio del, moi francamente, deuna este domingo,...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...asumindo que tiña como mestre e referente na Administración local unha persoa condenada por prevaricación continuada. Bo xestor non é, pero franco si.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tabarés.

(Pausa.) Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, señor presidente.

Ben, xa que se trata de darlle papeis ao señor presidente, eu vou empezar:

«Hacienda pide que los alcaldes le financien con el superávit.» *(A señora Prado del Río entrégalle un papel ao señor presidente.)*

«Los ayuntamientos deberán devolver a Hacienda 3.000 millones pese a no recibir ayudas por covid.» *(A señora Prado del Río entrégalle un papel ao señor presidente.)*

O señor PRESIDENTE: Comprarei un arquivo...

A señora PRADO DEL RÍO: Compre, compre... *(Risos.)*

«Tomé non respecta os dereitos dos traballadores, que foron os que o levaron á Alcaldía, aseguran dende Comisións Obreiras»». *(A señora Prado del Río entrégalle un papel ao señor presidente.)*



«Rutas Sacras acusa a Tomé de falsear datos para favorecer a unha UTE amiga». (A señora Prado del Río entrégalle un papel ao señor presidente.)

«Verín. La oposición que solo aprobó la hija del alcalde.» (Murmurios.) (A señora Prado del Río entrégalle un papel ao señor presidente.)

Estes son exemplo, señorías, do municipalismo do Partido Socialista de Galicia e do Partido Socialista Obreiro Español. (Aplausos.) Intentaron roubar os aforros aos concellos, pedimos que lles deran foron europeos aos concellos e negáronlles. Exiximos un fondo covid e dixeron que non. Pero si lles exixen aos concellos que devolvan os 3.000 millóns de euros das entregas a conta para 2021 polo cálculo excesivo do Ministerio.

O propio presidente da Fegamp transmitiu aos alcaldes que deberían pedir, cando menos, dous anos de carencia para evitar a quebra en 2022.

Dende o Partido Socialista intentan darnos clases de municipalismo despois de sumir no abandono absoluto os concellos na pandemia, e, despois de non darlles ningunha axuda, encima prodúcense liquidacións negativas, a pesar de que a ministra de Facenda prometera que os concellos ían contar cunha maior participación do Estado, pero, por desgraza, as palabras da ministra quedaron só niso, nun titular, nunha promesa, nun chío... coma sempre, propaganda e publicidade marca PSOE, factoría Moncloa.

Así que, lonxe de contar con 500 millóns de euros máis como se lles prometeu, os alcaldes tiveron que lidar con 2.500 millóns de euros menos. Por non falar da débeda de 750 millóns de euros polo IVE extra de 2017 e por non ter participación na repartición dos fondos europeos. Ademais doutras débedas contraídas cos concellos, aos que pode levar á quebra se non aboan canto antes. Por exemplo, os fondos do IDAE, do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, que adiantaron os concellos con obras e instalacións para a mellora da eficiencia enerxética.

Escribiron moitos alcaldes ao IDAE para que lles aboasen canto antes eses cartos que adiantaron. Resposta do IDAE: «En respuesta a su correo, en primer lugar le trasladamos las disculpas del IDAE por esta demora en la tramitación de su expediente, que responde exclusivamente a la falta de medios humanos para poder evaluar todo el volumen de expedientes acumulados en esta fase de formalización de contrataciones, etc. etc. etc.» É dicir, falta persoal, ese que vostedes reclaman aquí para sanidade, para educación, pois tamén interesante que vostedes se fagan cargo tamén desta situación.

A señora Rodríguez Rumbo trae hoxe aquí un debate que tivemos o pasado 8 de xuño. Eu podería coller o borrador da acta do 8 de xuño, lela e sería a mesma intervención da señora Rodríguez Rumbo, parte da intervención do señor Tabarés, eu tamén podería facer a mesma, e a min gustaríame ter a facilidade que ten a oposición para dicir unha cousa e a contraria ao mesmo tempo. Non, hoxe quedei abraiada escoitando o Bloque Nacionalista Galego solidarizarse cos traballadores de Vestas, unha industria que fabrica pas de eólicos, e despois de que vostedes lideren todas as pancartas contra os eólicos e lideren todas as plataformas contra o eólico en Galicia, (Aplausos.) hai que ter valor e pouca cordura para vir aquí a facer



o que fixeron hoxe. Defenden o traballo dos traballadores de Ence despois de pedir que peche Ence. Defenden os traballos da industria galega despois de pedir que se peche Meirama, Reganosa, As Pontes, de verdade... E despois traen fotos... É unha mágoa que non estea o señor Arangüena, porque aquí hai outra (*A señora Prado del Río amosa unha fotografía á Cámara.*) do señor Galán co señor Pedro Sánchez que seguro que tamén lle gusta ter na súa colección.

Señor Tabarés, non presentamos unha emenda, presentamos a mesma emenda. ¿Por que? Porque é a mesma iniciativa e nós somos coherentes e non imos dicir hoxe unha cousa diferente á que dixemos en xuño. Iso xa llo deixamos para vostede. E vostedes veñen aquí dicir que apoiamos unha iniciativa de cada mil. Falso, voulle dar os datos. Falso, falso. Mire, das PNL en pleno, de 62 que presentou a oposición, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) de 62 que presentou a oposición, aprobamos 26. É dicir, o 42 %. De PNL en comisión, de 182 —insisto, desta lexislatura, jeh!—, 87 aprobamos nestas comisións; é dicir, un 47 %. ¿Que significa isto? Que cando vostedes traen cousas razoables, que nos parecen razoables, as apoiamos. O que pasa é que cando hai unha cousa que non nos parece razoable apoiáala, pois loxicamente votamos en contra. E vostedes insisten en traer outra vez aquí esta iniciativa, señora Rumbo, a ver se hoxe, non sei... ¿Que mudou? ¿Que mudou dende o 8 de xuño? ¿Aprobou o Goberno de España o novo sistema de financiamento autonómico ou local? Non. ¿Entón por que trae hoxe aquí esta iniciativa? Para lavarlle a cara a Pedro Sánchez. Si, para lavarlle a cara a Pedro Sánchez. Porque non ten feito o que tiña que facer, que é un novo sistema de financiamento autonómico e, por tanto, un financiamento local. E vén vostede aquí falar de clientelismo, de arbitrariedade. Ben, vamos sacar os *quesitos*, que xa sei que lle gusta moito.

Mire, Deputación Provincial de Lugo, gobernada polo Partido Socialista e polo Bloque Nacionalista Galego. Si, tomen nota, miren. (*A señora Prado del Río amosa un gráfico á Cámara.*) A provincia de Lugo ten 67 concellos, 4 gobernados polo BNG, é dicir, un 5,9 %. De convenios leva o 20 %. É dicir, multiplica por catro os convenios. O PSOE ten 29 concellos, é dicir, un 43 %; leva un 72 % dos cartos dos convenios. E o PP, que ten 32 concellos, é dicir, o 47 %, leva un 4 % dos convenios da Deputación de Lugo. ¿Pero de que nos veñen dar clases aquí, señorías? ¿De que nos veñen a dar clases aquí? (*Aplausos.*) De verdade, é increíble que vostedes veñan aquí dicir todas estas cousas.

Mire, señora Rodríguez Rumbo, unha mentira repetida cen veces non se converte en verdade. Non, non. A Xunta distribúe cada ano máis de 120 millóns de euros a través do Fondo de Cooperación Local. 122 millóns este ano. Concretamente, este ano 2021, o fondo base, que é de 112,9 millóns e un fondo adicional de preto de 9 millóns de euros, dos que 268.907 se asignarán á Fegamp e os restantes, a financiar necesidades específicas acordadas entre a Xunta e os concellos no seo da Subcomisión de Réxime Financeiro e Económico. Pero as axudas da Xunta de Galicia aos concellos non se limitan unicamente ao Fondo de Cooperación Local. Vostede sábeo, pero manipula a realidade e di outra cousa.

Hai que ter en conta tamén outras transferencias a entidades locais que figuran recollidos nos orzamentos para 2021. E recibirán máis de 400 millóns de euros; concretamente, señora Rodríguez Rumbo, 401.373.909 millóns de euros. Isto é, 10,5 millóns de euros máis que o ano pasado. Para que diga vostede que non se lles dan máis cartos aos concellos.



Efectivamente, seguen existindo os supostos nos que a distribución de competencias das administracións territoriais non é o suficientemente clara, require unha maior concreción. Unha situación que se viu agravada nos últimos tempos como consecuencia da pandemia ao xurdir novas necesidades que atender de xeito urxente e que levaban aparelladas novos gastos que todas as administracións tiveron que afrontar. Pero é que tamén a Xunta de Galicia está asumindo competencias impropias, vostede o sabe. Non só os concellos asumen competencias impropias. E dende este grupo parlamentario e dende a Xunta de Galicia levamos anos, ¡anos!, reclamando reiteradamente ao Goberno central a definición dun novo modelo de financiamento autonómico e local, que dea certeza aos recursos cos que pode contar cada administración e que teña en conta as particularidades dos concellos e a distribución por factores tamén demográficos e dispersión xeográfica.

Señora Rodríguez Rumbo, teñen vostedes o costume de lavarlle a cara ao Goberno de Madrid, xustificar os seus agravios e desprezos a Galicia. E esta é unha proba máis dese desdén do Goberno de España, pois o Goberno de España, o Goberno de Sánchez non está facendo nada en materia de financiamento local nin autonómico. Na-da, señora Rodríguez Rumbo, nada. E vostede vén aquí desviar o debate cara á Xunta, poñer aquí unhas cifras de convenios e demais que polo que se ve tamén vostedes en materia de convenios non están polo que se di moi ben, porque onde gobernan... Xa non lle digo nada da Deputación de Pontevedra, que esa é outra historia, pero ¿a quen queren enganar? ¿A quen queren enganar? É o Estado o que debe clarificar o sistema de financiamento das administracións autonómicas e locais, e deixar a un lado a incerteza que existe actualmente sobre o novo sistema de financiamento autonómico.

Tamén dixo vostede que non se reunira a Comisión Galega de Cooperación Local. ¡Falso! No mes de febreiro reuniuse —e vostede o sabe, e vostede o sabe— para artellar unha nova relación entre o financiamento autonómico e local.

Mire, no Partido Popular somos previsibles e presentamos outra vez a mesma emenda. E dicía o señor Tabarés: a ver se igual cambian de opinión. A ver se igual cambia vostede e non acepta a emenda, porque a emenda é a mesma. E mentres non haxa un novo modelo de financiamento autonómico e local, dificilmente, señora Rodríguez Rumbo, imos ser capaces de poder establecer un novo pacto local.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo autor da proposición, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

A verdade, señora Prado Del Río, que ás veces me fai vostede un pouco de graza, porque vén aquí botar un pouco de ventilador a ver se mentres pasa o tempo e vostede escusa falar do



financiamento local (*Aplausos.*) por parte da Xunta de Galicia, que é o tema de debate, o que traemos hoxe aquí, o tema de debate, e vostede fai escapismo coma sempre, con moitos outros temas, para olvidarse do que estamos a falar.

Eu vólvolle recordar que durante a época de Emilio Pérez Touriño, presidente socialista, o Fondo de Cooperación Local incrementouse en 28 millóns de euros en tres anos e durante doce anos de goberno Feijóo o Fondo de Cooperación Local incrementouse 0 euros. (*Aplausos.*)

E vostede sabe perfectamente, cando fala deste fondo base, que ese é o único fondo que é Fondo de Cooperación Local. Porque o Fondo de Cooperación Local son fondos incondicionados, incondicionados. E, polo tanto, todos eses fondos dos que vostede fala, que priman fusións de concellos galegos, neste ano 2021, 1.500.000 euros, soamente para fusións de concellos. Para concellos con institucións penitenciarias, para comarcalización de parques de bombeiros. Mire, señora Prado Del Río, isto non é Fondo de Cooperación Local. Nós non estamos en desacordo, pero isto non é financiamento igual para todos os concellos galego. (*Aplausos.*) E non intente enredar, e vostede non intente mentir.

E mire, vostede fala do Goberno central, pero é que a Xunta de Galicia recibiu 2.000 millóns de euros para paliar, para facer fronte ás novas necesidades xurdidas da xestión da crise da covid-19 e non lles transferiron aos concellos galegos nada, é dicir, cero euros, igual que o Fondo de Cooperación Local.

E, por certo, nós traeremos as iniciativas que consideremos as veces que consideremos.

E mire vostede, xa que fala de que volven traer a mesma emenda, recórdolle que nós, cando se debateu no anterior pleno esta iniciativa, aceptamos a vosa emenda como engádega, e ¿vostedes que votaron? En contra, en contra. Votaron en contra, porque vostedes non queren iniciar un debate para a actualización do pacto local no seo da Comisión Galega de Cooperación Local. Iso é o que pon a nosa iniciativa, e iso é o que os deputados e deputadas do Partido Popular van volver votar en contra. Explíquenllelo aos seus alcaldes e ás súas alcaldesas, porque os alcaldes do Partido Popular e as alcaldesas do Partido Popular tamén están de acordo en que se incremente o Fondo de Cooperación Local e tamén están de acordo en que se actualice e se revise o Pacto local galego. Si, señora Prado del Río, e vostede sábeo perfectamente.

E presentan unha emenda de substitución. É que me fai graza: continuar impulsado... ¿Continuar impulsado que? ¿que teñen feito? ¿cando van traer esa auditoría da que falan continuamente? ¿Por que votan en contra de iniciar un debate? Vostedes o que pasa é que son especialistas en facer que fan para non facer nada.

E mire, señora Prado del Río —non sei como dicilo moi ben—, que traia vostede aquí a colación o das deputacións é que, a verdade, é que é curioso. Mire, este é a repartición das deputacións, das deputacións galegas, o Plan único de concellos. A Deputación da Coruña dedica 64,6 millóns de euros; a de Lugo, 21,5; Pontevedra, 42,5. ¿E sabe canto reparte a Deputación de Ourense, a única que é gobernada polo Partido Popular? 7,2 millóns de euros. (*Aplausos.*) Esta é a realidade.



E mire, e dígolle máis, que vostede saque as deputacións, a verdade é que non sei nin como non se pon colorada. ¿Sabe o que di o Consello de Contas no seu informe de fiscalización do ano 2018? Que as contas remitidas pola Deputación de Ourense presentan defectos que impiden considerala como rendida, e, entre outras, que o 84 % das subvencións concedidas no exercicio 2018 se fixeron como concesión directa nominativa. Este é o seu exemplo e como gobernan vostedes.

En canto ás emendas, nós aceptamos unha transacción que xa teño falado co voceiro do BNG que quedaría así: «Dar cumprimento aos compromisos contraídos pola Xunta de Galicia no Pacto local e iniciar neste ano o debate para unha actualización do Pacto local galego, no seo da Comisión Galega de Cooperación Local».

Non entendo, xa lles explicarán vostedes aos seus alcaldes e ás súas alcaldesas por que van votar en contra, se é un compromiso que está asinado e que a Xunta de Galicia ten a obriga de cumprir.

Dicía que o seu voto en contra só se pode entender dende a aceptación do nepotismo como criterio de repartición dos recursos públicos, os recursos que son de todos e de todas. E vostedes repártenos maioritariamente entre aqueles concellos que teñen gobernos do Partido Popular. E mire, as razóns de traer novamente esta iniciativa expliqueillas na miña primeira intervención: 30,6 millóns de euros, repartidos a dedo en 2020, dos que 81 %, é dicir, 24,6 millóns de euros, foron para concellos gobernados polo Partido Popular.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: E as subvencións en concorrencia non competitiva non determinan ningunha igualdade para que os concellos poidan optar en igualdade de condicións, senón simplemente para aqueles que moitas veces son avisados por vostedes e noutros que teñen mellores medios de recursos materiais e humanos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para iniciar o proceso de reversión ao público das residencias de maiores de titularidade pública e xestión privada

O señor PRESIDENTE: Á proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Marina Ortega Otero, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei:



Emenda de modificación

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incrementar o número de persoal técnico de inspección de Política Social, así como aumentar progresivamente o número de prazas residenciais de titularidade pública e de xestión directa no marco dun novo modelo de coidados, dotado de medios materiais e humanos suficientes para o seu correcto desenvolvemento.»)

Para formular a mesma, ten a palabra a señora Rodil, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Hoxe, desde o BNG, traemos esta iniciativa para falar, como saben, do dereito a unha vellez digna e, sobre todo, dun novo modelo de residencias e de coidados no noso país. Pero para comezar a falar do novo, primeiro temos que falar do que hai. Un modelo, como saben, que, se se caracteriza por algo, é, primeiro, pola insuficiencia de prazas públicas, e sobre todo pola insuficiencia en xeral de prazas, moi lonxe das recomendacións da Organización Mundial da Saúde, e, sobre todo, por un modelo copado pola empresa privada. Oito de cada dez prazas do noso país son privadas. Un modelo, como saben, que resulta moi lucrativo e apetitoso porque drena fondos públicos a través da concertación e da concesión de servizos públicos. Unha concertación que nos custa a todas e a todos 74 millóns de euros ao ano, dous de cada tres euros dos cartos que están orzados nos orzamentos de 2021 para o funcionamento de centros públicos de maiores. Programa 312D: dous de cada tres euros van directamente a cebar a privada. Ese déficit de prazas e, sobre todo, ese déficit de prazas públicas fai que no noso país poder acceder a unha praza pública de residencias teña unha lista de agarda de máis de dous anos. E que se estean financiando, para suplir esas carencias e ese déficit, prazas na privada a través das derivacións ou do pagamento de cheques residencia.

No BNG temos claro que é preciso, polo tanto, mudar o modelo e, sobre todo, reforzar a rede de servizos públicos fortes, como garantía dun dereito fundamental como é o dereito a unha vellez digna, nun país, lembremos, como o noso no que o 25 % da poboación ten hoxe máis de 65 anos e subindo.

Hoxe o que queremos poñer é o foco, desde o BNG, nesa outra pata dese actual modelo de residencias que son as infraestruturas públicas xestionadas por empresas privadas. Falamos de residencias de titularidade pública autonómica, propiedade, polo tanto, da Xunta de Galicia, mais xestionadas por empresas e entidades privadas. Dez, dez residencias privatizadas, das 41 que ten recollidas no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais a Xunta de Galicia.

Segundo os datos de onte nese rexistro único, que son datos da Consellería de Política Social, oito desas dez residencias están en mans do grupo DomusVi, aínda que a empresa fala de



que manexa ou xestiona doce. Alguén mente, nós xa temos formulado preguntas nesta cámara para que se resolva esa dúbida. Deixémolo aí. Oito que estarían oficialmente en mans de DomusVi e dúas nas da Fundación Valdegodos. Para termos unha fotografía máis ampla e completa posible da situación dese modelo do que lles falaba, das apenas 4.960 prazas de residencias públicas que hai no noso país, a Xunta de Galiza é titular de 3.900. Delas, 1.245 están privatizadas en dez, como digo, centros. Desas privatizadas, desas 1.245 prazas privatizadas, o 83 % están controladas polas dúas empresas, as dúas principais empresas do grupo DomusVi, Geriatros e Quavita. 1.032 prazas en oito centros públicos, entre eles a residencia Concepción Arenal da Coruña, como saben e coñecen todas as súas señorías, investigada xudicialmente polo falecemento dunha usuaria en 2019. Pero tamén a residencia de Larouco, a de Laraxe, a de Ribeira, a de Castro Ribeiras de Leira, a de Bembrive ou a de Bande, por citar apenas algúns exemplos repartidos pola xeografía galega.

E queremos hoxe, desde o BNG, abordar este asunto desde dous prismas ou poñendo enriba da mesa dúas cuestións:

A primeira, ese tremendo negocio que ten montado, como todo o mundo sabe, DomusVi no noso país, o maior no conxunto do Estado español. Entre outras cousas, para poder entender ese tremendo negocio que ten montado, hai que remontarse ao pelotazo que deron no ano 2010 coa saída da Xunta de Galiza de Sogareso, a desaparición posterior das caixas de aforro, 9.000 millóns de euros públicos mediante, dos que non recuperamos nin unha minimísima parte, e a posterior venda da antiga Geriatros aos fondos de investimento internacionais.

E a segunda cuestión, que é mentira que a xestión privada sexa mellor en asistencia, ou máis barata para as arcas públicas.

E vou usar —porque diso tamén temos falado bastante—, para darlles tamén un pouco de creatividade ás intervencións, vou usar os seus propios argumentos, para defender que todos os grupos da Cámara, pero nomeadamente o Partido Popular, voten favorablemente esta iniciativa que no BNG traemos hoxe e que pide algo sinxelo, concreto e claro, que é que a Xunta de Galiza adopte as medidas necesarias para que os centros de titularidade pública que hoxe están en mans privadas, polo tanto privatizados, pasen a ser de xestión directa da Xunta de Galiza. Non dicimos mañá nin pasado, senón que se vaian adoptando as medidas necesarias para a reversión á xestión pública directa deses centros.

O primeiro argumento é que tanto ten o modelo de xestión, o que importa é unha atención de calidade. Pois entón hai que reforzar o público.

Vexamos, datos da pandemia nas residencias públicas. Custou, pero ao final conseguírono as compañeiras de *Praza Pública*, porque a este Parlamento non se nos facilitaron os datos. Pero é de todos, é público: tanto ten, insisto, o modelo de xestión, o que importa é unha atención de calidade. Os datos da pandemia o que nos din é que das 790 persoas falecidas con covid-19 no noso país que eran usuarias de residencias, 790 en total, 80 eran usuarias da rede pública, apenas o 10 %. A metade desas 80 persoas falecidas fixérono en centros privatizados en mans de DomusVi. É dicir, de 41 centros, 11 privatizados concentran máis da metade dos falecementos. Iso non é unha casualidade, é unha desproporción brutal, veno a



respecto da presenza que ten esa compañía no conxunto das empresas de titularidade pública. Non é casualidade, senón consecuencia dun modelo baseado na precariedade laboral e do propio servizo. Do negocio, ao fin e ao cabo, e iso sabíámolo, sabémolo porque o levan denunciando anos as traballadoras e as familiares de persoas usuarias das residencias. Incumprimentos reiterados da normativa, denuncias —insisto— do persoal e das familias que quedaron claras. E tomei un exemplo, porque o tempo é limitado, precisamente nesa residencia da que falaba ao comezo, na Concepción Arenal da Coruña. Unha residencia pública, privatizada, xestionada por DomusVi, denunciada polas traballadoras en 2019 e investigada xudicialmente polo falecemento dunha persoa usuaria cando non contaba, como exige a normativa, cunha enfermeira 24 horas. Non sabemos o que acontecerá xudicialmente nin lle corresponde a esta Cámara, pero é absolutamente inadmisíbel que a Xunta de Galiza se afeite para arriba e faga ou intente facer crer que non ten ningunha responsabilidade e, polo tanto, pode inhibirse da súa personación no xuízo.

O que si que sabemos, porque o puidemos consultar como deputadas, sabémolo o señor Tabarés e mais eu, é que a Xunta de Galiza abriu un expediente, impuxo unha sanción a DomusVi por iso mesmo en xaneiro de 2020. ¿Sabem canto custa deixar sen enfermeiras durante 6 noites unha residencia de maiores pública privatizada que ten por normativa que contar con enfermeiras 24 horas? Unha multa de 3.001 euros, que, pronto pago e asunción de responsabilidades, queda en 1.800; menos do que che custa contratar unha enfermeira 24 horas entre o salario e as cotizacións sociais. Sae barato infrinxir a normativa, e isto é o contrario dun elemento de disuasión; isto é un expediente pechado e pagado, firme. Aí é onde se entende mellor o veto á investigación do acontecido nas residencias durante a covid —como pedía o BNG, vetado polo Partido Popular—, o atranco permanente e constante a que poñamos consultar información pública ou mesmo a coñecer cantas persoas faleceron durante esta pandemia, con datos desagregados por centros referidos a aquelas residencias privadas. Esa actitude do PP non é máis que servir de parapeto para protexer os intereses desa compañía que ten nomes e apelidos, que é DomusVi. E non é a única a Concepción Arenal, vexan Laraxe, vexan Larouco.

O segundo argumento: á xente tanto lle dá quen xestione, o importante é unha xestión eficiente dos recursos públicos. Pois entón hai que reforzar tamén o público. Máis custo na concertada, e isto non é unha opinión, son datos extraídos do último informe do Imserso, (*Aplausos*.) onde se nos di que é completamente falso que privatizar o servizo resulte máis barato para a Administración pública. E ademais é que está contabilizado, canto é ese sobrecusto que pagamos para cebar os beneficios dese negocio na privada, que é un 8 % a respecto da prestación do servizo na pública, 900 euros máis por cada praza —datos do Imserso—. Pero é que ademais non é só o Imserso. Para quen o queira ler e teña tempo, aí está o Informe do Consello de Contas, que non só advirte desas diferenzas inxustificadas entre os prezos que paga a Xunta nunhas residencias e noutras, mesmo pertencentes ao mesmo grupo e réxime de concesión, senón que tamén advirte do incumprimento da Administración autonómica no control das empresas. Eu non teño tempo agora, despois se queren lereilles esa páxina 82 do Consello de Contas. É impresentable, é indecente, é inadmisíbel. Pero para o BNG —o máis importante— é inhumano. No BNG o que temos claro é que non podemos seguir polo mesmo camiño polo que levamos indo tantos anos, que o que necesitamos para garantir un dereito fundamental, como é a atención e o coidado a persoas ex-



tremadamente vulnerables —como son persoas cun elevadísimo grao dependencia como os que hai nas residencias de maiores—...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...—remato—, o que temos é que reforzar a pública. Porque a atención das persoas non pode ser un negocio, ten que quedar á marxe da lóxica do mercado, e iso é o que pretendemos con esta iniciativa hoxe.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: De momento, máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Ortega Otero.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

Ben, o Goberno galego do Partido Popular continúa marcando o tema das residencias de maiores cunha capa negra e escura para que non coñezamos as cifras de falecementos por cada centro. Tamén para que non saibamos quen forma parte do comité que seica leva un ano traballando nun modelo residencial que descoñecemos por completo a día de hoxe. Pero algo si que sabemos, e é que certas características como, por exemplo, o tamaño das residencias —que sabemos que é moi importante segundo están indicando os expertos— importa pouco para o Goberno galego, xa que —segundo parece— as que van construír novas teñen máis dun centenar de prazas cada unha, a maioría delas; e segundo mesmo o propio Núñez Feijóo anunciou recentemente.

A plataforma de familiares e residentes define no seu decálogo o novo modelo, no que falan, entre outras cuestións, da que acabo de comentar; e no cal textualmente exixen —e cito textual, e xa o repetín no pasado Pleno, que tamén trouxemos a esta Cámara este tema—... «se requiere en los parlamentos un relato exhaustivo de lo que ha sucedido en las residencias durante la pandemia». Aquí, señorías, nin relato, nin datos, nin novo modelo tras máis dun ano e medio de pandemia. *(Aplausos.)* ¿Por que este Goberno galego foxe da transparencia? *(Aplausos.)* Se se fixo todo ben, ¿por que ocultar os datos e a realidade? Non entendemos a día de hoxe por que vetaron a comisión de investigación das residencias.

Somos representantes lexítimos da cidadanía e cando pedimos os datos de falecementos en cada centro o Goberno galego mira a outro lado, asubiando, como que non vai con eles, e sen responder. Pero a quen está realmente faltando ao respecto non é a nós, non é ao Partido Socialista, senón que é faltar ao respecto gravemente á cidadanía, que realmente é, xunto cos propios profesionais e expertos no sector, quen realmente está a demandar estes datos.



E o noso deber é solicitar e seguir pelexando por que esta información veña a esta Cámara, que é a Cámara de todos os galegos e as galegas.

Seguimos co tema porque realmente require un debate profundo sobre esta cuestión, que vai determinar as próximas décadas, e que con sorte todos e todas seremos maiores. Pero se tivera que definir con poucas palabras o traballo da Consellería de Política Social, do Goberno galego nesta materia, na materia de residencias, diría: escurantismo e falta de coordinación entre áreas. Sobre todo, en dúas áreas fundamentais, a área de política social e a área de sanidade, que son vitais para que realmente funcione o benestar que temos que garantirles ás persoas maiores que viven nas residencias, que ten que ser o seu fogar.

Pensamos que o tipo de titularidade do centro é determinante e inflúe moitísimo, pero non menos que outras cuestións moi importantes, cuestións como, por exemplo, o número de inspectores, que, unido ao feito de que —como xa dixen— o Goberno galego do Partido Popular leva unha espiral de privatización excesiva, fai que incluso o Consello de Contas prendera a alarma de inmediato destapando datos como unha caída abismal de inspeccións desde o ano 2010 en adiante na segunda comunidade autónoma con menos inspectores por habitante de toda España.

O novo modelo de residencias ten que estar dentro dun novo modelo de coidados. Tamén hai que debater as cuestións do día a día que afectan directamente o benestar das persoas maiores, como, por exemplo, o dereito á intimidade, o simple feito de que unha traballadora teña que chamar antes á porta, antes de entrar á habitación dunha persoa, dun residente, por poñer un exemplo, pero hai moitos. Ao longo da última década de goberno o Partido Popular non creou nin unha soa praza pública de xestión directa, apostando por outro tipo de modelo. E xa o dixen no pasado Pleno, se este Goberno aposta por privatizar, por este modelo de residencias, un modelo privatizado, está obrigado por responsabilidade a compensar este feito incrementando a supervisión a través do órgano de inspección competente. E o que pasou realmente e está a pasar en Galicia foi totalmente o contrario, que co Goberno do Partido Popular, a medida que incrementaba as prazas privadas e concertadas, o número de inspeccións baixaba. E non hai que ser moi listos —xa o dixen no anterior Pleno— nin que entender desta materia, que a fórmula é moi perigosa e que atenta contra a correcta supervisión dos coidados cando o número de prazas privatizadas aumenta e o número de inspeccións baixa. Por iso hai que incrementar o número de técnicos de inspección, así como o número de prazas públicas de xestión directa. E hai que ter en conta máis variables, non exclusivamente a descompensación do tipo de titularidade. Hai que revertela, pero ter unha visión máis ampla.

En canto, por exemplo, ao proxecto inicial das sete residencias hiper anunciadas hai anos, enténdese que está desactualizado, de que é pre-pandemia. Polo tanto, temos que actualizar este tipo de modelo. Pregunta: ¿xa o actualizaron?, ¿xa teñen sobre a mesa un novo modelo de residencia, no que estas sete residencias, que é inminente o proxecto... —ou iso están a vender, non sei se crelo porque xa levan moitos anos anunciándoo—... ¿Van seguir un modelo de residencias continuísta do pasado enmarcado pola macrorresidencia? Queremos falar deste tipo de cuestións, non entendemos por que escapan deste debate.



Outro problema importantísimo, unha das cousas que realmente lle preocupa á cidadanía, é o tempo de agarda para obter unha praza de residencia. Non esquezamos unha cuestión: a demanda de prazas de residencias de maiores en Galicia supera a de antes da covid, e dino os propios datos. A deterioración sufrida por moitas persoas na pandemia acelera as solicitudes, teñamos en conta esta cuestión e preparémonos. Porque o problema é o tempo de agarda para obter unha praza residencial pero logo, á parte de pasar moito tempo —incluso 2 anos— para ter unha praza residencial, moitas persoas atópanse coa tristeza e a sorpresa de que ao mellor lle conceden a praza a 150 quilómetros do seu lugar de orixe, do seu lugar de residencia, onde están as súas familias, as súas amizades. E isto é totalmente intolerable, e aquí é onde temos que traballar tamén, señorías. Temos que falar destas cuestións que afectan directamente as persoas maiores.

Non temos nin datos tampouco..., por exemplo, realmente, o prezo da praza concertada que pagan dende a Xunta, non sabemos cantos homes e mulleres tamén hai en cada centro residencial sequera, datos tan básicos para saber o nivel de institucionalización por sexo. Nin que patoloxías teñen ou que medicación, dietas, coidados precisan. ¿Por que cuestións tan básicas, pero que son tan útiles para os profesionais do sector, non as temos? ¿Non interesa saber acaso as porcentaxes de casos con demencia? ¿Quizais sexa porque entón estaríamos incumprindo as ratios, porque entón teríamos que falar doutro tipo de ratios nas residencias para este tipo de persoas afectadas por demencia? ¿E por que non existen datos claros de quen forma parte do comité sociosanitario que definirá ese modelo novo de atención residencial das próximas décadas e que nos afectará a todos e a todas? Non o esquezamos nunca.

Outra cuestión importante e ansiada é a publicitada coordinación sociosanitaria entre as residencias e o ámbito sanitario. ¿Nin tan sequera son capaces de regular ou decidir se pode ter acceso os médicos das residencias aos historiais sanitarios ou non? ¿Por que nunhas si e noutras non? Este tipo de cuestións teñen que ser rigorosas e reguladas.

O Goberno estatal xa está traballando —xa o dixen no pasado Pleno— con moitas medidas máis concretas que penso eu é o que temos que falar aquí. Este tipo de cuestións ademais son promovidas polo Goberno estatal, pero son consideradas como mínimos. As comunidades autónomas poderán mellorar pero nunca rebaixar os ditos criterios. Polo tanto, temos que poñernos as pilas en Galicia porque Galicia tiña que liderar a posición por ser a comunidade autónoma máis envellecida e polas propias características, como a propia dispersión. Pero o Goberno galego, a través da desidia da Consellería de Política Social, está a agardar a que se faga o traballo só, e non podemos permitir esta cuestión nin ser cómplices. O novo modelo residencial ten que estar dentro dun conxunto dun novo modelo de coidados que teña recursos e impulse os ditos recursos para que as persoas maiores que non queiran ir a unha residencia non se vexan obrigadas a acudir a un centro residencial, co que iso implica. E atrasar o máximo posible e evitar a institucionalización.

Xa falamos do novo modelo de coidados, a proposta do noso partido, do PSdG, o pasado Pleno. E agora agradecemos que o Bloque Nacionalista volva traer esta cuestión, e agardo que existan moitos máis debates sobre o modelo residencial galego, porque consideramos de xustiza que se fale moitísimo sobre esta cuestión e que se fagan moitísimas propostas sobre esa cuestión. Quizais non é moi doado falar disto pero é necesario, e lamentamos que



a conselleira prefira pedir aos seus deputados que fagan a mesma pregunta en comisión e en pleno sobre os campamentos de verán co que está a acontecer e co que estamos a vivir nestes momentos. Non podemos dar as costas á realidade, seguiremos na loita polos dereitos das persoas maiores, porque hoxe tócalles a elas e mañá tocaranos a nós.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora ORTEGA OTERO: Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Ortega.

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra o señor Pazos Couñago.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

O señor PAZOS COUÑAGO: Pois moitas grazas, señor presidente.

Moitas grazas, señorías.

Eu quero empezar agradecéndolle á señora Rodil a súa creatividade. Agradézollo porque, xa que non lle podó agradecer a coherencia, polo menos a creatividade. Porque eu penso que calquera galega ou calquera galego que seguira hoxe esta sesión, ou que leve seguindo a traectoria do BNG nos últimos 40 anos, ten que ter claro que as siglas BNG responden a *Bloque Negacionista Galego*.

Mire, é coñecida por todos a propensión do BNG ao non polo non, a opoñerse a todo aquilo que non encaixe cos seus plantexamentos sempre excluíntes, sempre maximalistas, pero eu penso que están radicalizando tanto esta postura negativista que agora tamén se opoñen aos seus propios plantexamentos lexislativos, os do BNG.

Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, artigo 29: «Formas de prestación dos servizos sociais. Os servizos sociais prestaranos as administracións públicas galegas a través das seguintes fórmulas: primeira, xestión directa; segunda, xestión indirecta no marco da normativa reguladora dos contratos do sector público; terceira, mediante o réxime de concerto social; cuarta, mediante convenios con entidades sen ánimo de lucro.» Aprobada polo bipartito, polo Goberno do PSOE e do BNG, onde establecían catro modelos de xestión para estes servizos, tres deles, por certo, o que hoxe denominan privados.

A un sorpréndelle que o BNG critique a normativa que aprobou, pero, ¡claro!, pode pensar: igual é que eran discrepancias cos seus socio de Goberno que houbo que reconducir, pero, ¡joia!, non, é que era o BNG quen tiña as competencias en materia social, exercidas a través daquela famosa Vicepresidencia da Igualdade e o Benestar. Resulta sorprendente que o BNG critique unha lei impulsada polo máis alto representante na Xunta de Galicia que tivo nunca o BNG, e que critique un modelo de xestión que vostedes incluíron na norma.



Claro, un podo pensar, bueno, incluírono teoricamente pero na práctica facían outra cousa. Pero, mire, é que aínda resulta máis sorprendente que ese modelo privatizador que hoxe critican tan duramente fora o máis utilizado polo señor Quintana para xestionar a maioría das residencias de maiores que puxo en servizo.

Señora Rodil, parece que lle molesta que lle recorden a súa xestión, o modelo público que defende o BNG. Mire, xestión pública do BNG, residencias abertas e xestionadas a través de xestión pública que din vostedes: 4 residencias; número de prazas de xestión directa: 240 prazas; xestión privatizada, privada, que din vostedes hoxe, número de residencias abertas polo BNG: 5, unha máis. Pero iso si, 607 prazas privadas.

Señoría, eu teño que pensar: ¿será que o señor Quintana traizoou o modelo de xestión do BNG? ¿Será que o señor Quintana era un ultraliberal da Escola de Chicago, camuflado de nacionalista? Porque eu sabía que o señor Quintana... é certo que lle gusta aquilo de camuflar..., ¿acórdase vostede cando camuflaba mitins do BNG como se foran xuntanzas cos maiores e demais? Pero non sei se tamén camuflaba estas cousas. Pero, pero, non, non, quero recordarlle, 71 % das prazas que vostedes abriron, privatizadas; 65 % en mans de quen é hoxe DomusVi. O máis sorprendente, señoría, é que había unha deputada actual do BNG que apoiaba aquela deriva privatizadora, a eterna renovadora da política galega, a señora Ana Pontón, (*Protestas.*) que é verdade que é renovadora, porque leva 20 anos renovando o escano na Cámara (*Aplausos.*), pero sempre, sempre cun rostro novo, fresco, e que trae unha importante revolución aquí. En fin, seis lexislaturas consecutivas renovando. ¡Cousas do BNG!

Pero, bueno, eu quero pensar que naquel momento a señora Pontón era unha deputada rasa, non tiña os galóns, e un podería pensar que, despois da purga do BNG, despois da perda do Goberno, daquela consecuencia previsible da vitoria de Alberto Núñez Feijóo, pois, ¡oia!, suporía unha volta ás esencias, ¿verdade? (*Murmurios.*), e a renuncia do modelo privatizador do señor Quintana.

Eu pensaba, en consecuencia, que o novo BNG, ese BNG xurdido das cinzas do bipartito, pois debería apostar decididamente pola xestión directa dos servizos sociais naquelas institucións nas que goberna. Pero, sorpréndanse, señorías, os datos acreditan todo o contrario. Resulta que o BNG de Ana Pontón é a forza máis privatizadora de Galicia..., si, si, é a que máis practica ese modelo que vostede definiu de indecente e impresentable.

Datos oficiais, señoría, para que non discutan, porque sei que lles gustan os datos. Gobernan vostedes na Deputación de Lugo co PSOE, ¿verdade? Decía vostede: a Xunta de Galicia entregou ás mans públicas 10 residencias das 41 que ten. Deputación de Lugo: 5 residencias, as 5 externalizadas, o cen por cento, o cen por cento, señoría. Creo que seguen vostedes gobernando, ¿verdade?, na Deputación de Lugo. Ah, Ribadeo, pois falamos de Ribadeo, non teña vostede ningún problema.

Mire, 5 residencias externalizadas. Pol e Trabada, residencias coa xestión en mans dunha orde relixiosa, da pérfida Igrexa católica, señora Rodil. As outras tres —A Fonsagrada, Castroverde e Ribadeo—, en mans de empresas privadas.



Pero non se sorprenda vostede, señoría, ¡eh!, porque hoxe traen vostedes aquí esta petición de que recuperemos para o público a xestión, ao mesmo tempo que a Deputación na que vostede goberna está privatizando a residencia de Meira, a residencia de Meira. Señoría, hai 10 días, hai 10 días que vostedes están privatizando unha residencia pública na Deputación de Lugo, e hoxe vénnos aquí pedir que adoptemos o seu modelo, que resulta que é o público. ¿O modelo público de Ribadeo, señoría? ¿Ese é o modelo público, no que o 92 % do persoal é privado e o 8 % é persoal público? Porque, ¡oe!, algún familiar do BNG hai que seguir enchufando, e eu entendo que iso si que o facemos mellor a través da Deputación. (*Aplausos.*) ¡Home, é curioso, eh, é curioso, é curioso!

Pero, home, hoxe mesmo, xa que falaba vostede de coherencia, hoxe mesmo, esta mañá, ¡eh!, esta mañá, non hai 10 días, non hai 10 anos, esta mañá debatían vostedes na Deputación a incorporación da residencia de Sarria ao modelo da Deputación, ¿verdade? É unha oportunidade magnífica de adoptar o acordo aprobado —por certo, cos únicos votos favorables do Partido Popular— na Deputación, e reverter, porque a residencia de Sarria tamén está privatizada, pero poden revertela. ¡Home, si, home, si, o modelo de Sarria sei que lle gusta! Por certo, por certo, xa que ten vostede tanto interese en Sarria, dígalle ao seu representante en Sarria que queda feo iso de absterse na Deputación e, en cambio, votar que si no Concello de Sarria, nestas leccións de coherencia que nos dá o BNG, non queda de todo elegante. (*Aplausos.*)

Pero ¿queren máis exemplos? Non hai ningún problema, porque ata agora o que acreditaron estes datos é que o BNG e o PSdeG son igual de privatizadores. E eu dixen que o BNG era o máis privatizador de todos. Servizo de axuda no fogar: porcentaxe de gobernos do BNG que privatizaron o servizo, 46,6 %; porcentaxe de gobernos socialistas que privatizaron o servizo, o 45,5 %, 1,1 punto menos; porcentaxe de gobernos do PP que teñen privatizado ese servizo, o 29,8 %. ¡E os privatizadores somos nós! (*Murmurios.*) É unha cousa certamente curiosa, señoría, certamente curiosa.

Mire, eu de verdade que empezo a coller un pouco cal é a mentalidade do BNG, calquera que prestase atención hoxe o entende. Mire, vostedes primeiro crearon un Consorcio de Benestar absolutamente precarizado, e despois piden melloras nas condicións dos traballadores. Vostedes piden primeiro o peche das empresas e logo pónense na pancarta para exixir o emprego para os traballadores. E vostedes privatizan as residencias para despois poder vir ao Parlamento e pedirlle ao PP que reverta para o público as residencias que vostedes privatizan. É un modelo curioso o seu. Estes datos, señoría —porque isto que lle dou son datos—, o único que amosan é a hipocrisía de BNG e PSOE. A mesma hipocrisía que fundamenta as críticas a un Goberno autonómico, ao Goberno autonómico que mellor xestionou a pandemia en toda a España peninsular, o Goberno de Alberto Núñez Feijóo. Non o digo eu, tamén o din os datos.

Galicia, señoría, é a comunidade autónoma con mellor taxa de supervivencia nas residencias de maiores, nas públicas e nas privadas. Porcentaxe de falecidos por número de residencias: Galicia, 4 %; a media de España, 10 %. Señorías, este é un éxito colectivo, negado reiteradamente polos que se arrogan unha representación de Galicia que o pobo galego lles leva negando décadas.



Eu, de verdade, creo que é difícil de explicar que queiran vostedes fiscalizar...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...—remato enseguida, presidente—, queiran fiscalizar a quen mellor xestionou esta pandemia, namentres vetan unha investigación do Goberno coa peor xestión na covid do primeiro mundo. Iso si que é algo que deberían vostedes de aclarar, e deixar de practicar esta política [...], ou, se o prefiren votedes, esta política de veletas, porque, efectivamente, o que demostrou hoxe o BNG é que fai política segundo de onde sopra o vento.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Pazos Couñago.

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora Rodil Fernández.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Mire, señor Pazos, a min se hai algo que me quedou claro hoxe da súa intervención é que a vostedes lles dá exactamente igual as condicións nas que se atopan as 1.245 persoas que están nesas residencias, *(Aplausos.)* exactamente igual. Se as empresas cumpren ou non os pregos de condicións, se se cumpre coas ratios de persoal que exige a normativa... Eu si que dei datos aquí, jeh!, datos de incumprimentos reiterados, sancionados pola propia administración e de maneira ben barata. É que vale máis incumprir a norma que contratar unha traballadora enfermeira para garantir que polas noites están atendidas as persoas que viven nesas residencias. *(Aplausos.)* Eu non me quero ver así, jeh!, pero é que non lle desexo iso a naide, e a miña responsabilidade, como a de todas as persoas que estamos aquí, independentemente do grupo político ao que pertenzamos, é fiscalizar as condicións nas que están as persoas nos servizos públicos, sexa o modelo de xestión que sexa. Eu é o que fago. A vostede é que lle dá exactamente igual. *(Aplausos.)* E alá cadaquén, jalá cadaquén! *(Aplausos.)* ¡Alá cadaquén!

E só tres cuestións a respecto do que se dicía:

A primeira, eu ríame cando vostede falaba do que fixo o *malvado* Bloque cando estaba coa Vicepresidencia da Xunta de Galiza, e desas residencias que se construíron neste país e que se optou por un modelo de convenio privado. ¿Por que? Porque nos deixa ver como actúa o Partido Popular en todos os servizos públicos. ¿Sabe que é o que non puido facer o BNG naquela altura? Tombar un convenio que deixou firmado dende o ano 2001 e cunha duración de 5 anos o Partido Popular, do señor —non sei se lles soa— Fraga Iribarne. *(Aplausos.)* No ano 2001, e estivo vixente ata o 31 do decembro do 2006, formalizouse un convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e Servizos Sociais e a Consellería de Economía e Facenda e o IGAPE para a posta en marcha na Comunidade Autónoma de centros residenciais



de iniciativa privada para maiores. Entre outros, proveñen deses convenios, e xa lle digo que son un total de 20 proxectos e centros, algúns que lle citarei: os Sarquavitae de Santiago, hoxe DomusVi de San Lázaro; os [...] en Lugo, que é o de Outeiro de Rei, tamén en mans de DomusVi; ou Geriatros Ribadumia, por citar algúns exemplos.

É o mesmo, exactamente o mesmo que fixeron para prorrogar os convenios cos centros do Opus Dei que separan as mulleres dos homes nas aulas, e que tampouco puido tombar porque vostedes teñen o mal costume de deixar todo atado e ben atado. *(Aplausos.)* E con duracións bastantes posteriores. Iso é o que non foi capaz de facer o Bloque Nacionalista Galego, que é tombar os seus chanchullos para seguir cebando a privada, o Opus Dei e os centros segregacionistas. *(Aplausos.)* ¡Así que non me veña falar vostede aquí de nada, de exemplo, de absolutamente nada! E eu cito o informe de fiscalización do Consello de Contas. *(Murmurios.)* O informe de fiscalización do Consello de Contas, que está pendurado, libre e en acceso en galego para quen o queira ler.

E eu dicía ao comezo da miña intervención que non só se ceba, non só se ceba con cantidades obscenas: 74 millóns de euros públicos é máis do que se inviste nun ano na Risga. *(Aplausos.)* É máis do que pretendían supostamente vostedes investir para construír 7 residencias públicas, que dicían que eran 45 millóns de euros. Iso é o que lles drenamos desde as arcas públicas a DomusVi e ás demais empresas privadas. *(Aplausos.)* Eficiencia e garantía dunha xestión pública que respecte os dereitos fundamentais das persoas, porque non só se ceba a privada, é que ademais se mira para outro lado. E volvo ao Informe de fiscalización do Consello de Contas, onde se di literalmente que a Administración pública non vela nin sequera polo cumprimento dos pregos de condicións que rexen esas concesións e concertos. Di, literalmente, o Informe do Consello de Contas: «A Administración non verifica que a contratista cumpra todas as obrigas de carácter social e tributario en relación cos traballadores, como son as cotas da Seguridade Social e o IRPF, a pesar de que o prego de cláusulas prevé que a contratista deba enviar a documentación acreditativa xunto á factura final. A administración realiza o pago da factura sen supervisar ese cumprimento». Logo aquí moito golpe de peito coas traballadoras das residencias, ¡dereitos, non mirar para outro lado, cando non se lles está nin sequera respectando nas residencias de titularidade pública! *(Aplausos.)* Non as privadas senón as concesionadas e as concertadas pola Xunta de Galiza.

«O control efectuado nas xefaturas territoriais para a proposta e aprobación do pago da factura limítase á comprobación das incidencias das que dá conta a entidade contratista. Tampouco se efectúa un control sobre os ingresos percibidos dos usuarios en concepto de copago do servizo». Chégase a dicir literalmente que se cobra por dúas persoas que ocupan dúas prazas, cando a persoa a moven dunha residencia a outra porque é a mesma persoa ocupando dúas prazas en dous servizos. ¡Isto é inhumano, indecente, ineficiente e inadmisibile! *(Aplausos.)* E poden vostedes vir aquí falar de Burundi, se queren, que vai seguir sendo igual. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

Señora Rodil, sobre a emenda.



A señora RODIL FERNÁNDEZ: A emenda. Propuxémoslle unha proposta de transacción á portavoz do Partido Socialista, aceptamos como engádega reforzar os servizos de inspección. E falaremos, porque creo que todavía temos un pouco de marxe, por se podemos chegar a un acordo.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Vale. Moitas grazas.

(Aplausos.)

Pasamos á seguinte proposición non de lei.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Marina Ortega Otero e D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para elaborar un plan galego intersectorial de prevención do suicidio

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta iniciativa non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Ortega Otero.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

Cando unha diabetes se agrava pode derivar nunha cegueira ou nunha amputación dunha extremidade; cando unha esclerose se agrava deriva, entre outras cousas, na perda de movemento; cando unha demencia se agrava pérdese a memoria, entre outras capacidades cognitivas; cando un cancro se agrava pódese chegar a perder a vida. Ao igual que cando unha enfermidade mental se agrava, xa que cando o suicidio é a forma máis grave da enfermidade mental, o 90 % dos suicidios tiñan un trastorno mental.

O que diferencia unhas enfermidades respecto doutras é que a día de hoxe en Galicia, se acudimos a un hospital con síntomas de cancro, teremos atención e tratamento durante toda a enfermidade. Se acudimos con síntomas de diabetes, teremos atención e tratamento durante toda a enfermidade. Se acudimos con síntomas de esclerose, teremos garantido un tratamento e seguimento ao longo de toda a enfermidade. Sen embargo, se acudimos con síntomas de trastorno mental e de acción suicida ou autolítica, non será desta maneira.

Do que non se fala non existe; o que non existe non se afronta; o que non se afronta non se soluciona. O suicidio é unha pandemia oculta. Aínda hoxe, no século XXI, e con todo respecto, pero cústanos dicir a palabra «suicidio». Hai que facelo, iso si, con moitísimo coidado, moitísimo rigor; pero o feito é que este estigma social fixo e segue a facer moito dano nos sobreviventes. Os sobreviventes son eses familiares e amizades directas que sobreviven ás persoas que se suicidan. Un duro estigma que provoca na maioría dos casos duelos patolóxicos que non permiten ás persoas afectadas superar o acontecido. Galicia, ano 2021, con practicamente un suicidio ao día, no pasado ano, non 2020, faleceron 307 persoas. Por cada 100.000 habitantes, en Galicia suicídanse o 13,11 %, cando en España a media é do 7,7 % por



cada 100.000 habitantes. Pero, jollo!, porque as cifras oficiais poden estar infradotadas xa que, segundo as persoas expertas na materia, moitos falecementos rexistrados como accidentes poden ser suicidios; e calculan que se poderían incrementar incluso por 2 ou 3 os datos actuais, cando xa os propios datos actuais indican que Galicia supera en máis de 6 puntos a media do país. Está claro que en Galicia temos un problema con este asunto.

Cando falamos de suicidios, Galicia ocupa o segundo posto no fatídico *ranking* estatal, seguida de Asturias. Estas cifras triplican as mortes por accidentes de tráfico, por exemplo, e ademais, no último ano, os datos de intentos de suicidio entre a xuventude disparáronse. E os especialistas indican que aumentaron as consultas de saúde mental na xuventude. Por ese motivo, consideramos que é moi importante prestar atención neste sentido.

E aquí quérome deter. Porque alertar dos problemas de saúde mental que afectan e afectarán a nosa xuventude, por parte do Partido Socialista, por parte do PSdG, queremos solicitar ao Goberno galego, de xeito urxente, por favor, que teña en conta esta cuestión de xeito urxente, unha estratexia específica dotada de recursos suficientes para poder ser práctica para este sector da poboación tan vulnerable, para a xuventude, a todos os acontecementos vividos nesta pandemia. Porque tiveron que vivir os efectos das redes sociais, do illamento social da pandemia cos seus iguais, do estigma inxusto da sociedade contra a xuventude ao asociar incumprimentos nas restricións con estre tramo da poboación, a falta de oportunidades laborais e a imposibilidade de emancipación, etc. etc. Por favor, é moi importante brindar á nosa xuventude programas de fácil acceso e específicos e prevención e tratamento adaptados para estas idades.

Ademais, temos que ter clara unha cuestión. Igual que primeiro vén o terremoto e logo o tsunami, primeiro veu a pandemia e despois veremos os efectos secundarios en saúde mental, tal e como vaticinan os especialistas. Hoxe aínda non temos datos reais do que vai supoñer realmente a pandemia na saúde mental das persoas. E por iso nos temos os que preparar ante, posiblemente, un dos maiores tsunamis en saúde mental dos últimos tempos. A forma máis grave —xa o repito— da enfermidade mental é o suicidio. Temos que amosar ás persoas que se atopan nese túnel onde ao final do mesmo só ven o suicidio que existen portas de saída aos lados. Pero para iso temos a responsabilidade, todos xuntos, de dotar de recursos humanos e materiais un plan transversal e multisectorial galego de prevención do suicidio que poida ser executado realmente.

O plan do Goberno galego do Partido Popular vixente non se levou á práctica, tal e como os especialistas en movementos de saúde mental solicitaban, e así mesmo o indicaron. De feito, hai cuestión de días, as asociacións de saúde mental denunciaban que en Galicia falla a prevención do suicidio. Por iso temos que remar todos xuntos nesta materia.

Primeiro, temos que ser conscientes diso; e, segundo, temos que resarcir todos estes anos nos que non se actuou tal e como o asunto o require.

Por iso, dende o Grupo Socialista queremos propoñer que, ademais dun plan galego potente de prevención do suicidio con carácter multisectorial e recursos suficientes, é preciso —isto é moi importante— un informe anual que inclúa os datos de suicidios pero tamén os datos



de tentativas. ¿E por que? Pois porque temos que nutrir de información os axentes implicados nesta cuestión. E a visión do problema nunca será real se non incluimos as tentativas de suicidio, porque é o primeiro factor predictor do que pode suceder, que é o suicidio consumado, así como ter en conta outros factores e datos relevantes demandados por expertos na materia; como, por exemplo, o tipo de emprego, entre outros, para saber se realmente existen profesións máis vulnerables que outras.

O Goberno de España está incrementando notablemente os esforzos por actualizar estratexias, con liñas comúns para as comunidades autónomas, entre as que destaca a atención e a prevención da conduta suicida. Por todo iso, será importante o compromiso de cada unha das comunidades autónomas á hora de desenvolver cada liña de estratexia de saúde mental. O presidente do Goberno, Pedro Sánchez, formulou en varias ocasións que a saúde mental debe ser unha prioridade de Estado, asumindo parte do Consello Interterritorial esa prioridade, cun compromiso real á hora de establecer as exixencias de cumprimento dos compromisos ás comunidades autónomas. Pero todo iso debe pasar pola asignación, loxicamente, presupostaria suficiente nos orzamentos da Xunta de Galicia, dada a plena competencia que temos aquí en sanidade.

Lamentamos que o Plan galego de saúde mental vixente non tivera o impulso que precisa realmente en Galicia dada a prevalencia tan alta de suicidios, así como a necesidade de atención en saúde mental. Pero iso é preciso para resarcir e reverter a falta de recursos por parte do Goberno galego. O Ministerio ten o compromiso co acordo que se obteña no Consello Interterritorial. Polo tanto, si que sería importante unha coordinación e entendemento neste asunto que é clave. E propoñémoslle por todo iso ao Goberno galego traballar, primeiro, por ese Plan galego transversal e intersectorial de prevención do suicidio, con recursos suficientes para ser executado; segundo, un informe anual sobre os datos de suicidio, tentativas e toda a información que os expertos precisan para traballar con rigor.

E non podería rematar esta intervención sen dar as grazas a todos os profesionais implicados na intervención do suicidio, tanto os coñecidos por todos e todas, como poden ser os profesionais da psicoloxía —entre os que comparto profesión—, psiquiatría, como médicos de atención primaria, mestres nas escolas, así como os xornalistas que colaboran en transmitir de xeito responsable a información para evitar o efecto chamada. E, ¿como non?, un lugar destacado, por suposto, que poucas veces lembramos neste rol, ás forzas e corpos de seguridade, bombeiros e protección civil, entre outros; como entidades e movementos sociais que día a día loitan contra esta pandemia oculta no máis absoluto silencio. Agradecemento, forza e recursos para todos estes profesionais, e que entre todos poidamos acabar con este problema de saúde pública.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Ortega.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Carreira Pazos.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)



A señora CARREIRA PAZOS: Moi boa tarde a todos e a todas.

Grazas, señor presidente.

Como recollía na súa iniciativa a deputada do Grupo Socialista, o suicidio era ata non hai moito un gran tabú do que pouco se falaba e do que nada se sabía. A día de hoxe, se hai algo que está claro, é que o suicidio é un grave problema de saúde pública e que, ademais, nos interpela directamente a todos os sectores involucrados. Nos últimos anos, nas últimas décadas, estamos asistindo a un aumento, a un empeoramento, nas cifras de suicidio a nivel global e nas que Galiza tampouco é allea. E aínda que o dato do ano pasado é mellor que os anos previos, no 2020 faleceron 307 persoas por esta causa, sendo 3.652 as persoas falecidas por suicidio na última década, segundo os datos do Imelga.

A taxa de suicidios no noso país é do 13 % por cada 100.000 habitantes, fronte ao 7,9 do estado. E todo isto sen esquecer a estimación que realiza a propia Organización Mundial da Saúde, que calcula que por cada suicidio consumado se producen 20 tentativas. O suicidio atópase a día de hoxe como unha das principais causas de morte por causas non naturais no noso país, afecta a todas e cada unha das franxas de idade; pero é que ademais golpea con extremada dureza á das idades medias da vida, cunhas cifras desoladoras na década dos 50 anos. E é unha das principais causas de morte evitable entre a mocidade, entre os menores de 30 anos. Son cifras abrumadoras, durísimas, pero que quixera que quedaran aquí reflectidas.

E non podemos tampouco esquecer a influencia que a pandemia da covid-19 está a ter sobre a saúde mental. O illamento provocado polo distanciamento social e os confinamentos que se foron sucedendo, a incerteza sobre o futuro, a preocupación pola saúde, tanto pola propia como pola das persoas achegadas, a angustia, a ansiedade, a depresión, o medo acerca do futuro, acerca das secuelas que esta pandemia vai deixar tanto sobre a saúde como tamén no ámbito económico e social..., foron e están a ser meses moi duros para moitas persoas. E xa non só pola propia enfermidade, que tamén, persoas que quedaron no desemprego, persoas que estiveron nun ERTE, que viron empeorar as súas condicións vitais. E é que moitas veces, cando falamos de saúde mental, tendemos a centrarnos na parte sanitaria, pero hai moito máis detrás que non podemos esquecer: o desemprego, o emprego precario, con xornadas laborais abusivas, os salarios e as prestacións, que son insuficientes, a dificultades para pagar facturas, tamén a da luz; para saber se vas poder alimentar as túas fillas, o illamento social, a desaparición do tempo de lecer, de socialización, ou que este lecer estea ligado necesariamente ao consumo, cando non chegan os cartos para poder consumir.

Os determinantes sociais teñen un impacto directo sobre a saúde das persoas e non poden deixar de ser atendidos en ningún caso. E é preciso que os gobernos se dediquen a combater as desigualdades, a combater a pobreza —que non os pobres—, a buscar o beneficio da maioría en lugar de favorecer o maior lucro de empresas amigas por riba do interese social. Porque cando falamos, cando falamos anteriormente da factura da luz, tamén falamos de saúde e de saúde mental e non só do confronto ideolóxico. *(Aplausos.)*

E volvendo xa ao concreto desta iniciativa, van catro anos desde que o Goberno da Xunta de Galiza presentou nesta Cámara o Plan galego de prevención do suicidio, e queda a pregunta



no aire de canto se leva avanzado desde aquela, cales son as melloras introducidas desde a aprobación deste plan. Porque o que fica claro catro anos máis tarde é que o Partido Popular continúa enterrado na súa máxima de demostrar que o papel terma do que se lle bote, porque de nada vale aprobar plans para que despois non se cumpran.

Catro anos despois da aprobación deste plan continuamos cunha situación na sanidade pública galega calamitosa, a dotación de persoal é máis que insuficiente, recursos escasos e a investigación tamén neste campo continúa sendo tremendamente reducida, coa atención primaria desbordada, por máis que hai quen se emperra en velo como un discurso reiterativo, cunhas USM ao límite da súa capacidade. A atención primaria en primeira instancia e, posteriormente, as unidades de saúde mental son os puntos para o contacto inicial coas pacientes, lugares que deben ser fundamentais na detección precoz e a intervención de primeira liña.

Temos a día de hoxe unidades de saúde mental que están a dar as primeiras citas para consultas de psicoloxía seis meses despois de que se realice a derivación desde atención primaria, e que a revisión desa consulta se dá outra vez para seis meses máis tarde. Isto non é unha maneira de falar, non é que quixera redondear os datos. É que a día de hoxe en Galicia existen USM nas que as citas de revisión para psicoloxía se dan para marzo do 2022 porque non hai oco antes. A min gustaríame saber que clase de atención, de seguimento, se pode dar en saúde mental con dúas visitas ao ano.

A asistencia eficaz é aquela que é accesible no momento que se precisa, porque despois a abordaxe é moito máis difícil ou, coma no caso que nos ocupa, pode chegar demasiado tarde. Sen aumento de recursos, de persoal, de dispositivos non é posible. A atención primaria ten que xogar un papel fundamental na detección, na prevención e no seguimento destas pacientes; pero non se pode realizar a detección, a prevención e o seguimento pola falta de recursos.

As unidades de saúde mental teñen que contar con máis dotación de persoal, tamén de psicólogas clínicas que permitan a atención nun tempo razoable. Porque é moi dificultoso prestar unha asistencia de calidade á saúde mental con axendas en atención primaria de 40 pacientes por día, 50, 60, ou con unidades de saúde mental nas que as citas de revisión se teñen que forzar para que as pacientes pasen seis meses no limbo.

Como dicía a señora Amigo no debate das mocións sobre a atención primaria: deixemos traballar as profesionais. Eu case lle daría unha volta. Permítanlles ás profesionais que traballen con calidade. *(Aplausos.)*

O suicidio é unha morte evitable. Todas e cada unha das persoas que se suicidan non deixan de ser un fracaso colectivo, por non sermos quen de detectar, de previr, de asistir, de acompañar, de tratar. A prevención do suicidio ten que ter un lugar prioritario nas políticas públicas, non só nas sanitarias, como dixen anteriormente, porque ten un custo social totalmente dramático.

Desde o Bloque Nacionalista Galego imos apoiar esta iniciativa do Grupo Socialista, porque para poder solucionar un problema o primeiro paso, como dicía a señora Ortega, é visibilizalo



e analízalo, para despois poder actuar sobre el. Compartimos a necesidade destes plans de prevención pero, sobre todo, a necesidade de darlles cumprimento, de executalos e non de seguir co *modus operandi* do Partido Popular de aprobar cousas que despois queden na gabela.

Desde o BNG temos claro que a saúde mental non pode seguir agardando e non podemos continuar soportando a perda continuada de máis de 300 persoas cada ano, nunha situación que é totalmente intolerable porque —reitero— trátase de mortes prematuras evitables.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Carreira.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra a señora Rodríguez-Vispo.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde, señoras e señores deputados.

Falamos de novo dun tema extraordinariamente sensible como é o do suicidio. Un tema que nos preocupa como sociedade, como representantes políticos que somos, polo sufrimento que leva consigo tanto para a persoa que o intenta —e ás veces o consegue— como para toda a súa familia e os seus amigos.

Moitos de nós, por desgraza, ao longo da nosa vida tivemos a experiencia de coñecer alguén que perdeu a vida por esta causa, e non somos alleos en absoluto ao sufrimento que supón esta situación.

Segundo a Organización Mundial da Saúde continúa a ser un dos grandes problemas da saúde pública. O suicidio segue sendo unha das principais causas de morte en todo o mundo. Cada ano perden a vida máis persoas por suicidio que por moitas enfermidades, e tamén que polas guerras, polos homicidios. No 2019 suicidáronse máis de 700.000 persoas, é dicir, 1 de cada 100 mortes. Por tanto, prestar atención ao suicidio sempre é importante. Pero agora aínda máis, dixérono as persoas que me precederon no uso da palabra, e precisamente é máis polos momentos que vivimos, os 18 meses que vivimos inmersos nunha pandemia. Porque moitos dos factores de risco asociados ao suicidio seguen estando moi presentes.

No mundo hai moitísimos países con este problema, e actualmente só 38 deles teñen desenvolto unha estratexia nacional de prevención dos suicidios, outros non se implican neste tema.

Señorías, Galicia si se implicou, e Galicia... a iniciativa que vostedes piden hoxe, para nós chega tarde, chega catro anos tarde. Porque o Goberno galego non é alleo en absoluto ás taxas de suicidio de Galicia. Presentou xa neste Parlamento, en concreto no Pleno do 26 de setembro de 2017, o Plan de prevención de suicidio en Galicia. Por certo, convén recordar que naquel



momento —dígoo para os señores deputados que non estiveran na pasada lexislatura—, a única comunidade que tiña un plan destas características era a Comunidade Valenciana, e Galicia foi a segunda comunidade autónoma en toda España en desenvolver un plan destas características. Un plan que establece mecanismos de coordinación para que os diferentes organismos traballen conxuntamente na prevención, no manexo, na intervención e no acompañamento tan importante das persoas e familias que se atopan nesta situación.

No 2019, na pasada lexislatura, o director xeral de Asistencia Sanitaria explicounos na Comisión de Sanidade —vostedes, señora Ortega e señora Carreira, non estaban nesa comisión, pero si moitos dos seus compañeiros, que llelo poden explicar— e contou os avances que se estaban dando coa creación, por exemplo, do Consello Interdepartamental de Coordinación para a Prevención e Atención das Conductas Suicidas no primeiro semestre do 2018, e as accións realizadas ata a metade do 2019. Accións e medidas tomadas en diferentes áreas, porque é certo —e niso estamos de acordo con vostede— que o problema do suicidio vai máis aló do ámbito sanitario, e é necesario implementar medidas noutros ámbitos como é o educativo, o da política social, o traballo social, colaborar con diferentes entidades, co Imelga, con outros organismos.

Pero no que non podemos estar de acordo dende o Grupo Popular é que en Galicia este plan non funcione ou que sexa necesario elaborar outro, como vostedes propoñen na iniciativa. O Plan de prevención de suicidio estase a desenvolver. Creáronse comités interdisciplinares nas xerencias de Xestión Integrada de todos os hospitais da rede galega, actualizáronse todos os protocolos de prevención do suicidio en todo o ámbito hospitalario, identificáronse os puntos negros nos hospitais, púxose en marcha o protocolo de suicidio no ámbito escolar, froito, por certo, do traballo desa comisión interdepartamental sanidade-educación. Deuse formación a bombeiros e policía, persoal de primeira liña que intervén, a través da Academia Galega de Emerxencia, que intervén primeiramente, son os primeiros en responder ante unha petición de socorro por este tema. Fíxose e séguese a facer formación e cursos a profesionais sanitarios sobre actualización e prevención da conducta suicida. Fixéronse xornadas con concellos de especial incidencia, en colaboración coas asociacións de enfermidades mentais, etc.

Dirannos que todo isto non é suficiente. Pois seguramente que non, que non o é. Sempre se pode facer máis e implicar máis sectores, pero diso a dicir que o plan que temos non vale porque en Galicia non se pon en marcha, hai un treito.

O certo é que é un problema que todos nós queremos solucionar, iso non ten a menor dúbida. Aínda que se ten avanzado moito, como vostede dixo, no coñecemento científico do comportamento suicida, non contamos cunha explicación única do porqué. ¿Por que unhas persoas o cometen mentres outras nunha situación similar non o fan? Pero o que si sabemos é que existen medidas que se poden levar a cabo para modificar as consecuencias persoais e familiares do suicidio. Segundo a memoria do Imelga que citaba a señora Carreira, 307 casos en 2020 representan un descenso dos 318 do 2019 e o segundo mellor rexistro dende o 2012. Pero concordamos en que son cifras inasumibles en todos os casos.

Coa chegada da pandemia e despois de 18 meses inmersos nela, os expertos ven previsible o aumento de persoas que poden sufrir depresión, ansiedade, trastornos por estrés postrau-



mático, incremento de consumo de alcohol, o que podería supoñer un maior risco no relativo ao suicidio. E, por esta razón, o Goberno galego volveu actuar e volveu actuar e adaptou o Plan de saúde mental 2020-2024 ás circunstancias da pandemia, para así precisamente tratar de minimizar os efectos da mesma na poboación galega, o que vai repercutir en minimizar os riscos de suicidio. O desenvolvemento do plan permitiu poñer en marcha 6 unidades de atención ás persoas en risco de suicidio nas áreas da Coruña, Lugo, Pontevedra, Vigo e Ferrol. Cada unha das novas unidades conta cun equipo específico de profesionais, que está composto por psicólogos, psiquiatras e enfermería, e que implicou a contratación de 15 novos profesionais ao longo deste ano.

O mantemento destas novas cinco unidades —dicía vostede que o plan non tiña orzamento— ao longo da vixencia deste plan suporá un investimento de máis de 3,6 millóns de euros. Perdémonos nos ceros pero son 3,6 millóns de euros. E estas unidades engádense á xa creada con anterioridade, á de Ourense, Verín e O Barco, que foi pioneira e que foi un modelo de referencia estatal.

Outra das liñas importantes na estratexia contra o suicidio —tamén falamos dela— é a prevención, moi importante, a prevención e a sensibilización para detectar esas situacións de risco. E neste ano 2021 convocouse por primeira vez unha liña específica de subvencións para que así as entidades sen ánimo de lucro no ámbito comunitario desenvolvan programas de prevención.

Ademais, de novo, a Comisión interdepartamental de sanidade e educación vén de adoptar o acordo de facer un programa de prevención universal do risco do suicidio no ámbito escolar, para diminuír condutas autolíticas na mocidade. Porque o dicía a señora Ortega, non debemos esquecer que o suicidio preocupa especialmente porque é unha das primeiras causas de mortalidade nos menores de idade, sendo a adolescencia un grupo de especial risco.

Os hospitais de día que están contemplados no Plan de saúde mental poden xogar un papel moi relevante nestes casos. Xa se puxo en marcha o de Vigo, porque se ten constancia de que a intervención terapéutica en réxime de hospitalización psiquiátrica a tempo parcial demostra a súa eficacia, sobre todo na poboación infanto-xuvenil. Unha das principais vantaxes dos hospitais de día é que permiten manter o contacto do menor co seu entorno familiar e social, o que favorece, dende logo, a súa reintegración e recuperación, polo que nós pensamos que no caso das condutas suicidas dos adolescentes estas unidades poden xogar un papel fundamental.

Ademais, e continuando coas medidas de prevención nas que está a traballar o Goberno galego, vaise proceder á creación do rexistro galego de tentativas autolíticas, que consideramos que é moi importante, como vostede tamén dixo, porque as estatísticas oficiais é certo que non rexistran as tentativas nin as situacións graves de conduta suicida, pero estímase que se producen unhas vinte tentativas por cada suicidio consumado. Como paso previo tamén se vai facer, señora Ortega, esta creación do Observatorio galego do suicidio.

E xa para finalizar, señorías, non podemos apoiar a súa iniciativa, porque pensamos que o Plan de prevención do suicidio de Galicia, plenamente vixente, é unha ferramenta moi útil



que permite traballar dunha maneira interdisciplinar en diferentes ámbitos, que amosa ser efectivo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ –VISPO RODRÍGUEZ: ...e a estratexia —remato, señor presidente— que está a seguir o Goberno galego evidencia un traballo intersectorial e coordinado na busca do obxectivo que todos nós perseguimos, que é evitar, na medida do posible, o suicidio na nosa comunidade.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora Ortega Otero.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

A verdade, señora Vispo, é que practicamente en todas as cuestións que mencionaba estabamos de acordo totalmente.

Si que é verdade que, como xa mencionei, somos coñecedores dese plan que está vixente en Galicia e, por suposto, todo o traballo que se faga sempre é agradecido nunha cuestión tan sensible coma esta. Pero si que me chama moito a atención que, estando de acordo, se opoñan a esta proposta, que, realmente, é a propia proposta que están demandando non só a cidadanía senón os axentes sociais, as asociacións de saúde mental. Realmente, comezou dicindo que non entendía que dixeramos que o plan galego non se estaba executando, tal e como requiría o asunto en cuestión, o suicidio, pero, realmente, as propias asociacións de saúde mental denuncian que Galicia falla na prevención do suicidio, e están denunciando que existe un plan pero que non se executa por falta de recursos económicos, basicamente.

Nós o que queremos pedir é que ese plan se dote de recursos económicos, humanos e materiais para que se poida levar a cabo e sexa máis eficiente do que realmente foi ata o momento. E comentaba tamén a representante do Bloque Nacionalista Galego que é unha cuestión que a maioría das persoas sabemos, non fai falta ser representante do sector nin estar —digamos— traballando nesta área. Todos e todas coñecemos ou mesmo padecemos algún problema de saúde mental e cando temos que ir á sanidade pública, realmente, temos que ser conscientes e todos somos coñecedores e todos, independentemente do lugar que ocupemos neste Parlamento, sabemos que están dando as citas con moitísimos meses de atraso en saúde mental. E vostede, que é ademais profesional da saúde, tamén é coñecedora e perfectamente consciente diso. Entón, non entendemos por que a negativa a un aumento de recursos nesta cuestión, que é o que practicamente vimos solicitar hoxe aquí dende o PSdeG e que consideramos que é totalmente xusto, que é unha proposta de xustiza coa xente, que é unha proposta nunha cuestión de saúde pública que nos afecta e nos afectará a todos,



independentemente do lugar de orixe, da condición económica, etc. etc., porque, como ben dixo vostede, señora Vispo, o suicidio non entende de patróns establecidos nin de clases sociais, afecta por igual a todo o mundo.

Polo tanto, temos que estar unidos nesta cuestión e non entendemos a negativa neste caso por parte das señorías do Partido Popular. E con todo o respecto que me merecen —e sobre todo vostede, señora Vispo— téñolles que dicir que este é o momento de usar a maioría absoluta da cal presumen en moitas ocasións —e con todo o dereito, por suposto, que poden presumir—, pero é o momento de amosar esa gratitude coa cidadanía que os votou, que depositou a máxima confianza no Partido Popular e que, realmente, nun asunto prioritario e que ten que estar sobre a mesa como nestes momentos, que non sabemos o que pode vir despois da pandemia, temos que estar a altura das circunstancias todos os representantes desta Cámara.

E o plan do que a voceira do Partido Popular fala, efectivamente, existe, pero anos máis tarde, catro anos máis tarde, seguimos vendo (*A señora Ortega amosa un papel á Cámara.*) estes titulares e seguimos escoitando como as asociacións de saúde mental nos están advertindo que non está funcionando. ¿Imos ser negacionistas dunha realidade que está amosando o propio sector? Non podemos ser cómplices, por iso traemos esta proposta á Cámara.

E consideramos que, ademais, vostedes son conscientes diso, e por iso pedimos o consenso. Eu penso que poderían pensar e recapacitar en aprobar, poñerse a favor, todos xuntos, cunha unanimidade que merece —eu penso— este tema en cuestión, e, ademais, cando está dicindo que van apoiar, por exemplo, o informe sobre tentativas de suicidio, que é unha das cuestións que estamos solicitando. A outra cuestión que estamos solicitando é dotar de recursos o plan que está vixente, dotar de recursos e, por suposto, poñerse en contacto coas asociacións que controlan da materia, cos expertos que controlan neste caso da materia, para estar á súa disposición, e o que están a reclamar é máis recursos económicos. Non podemos permitir que eu pida unha cita para o psicólogo cunha ideación suicida e que teña que esperar tres meses, como está sucedendo, ou incluso máis. Isto non o podemos permitir, cos datos e sendo a segunda comunidade autónoma que máis taxa de suicidio ten de toda España, non nolo podemos permitir.

E non dubido nin o máis mínimo que os grupos que representamos a cidadanía nesta Cámara podemos facer un magnífico traballo todos unidos nesta cuestión. Por iso pido, unha vez máis, o voto a favor unánime nesta cuestión e poñer de inmediato recursos sobre a mesa, porque a propia frustración dos profesionais da psicoloxía e da psiquiatría, que teñen que pautar a seguinte visita ao cabo de moitos meses, ten un límite.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora ORTEGA OTERO: E os profesionais ven o seu traballo inviable e pouco operativo por falla de medios, porque é imposible que un psicólogo ou un psiquiatra poida tratar unha persoa que ten que citar dentro de catro meses, non se pode seguir unha terapia así. Eu seiño por experiencia e vostede seguramente tamén, porque somos profesionais do sector. Os profesionais ven este traballo inviable. Poñamos recursos sobre a mesa, con seriedade, con rigor, con sensibilidade e con vontade política.



Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Ortega.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga e seis deputados/as máis, sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España da elaboración dun estudo da situación do mercado financeiro desde o punto de vista da concentración bancaria e a posta en marcha dun plan estatal contra a exclusión financeira

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

(O G. P. Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Juan Carlos Francisco Rivera, a través da portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei:

Emenda de modificación:

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- 1. Dirixirse á entidade Abanca, S.A. para que por esta entidade, nun proceso de responsabilidade social con Galicia, se proceda á paralización inmediata do peche de oficinas bancarias que se ten anunciado nos últimos meses, especialmente, nos concellos nos que esta entidade é a única oficina bancaria.*
- 2. Dirixirse a Abanca, S.A., e demandar a reapertura das oficinas pechadas no ano 2021, especialmente, nos concellos en que está entidade era a única con oficina bancaria.*
- 3. Elaborar dentro do seu abano de competencias exclusivas no ámbito do consumo, a través do Instituto Galego de Consumo e da Competencias, unha Carta de Servizos Básicos que garanta o dereito de todos os galegos e galegas en canto consumidores e consumidoras a non ser excluídos na prestación de servizos básicos de carácter financeiro.*
- 4. Dirixirse ao Goberno do Estado para que promova un marco normativo que garanta o dereito de toda a cidadanía a non ser excluída no ámbito financeiro no seu ámbito territorial.»)*

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei:

Emenda de substitución

Substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:



«O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Demandar da Comisión Galega da Competencia a elaboración dun novo “Informe sobre a concentración bancaria en Galiza dende o punto de vista da competencia” no que se analice, á luz dos feitos sucedidos desde a elaboración do primeiro informe, o nivel de competencia no mercado bancario galego e a estrutura de mercado así como as súas consecuencias na economía e nas persoas usuarias.

2. Demandar do Goberno central a análise das deficiencias no papel de supervisión e regulación do Banco de España e da CNMC sobre a competencia e concentración bancaria e a súa falta de actuación e efectividade diante da escalada de abusos bancarios en materia de restrición de servizos, pacto de horarios para limitar os servizos de caixa, incremento de comisións e reducións drásticas de oficinas e persoal. concentración bancaria e a súa falta de actuación e efectividade diante da escalada de abusos bancarios en materia de restrición de servizos, pacto de horarios para limitar os servizos de caixa, incremento de comisións e reducións drásticas de oficinas e persoal.

3. Demandar ao Goberno de España, en coordinación coas administracións autonómicas e locais, a posta en marcha dun plan estatal contra a exclusión financeira, con medidas que faciliten o acceso da poboación aos servizos financeiros sen que iso supoña en ningún caso un aumento do traspaso de recursos económicos da administración pública ás entidades financeiras privadas. Entre estas medidas estaría a de impulsar unha normativa que regule a prestación universal de servizos financeiros básicos ou esenciais, de xeito que se garanta á súa prestación para todos os usuarios, con independencia do seu lugar de residencia, cunha calidade determinada e a un prezo accesíbel. 3. Demandar ao Goberno de España, en coordinación coas administracións autonómicas e locais, a posta en marcha dun plan estatal contra a exclusión financeira, con medidas que faciliten o acceso da poboación aos servizos financeiros sen que iso supoña en ningún caso un aumento do traspaso de recursos económicos da administración pública ás entidades financeiras privadas. Entre estas medidas estaría a de impulsar unha normativa que regule a prestación universal de servizos financeiros básicos ou esenciais, de xeito que se garanta á súa prestación para todos os usuarios, con independencia do seu lugar de residencia, cunha calidade determinada e a un prezo accesíbel.

4. Impulsar unha negociación política e social con todas as institucións, organizacións sociais e de consumidores e consumidoras para demandar das entidades bancarias que operan en Galiza e que están a pechar oficinas, despedir traballadores e traballadoras e deslocalizar servizos a outras comunidades ou países así como desligar servizos bancarios para empresas de telemárketing para esixir o cese deste tipo de prácticas abusivas. 4. Impulsar unha negociación política e social con todas as institucións, organizacións sociais e de consumidores e consumidoras para demandar das entidades bancarias que operan en Galiza e que están a pechar oficinas, despedir traballadores e traballadoras e deslocalizar servizos a outras comunidades ou países así como desligar servizos bancarios para empresas de telemárketing para esixir o cese deste tipo de prácticas abusivas.

5. Tomar as medidas necesarias para deixar sen efecto o impulso de calquera medida que teña por obxecto inxectar recursos públicos a entidades bancarias para sufragar servizos que estas mesmas entidades están a pechar sen 5. Tomar as medidas necesarias para deixar sen efecto o impulso de calquera medida que teña por obxecto inxectar recursos públicos a entidades bancarias para sufragar servizos que estas mesmas entidades están a pechar sen xustificación económica, singularmente o proceso de adxudicar subvencións pola instalación de caixeiros.»



Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Vázquez Domínguez.

A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi boa tarde, señorías.

É perceptible o forte impacto que tivo e ten a reestruturación bancaria sobre o territorio español, incluso sobrepasando as nosas fronteiras nacionais. A crise financeira do ano 2008 foi o punto de inflexión, onde España viviu un dos maiores procesos de concentración bancaria de toda Europa. Son moitos os factores que levaron a esta circunstancia de reestruturación gradual, como pode ser o novo marco regulatorio, os tipos de xuro negativos, a dixitalización do sector, a resolución de activos dubidosos ou mesmo a entrada de novos competidores.

En Galicia non somos alleos a este proceso de intensa reforma do sistema financeiro, porque, señorías, todos coñecemos algún familiar, algún amigo afectado nos últimos tempos por cambios continuos á hora de realizar os trámites financeiros nas entidades bancarias onde operan.

A pesar de que este proceso permitiu reforzar a solvencia das entidades e recuperar a confianza e a estabilidade do sistema financeiro, que gañou en capacidade para resistir novas crises, tamén trouxo alternativas negativas, como unha importante diminución e peche do número de sucursais e de oficinas bancarias abertas ao público, o que dificulta a accesibilidade aos servizos financeiros por parte da poboación, tanto no ámbito rural como no ámbito urbano.

O pasado ano pecháronse en España máis de 1.600 oficinas e este ano continúan estes axustes. E non só é Abanca, que tamén, pois o Banco Santander en San Cibrao das Viñas pechou as súas portas; o BBVA farao nas próximos días no Concello de Cervo, igual que Caixabank, Unicaja, Ibercaja e Banco Sabadell, que xa o farán proximamente, como así anunciaron.

Miren, por pór datos enriba da mesa e ver o alcance do problema, en España a rede de oficinas das entidades de crédito alcanzou un máximo de 46.000 unidades en setembro do ano 2008 e dende entón non deixou de caer, ata situarse, en decembro do ano 2020, en pouco máis de 22.000 sucursais, polo que estamos a falar dun axuste de máis do 51 %, e que en comunidades autónomas como Cataluña alcanza a caída do 64 %.

Os datos manifestan que este axuste se produce en zonas urbanas e rurais, afectando especialmente o acceso a servizo financeiros e impactando negativamente no desenvolvemento económico e social e contribuíndo ao agravamento da súa situación de despoboamento. Ao inicio da miña intervención recalcaba que non estamos ante unha problemática que afecte en exclusiva a Galicia.

Miren, o 53 % dos municipios totais que hai en España non teñen unha sucursal bancaria, o que vén sendo o 3 % da poboación española, con comunidades como Castela-León onde a porcentaxe da poboación sen acceso a unha oficina bancaria no seu termo municipal se si-



tuaba no 15,8 %. E se imos a Extremadura ou mesmo a Navarra, a porcentaxe de poboación afectada alcanza o 7 %.

Señorías, son datos alarmantes que manifestan que estamos ante unha problemática xeneralizada que sobrepasa o ámbito dun concello, dunha provincia ou dunha comunidade autónoma, e que entendemos que require dunha diagnose, dun tratamento e dunha solución coordinada por parte das diferentes administracións públicas, capitaneadas polo Goberno do Estado.

Concordamos en que Abanca é unha entidade importante dentro do sistema financeiro galego. Falamos dunha entidade radicada en Galicia, cunha cota de mercado de en torno ao 40 % e, polo tanto, as súas decisións —boas e malas— afectan significativamente o mercado bancario galego. Sería un erro cinguir a dita problemática a unha única entidade, a un único concello, pois estamos ante un problema que afecta a totalidade dos clientes de produtos financeiros a nivel estatal. Estamos ante unha realidade que non se debe fragmentar por parte das comunidades autónomas. É unha cuestión que afecta o conxunto de España e, polo tanto, o Goberno do Estado ten que dirixir unha acción conxunta ao ser el o único competente na materia.

O Goberno autonómico e este grupo parlamentario somos conscientes dunha cuestión que afecta o territorio nacional e que preocupa o noso territorio galego; en definitiva, a todas aquelas persoas vulnerables que queren acceder aos servizos financeiros e bancarios. De feito, xa existen fórmulas útiles neste ámbito, como a iniciativa promovida recentemente polo Goberno galego, en colaboración coa representación dos concellos, a Fegamp, para universalizar o acceso de servizos bancarios e financeiros que permitirá a moitas localidades que carecen de oficinas, ademais de dispoñer dun caixeiro no seu municipio, que os veciños destes concellos tamén poidan contar con servizos de asistencia financeira e de formación.

Trátase dun convenio firmado por concellos con gobernos de todas as cores políticas: Partido Socialista, Partido Popular, Bloque Nacionalista Galego e incluso independentistas, que entenderon, do mesmo xeito que a Xunta de Galicia, que o importante era darlle a solución a este problema de exclusión financeira que tiñan os seus veciños.

A través dos organismos autonómicos de consumo trabállase na defensa dos usuarios de banca mediante a organización de campañas informativas, igual que a prestación de asesoramento en materia de servizos financeiros, cumprindo a súa competencia. Son coñecedores as súas señorías de que obstaculizar o acceso a servizos financeiros aos habitantes dos concellos afectados ten consecuencias directas no seu desenvolvemento económico e social; e, por suposto, na despoboación do seu territorio, que, ademais, se agrava polas restricións dos servizos de atención presencial e outras medidas afectadas ante a situación actual da pandemia.

A proposición formulada na tarde de hoxe por parte deste grupo parlamentario ten como obxectivo final garantir que toda a poboación galega, con independencia do seu lugar de residencia, teña acceso aos servizos bancarios e financeiros, e evitar a exclusión financeira, prestando especial atención no ámbito rural. Garantir que toda a poboación galega, con independencia do seu lugar de residencia, teña acceso aos servizos bancarios e financeiros pasa, en definitiva, por que o Goberno do Estado impulse unha normativa que regule a pres-



tación universal de servizos financeiros básicos, porque é o único competente nesta materia. Unha demanda, ademais, para a que existe un amplo consenso, polo menos nos partidos a nivel nacional, tal e como quedou patente na moción aprobada no Senado en setembro do ano 2020. Amplísima maioría instando o Goberno de España a elaborar ese estudo e acordar un paquete de medidas globais para abordar este problema en coordinación coas administracións autonómicas, provinciais e locais.

É necesario, en colaboración co Banco de España e coa Comisión Nacional do Mercado de Valores, a elaboración dun estudo sobre a situación do mercado financeiro en España dende o punto de vista da concentración bancaria. Dende logo, hai un acordo verbal por parte da vicepresidenta primeira do Goberno de España, a ministra Calviño, na súa visita a Galicia, comprometéndose a traballar co Banco de España para ver se ten algunha recomendación específica ante a problemática do peche abusivo das entidades bancarias. Ante estas declaracións, non vemos ningún impedimento para que saia un apoio unánime por parte do Grupo Socialista, tendo o apoio da vicepresidenta do Goberno, e tamén o apoio do grupo nacionalista, sendo apoio necesario para que se formalizara ante o Goberno que hoxe reside na Moncloa.

Espero o seu apoio a esta iniciativa, porque será un apoio para que todos os galegos teñan un acceso aos servizos financeiros en calquera lugar onde residan.

Polo de agora, máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Domínguez.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Socialista, señor Francisco Rivera.

O señor FRANCISCO RIVERA: Grazas, presidente.

Boa noite xa a todos e a todas, deputados e deputadas.

Antes de iniciar a miña intervención en relación a esta iniciativa, a deputada Paula Prado —non está aquí— fixo unhas manifestacións antes, durante a súa intervención, que son absolutamente falsas en relación á filla do alcalde de Verín. A filla do alcalde de Verín non aprobou ningunha oposición no Concello de Verín, que non foi convocada, e, ademais, non traballa no Concello de Verín. Co cal a señora Paula Prado —creo que involuntariamente— mentiu e sería bo que rectificase. *(Aplausos.)*

En todo caso, como isto vai neste Pleno de entregar papeliños ao presidente da Cámara, lembre, señor Santalices, que no seguinte Pleno lle entregue eu a vostede unha listaxe de 250 persoas familiares de cargos electos do Partido Popular na Deputación de Ourense; de alcaldes e concelleiros enchufados, todos, iso si, a dedo nesa institución. *(Aplausos.)* Lembre que llelo entregue a vostede e á señora Paula Prado. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: A min non sei por que, perdoe.



O señor FRANCISCO RIVERA: Bueno, porque vostede é o presidente.

O señor PRESIDENTE: Bueno, xa, pero eu estou aquí para clarear.

O señor FRANCISCO RIVERA: Está ben.

O señor PRESIDENTE: A min o que me deu a señora Paula Prado é un recorte dun periódico.

O señor FRANCISCO RIVERA: ¡Claro, claro, claro!

Claro, a señora Paula Prado mentiu aquí... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Que é o que di o periódico.

O señor FRANCISCO RIVERA: Claro. Ben. (*Murmurios.*)

En relación á iniciativa, esta é unha iniciativa que, efectivamente, se leva debatido ao longo destes últimos meses aquí. Evidentemente, o Partido Popular ten toda a lexitimidade do mundo para plantexar calquera tipo de iniciativa, repetir novamente as iniciativas que dende a oposición levamos traído a esta Cámara ao longo dos últimos meses. E, bueno, en fin, dende esa lexitimidade que eu lle recoñezo, tamén lle digo que a vontade do Partido Popular con este tipo de iniciativas non é outra que a de —dalgún xeito— blanquear a inacción política da Xunta de Galicia na resolución dun tema que afecta miles e miles de galegos, como é o peche de oficinas de banca en moitos concellos deste país que xa se citaron aquí en moitísimas ocasións e que vostede coñece. E vostede mesma acaba de facer aquí alusión tamén a outras entidades financeiras, a Abanca e ao BBVA, que, efectivamente, é un problema que afecta o conxunto dos concellos e tamén un problema que están provocando distintas entidades financeiras.

O que pasa é que vostede pide na súa iniciativa que se faga aquí unha serie de radiografías que, loxicamente, están ben, pero que nós, ao longo dos últimos meses en distintas iniciativas, tamén plantexamos aquí. Nós plantexamos que dende a Xunta de Galicia se fixesen estudos, a través do Instituto Galego de Consumo, do impacto que ten o proceso que está habendo de concentración bancaria na competencia propiamente do sector. Ou do impacto que ten a concentración bancaria no sector crediticio, na concesión de préstamos hipotecarios. Ou mesmamente o impacto que ten a concentración bancaria na imposición de comisións abusivas nos contratos como consecuencia do proceso de oligopolización que se está producindo no sector.

Diante diso, vostedes, o Partido Popular, o partido que sustenta o Goberno da Xunta de Galicia, sempre votan non, sempre bloquean calquera iniciativa que veña da oposición, aínda que sexa razoable, porque nós mesmos plantexamos iniciativas nun sentido coherente. Nós sabemos que hai unha cuestión política que si pode ter resolución dende a Xunta de Galicia a través de presión política ás entidades, especialmente a aquelas que máis cota de mercado teñen neste país. E hai unha cuestión normativa que, evidentemente, se ten que resolver no ámbito do Estado, que nós tamén impulsamos ese tipo de cuestións.



Pero creo que vostedes aquí, con este tipo de iniciativas, non buscan unha solución, o que buscan é un responsable, un culpable; e vostedes xa saben, cando buscan ese tipo de responsables, a quen lle atribuír esa responsabilidade, ao Goberno do Estado. Balóns fóra e que resolvan os demais cuestións que afectan, evidentemente, a Galicia.

Eu creo que coincidimos, todos os que estamos aquí, en que son as administracións públicas as que deben garantir, evidentemente, a prestación de servizos básicos ao conxunto da cidadanía, tamén os servizos financeiros. Disto vai o que é a cohesión social e a cohesión territorial, máis alá de onde vivan, efectivamente. E nós defendemos un sistema económico que teña un sistema financeiro robusto e forte, e non nos opoñemos nin ás fusións nin ás concentracións bancarias, entendémolo na lóxica do mercado e defendemos que o mercado non hai que tocalo sempre que funcione. Pero non podemos admitir este proceso draconiano que está habendo de peche de oficinas bancarias en todos os concellos do país ou en moitos concellos do país, especialmente naqueles concellos onde existe unha única oficina de banca. Isto non podemos admitilo e non podemos admitir tampouco o silencio moitas veces cómplice da Xunta de Galicia en relación a segundo que entidade bancaria.

Porque vostede tenme que explicar, e a Xunta de Galicia ten que explicar, como é posible que unha entidade financeira hoxe estea nunha sociedade pública coa Xunta de Galicia apuntando á xestión dos fondos europeos vinculados aos proxectos que se van financiar cos fondos europeos que veñan para esta terra, como a unha entidade bancaria se lle adxudica unha universidade privada, e como a esa entidade financeira a Xunta de Galicia non é capaz de exixirlle ningún tipo de responsabilidade social con este país. *(Aplausos.)* Iso é o que ten que explicar, porque isto vai de responsabilidades tamén políticas e, neste sentido, nós vemos unha ausencia de vontade política da Xunta de Galicia en buscar solucións a este tema.

Efectivamente, coincido no diagnóstico —creo que todos coincidimos—: o proceso de concentración bancaria está producindo exclusión financeira. Estase empuxando a cidadanía, o conxunto dos cidadáns, a un modelo de banca dixital que en Galicia, pola composición demográfica da nosa poboación, ten evidentes prexuízos para un sector da poboación, especialmente a xente maior, que ten menos habilidade dixital e menos capacidade dixital e, por tanto, máis dificultades. Pero a solución, dende logo, non é incentivar con diñeiro público aquelas entidades financeiras que pechan oficinas nos pobos, incentivalas para que logo, con diñeiro público, monten, precisamente, servizos financeiros que acaban de pechar. Esa non é a solución, iso non é en ningún caso o que dende a Xunta se debe impulsar.

E vostede falaba do convenio coa Fegamp. O convenio coa Fegam, que é de decembro aproximadamente, non está contemplado como unha espoleta para que as entidades financeiras pechen oficinas. Está contemplado, precisamente, para, aqueles concellos que xa non tiñan servizos financeiros, dotalos dalgún instrumento, neste caso dun caixeiro, pero xa aqueles concellos que non tiñan este servizo. O que non pode ser é que se incentive, a través dunha axuda pública da Xunta de Galicia —neste caso de 2.800.000 euros—, o peche de oficinas para que esas mesmas entidades financeiras acaben facendo negocio naqueles concellos onde pechan as súas propias sucursais.



Polo tanto, non podemos admitir tampouco, por unha cuestión de responsabilidade social con este país, que aquela entidade financeira que ten a maior cota de mercado e que vén de onde vén, e que ademais ten unha rendibilidade anual consecutiva, dende o ano 2015, importante, prescindida desa responsabilidade social con este país e atenda única e exclusivamente a criterios mercantilistas e que dende a Xunta de Galicia se permaneza absolutamente en silencio.

Nós, a diferenza do Partido Popular, pomos nomes e apelidos. Nós exiximos a Abanca, e ao resto das entidades, que deixe de pechar oficinas neste país, exiximos á Xunta de Galicia que demande desta entidade que deixe de pechar oficinas neste país, e ademais tamén entendemos que o Instituto Galego de Consumo pode facer moitísimo máis do que está facendo en defensa dos consumidores e consumidoras deste país, que teñen dereito a non ser excluídos na prestación dos servizos básicos, neste caso de carácter bancario. *(Aplausos.)*

E, por suposto, non temos ningún reparo, ningún medo a demandar, no ámbito do Estado, os cambios normativos que sexan absolutamente necesarios, e sono para que o conxunto da cidadanía deste país, viva onde viva, teñan todos os mesmos dereitos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Francisco Rivera.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Ben, obrigada, señor presidente.

Señora Vázquez, con todo o respecto, non serei eu nin o meu grupo quen se meta coa vontade política do Partido Popular, do Grupo Parlamentario, e dos asuntos que traian a este Pleno, ¡líbreme Castelao de facelo!, *(Aplausos.)* pero, desde logo, a min *(Risos.)*, de verdade, é que me resulta inaudito que, coa que está caendo, coa de debates que levamos tido nesta Cámara no que vai de lexislatura sobre esta cuestión da exclusión financeira, que vostedes, a estas alturas da partida e despois, ademais, de debater no Pleno anterior dúas iniciativas da oposición sobre este asunto, sabendo que non hai consenso nun punto específico, e ademais despois de tomar esas decisións unilateralmente desde o Partido Popular, sen buscar en ningún momento consenso cos grupos da oposición, veñan vostedes aquí con esta iniciativa non se sabe moi ben a que, se a lavar a conciencia, se a explicarnos que Abanca non é a única entidade bancaria que pecha oficinas neste país, algo que, se nos escoitaran un pouco, cunha escoita activa, saberían que xa sabemos, ou moi ben a que. Porque, sinceramente, é un pouco alucinante.

Pero, en todo caso, respectamos a súa decisión e todas as veces que queiran discutiremos sobre este tema neste Parlamento, que boa falta nos fai. Pero, insistimos, e tal e como lle



diciamos no Pleno anterior, en comisión e en múltiples ocasións, incluso en lexislaturas anteriores ao fío doutros procesos de reestruturación bancaria, pois hai veces que é peor o remedio que a enfermidade. E este é un deses casos, señora Vázquez, porque, desde logo, o que vostedes fixeron desde a Xunta de Galiza foi peor. Primeiro estiveron sen facer nada, nin a máis mínima negociación política, nin a máis mínima intervención co sector bancario, nin o máis mínimo desenvolvemento de iniciativas propias, reformulando o IGAPE e transformándoo nun Instituto Galego de Crédito, calquera cuestión dese tipo. Non, pero despois foi peor, porque decidiron actuar, e hai veces que cando actúan é peor que cando vostedes non fan nada, e este é un deses exemplos. Porque xa o que faltaba é, nun escenario onde as entidades bancarias están aproveitando a crise da covid-19 para continuar a adelgazar os seus servizos e incrementar así os seus beneficios, vostedes deciden que queren contribuír, pero contribuír aos beneficios da gran banca.

Entón decidiron, pois, ¡jala, veña!, imos organizar unha orde de subvencións para darlle cartos á banca para que instale caixeiros alá onde os está pechando. Unha idea brillante, unha idea brillante que tivo un efecto chamada, pois foi consumarse esa publicación da orde de subvencións no *Diario Oficial de Galiza* e acelerarse o peche de entidades bancarias que non estaban pechando servizos, e que comezaron a facelo.

Iso é o que fixeron vostedes, señora Vázquez, basicamente conseguir un efecto chamada con ese capitalismo de *chinchimoni* (*Risos.*) que vostedes practican. Porque vostedes son liberais para o que lles apetece (*Risos.*) —non se pode intervir na economía en ningún aspecto—, ata que deciden que, ¡ah, a ver!, con algunha entidade bancaria, como hai bo *feeling*, como forma parte desa carteira de abrazos selectos do presidente da Xunta de Galiza, aí si podemos intervir na economía e destinar recursos dos galegos e galegas, ¡aí si! (*Aplausos.*)

Eu, desde logo, creo que é unha falta de respecto que formulen isto nestes termos, esta iniciativa, desde logo. Ademais, di vostede, señora Vázquez, que non somos alleos a esta situación, que en Galiza vivimos como no resto de España. Eu non sei se era como unha argumentación para convencernos de que somos España. Pero, en todo caso, é que o vivimos máis que o resto de España, porque o informe que fixo no seu día, a iniciativa do grupo proponente, que era o Grupo do Bloque Nacionalista Galego e que acadou un acordo, creo que o único na lexislatura anterior en materia económico-financeira relacionada co sistema bancario, fixo a Comisión Galega de Competencia un informe. ¿E que dixo ese informe? Que tiñamos un índice de concentración bancaria superior ao estatal, e superior ao europeo. ¿Que fixeron vostedes? Nada. Tamén renunciar a intervir politicamente neste ámbito, renunciar a negociar coas entidades bancarias. Polo tanto, temos unha situación que é peor, e vostedes o que fan é buscar unha mala solución.

Tamén afirmou vostede que... ¡bueno!, deu aquí unha lectura compracente do saldo da anterior crise financeira, que nós, desde logo, non podemos compartir, porque di que o sistema financeiro gañou en solvencia e en capacidade de resistencia a outras crises, e estamos no medio dunha nova crise económica que non ten unha orixe financeira pero que as entidades bancarias usan como coartada. Primeiro, para que o sistema público as siga rescatando, ben vía fondos europeos, créditos ICO etc., ben para seguir engordando os seus beneficios a custa da clientela,



e, desde logo, este non é un problema galego, efectivamente, é un problema europeo e internacional. Efectivamente, non é un problema dunha soa entidade bancaria, pero a cuestión está nas medidas e, efectivamente, hai medidas legislativas que corresponden, desafortunadamente, baixo a óptica dunha organización nacionalista coma a nosa, para o Estado.

Pero é que, mire, señora Vázquez, unha e outra vez trouxemos propostas concretas —a última vez hai 15 días— a esta Cámara, para demandar cambios legislativos. Fixemos propostas, incluso concretas, de que real decreto de pagos e de medidas urxentes había que modificar. Podían vostedes apoiar esa, ou apoiar outras, pero é que sempre se puxeron de perfil, e iso foi así porque vostedes no Estado, xunto co Partido Socialista no Estado, orquestraron a reestruturación bancaria anterior nunhas claves que foron lesivas para a economía galega, e que foron lesivas para o sistema financeiro galego. E hai unha parte, efectivamente, que vén imposta de máis alá, que vén imposta tamén da regulación europea, pero hai outra parte na que vostedes tiñan capacidade de decisión política e decidiron renunciar. E aí está a historia das caixas, aí está a historia de todo iso. E agora a realidade é que estamos nunha nova fase desa reestruturación bancaria. É un drama social, é un drama social desde o punto de vista laboral, e o outro día recitei aquí unha chea de peches de despedimentos falando só dos dous últimos meses: ERE do Sabadel, do BBVA, de CaixaBank, de Abanca tamén —que é a que parece que veñen representar aquí—, meses antes do Santander, vivimos hai dous anos un proceso brutal con todo o conglomerado do que era o Banco Popular-Pastor, aínda non había covid, e aínda así, diante desa situación, vostedes tampouco fixeron nada.

Entón, este, efectivamente, é un problema que vén de lonxe. No ámbito laboral tamén habería que falar da regulación laboral que uns e outros fixeron no ámbito do Estado, e que formularon unha auténtica reconversión no sector, que basicamente foi convertido a traballadores e traballadoras temporais, precarizados, e teleoperadores e teleoperadoras en moitos casos.

É un drama social tamén no que ten que ver desde o punto de vista da clientela, pero para calquera persoa, usuario ou usuaria, é unha obrigación, ademais, a dixitalización mal entendida para a xente maior, e non tan maior. Estas mesmas semanas estamos vendo o que está acontecendo coas ciberestafas e todas esas cuestións. Vostedes aí tamén nin están nin se lles espera. Hai un anecdótico traballo de recompilación de reclamacións do Instituto Galego de Consumo e da Competencia e pouco máis. Tampouco nese ámbito vostedes se esforzaron.

Hai, claramente, un pacto abusivo de todas as entidades bancarias, que incumpren o papel que en teoría deberían de ter os reguladores, pois nin a CNMC nin o Banco de España actúan ante cuestión tan evidentes como o pacto de caixa, como a restrición de acceso ao crédito. Ven vostedes tamén como emigra o aforro galego: dous orzamentos da Xunta, dous orzamentos da Xunta é o que hai acumulado de diferencial entre créditos e depósitos deste país, que podían estar sendo aproveitados para ser reinvestidos aquí, en tantos ámbitos que necesitan financiamento neste contexto de crise, e no que vostedes están entregando os fondos europeos a mans do Ibex-35, e vostedes despois veñen aquí a dicir que, ¡bueno!, que hai que pedir medidas, así en xenérico, e que hai que seguir inflando de cartos a banca privada para que poñan caixeiros. Isto, como medida complementaria a abri-lles a porta á privatización do sistema universitario galego, como paso seguinte tamén a coller e crear



un *chiringuito* de xestión dos fondos europeos liderado por unha entidade privada, Abanca, que nin sequera vai ter carácter financiador e que vai decidir sobre fondos europeos máis do que os deputados e deputadas que nos sentamos neste hemiciclo, incluídos vostedes tamén, ¡eh!, van decidir máis ca vostedes. (*Aplausos.*) É que é delirante, señora Vázquez, de verdade.

Polo tanto, pois temos, efectivamente, un drama laboral, un drama social, un drama económico, pero a cuestión está en que facemos diante diso, e vostedes decidiron unha parte importante da súa historia: desde Galiza non actuar, desde o Estado actuar en dirección contraria aos intereses das maiorías sociais deste país, e agora veñen aquí, con esta iniciativa de autoexculpación, a finxir que hai un gran consenso cos concellos galegos, que é radicalmente mentira. Hai un convenio que unilateralmente o anterior presidente da Fegamp aprobou, que non ten demasiado consenso dentro da propia Fegamp e que, ademais, efectivamente, é un convenio, igual que o de *Doing Business* ou tantos outros, que a Xunta de Galiza impón practicamente ao municipalismo galego, que —protocolariamente case— na Fegamp se aproba, que logo algúns se acaban adherindo porque non lles queda outra, pero iso non é un consenso, e ademais as cifras de concellos adheridos son ridículas. Iso é que nalgún caso se ven obrigados os alcaldes e as alcaldesas e acaban embarcados aí, pero non é unha solución ao problema de fondo.

Polo tanto, que veñan a estas alturas, algo que non consensuaron nin co municipalismo galego, nin con este Parlamento, nin cos traballadores e traballadoras das entidades bancarias, aos que nin sequera reciben, que cando lanzaron esta orde de subvencións o sindicato maioritario deste país, que eu xa sei que lles produce alerxia, pero pediulle unha reunión ao señor Martínez e nin sequera o recibiu.

Esa é a realidade, señora Vázquez, e polo tanto, diante diso, nós o que facemos é presentar unha emenda para insistir nas cuestións que temos formulado noutros momentos. Primeiro, exerzamos o noso autogoberno, a Comisión Galega de Competencia e o Instituto Galego de Consumo están para algo, que estuden a situación e ofrezan alternativas. Segundo, exerzan o poder político, negocien coas entidades bancarias, negocien con esas entidades bancarias coas que se sentan nese Foro da Toxa. E, en terceiro lugar, si, demandemos modificacións no ámbito do Estado en canto non teñamos capacidade propia, pero, en cuarto lugar, adquieran vostedes algún compromiso a estas alturas. Asuman o erro que fixeron e fagan as actuacións precisas para deixar sen efecto esa orde, que, desde logo, é unha das maiores tomaduras de pelo que orquestraron vostedes para este país nos últimos anos, ¡e miren que hai varias na lista de carteiras! Pero, desde logo, neste paripé non van contar co noso apoio.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Vázquez Domínguez.

A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ: Moitas grazas, señor presidente.



Señora Presas e señor Rivera, é poñer a traballar o Goberno central e é empezar a moverse as sillas, tanto do Partido Socialista como do Bloque Nacionalista Galego.

Miren, traemos esta iniciativa porque as entidades pechan por falta da inacción do Goberno de España, que é o único do que depende a regulación bancaria, por se non o saben. E debe de haber algunha diferenza entre o Partido Socialista Obreiro Español e o Partido Socialista a nivel galego, porque, miren, non se entende que esta iniciativa é o mesmo que pide o Partido Socialista Obreiro Español ao Goberno de España na moción presentada ante o Senado.

Mire, vóulle ler, señor Francisco (*A señora Vázquez Domínguez amosa un papel á Cámara.*). Debe haber un grave problema de coordinación, non sei se é coa sede de Ferraz ou se é con Moncloa, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) «Punto 5: ofrecer a las entidades financieras incentivos y espacios dentro de las dependencias cuyo titular sean las administraciones públicas». Isto aprobouno o Partido Socialista. Ao mellor o que teñen que facer é ler un pouquiño máis, señor Rivera. (*Murmurios.*) (*Protestas.*) Eu. Simplemente..., (*Murmurios.*) si, si, lle debo... (*Murmurios.*)

E en relación á emenda que vostede presenta... Mire, na primeira intervención vostede manifestaba que o acceso aos servizos financeiros non se trata dun problema exclusivo dun concello nin dunha entidade financeira. É que vostede na emenda só fala de Abanca, debe ter un problema con iso. Porque sabe vostede perfectamente que non é un problema só de Abanca, que é un problema de todas as entidades financeiras, e a vostede parece que só lle interesa facelo nesa cuestión. E adiántolle que este grupo parlamentario vai defender a todos os galegos que vexan restrinxidos os seus dereitos financeiros, vivan onde vivan e voten a quen voten, señor Rivera. (*Aplausos.*)

En canto ao terceiro punto da súa emenda. O Instituto Galego de Consumo e de Competencia non contempla o control do correcto funcionamento do mercado financeiro, iso é algo que lle compete ao Banco de España, é dicir, ao Goberno do Estado. Si, non lle gusta.

En canto á portavoz do Bloque Nacionalista Galego. Señora Presas, a verdade é que hai que recoñecerlles a gran capacidade que teñen de regatear, a verdade é que si, e de branquear o Goberno de Pedro Sánchez. (*Murmurios.*) No fondo son socios de goberno, eu enténdoa perfectamente. ¡Mire se regatean que a regulación bancaria é competencia do Banco de España, é dicir, do Goberno de España! (*Murmurios.*) E case queren facer crer aos galegos de que lle compete ao Goberno galego, ¡isto é asombroso! Pero, mire, os galegos son moito máis intelixentes, señora Presas, e non van caer na súa trampa. Porque, miren, cando a problemática do acceso aos servizos bancarios —e vostede recordouno, que foi un acordo anterior ao presidente anterior da Fegamp, é dicir, antes do ano 2019, aínda non era patente en Galicia— o Goberno galego, preocupado, demandou unha coordinación estatal, coa urxente necesidade de que se elaborase un estudo completo e detallado do mercado financeiro. Ante a inacción do Goberno do Estado —que debe estar a outras cuestións— o Goberno galego decidiu non quedar de brazos cruzados e darlles unha solución a miles de galegos que carecen de acceso aos ditos servizos. O acordo da Xunta de Galicia e da Fegamp conta coa firma dos concellos do Bloque Nacionalista Galego, do Partido Popular, do Partido Socialista e mesmo de independentistas. ¿E saben



por que? Porque o único que comparten de obxectivo é darlles unha solución a todos aqueles galegos que teñen problemas co acceso aos servizos financeiros. Unha iniciativa semellante a moitas outras ao longo da xeografía española levadas a cabo por administracións de diferente cor política, porque o único que buscan é dar unha resposta a todos aqueles veciños.

O que sucede despois é o seguinte: o Bloque Nacionalista Galego viu ocasión de trifulca política, pero o que non sabían —señora Presas, isto non o sabía— é que os alcaldes da súa mesma cor política firmaran e se adheriran ao dito protocolo entre a Xunta e a Fegamp. *(Aplausos.) (Murmurios.)* Claro, entón iso molesta, eu enténdoa perfectamente. *(Aplausos.)*

Estamos ante un Bloque Nacionalista Galego que branquea o Goberno do Estado, é o que debe facer un bo socio de Goberno, non como no Concello de Lugo. Estamos ante un Partido Socialista Galego incapaz de cumprir os seus propios acordos, meramente da súa competencia. Deberían estar máis preocupados de darlles unha solución aos galegos e ás galegas. E, claro, cando a solución depende de varias partes e só cumpren dúas, como son os concellos e o Goberno autonómico, aí aparecen os problemas. A Administración local e a autonómica, a maiores de realizar un enorme esforzo, impulsaron os mecanismos que están dentro da súa competencia.

E remato xa, presidente.

Señorías, están a tempo de rectificar, de saír desta Cámara parlamentaria cun apoio unánime na posta en marcha dun plan estatal contra a exclusión financeira. Vostedes ríanse, *(Murmurios.)* os nacionalistas ríanse porque lles parece moita graza. *(Murmurios.)* Miren, non están a favor, polo que vexo, de votar un plan estatal porque é exixirlle ao Goberno de Pedro Sánchez e, claro, non vaia ser que se moleste. O único realmente importante, o que lles deba preocupar realmente é solucionar o problema dos galegos, reivindicando a política útil na busca de solucións aos problemas xerais da xente.

O señor PRESIDENTE: Sobre as emendas.

A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ: Pola miña parte...

O señor PRESIDENTE: ¿As emendas?

A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ: ...xa lles comunico que non imos aceptar ningunha das emendas propostas nin polo Bloque Nacionalista Galego nin polo Partido Socialista. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Aplausos.) (Murmurios.)

Tranquilidade. Xa sei, seguro que vai pedir a palabra por... *(Murmurios.)*

¡Tranquilidade! Vamos con calma. Tranquilidade.



(A señora Prado del Río pide o uso da palabra.)

Pide palabra, imaxino, porque foi aludida no... Ten un turno. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Evidentemente, claro. Eu estaba no debate. (*Murmurios.*)

Si, si, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, señor presidente.

O señor Francisco dixo que eu mentín nesta Cámara e teño que dicir que non é verdade. Eu trasladeille ao presidente da Cámara...

O señor PRESIDENTE: Xa o expliquei eu.

A señora PRADO DEL RÍO: ...unha noticia de prensa... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Non hai debate niso. (*Murmurios.*)

Nas alusións... Non, aínda non acabou, ademais. (*Murmurios.*) Non, perdón, ten tres minutos. (*Murmurios.*) Non, non, perdón, vamos ver, ela está dicindo... (*Murmurios.*) Pero non entendo cal é o problema. (*Murmurios.*)

¿Cal é o problema? (*Murmurios.*)

Pero non entendo. (*Murmurios.*) É que non alcanzo a comprender eu cal é o problema. (*Murmurios.*) Ela aínda ten... aínda... vamos ver, está ela explicando.., aínda non saben o que explicou e vostedes xa protestan. (*Murmurios.*) Pero ¿cal é o problema? (*Murmurios.*) ¡Vamos saber que é o que di! (*Murmurios.*) Porque se está dicindo que ela non dixo iso terá que demostrar que non o dixo. Vamos respectar o turno.

A señora PRADO DEL RÍO: Señor presidente, eu, apelando ao Regulamento, creo que estou no dereito do uso da palabra porque fun aludida, non estaba no debate.

O señor PRESIDENTE: Correcto.

Eu o Regulamento protexe, si.

A señora PRADO DEL RÍO: E eu creo que algúns deputados deberían de ler o Regulamento antes de poñerse como se poñen, (*Murmurios.*) porque realmente é sorprendente. É sorprendente.

Eu dixen... na miña intervención lin un titular de prensa que dicía: «*Verín: La oposición que solo aprobó la hija del alcalde*».



O señor PRESIDENTE: Correcto.

A señora PRADO DEL RÍO: ¡Espere! Déixeme rematar o meu argumento.

O señor PRESIDENTE: Iso foi así. Xa está. Iso foi o que lles dixen eu. ¡Xa está!

A señora PRADO DEL RÍO: ABC, 8 de xuño de 2021...

O señor PRESIDENTE: Si, está aquí. Xa llelo ensinei eu.

A señora PRADO DEL RÍO: Non, non, pero déixeme. Señor presidente, se me deixa facer, por favor, un mínimo de argumentación. Déame os tres minutos que me dá o Regulamento.

O señor PRESIDENTE: Está dito. Vostede fai uso dun titular...

A señora PRADO DEL RÍO: Pero eu teño que explicar por que non mentín. Non mentín porque eu agora aproveitei para buscar... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora PRADO DEL RÍO: ...máis artigos de prensa deses días e todos dicían o mesmo: «*Investigan el aprobado de la hija del alcalde de Verín en una oferta de empleo público*».

Antena 3...

O señor PRESIDENTE: Bueno, iso xa é entrar en profundidade. Perfecto.

A señora PRADO DEL RÍO: Non, non, señor presidente. Déixeme rematar. ¡Déixeme rematar!

O señor PRESIDENTE: Pero vostede non dixo... Xa. Correcto. Está explicado iso.

A señora PRADO DEL RÍO: Cando hai catorce candidatos e só aproba un e é a filla do alcalde de Verín e o titular di que só aprobou a filla do alcalde de Verín...

O señor PRESIDENTE: Correcto.

A señora PRADO DEL RÍO: ...esta deputada non mentiu.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora... Está explicado...

A señora PRADO DEL RÍO: Simplemente leu un titular de prensa.

O señor PRESIDENTE: Está explicado.



A señora PRADO DEL RÍO: Se non que lle exixan ao medio de comunicación que o puxo unha rectificación...

O señor PRESIDENTE: Está explicado, señora Prado. Terminou...

A señora PRADO DEL RÍO: Pero esta deputada non mentiu.


O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo.

(Pausa.) (Non se perciben as palabras do señor presidente.)

...alusións non hai debate. *(Protestas.)* Non, ¡home!, ¡por favor! *(Protestas.)* ¡Por favor! *(Protestas.)* Que lea o Regulamento.

Suspéndese a sesión ás oito e vinte e cinco do serán.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

